



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 74

Sesión plenaria
5 de xuño de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia (doc. núm. 29249, 10/PPL-000018)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 17.04.2018

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación (doc. núm. 29557, 10/PPL-00019)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 295, do 24.04.2018

Punto 2. Comparecencias

31528 (10/PPP-000064)

Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar das políticas de apoio ás familias e á conciliación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

Punto 3. Mocións

3.1 31362 (10/MOC-000091)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación e as condicións laborais do persoal do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3070, publicada no BOPG nº 48, do 19.1.2017, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

3.2 31364 (10/MOC-000092)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 30455, publicada no BOPG nº 302, do 9.5.2018, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

3.3 31372 (10/MOC-000093)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir a plenitude dos dereitos das persoas galegas retornadas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2127, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 8675 (10/PNP-000818)****Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

4.2 19335 (10/PNP-001426)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre o fomento e acollemento polo Goberno galego, de xeito complementario ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, de todas aquelas actuacións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao doente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203, do 31.10.2017

4.3 30118 (10/PNP-002221)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

4.4 30384 (10/PNP-002248)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa proposta de unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas, así como coa compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

4.5 30476 (10/PNP-002257)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e nove deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Santiago de Compostela en relación coa redacción do proxecto de accesos á nova estación de autobuses, o cronograma da tramitación administrativa necesaria e os prazos contractuais previstos para garantir o seu acceso axeitado, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do inicio e execución das obras desa estación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

4.6 30674 (10/PNP-002263)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa planificación da atención hospitalaria e a cobertura das vacacións do persoal durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

4.7 30849 (10/PNP-002284)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a constitución pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, dunha mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista, así como a dotación do orzamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

4.8 31093 (10/PNP-002306)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas prestacións de carácter asistencial e por desemprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

Punto 5. Interpelacións**5.1 18190 (10/INT-000595)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre o tratamento de residuos líquidos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

5.2 23550 (10/INT-000783)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado do traballo en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

5.3 30608 (10/INT-001014)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre a situación do sistema financeiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 31498 (10/POPX-000094)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a valoración do presidente da Xunta de Galicia relativa á corrupción na trama Gürtel e o Partido Popular de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

6.2 31499 (10/POPX-000095)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a valoración polo presidente da Xunta dos efectos para Galicia dos recentes acontecementos que sacudiron a política española

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

6.3 31502 (10/POPX-000096)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a militancia do presidente da Xunta só con Galicia por riba de calquera circunstancia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 31436 (10/PUP-000168)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Martín e dous deputados/as máis**

Sobre os plans de actuación inmediata desenvolvidos polo Goberno galego para axudar as persoas directamente afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

7.2 31460 (10/PUP-000169)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para atender de forma urxente as necesidades das vítimas e familias afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

7.3 31473 (10/PUP-000170)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e sete deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para axudar as persoas que viron danadas as súas vivendas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

7.4 26175 (10/POP-003111)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

7.5 26702 (10/POP-003179)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para intermediar no conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

7.6 28710 (10/POP-003377)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

7.7 29945 (10/POP-003508)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos aos resultados da aplicación do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

7.8 28622 (10/POP-003367)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as razóns do Goberno galego para non reforzar con persoal fixo os equipos de valoración e orientación para a discapacidade para rematar coa lista de espera nas valoracións do grao de discapacidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

7.9 31430 (10/PUP-000167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto de megaminaría nos concellos de Touro e do Pino, dado o seu impacto medioambiental no sector produtivo da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica a ausencia xustificada da señora Barahona Martín. (Páx. 13.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado, D. Jesús Miguel Prado Patiño. (Páx. 13.)

O señor D. Jesús Miguel Prado Patiño presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 13.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 13.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 17.), Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 20.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 23.)

Rolda de réplica: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 27.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Burgo López (S) (Páx. 34.), Sra. Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 36.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 39.)

Rolda de réplica: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 43.)

Votación de toma en consideración da Proposición de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia: rexeitada por 31 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 45.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación: *rexeitada por 31 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar das políticas de apoio ás familias e á conciliación. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 46.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 56.), *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 59.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 62.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 66.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 68.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 73.) *Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 73), *a señora Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 75.), *a señora Vázquez Verao (EM)* (Páx. 77.), *a señora Rodríguez Arias (P)* (Páx. 79.) e *o señor conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 80.)

Suspéndese a sesión ás dúas e quince minutos da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos.

Retómase a sesión co punto terceiro da orde do día, que son mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación e as condicións laborais do persoal do Sergas. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 86.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 87.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 89.)

Nova intervención da señora Solla Fernández (EM). (Páx. 91.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 96.), *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 98.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 99.)

Nova intervención da señora Chao Pérez (EM). (Páx. 101)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir a plenitude dos dereitos das persoas galegas retornadas (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 103.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 106.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 108.) e Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 109)*

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 111.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación e as condicións laborais do persoal do Sergas: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 112.)*

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 113.)*

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para dar lectura ao texto transaccionado. (Páx. 113.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir a plenitude dos dereitos das persoas galegas retornadas: *aprobado por 50 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións. (Páx. 114.)*

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 114.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 114.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 119.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 120.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 122.)*

A señora Santos Queiruga (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 124.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre o fomento e acollemento polo Goberno galego, de xeito complementario ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, de todas aquelas actuacións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao doente. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 127.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 128.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 130.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Pax. 132.) e *Sra. Solla Fernández (EM).* (Pax. 134.)

A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 136.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 137.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 138.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 142.) e *Sra. Prado del Río (P).* (Pax. 144.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 146.)

O señor Villares Naveira (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 147.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa proposta de unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas, así como coa compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas prestacións de carácter asistencial e por desemprego. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 149.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 150.)
e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 153.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Torregrosa Sañudo (EM)* (Páx.
155) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx.b 158.)

A señora Blanco Rodríguez (S) e a señora Prado Cores (BNG) interveñen para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 161)

Suspéndese a sesión ás oito e media da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

Xustifica a inasistencia a este pleno dona Magdalena Barahona Martín.

Corresponde primeiramente tratar un punto preliminar.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado

O señor PRESIDENTE: Dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, procedo a solicitar a prestación da promesa ou do xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía do novo deputado, D. Jesús Miguel Prado Patiño.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «Si, xuro» ou «Si, prometo» á pregunta desta Presidencia.

Prégolle que responda dende o escano á pregunta que lle vou formular:

Don Jesús Miguel Prado Patiño, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia? *(Pausa.)*

O señor PRADO PATIÑO: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Unha vez prestada a promesa ou o xuramento —neste caso é a súa promesa— adquire a condición plena de deputado.

Benvido ao Parlamento e que teña aquí unha boa xestión. *(Aplausos.)*

Comezamos agora, segundo a orde do día, co punto 1, de textos legislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Benvido de novo, señor Prado Patiño, a esta cámara. Uns chegan a esta cámara, quizais —¿quen sabe?— ao mellor a partir de hoxe outros teñen que marchar ou deciden marchar dela para Madrid. (*Murmurios.*)

«¿Que se atoparán os arqueólogos do futuro?» (*Murmurios.*) «¿Que se atoparán os arqueólogos do futuro? ¡Lixo! O noso legado será unha montaña de lixo, unha montaña de plástico. Fabricamos unha cousa que vai durar mil anos para usala cinco minutos. Nas illas máis afastadas do Pacífico os albatros morren de fame porque se alimentan de chisqueiros. Lembro o caso daquela balea que apareceu na costa con dezaoito quilos de plástico no estómago». Antonio Muñoz Molina, no seu libro *Un andar solitario entre la gente*.

Hoxe é o Día Mundial do Medio Ambiente. E eu quero aproveitar estar aquí para felicitar o presidente do Goberno, o señor Pedro Sánchez, que vai recuperar o Ministerio do Medio Ambiente para o Estado español. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Vai deixar de ser un medio ambiente para ser de novo un todo ambiente. (*Aplausos.*) O lema deste ano é «Sen contaminación por plásticos». (*Murmurios.*)

¡Hoxe están especialmente nerviosos! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Si, ten razón.

A señora VILÁN LORENZO: É de entender.

A contaminación por plásticos acelera o cambio climático. ¿Que campaña fixo o Goberno da Xunta de Galicia polo Día Mundial do Medio Ambiente? Nós non coñecemos ningunha. ¿Que campaña está a facer o Goberno da Xunta de Galicia con relación á diminución dos plásticos? Nós non coñecemos ningunha. ¿Que campaña fixo o Goberno da Xunta na loita contra o cambio climático? Ningunha.

É fundamentalmente Greenpeace a organización que leva meses facendo campaña nos medios de comunicación para loitar contra os plásticos. Tamén fixeron campaña contra os viláns do clima no seu día e o ex-presidente, que tiña a sorte de saír nun cómic con Darth Vader, Donald Trump e o Joker pola súa loita contra o cambio climático e a súa negativa de non derrogar o imposto ao sol. Esas son as campañas que hai. Conselleira, dende a súa consellería nós non coñecemos ningunha, nin nós nin ninguén máis.

O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que 8 millóns de toneladas de plástico cada ano chegan aos océanos. O Foro Económico Mundial afirma que en 2050 haberá no mar menos peixes que plásticos, máis plásticos que peixes. E, segundo Greenpeace, os plásticos representan o 80 % do total dos residuos mariños; chámase «lixo mariño», conselleira. A cantidade de residuos plásticos no mar medra, afecta os ecosistemas, a biodiversidade e, ao final, de maneira potencial a saúde humana.

E por iso esta proposición de lei céntrase nas bolsas de plástico dun só uso. A Unión Europea é o segundo maior produtor de plásticos do mundo: 50 millóns de toneladas anuais. A media de consumo de bolsas de plástico é de 176 por ano e por cada persoa; en España andamos

entre cen e duascentas, na media da Unión Europea. É un produto cunha vida tan efémera que só a imos utilizar uns quince minutos e tarda cincuenta e cinco anos en se degradar. E é facilmente substituíble por bolsas reutilizables coma esta (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara unha bolsa.*), que non é de plástico, é de papel. É facilmente substituíble se a vostedes lles interesase facer algún tipo de campaña para a reutilización.

O plástico xera tamén microplásticos. E os microplásticos —segundo din os expertos— son consumidos polos mexillóns, polas ameixas e polos berberechos nas nosas rías. Nas últimas dúas décadas observamos o impacto dos plásticos en todo tipo de animais, fundamentalmente nos mariños. (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara unha fotografía horizontal en tamaño folio.*) Este é un paxaro que comeu tapóns de plástico. E esta é unha cegoña (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara unha fotografía vertical en tamaño folio.*) —tamén un paxaro, evidentemente— rodeada dunha bolsa de plástico nun vertedoiro.

¿Quen non coñece imaxes? Hai escasamente un par de días morría, precisamente, unha balea de maneira lamentable polo consumo de bolsas de plástico. Estes macroplásticos provocan enredos, asfixias, malnutrición e estrangulación dos animais. Imos pola praia e atopamos colillas, atopamos botellas de plástico, tapóns e bolsas de plástico.

Os gobernos autonómicos, se teñen vontade, tamén poden loitar contra as bolsas de plástico, con medidas de prohibición e restrición dos produtos que usan plásticos que non necesitamos, garantindo que as empresas se responsabilicen do ciclo de vida completo dos seus produtos —hai unha gran superficie comercial que acaba de decidir que non vai utilizar máis bolsas de plástico, ¡benvida!—, deseñando estratexias de redución de residuos, potenciando campañas de concienciación entre os cidadáns para os consumidores, para que comencen a utilizar este tipo de bolsas e non bolsas de plástico —por exemplo, non hai campañas de concienciación en Galicia, non existen—, e asegurándose de que o plástico teña un prezo alto e que, polo tanto, se recoñeza como un recurso que custa, aplicando impostos ás bolsas. E disto precisamente vai esta proposición de lei.

España é o terceiro país cos ingresos máis baixos por fiscalidade ambiental da Unión Europea. Gáñannos dous países punteiros, que son Lituania e Eslovaquia, que aínda están por debaixo dos ingresos máis baixos en fiscalidade ambiental. Os últimos datos que temos son: o 1,85 % do PIB en 2014, fronte á media da Unión Europea, que é un 2,46 %. Bruxelas levaba anos dicíndolle a España que tiña que reformar o seu sistema impositivo medioambiental, fundamentalmente en transporte, enerxía, contaminación e uso dos recursos. O Goberno de España fíxoo en bolsas de plástico tarde, mal e arrastro. E traspuxo a Directiva 720/2015 hai uns días, a través dun real decreto que se publicou no *BOE* o pasado 19 de maio. Mais o Goberno de España non decidiu un imposto, decidiu que as empresas reciban o incremento dos ingresos pola recadación das bolsas de plástico. E ademais de pagarlles ás empresas as bolsas de plástico, pois así tamén facemos publicidade gratuíta dos seus establecementos.

Galicia non vai mellor en fiscalidade ambiental, decidiu seguir o Goberno central —ata agora, claro, probablemente a partir de agora faga todo o contrario—, decidiu seguir ese vilán do clima que tiña un primo que era especialista en cambio climático, e renunciou á súa capacidade lexislativa. Os únicos tributos ambientais que temos na nosa comunidade son o canon

eólico, os impostos sobre a contaminación atmosférica e o dano ambiental sobre a auga encorada, nada máis. Outras comunidades autónomas fixeron o contrario. Así, no ano 2011, Andalucía aprobaba este mesmo imposto cunha clara finalidade ambiental: reducir o uso de bolsas de plástico dun só uso, que xeran contaminación. E nós cremos que Galicia debería facer o mesmo.

Por iso traemos esta proposición de lei e pedímoslle á Cámara que vote a favor da súa toma en consideración, porque, como mínimo, merece un debate. A súa aprobación daríanos —entendemos nós— maior autogoberno, xa que crea como tributo propio un imposto novo sobre bolsas de plástico dun só uso, porque temos potestade tributaria, que nola dá a Constitución, o Estatuto de autonomía e a Lei de financiamento das comunidades autónomas do ano 1980. Sempre sen perder de vista que a última finalidade é acadar unha protección medioambiental axeitada na nosa comunidade.

E nós cremos que é perfectamente compatible co real decreto do 19 de maio. Diriamos que, ademais, é incluso máis axeitada que a regulación do real decreto. E non só o cremos nós, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, cando o Goberno estatal lle pediu que elaborase un informe sobre a directiva comunitaria, emitiu este informe o 9 de febreiro do ano 2017. Logo tardaron un ano e pico en redactar un real decreto que escasamente ten trinta folios. E neste informe dise o seguinte: «*El programa de las Naciones Unidas para el medio ambiente señaló en 2005 que un impuesto sobre bolsas de plástico conduciría a las más drásticas reducciones en el consumo de bolsas de plástico. Los países de Europa que han puesto en marcha un impuesto son los que mejores resultados han obtenido*» —e pon de exemplos a Dinamarca, Irlanda e Portugal; non a Lituania nin Eslovaquia, que eran os que tiñamos antes como exemplos—. Conclúe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que «*Se recomienda que en nuestro país se produzca la efectiva imposición de una figura tributaria en vez de la fijación de un precio mínimo*». Esa fixación dun prezo mínimo foi a decisión que tomou o Goberno estatal a través do real decreto. E nunha das xuntanzas da Comisión 2ª a directora xeral de Calidade Ambiental díxonos que o Goberno galego afirmaba con rotundidade que ían agardar á normativa estatal e que estaban de acordo con esta normativa estatal. Pois a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia non di o mesmo, di xustamente o contrario, e conclúe: «*Porque é máis respectuosa coa liberdade de empresa constitucionalmente recoñecida, fai que os cidadáns nos deamos conta de que hai un dano ao medio ambiente co uso das bolsas de plástico e, ademais, impide que se produza unha apropiación indebida de rendas fundamentalmente polas empresas distribuidoras*».

Esta proposición de lei é moi sinxela, ten catorce artigos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións derradeiras. Crea un imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso, con ou sen asas, que se venden nos establecementos comerciais de Galicia para transportar os produtos. Hai exencións: aqueles produtos que estean envasados, as bolsas que sexan reutilizables, as biodegradables ou as compostables. Ten un obxecto claro: diminuír a utilización das bolsas de plástico, e unha finalidade tamén clara: minorar a contaminación e contribuír á protección do medio ambiente, que ao Grupo Parlamentario Socialista e ao PSdeG lles preocupa profundamente.

O tipo impositivo será inicialmente de 10 céntimos de euro, e a partir de 2020, 15 céntimos de euro, que deberán constar na factura, no recibo ou no xustificante de maneira indepen-

dente. O período impositivo coincide co ano natural e, polo tanto, o imposto vaise devindicar cada 31 de decembro de cada ano, e é liquidable cada trimestre, como ocorre para os autónomos co IVE ou co IRPF.

Nesta proposición de lei, o Grupo Parlamentario Socialista segue a recomendación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Cremos que o Goberno, no marco das súas competencias, ten que facer xa campañas de sensibilización ao público sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente. É moi triste que sexan os mestres os que teñan que ir aos colexios precisamente con estas fotos para concienciar os nenos pequenos, e os que non son tan pequenos, de que non se utilicen bolsas de plástico. Vostedes non o están a facer.

Como dicía ao principio, hoxe é o Día Mundial do Medio Ambiente, que este ano pretende a redución do uso dos plásticos. Quizais Galicia hoxe teña a oportunidade de escribir no libro de ouro a aprobación, a toma en consideración e, a partir de aquí, o debate dunha proposición de lei que pretenda precisamente a redución das bolsas de plástico.

E remato xa dicindo que nos parece moi lamentable que sexa o Goberno nun día coma hoxe o que non trouxese nin unha soa iniciativa relativa á protección do medio ambiente.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Efectivamente, hoxe é o Día Mundial do Medio Ambiente. E queremos saudar o cambio de goberno no Estado, porque nos parece que imos ter un ambiente político máis san e máis respirábel, máis saudábel. Ademais, este cambio é tamén un castigo democrático ao Partido Popular polas súas políticas corruptas, polas súas políticas antisociais, regresivas, involucionistas, antidemocráticas. O que lamentamos de todas maneiras é que non se producise antes, ¿non? Porque xa desde decembro de 2015 había as mesmas razóns para botar o Partido Popular do goberno, e daquela lamentabelmente prevaleceron outros intereses.

Parece que agora se queren rebaixar as expectativas deste novo goberno, que é un goberno, efectivamente, que aparece lastrado e tamén tutelado e con moitos condicionamentos. De todas as maneiras, a nós parécenos fundamental que se aborden con amplitude de miras e con valentía os grandes desafíos, as grandes emerxencias, as grandes crises que ten este estado, e que se faga dunha maneira que atenda sobre todo as necesidades da xente e tamén as necesidades e as demandas do noso país, que —como sabemos— Galiza estivo desaparecida, foi ninguneada no debate da moción de censura. E preguntámonos neste sentido se

o presidente Sánchez mantén aquel discurso do ano pasado, de que España era unha nación de nacións e que as que a integraban eran España, Galiza, Euskadi e Cataluña. Xa sabemos o que pensa o señor Iglesias. Gustaríanos saber o que pensa agora neste momento o señor Sánchez, presidente do Goberno do Estado.

Desde logo, o BNG vai exixir que Galiza conte neste novo tempo, que haxa unha axenda galega na que estean as prioridades políticas e sociais do noso país. E non é este o momento de falar desa axenda, pero si xa que hoxe é o Día Mundial do Medio Ambiente quero falar dun asunto que nos parece principal e prioritario nesa axenda galega, que é Ence fóra da ría, (*O señor Bará Torres ensina un adhesivo na lapela da súa chaqueta.*) ¡Ence fóra da ría! (*Aplausos.*) E agardamos por parte do Partido Socialista a valentía necesaria para abordar a anulación da prórroga, desa prórroga vergoñenta nas portas xiratorias da democracia, que fixo posíbel un goberno en funcións esa prórroga, e tamén que non se aprobe a prórroga que está en tramitación neste momento tamén para Elnosa.

Este novo goberno, polo tanto, debe ser ambicioso nas políticas ambientais, na resposta aos grandes desafíos que ten o planeta, na resposta ao cambio climático e ao desenvolvemento sustentábel. Como xa dixemos ademais no debate sobre a economía circular, ten que ser un debate moito máis amplo que o debate sobre os residuos, que é un problema grave que temos como sociedade e que ten o planeta, pero que é só parte do problema, porque vemos como o debate se centra demasiado na xeración e na xestión dos residuos e se olvida a parte principal do problema, que é o modelo de produción, o modelo de consumo capitalista, que leva a esa desmesurada produción de residuos e a que o territorio, a terra e os mares e océanos se convertan en auténticos vertedoiros do capitalismo.

E pensamos, ademais, que se debe encarar con rigor e con valentía o problema dos residuos, e en concreto o problema dos plásticos, de todos os plásticos. E a realidade é que partimos do incumprimento da propia normativa europea de 1994, que prevía unha serie de obxectivos para as seguintes décadas que se incumpriron, ou que incumpriron moitos países, porque a verdade é que outros fixeron os deberes. Pero o Estado español non se caracterizou nestas décadas por políticas avanzadas, valentes e ambiciosas na abordaxe desta cuestión, e, desde logo, Galiza tampouco. E parécenos que, neste momento, Europa, que está debatendo unha estratexia sobre os plásticos, non está tampouco abordando unha estratexia suficientemente valente e ambiciosa e demais, que está sendo moi condicionada —como pasa sempre— polos intereses da industria.

A nós, desde logo, parécenos importante este debate e oportuno nun día como o de hoxe, o Día Mundial do Medio Ambiente. E gustaríame facer unha proposta concreta a respecto deste parlamento, que debe ser un parlamento tamén máis verde —diríxome ao presidente— e podería tamén adoptar xa inmediatamente medidas para a eliminación dos plásticos que proliferan innecesariamente neste parlamento, desde botellas de plástico a outro tipo de envases, que perfectamente se poderían eliminar; é dicir, en todos os ámbitos, tamén neste parlamento, se poden facer políticas verdes e políticas avanzadas desde o punto de vista ambiental. E, ademais, porque hai alternativas, porque non é necesario o uso dos plásticos.

En todo caso, a nós parécenos que é importante un debate que vaia máis alá da cuestión das bolsas de plástico, que é un tema importante, pero é un tema parcial; que temos que ter

unha estratexia como país desde Galiza a respecto dos plásticos; e que dentro das distintas medidas que se poden adoptar, que son o pago, o pago por bolsas de plástico ou por plásticos en xeral, ou a fiscalidade, hai outras medidas tamén que están adoptando outros países, que son directamente a de prohibición, a de prohibición dos plásticos, empezando por determinados tipos de plásticos, que son absolutamente prescindíbeis e que se poden substituír por outros produtos e que, ademais, son especialmente daniños. Estou falando, por exemplo, dos microplásticos, que son moi dificilmente degradábeis; estou falando tamén de toda a ampla variedade de embalaxes de plástico, que proliferan e que son tamén prescindíbeis; ou das novas medidas, por exemplo, que anunciou a Unión Europea a respecto dos pratos, cubertos, envases de plástico e outros produtos. E xa digo: débense adoptar políticas valentes que teñen que ir pola prohibición. Ese tipo de políticas xa se adoptaron con éxito noutros países, como, por exemplo, en Francia, en Finlandia, en Dinamarca ou en Irlanda, que conseguiron unha redución moi importante do uso deste tipo de produtos.

Estamos nun momento en que se está revisando a normativa europea. Tamén houbo algún pequeno avance na normativa estatal, que é moi tímido, con ese Real decreto sobre a redución de consumo de bolsas de plástico, que foi aprobado o pasado 18 de maio. E non sabemos, en todo caso, que pretende facer o novo Goberno a respecto desta cuestión, porque aí estableceíase o cobro por bolsas lixeiras a partir do 1 de xullo de 2018, e a partir do 1 de xaneiro de 2020 a prohibición de entrega de bolsas de plástico lixeiras. Xa digo: nós defendemos ir cara a esas políticas, que xa se aplicaron noutros países, como Francia, por exemplo, que van máis na liña da prohibición dese tipo de produtos.

Tamén, por certo, estamos neste momento nun debate que ten que ver con esta materia, a respecto da revisión da normativa de residuos, e recórdolles que o novo borrador do anteproxecto de lei pola que se modifica a Lei de residuos do 2011 —e falo para a señora conselleira de Medio Ambiente— obriga á recollida separada dos biorresiduos para os concellos de máis de 5.000 habitantes a partir do 31 de decembro do 2020. Polo tanto, póñanse ao traballo e establezan a compostaxe como método, como sistema universal para a recollida e o tratamento dos biorresiduos nos concellos, porque, ademais, deberían ir por diante. Xa hai concellos, xa hai deputacións que están marcando o camiño e, ao final, vanos obrigar a través da nova lexislación a poñerse na tarefa, e debían anticiparse e ser, desde logo, pioneiros/pioneiras neste tipo de políticas.

Estamos nun momento, polo tanto, de cambios normativos e vemos como Galiza está no furgón de cola. Hai outras comunidades que van moi por diante tamén no tema das bolsas de plástico, como Cataluña ou como Andalucía. E vostedes están na estratexia do márketing, do decorado, como nos presentou aquí, con moitos anuncios de leis, de normas, de medidas, pero ningunha xa efectiva. E levamos unha desvantaxe de dez anos con respecto a outras comunidades, como Andalucía, que xa estableceron esa fiscalidade, ou como Cataluña, que leva tamén moitos anos traballando para a redución das bolsas de plástico. A nota que lle podemos poñer a vostedes, desde logo, en toda a política que ten que ver cos plásticos é de cero patatero, é moi deficiente.

O BNG vai apoiar a admisión a trámite desta lei. E pensamos, ademais, que se debe abordar ese debate global para mellorar as políticas a respecto da produción, do consumo e do tra-

tamento dos residuos. E como dixer: na xerarquía de medidas, apostamos por medidas valentes e por políticas ambiciosas para afrontar este grave desafío que temos como planeta, que temos como humanidade e que temos como país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

No contexto dun consumismo desmedido nos países industrializados hai un feito que é indiscutible ao que hai que darlle resposta: os residuos que xeramos as sociedades industrializadas deben ser axeitadamente tratados, primando a redución, a reutilización, a reciclaxe, a valorización e, para rematar, a eliminación, asegurando unha correcta protección do medio ambiente e da saúde pública. Algo que tristemente non acontece en Galicia co modelo Sogama. Un modelo de xestión de residuos que na pirámide da xerarquía dos residuos decide centrar a súa acción nos destinos menos recomendables, os que deben ser eliminados, os que figuran no penúltimo e no último lugar da xerarquía dos residuos: a incineración e o vertedoiro. Fórmulas do século pasado, fórmulas de quen negaba ata hai uns anos o cambio climático.

Imos apoiar a toma en consideración desta proposición de lei porque vai na dirección correcta diante deste enorme reto, que é na xerarquía dos residuos, e céntrase na que ocupa o primeiro lugar nas recomendacións da xestión: a redución.

Vou dar algúns datos que dan boa conta do problema ao que nos enfrontamos coa produción e a xestión de plástico. Advirto ás deputadas e aos deputados do Partido Popular que están baseados en estudos e informes científicos, igual que o cambio climático. A produción mundial de plásticos incrementouse dende 1950, cunha produción de 1,5 millóns de toneladas, a 322 millóns o ano pasado. Se o plástico fose un país sería a vixésima economía mundial, por riba de Arxentina ou Austria. No mundo cada ano acaban no mar máis de oito millóns toneladas de plásticos. Segundo os expertos que estudan o fenómeno, a vertedura de plásticos alcanzou tal magnitude que se trata dunha crise planetaria. Nos mares flotan unhas 269.000 toneladas de lixo, a súa maioría plástico. A chamada «mancha do lixo do Pacífico» —explícoo para os deputados e as deputadas que negaban o cambio climático— é unha especie de vórtice onde conflúen as correntes mariñas, está no Pacífico —por iso se chama do Pacífico—, pois cobre unha superficie de case dous millóns de quilómetros cadrados, máis de tres veces a superficie do territorio español.

Co ritmo actual de contaminación, en 2050 os océanos terrestres conterán máis plásticos que peixes. Cada dous segundos prodúcense dezasete toneladas de plástico no mundo. O 80 % dos entre 6.000 e 9.000 millóns de toneladas de plástico desbotados nos últimos se-

senta anos rematou na natureza e en vertedoiros, un volume que se podería duplicar a mediados de século. A metade do plástico da historia fabricouse nos últimos quince anos. Cada ano usamos un billón de bolsas de plástico, pero só durante quince minutos, que é a media de vida útil. E o tempo que tardará este material en biodegradarse oscila entre catrocentos cincuenta anos e nunca.

O comisario de Medio Ambiente da Unión, Karmenu Vella, sinalou hai uns meses nunha conferencia en Bruxelas que boa parte da contaminación que xeramos é plástico e que tan só se recicla o 25 %. As taxas de reciclaxe no mundo son moi baixas: 30 % en Europea, 12 % en Estados Unidos; mentres son máis baixas en Asia, África, América do Sur e as plantas de Sogama, onde se recicla o 3,3 % dos residuos que entran nos camións de lixo.

Os datos indícanos que estamos diante dun problema de enorme magnitude, unha crise planetaria á que nunca deberíamos ter chegado. Pero non estamos a falar dun problema que non se poida revertir se existe vontade política. Porque sabemos como recoller o lixo, sabemos como se debe tratar, como se reduce, como se recicla. É cuestión de implementar os sistemas precisos. E aquí é onde nos atopamos co principal problema: o Partido Popular da Gürtel. O partido condenado por corrupción defende en Galicia un sistema de xestión de residuos propio dos sistemas caciquís, propio do neoliberalismo de amiguetes. Un sistema que prexudica as maiorías, que prexudica o medio ambiente, que externaliza os custos e que rendibiliza beneficios, paseando o lixo por todo o territorio, para rematar a maior parte na incineradora.

O Partido Popular obvia a realidade do problema e aposta por unha xestión de residuos na que só gaña Gas Natural Fenosa e os seus compinches, coa incineración de canto máis lixo mellor, é dicir, a queima salvaxe de recursos naturais na incineradora, emitindo á atmosfera substancias moi tóxicas para a nosa saúde e o medio ambiente, ademais de CO₂, acelerando o cambio climático. A conselleira de Medio Ambiente, a señora Mato, un exemplo de reciclaxe política, non traslada a súa habilidade á xestión dos residuos, pois aínda volvemos escoitar na súa última comparecencia o xogo de trileros dos multiterrés. O xogo de trileros que se inventou para tratar de enganar e ocultar a realidade dun modelo depredador do medio, como é o modelo Sogama, que é moi sinxelo: como non seguen a estratexia dos tres erres desvían a atención engadindo máis erres.

A xerarquía da xestión de residuos, o que se coñece polos tres erres —explícoo para os deputados e as deputadas que negaban o cambio climático ata hai uns anos— pretende ser unha estratexia que permite a redución do volume de residuos ou lixo que xeramos, e que o manexo destes poida ser o máis sustentable co medio ambiente. Establécese a orde de preferencia para unha boa protección do medio ambiente.

Os tres erres apuntan por orde de importancia cara a onde deben ir centrados os esforzos na xestión de residuos: en primeiro lugar, reducir; en segundo lugar, reutilizar; e, en terceiro lugar, reciclar. Como comezan os tres por erre por iso se lle chama estratexia dos tres erres.

En primeiro lugar, temos a redución. Isto é evitar producir tantos residuos, e reducimos e diminuímos o impacto sobre o medio ambiente, que é no que se basea esta proposición non

de lei que trae hoxe o Partido Socialista, que, evidentemente, imos apoiar. Neste senso, a Administración da Xunta de Galicia, o Goberno do PP da Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, a señora Beatriz Mato, non fixo absolutamente nada, cero, no primeiro escalón da xerarquía do bo tratamento dos residuos.

En segundo lugar, temos a reutilización, que é todo aquilo que non poidamos deixar de utilizar, pois utilízalo tantas veces como sexa posible, alongando a súa vida útil, e así evitamos xerar novos residuos. Nesta cuestión, o Goberno da Xunta de Galicia, o Partido Popular, a Consellería de Medio Ambiente, a señora Beatriz Mato, non fixo absolutamente nada.

E, en terceiro lugar, estaría a reciclaxe, que é un proceso que ten como obxectivo converter desperdicios en novos produtos ou en materia para a súa posterior utilización. E aquí só temos que poñer un dato para ver o que fixo a Administración da Xunta de Galicia, o Partido Popular: de todos os residuos que entran nos camións de lixo nas plantas de Sogama se recicla tan só o 3,3 %, o resto vai para a incineradora ou para o vertedoiro.

Despois dos tres erres que forman a pirámide da boa xestión dos residuos, que non segue a Xunta de Galicia, viría a valorización enerxética ou material, e xa nos últimos puntos —os que se deben eliminar ou deixar de utilizar— viría no que centra a atención a Xunta de Galicia e onde dedican a maior parte dos residuos: a incineración sen valorización enerxética, porque non cumpre cos parámetros, e o vertedoiro.

A señora Mato, en vez de defender un modelo de xestión respectuoso co medio, na defensa dos intereses económicos de Gas Natural Fenosa e compinches sacou da manga o xogo de trileros, a bomba de fume; quere dicir, que non lle chegan os tres erres e quere máis erres. O seu único obxectivo é ocultar que non segue a estratexia da pirámide da xestión dos residuos dos tres erres. A Consellería de Medio Ambiente presume de que dedica a maior parte dos residuos á incineración e que non envía ao vertedoiro. É dicir, a Xunta de Galicia presume de ser penúltima e non ser última; é así de triste.

O modelo de xestión de residuos que precisa o planeta ten que ser o máis descentralizado posible, apostando por plantas de xestión de proximidade, o que aposta pola compostaxe, priorizando a doméstica e a comunitaria despois en planta —desta maneira poderíamos aproveitar máis do corenta por cento dos residuos da bolsa do lixo—, o que aposta pola redución e a reutilización e a que ten implantado un sistema que aproveita ao máximo as técnicas de reciclaxe.

O actual sistema Sogama non se diferencia moito nos parámetros dos sistemas que había antes. Eu son da Lama, hai corenta anos que nacín, e cando era pequeno había un sistema que era un vertedoiro municipal onde se levaban aí os residuos e se queimaban. O sistema de Sogama móvese nos mesmos parámetros; uns parámetros parecidos de reciclaxe, uns parámetros parecidos de incineración e uns parámetros parecidos de vertedoiro. Non avanzamos nada en trinta ou corenta anos co Partido Popular na xestión dos residuos. O único que cambia é que agora se enriquece Gas Natural Fenosa e compinches co novo sistema e que, ademais, paseamos lixo, emitindo máis CO₂, por Galicia. Polo tanto, empeoramos o sistema de xestión.

Estamos diante dun problema de enorme magnitude, dunha crise planetaria. Falamos do principal reto ao que se enfronta o planeta, que é conservar o planeta para que poida seguir existindo a vida. Nacións Unidas estima que a este ritmo para o 2050 haberá entre 250 millóns e 1.000 millóns de desprazados climáticos. Repítoo, porque os responsables do Medio Ambiente do Partido Popular están botando unhas risas: Nacións Unidas estima que a este ritmo para o 2050 haberá entre 250 millóns e 1.000 millóns de desprazados climáticos. Estamos falando de persoas refuxiadas do cambio climático, entre 250 millóns e 1.000 millóns para a metade do século. Ese cambio climático, que non coñecía o Partido Popular hai uns anos e que agora, recoñecéndoo, non fai nada para revertelo. Un cambio climático do que ten moita responsabilidade o Goberno do Partido Popular, que ten a Galicia á cabeza nas emisións de CO₂.

Pero, tendo tanta responsabilidade, sospeitamos como recibirían os refuxiados climáticos que sofren as consecuencias do seu modelo depredador de vida, deixándoos morrer no Mediterráneo, como os máis de quince mil que xa morreron nos últimos tres anos entre o 2014 e 2017. Esas son as políticas do Partido Popular en materia de refuxiados. Non hai que apertar un gatillo para ter a responsabilidade.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

Eu quero lembrar algunhas verbas de cando alguén se refería ás mocións de censura definíndoas como «carroñeiras, como compravendas ou como graves delitos democráticos». O que pasa é que neses casos, cando se definían así as mocións de censura, era porque as apoiaba o partido que gañara as eleccións. (*Aplausos.*) Supoño que cando un gaña as eleccións está a cometer un gravísimo delito democrático. Son verbas —¿sabe de quen son, non? (*O señor Trenor López diríxese cara á bancada socialista.*) ¡Ah! despois pásollas— dunha destacada dirixente da súa organización, porque ese é o respecto que ten o Partido Socialista a quen gaña as eleccións e a quen configura un goberno con apoios despois de ter gañado unhas eleccións.

Mire, outra puntualización: o Ministerio de Medio Ambiente creouno un goberno do Partido Popular; en Galicia, a primeira Consellería de Medio Ambiente creouna tamén un goberno do Partido Popular, e agora temos tamén unha conselleira de Medio Ambiente porque goberna o Partido Popular.

Vostede, señoría, felicita os presidentes porque crean ministerios; eu prefiro felicitar os presidentes porque rebaixan o paro ou porque gañan eleccións. Por iso eu prefiro felicitar algúns presidentes. (*Aplausos.*) Pero, bueno, eu quero felicitala a vostede, porque me imaxino que, con esa alegría que vostede amosaba, seguramente que vostede irá para Madrid. Pois nós felicitámola polo seu novo nomeamento. Todo fai indicar que hai que facer oco nas súas

filas, e tocoulle a vostede ou tocaralle a outro deputado. Nós, aínda así, estaremos contentos e seguiremos felicitándoos.

Xa falando en serio, aínda que vostede fala doutras cousas que non son nada serias, que parecen máis bufonadas, pero eu vou falar do medio ambiente, que é moito máis serio do que o fai o seu grupo. Mire, o proxecto que traen vostedes aquí é pouco ambicioso. (*Risos.*) Xa se está a falar de chistes, debe ser. Xa se está a falar da eliminación non só das bolsas dun só uso senón doutros utensilios de plástico. O imposto que vostede pretende crear, nos termos, ademais, nos que vostede o propón, é menos ambicioso ambientalmente que o vixente decreto, o decreto que se aprobou o 18 de maio, sobre a redución do consumo de bolsas de plástico, e ademais, polo que se crea tamén o rexistro de produtores. E quero lembrarlles algúns dos fitos dese decreto:

Dentro de vinte e cinco días, vaise prohibir a entrega gratuíta a todos os consumidores de bolsas de plástico e vaise obrigar a cobrar unha cantidade polas bolsas subministradas, precisamente para desincentivar o seu uso.

Dentro dun ano e medio, prohíbese a entrega total de bolsas de plástico fragmentables, e a obriga de incluír un 50 % de plástico reciclado nas de espesor superior ás 50 micras. Isto é porque as bolsas de plástico fragmentables, nas que nun primeiro momento se plantexaban como se foran a panacea para o medio ambiente, despois xa se demostrou que era precisamente todo o contrario. Tanto as fragmentables como as hidrofragmentables como as que se descompoñen pola luz, ao final, o único que fan é crear micropartículas de plástico, que fan o que vostede tamén sinalaba, que poidan entrar incluso na cadea alimenticia.

Pero o mellor dato deste decreto, o mellor fito deste decreto é que a partir do 1 de xaneiro de 2021 a prohibición de entrega de bolsas de plástico lixeiras e moi lixeiras vai ser total, agás aquelas que sexan de plástico compostable.

En resumo, en vinte e cinco días, prohibición de entrega gratuíta; nun ano e medio, prohibición absoluta das bolsas de plástico fragmentables; e en dous anos e medio quedará incondicionalmente prohibida a entrega de bolsas non-compostables en España.

Tamén o decreto incorpora outras cuestións positivas, como é o rexistro de produtores, para saber exactamente de que é o que estamos a falar, cal é o volume de bolsas que se producen e se consomen, e tamén establece unha serie de campañas de sensibilización e educación.

Co cal, señorías, despois de dicir isto, podemos concluír varias cousas. Unha delas é que non parece moi acertado establecer un imposto, con todo o que iso supón, cando o feito impositivo ten xa unha data de caducidade. Coa súa proposta, ademais, vostede consagra indefinidamente a utilización das bolsas non biodegradables, xa que no seu artigo 9 establece un tipo impositivo para o ano 2020 e posteriores. E nós o que estamos a defender é a prohibición; non que se pague por usalas, senón que se prohiba. E a partir do 2021 estará prohibido.

Ademais, di vostede que non ten ánimo recadatorio. Pois eu penso que si que ten bastante ánimo recadatorio, polo menos tal e como propón vostede a lei. Ao mellor, non é a súa in-

tención, pero a lei que vostede trae aquí si que ten iso. Primeiro, o prexudicado directo por este tributo é o consumidor, que coa súa repercusión ve encarecido o prezo da bolsa, derivado do real decreto estatal, coa carga impositiva que se pretende implementar. En segundo lugar, o prexudicado sería todo o pequeno comercio, que tería unha nova obriga fiscal, con todo o que iso supón de gasto, de papeleos, de inspeccións e de xestorías. Pero, ademais, só para que estivera vixente durante un ou dos anos.

Falaba vostede —vostede utiliza os datos no plural con moita lixeireza— de que España está entre as cen e as duascenas unidades de bolsas por habitante, está en 144. Claro, é que entre cen e duascenas... Pero, bueno, vostede entenderá que utilizar unha unidade e o seu duplo é bastante impreciso. Mire, en 2014, os datos que temos oficiais son de 144 bolsas por habitante; en 2007 eran de 317 bolsas. É dicir, sete anos despois, menos da metade. E isto foi, señora Vilán, froito dunha serie de medias. Houbo unha serie de medidas, como o acordo coa distribución, como as campañas de sensibilización ou o fomento de uso de bolsas permanentes, entre outras, que posibilitaron esta gran redución.

Pero volvendo ao ánimo recadatorio, vostedes non afectan os ingresos recadados a finalidades ambientais como ocorre con outros impostos, como, por exemplo, o de contaminación atmosférica, o imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga encorada, o canon eólico ou o Fondo de Compensación Ambiental.

A única vocación ambiental do texto normativo que vostede propón límitase ao indicado na súa disposición adicional segunda, na que se prevé a realización de campañas de sensibilización ao público sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo de bolsas de plástico e as medidas tendentes cara á súa redución. Campañas que quero recordarlle que xa se están a facer e que, ademais —como lle recordou a conselleira na súa comparecencia—, van ser reforzadas nos próximos meses.

É que, ademais, cando dicía da súa imprecisión, vostede fala de que outras comunidades. Señoría, son dúas comunidades. É verdade, dúas xa xustifica que é o plural. Pero eu entendo que cando vostede se refire a outras comunidades, en vez de citar que son en concreto dúas, pois está a mandar unha información pouco clara, como mínimo con ánimo de confundir, porque se preguntamos á maioría da Cámara seguramente que non pensarían que vostede se refería a dúas, senón que se refería a bastantes máis. E vostede fai iso pensando, facendo indicar ou dando a intención de que nós somos unha excepción, non é verdade. Ademais, voulle dicir: a súa proposta é unha copia literal do artigo 7 da Lei de medidas fiscais para a redución do déficit público e para a sostibilidade de Andalucía. Pero, mire, este imposto nunca funcionou, nunca funcionou correctamente. Tanto é así que fan unha estimación de ingreso de 35 millóns ao ano e están a recadar menos dun dez por cento desa estimación.

E, ademais, fíxese: contra toda lóxica, cando hai que incrementar a presión precisamente sobre isto, en Andalucía acaban de aprobar unha exención do 50 % sobre o tipo impositivo. Co cal eles mesmos están a recoñecer que esa lei que crearon no seu momento —eu non sei se no seu momento era útil—, que agora non é útil. Rebaixan a súa presión fiscal xusto ademais e en contra do que lles están a recordar e do que lles están a pedir todas as asociacións ecoloxistas.

Señor Cal, vostede, perdoe que faga referencia, pero vostede dicía que ía falar de estudos científicos, e pedíanos atención a este grupo. Eu quero dicirlle que o seu grupo foi o que falou de glifosatos, o seu grupo é o que fala de ioga ocular, o seu grupo é o que está en contra das vacinas. Quero dicir, señoría, vostedes son os portavoces da pseudociencia neste parlamento, polo cal, ¡home!, eu alégrome de que vostede traia aquí estudos científicos. Espero que en vez de traer aquí pseudociencia traia sempre estudos científicos. E o noso grupo ademais vaillo aplaudir e desfrutaremos escotándoo. (*Aplausos.*)

Mire, na comparecencia de hai quince días, é verdade que vostede estaba máis pendente doutras cousas, estaba máis pendente das candidaturas que vai ter o Partido Popular para as cidades que do que dixó a propia conselleira. Pero a conselleira anunciou que o Goberno galego vai adaptar a normativa de uso de plásticos a través da nova lei de residuos, o cal contemplará medidas relativas non só ás bolsas dun só uso, senón tamén a outros materiais desbotables como pratos, vasos, cuncas ou bandexas alimentarias.

O outro día, o Goberno e o grupo maioritario que o sustenta defendemos un modelo de economía circular, que supón un cambio integral do modelo actual. E dentro dese modelo vai incluída tamén, como non pode ser doutro xeito, a modificación da lexislación actual, pensada para un modelo lineal e non para unha economía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...circular.

Por iso o Goberno anunciou que xa rematara o borrador e que comezaría de xeito inmediato a tramitación da que será a nova lei de residuos e solos contaminados de Galicia. A previsión do Goberno é presentar en breve o anteproxecto desta lei, co obxectivo de traela a esta cámara no próximo período de sesións. Vai ser unha lei innovadora, práctica e que se sitúa en liña coas políticas europeas, e que vai contribuír ao fomento do emprego verde en Galicia.

Este novo texto introducirá no seu articulado as principais medidas do paquete de economía circular aprobado por Europa en 2015, fixará novos obxectivos por materiais, incidindo especialmente na prevención...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e na preparación para a reutilización. E incluírá a creación da rede galega...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...para a reutilización, fomentando a intervención das entidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...sociais.

Xa para rematar, señor presidente,...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor, remate.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...entre as medidas máis novidasas dese texto con respecto á actual lei destacarán: as accións para loitar de forma efectiva contra os desperdicios alimenticios, a regulación da venda de menaxe dun só uso —de pratos, de vasos, de coitelos, de culleres ou garfos— ou...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...o fomento do mercado dos residuos valorizados e da compra pública verde...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica do grupo autor da proposición de lei, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, queremos agradecer ao Grupo do BNG e ao Grupo de En Marea o seu apoio. Esta non é máis que unha pequena contribución á loita contra os usos dos plásticos. Evidentemente, non é excesivamente ambiciosa, pero algo máis ambiciosa que cero, que é a súa ambición, algo máis que cero si é. (*Aplausos.*)

E é curioso que só nesa bancada, o Grupo Parlamentario Socialista, e de toda a Cámara, é quen trae o Día Mundial do Medio Ambiente unha iniciativa que ten que ver —dúas, esta e a de depuración, a interpelación de depuración— co medio ambiente. Vostedes polo visto están preocupadísimo, pero estaría ben que esa futura lei, pois ¿por que non a trouxeron hoxe, por exemplo?

Está ben que vostede veña aquí facerlle a rosca á conselleira a ver se o leva con ela nas listas do Concello da Coruña, pero non é necesario, está aquí presente e non é necesario que lle faga tanto a rosca en directo, señor Trenor.

Eu aconséllolle que lea o artigo 2 da proposición de lei, porque di: obxecto, natureza e finalidade, co obxecto de diminuír a utilización do plástico, das bolsas de plástico dun só uso, «coa finalidade de minorar a contaminación que xeran e contribuír á protección do medio ambiente». Non só vén nunha disposición adicional, é que está nun artigo da proposición de lei, e é precisamente a finalidade que ten esta proposición de lei coa imposición deste imposto.

Tamén está ben que lea vostede o artigo 113 da Constitución, con relación ás mocións de censura, e incluso o artigo 122 do Código penal, que fala dos partícipes a título lucrativo

cando se trata de partidos políticos. *(Aplausos.)* Non lle pido que lea as 1.700 páxinas da sentenza da Gürtel porque sería, ao mellor, un esforzo excesivamente ambicioso.

É moi triste que vostede teña que traer aquí a Isabel Tocino como a primeira ministra de Medio Ambiente, *(Aplausos.)* que quizais o que tivo que facer foi purgar o seu uso de laca durante tantos anos anteriores ao ministerio, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* porque tivo dúas, tivo dúas... tivo dúas aportacións... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora VILÁN LORENZO: ...tivo dúas aportacións ao medio ambiente: disfrazarse de pastora na Cañada Real con quiñentas ovellas e a xestión da ruptura da balsa de Aznalcóllar. ¡Unha gran ministra de Medio Ambiente, de verdade que si! *(Aplausos.)* ¿E cantos anos hai que foi ministra de Medio Ambiente? E é o seu referente. Pois xa está, non é necesario, creo que me podería sentar e non necesitaría contar nada máis. *(Murmurios.)*

É moi triste que teña que vir vostede, señor Trenor, aquí defender un real decreto estatal. Quizais será porque xa non o van poder defender vostedes dende o goberno no Congreso dos Deputados e agora quédanlles algunhas comunidades autónomas para vir aquí e explicalo.

O certo é que todos os periódicos *(A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara a portada dun periódico.)* hoxe falan do medio ambiente, da economía circular —esa que non é circular de postureo, que é o que nos veu contar a conselleira a semana pasada aquí—, falan do medio ambiente e dos plásticos. ¿A vostedes custáballes tanto traballo sacar unha campaña informativa polo día de hoxe con relación ao uso dos plásticos? Nós cremos que non, non é unha cousa tan complexa. *(Aplausos.)* Non o fixeron porque non teñen ningún interese no medio ambiente. Máis ou menos o mesmo que tiña Isabel Tocino no seu día.

É certo que Andalucía está impoñendo reducións no imposto, pero por un motivo: porque xa acadaron resultados na utilización das bolsas de plástico.

E tamén está ben que lea vostede o informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, porque nese informe, entre as medidas a utilizar, que son a prohibición absoluta —como utilizaron outros países, fundamentalmente, os Países Baixos—, usar un prezo por bolsa de plástico —que é isto que están decidindo vostedes, bueno, o seu ex-goberno no real decreto, que é o que fai o Reino Unido— e a fixación dun tributo —que é o que recomenda Nacións Unidas e o que fixeron, por exemplo, Dinamarca, Irlanda e Portugal—, a medida máis potente e coa que se acadan mellores resultados é esta última. Entón, ¿non entendemos por que vostedes decidiron ir á outra?

Eu son de letras, e creo que vostede tamén, señor Trenor, e como son de letras aquí hai un matemático... Vostede veu aquí darme leccións de singular, plural; ata aí chego. Son de letras pero entendo o que é o singular e o plural. E o matemático da nosa bancada dime que vostede ten que ser máis preciso, porque a unidade non ten duplo, o que ten duplo son as cantidades, non as unidades.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas.

Ben, como cuestión previa, eu, despois da presenza aquí na anterior iniciativa da conselleira competente, esperaba un pouco máis de sensibilidade por parte do Goberno galego. (*Aplausos.*) As bolsas de plástico son importantes pero as mulleres tamén o somos.

Desde o grupo nacionalista queremos comezar a defensa desta proposición de lei cun triplo agradecemento:

En primeiro lugar, cun recoñecemento a todas as mulleres da historia, tanto internacional como de Galiza, que foron abrindo as portas e derrubando eses teitos de cristal e de cemento armado ao longo da historia. De Hipatia de Alexandría a María Wonenburger, mulleres pioneiras, así como as mulleres Elisa e Jimena Fernández de la Vega, que foron as primeiras mulleres matriculadas oficialmente na Universidade de Santiago de Compostela en Medicina; as primeiras, ademais, en facer parte dun equipo de investigación. Eu pídolles ás súas señorías que se paren un momento no que significa este exemplo se o vemos en perspectiva. Porque a Universidade de Santiago é unha universidade de nada máis e nada menos que cinco séculos. ¡Cinco séculos!, e as mulleres só entramos hai cen anos nesta universidade. Isto dá idea da profundidade da desigualdade á que nos enfrontamos, da profundidade das raíces do patriarcado e da discriminación que sufrimos, que son tremendamente profundas e non van ser superadas só con parches, senón con compromiso e con autoexixencia, tamén desde os poderes públicos.

En segundo lugar, queremos tamén desde o BNG reiterar o noso máis sincero recoñecemento á valentía de todas esas mulleres que nos últimos meses se alzaron para coa súa voz romper ese espellismo da igualdade e denunciar con valentía e con nomes e apelidos que son pechadas portas e oportunidades no ámbito da ciencia e da investigación polo mero feito de ser mulleres. Somos conscientes de que en ningún posto de traballo é fácil facer isto, en ningún, en ningunha circunstancia, tampouco na universidade e na investigación. E por iso queremos darlles grazas por abrírnos as portas ás que vimos detrás.

E, por último, agradecer tamén a axuda que nos brindaron persoas investigadoras para mellorar este texto.

Desde o BNG temos insistido ao longo dos últimos meses na importancia de que, unha vez que se cumpre un tempo importante da entrada en vigor destas leis de igualdade das que nos dotamos, hai que sentarse a avaliar o seu funcionamento e o seu resultado. Porén, despois de case unha década de goberno do señor Núñez Feijóo, o panorama é desolador en canto á axenda da igualdade, que ten condenada a unha absoluta parálise.

En nove anos o Partido Popular non impulsou nin unha soa lei en materia de igualdade. É máis: neste tempo o único cambio lexislativo foi a iniciativa do BNG. En nove anos tampouco se desenvolveron estudos ambiciosos nin desde o punto de vista cuantitativo nin cualitativo do ámbito do que falamos hoxe. E, de feito, o Partido Popular non se limitou a non achegar novos marcos e novos instrumentos, senón que se dedicou tamén a tombar os que xa había, como é o caso da Unidade Muller e Ciencia de Galiza, da que só se conserva o premio. Primeiro paralizaron o anterior plan e despois negáronse, incumprindo os acordos parlamentarios na materia, a desenvolver un novo en tempo e en forma; simplemente, dous anos despois, un novo PDF de corta e pega deses que despois a Xunta de Galiza mete nun caixón e non emprega.

Hai escasos meses ou semanas falabamos precisamente desta iniciativa, a iniciativa desta cuestión da Unidade Galega Muller e Ciencia, a iniciativa do Partido Socialista. Eu mesma facía a brincadeira de que nin sequera estaba actualizada a páxina web. Pois, señora Burgo, a verdade é que tampouco nos serviu iso para que estivera actualizada. Eu mesma comprobeino esta mañá e segue ancorada, conxelada no 2009, como tantas outras cuestións de igualdade. É que xa non é que non haxa vontade, é que non hai nin un pouco de vergonza.

Estes son tres exemplos dunha desidia que é absolutamente escandalosa, baixo o noso punto de vista, e que demostra que o Partido Popular non ten vontade de facer da axenda da igualdade unha prioridade; un Partido Popular que vive máis cómodo instalado nese simulacro da igualdade cun marco legal que a estas alturas está absolutamente fosilizado e que non só non cumpre en moitas ocasións senón que se nega a desenvolver e mellorar co paso do tempo.

E iso é moi grave, porque á fin e ao cabo está a converter o Goberno galego, e as institucións galegas por extensión, en cómplices dese chan pegañento co que as mulleres temos que loitar para sermos iguais na sociedade. E é máis grave aínda porque neste tempo vimos como internacionalmente o feminismo ía colocando debates de gran relevancia na sociedade, debates como a heteroxeneidade e a multiplicidade das violencias machistas, como o acoso sexual, como o consentimento ou como o noso papel nos medios de comunicación, que hai unha década eran case impensables.

Estando movendo moitas cousas en moitas latitudes e por iso é moi triste que a pasividade do Partido Popular de Galiza faga que o noso país, que noutro tempo foi vangarda, grazas precisamente tanto á loita dos movementos de mulleres como tamén a iniciativas políticas do Goberno nacionalista e socialista, agora mesmo estea absolutamente parado e á expectativa; desde o BNG, desde logo, non llelo imos permitir.

Temos un compromiso, porque o nacionalismo galego sempre estivo de lado da loita da igualdade como movemento político. Sempre traballamos para que os nosos dereitos foran

unha realidade e non unha ficción. E tamén porque temos un compromiso, revalidado despois deste 8 de marzo histórico, que non pode agardar a quedar nun caixón, sen ter unha translación tamén nos debates que se dean no ámbito político e con cambios no marco lexislativo.

Nós, desde o BNG, temos moi claro que, se hai unha contribución coa que as feministas temos que romper coa nosa participación nas institucións, é precisamente axudando a romper esa falsa idea de que a igualdade lexislada é a igualdade real, porque estamos a comprobar que en absoluto é así. É certo que o ordenamento xurídico galego contempla eses principios de igualdade e non discriminación por razón do sexo, pero a existencia *per se* deste principio, desde logo, non garante o seu cumprimento e son moitas as discriminacións que persisten hoxe en día na nosa sociedade.

E con esta proposta o que queremos é poñer o acento, en concreto, no ámbito da investigación e da universidade; un ámbito tamén a respecto do que este 8 de marzo histórico abriu un debate sobre a expulsión do talento das mulleres da universidade e das carreiras profesionais, tanto como docentes como investigadoras; un ámbito que, ademais, hai que dicir que cualitativamente é moi importante, tanto polo que significa na sociedade como pola repercusión que ten despois a través da xeración de coñecemento científico.

E chegamos, polo tanto, a esta proposta de lei con dúas evidencias coas que temos que romper: dunha banda, a pervivencia destas discriminacións; e, doutra banda, un marco que se ten demostrado ineficiente. Malia os avances das últimas décadas, todos os indicadores nacionais e internacionais alertan dunha profunda desigualdade neste ámbito. Malia que é tremendamente regulado, malia que nunha parte moi importante tamén se sostén con fondos públicos, esa desigualdade permanece. As mulleres na ciencia son poucas, somos menos das que deberamos xa só por simple estatística. Ademais, recibimos peores salarios, peores financiamentos, e o noso traballo é menos recoñecido e menos visible.

Constátase tamén o coñecido como «efecto tesoiras» nas capas iniciais do sistema educativo e no inicio do camiño universitario. Somos a maioría, temos ademais os mellores resultados, pero, ¿que acontece? A medida que imos subindo escalas de poder, o papel vai quedando relegado. E esta tendencia aválana calquera dos estudos recentes, como o Informe estatal *Científicas sen cifras*, do 2015, que certifica como mesmo nas universidades públicas as mulleres estamos máis representadas canto menor é a categoría investigadora, e a tendencia á contraria: canto maior é esa categoría, a maior xerarquía, menor presenza.

Isto vémosto tamén na prevalencia do que se coñece como «segregación vertical». As investigadoras están infrarrepresentadas en todos os organismos unipersoais de representación. Vemos tamén o moito que queda por avanzar se vemos os postos de dirección do Sistema universitario público galego. Por exemplo, nas cátedras a mellora dos datos é dunha lentitude que non pode ser en absoluto satisfactoria; en máis de dez anos, do 2015 ao 2017, só aumentaron de media un 5 %. Un mapa de desigualdade que empeora no sector privado; segundo a estatística máis recente do Ministerio de I+D+i, no 2016 o sector privado tiña unicamente un 26 % de mulleres.

Polo tanto, podemos concluír —contrastando todos os datos— que está a ser insuficiente o marco do que nos temos dotado. Falla a aplicación das leis, falla a implicación dos poderes públicos. E, como último eslabón da cadea, falta tamén o estímulo nos axentes privados. Mentres nos outros puntos do planeta hai cambios de rumbo, hai novas propostas para ser experimentadas, aquí o Partido Popular tennos condenados na dirección contraria.

Só por citar algunhas das referencias internacionais ás que Galiza podería estar mirando, temos a recomendación xa no 2001 da Rede Europea de Avaliación Tecnolóxica. Hai tres anos, no 2015, a Comisión Europea volveu emitir unha resolución para instar os países a establecer mecanismos para a non discriminación neste ámbito. E tamén no 2017 o Instituto Europeo da Igualdade de Xénero implementou un novo mecanismo para este control, o GEAR. Porén, a Xunta nin está nin se lle espera, segue actuando de freo, e é unha parálise que ademais vimos como se acentuaba na crise socioeconómica, que se usou de coartada non só para cercenar os orzamentos de igualdade senón tamén os de investigación, que no noso país acumulan un recorte de 149 millóns.

Diante deste escenario, é obvio que urxe un cambio de rumbo, por xustiza para con todas as mulleres, pero tamén —e quero insistir nisto— por xustiza con toda a sociedade, porque sen corrixir esa desigualdade estamos creando unha cultura e un coñecemento moito máis pobres, porque a calidade e a excelencia non son posibles se excluímos a metade do mundo.

Hoxe falamos de ciencia e podemos afirmar que non hai motivos racionais nin empíricos para non apostar de forma decidida por un cambio de paradigma no que a igualdade sexa un principio reitor e non unha coletilla accesoria. Nos últimos meses tanto as rúas como protagonistas deste ámbito deberan ternos feito reflexionar. Desde o BNG tomamos o guante e por iso plantexamos unha proposta para mellorar o noso marco, unha reforma do Decreto legislativo 5/2015, que é o texto refundido de toda a nosa lexislativa de igualdade, e que na parte dedicada ao ámbito no que nos ocupa hoxe é non só escasa senón que non está enfocada á altura das demandas da Galiza de 2018. Por iso propoñemos mudar dous artigos xenéricos por quince propostas concretas que abordan de forma integral a perspectiva de xénero na universidade e na investigación, para garantir así a igualdade de oportunidades.

É preciso que superemos estereotipos e sesgos que existen na investigación. A naturalización do patriarcado fai que se constrúa como norma aquilo que só representa a poboación masculina. E precisamente os estudos de xénero das últimas épocas teñen posto o acento nisto, tanto en detectar erros en conceptos e teorías como en ver novas parcelas de realidade que nos enriquecen colectivamente. Porque integrar a perspectiva de xénero na investigación fará que teñamos uns resultados máis vizosos.

Por iso propoñemos medidas encamiñadas a apoiar estudos e investigacións tanto sobre cuestións de xénero como proxectos nos que esta perspectiva estea integrada, especialmente aqueles que extraen resultados para a vida das persoas, de forma que así vaiamos eliminado esa fenda de xénero que aínda existe no ámbito científico. Tamén medidas para dar visibilidade ás achegas das mulleres neste ámbito ao longo da historia e no presente, para promocionar a vocación científica nas mozas, porque non se pode querer ser aquilo que non se coñece.

Tamén propoñemos medidas encamiñadas a que se faga efectivo ese principio da igualdade que está na teoría e que non está na realidade. Para iso pensamos desde o BNG que é absolutamente clave buscar o equilibrio de xénero nos equipos a todos os niveis. Por iso propoñemos medidas de acción positiva que fomenten a participación e o liderado feminino. Medidas tamén que corrixan a falta de mulleres nos organismos, garantindo así unha participación equilibrada que evite o que está acontecendo, que é que na toma de decisións das universidades e dos centros de investigación estamos a ser excluídas.

Tamén propoñemos que nos métodos de avaliación, tanto da calidade científica como do persoal, se estean incluíndo cuestións que eviten que sexamos discriminadas.

E tamén —e non por iso menos importante— sinalar que é fundamental que se mellore a formación que hai en todos os estamentos, tanto do ámbito universitario como científico, en canto á violencia machista e en canto á igualdade.

Vou rematando xa, insistindo en que no ámbito que propoñemos hai dúas cuestións que centran a nosa atención e que son moi importantes. Dunha banda —introducíao eu agora—, a cuestión da violencia machista. Temos que seguir rompendo tópicos, temos que poñer medidas específicas para este ámbito, porque calquera muller —tamén unha prestixiosa científica— pode sufrir violencia machista, e os poderes públicos deben garantir tanto a súa detección precoz como que, se se atén a algún dos instrumentos dos que nos temos dotado, non vai ser penalizada na súa carreira.

Tamén medidas para ter en conta a situación de maternidade. Hai pouco debatemos nesta Cámara sobre o caso de María de la Fuente. Desde o BNG insistiamos: o Servet non é o único espazo onde están a ser discriminadas as científicas nais. Por iso é preciso garantir que nos procesos de selección e avaliación da traxectoria académico-profesional se exclúan os tempos dedicados á maternidade, á conciliación, á situación de dependencia ou de violencia machista; algo que, por certo, tamén debера beneficiar moitos homes canto á conciliación.

En conclusión —e remato xa—, hoxe pedimos abrir un proceso de reflexión e de mellora do marco legal nun ámbito no que brillan as súas ausencias. Este é un texto base que, se houbera humildade e xenerosidade por parte do Partido Popular, poderíamos mellorar entre todas as forzas políticas. Porque debemos facernos unha pregunta: despois deste 8 de marzo e da constatación de que a todas luces no ámbito da universidade, da investigación e da ciencia as mulleres continuamos a ser discriminadas, e a redución desta desigualdade é milimétrica, ¿tomaron nota ou non tomaron nota? ¿Hai vontade ou non hai vontade por parte do Partido Popular para entrar neste ámbito?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Esa é a cuestión e verémolo hoxe.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Visítannos hoxe os alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria do Centro Pintor Antonio Fernández, de Goián. Tamén os saudamos a eles e os profesores que nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Agora si ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Eu tamén quero felicitar a todos os alumnos e profesores que nos acompañan.

Como dicía e lembrou a señora Presas, hai relativamente pouco, no mes de marzo, tratamos aquí o tema da desigualdade que aínda sofre a muller no eido da ciencia e da investigación a través dunha interpelación e dunha moción, que se algo deixou claro é que as políticas do Partido Popular en Galicia eran inexistentes ao redor deste problema; é máis, que non lle importaba en absoluto este problema; que aínda é máis grave, porque se pode reflexionar e adoptar unha serie de políticas, pero que non lle preocupaba absolutamente nada. Boa mostra da nula preocupación é que non nos acompaña ningún membro do Goberno para escoitar este debate.

E, en cambio, é un debate absolutamente importante, e non o dicimos nós, non o di o BNG e non o di tan só o Partido Socialista e os demais grupos; nin sequera o dicimos só as mulleres; é o que están dicindo os maiores especialistas en I+D, en investigación e en ciencia do mundo; é que o está dicindo a Unión Europea e que está insistindo niso a Unesco. E que a Unión Europea está dicindo que estas desigualdades que aínda se manteñen en Europa entre muller e home ao redor da ciencia e da investigación están representando un malgasto de recursos públicos, que poñen en perigo os obxectivos científicos para acadar a excelencia na investigación e teñen unha notable influencia negativa na economía, na consecución que todos queremos dun cambio de modelo produtivo. E, dende logo —e non con menor importancia—, é unha clara inxustiza o que está a suceder.

Pero é que, ademais —e insisto—, todos os organismos internacionais, empezando por todos os organismos da Unión Europea, consideran que a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é unha acción estratéxica fundamental para construír o Espazo europeo de investigación. E así o están a escribir, e así están insistindo, dende ese xa moi coñecido Informe ETAN, que fixo o debuxo das circunstancias e das desigualdades entre homes e mulleres na ciencia, cunha realidade que vinte anos despois practicamente non mudou; si que é certo que hai porcentaxes que se elevaron, pero a realidade é exactamente a mesma.

Tanto a Unesco como a Unión Europea levan xa vinte anos, vinte anos, insistindo na necesidade de que este problema de discriminación da muller na ciencia e na investigación ten que ser tratado dunha maneira individualizada, ten que ter un tratamento propio dentro dos programas de igualdade, e que, polo tanto, é absolutamente necesario que todos os países poñan en marcha políticas transversais ao respecto, políticas propias, políticas en positivo

e transversais que poidan rematar coa invisibilidade e a segregación das mulleres no ámbito da ciencia e na investigación.

Neste senso é certo que a nosa lexislación non contempla estes temas. Vendo por outra parte que o Partido Popular non está disposto a facer nada aquí, porque si é certo tamén que a Lei de ciencia nacional e resolucións europeas si teñen estes aspectos, nós consideramos que nos parece moi ben, dado que nada van facer, dado que non quixeron aceptar nin unha soa das nosas propostas, apoiadas tamén polos grupos da oposición, que estean estas ideas nun texto lexislativo, que teñan que ser cumpridas, que teñan un rango de lei, como —insisto— están na Lei da ciencia e nas leis de igualdade de todos os países avanzados. Porque tamén —insisto— este é un elemento clave para o desenvolvemento do I+D en calquera país avanzado.

Dicía que todas estas ideas son mantidas e insisten continuamente nelas as distintas institucións da Unión Europea, que defenden que é imprescindible a incorporación das políticas de xénero nas políticas públicas de I+D, tanto nos ámbitos privados como nos ámbitos públicos, para corrixir esta perda de capital humano asociado a esta desigualdade na incorporación das mulleres e ao seu desenvolvemento profesional nos ámbitos de investigación, da ciencia e da tecnoloxía.

Hai que rachar con esta desigualdade e hai que rachar con ela a través de políticas activas, porque xa non vale dicir que é un problema xeracional, xa non vale dicir o que se dicía moito antes: hai poucas catedráticas porque a muller tardou en entrar nas universidades, pero cando chegue o tempo biográfico necesario estarán aí. Miren, non están. Hai unha taxa de mulleres nos postos máis altos demasiado cativa, especialmente cativa fronte á presenza da muller, por exemplo, nas universidades ou noutros ámbitos de investigación.

Porque así o di o estudo que tamén nomeaba a señora Presas e o último que temos, o estudo *Científicas en cifras 2015*, do Ministerio de Economía. As alumnas, as mulleres, son maioría entre o alumnado na carreira. Tamén entre os graduados teñen mellores expedientes en números absolutos que os homes, incluso presentan máis teses de doutoramento. Iso fai que no primeiro tramo da carreira científica sexan incluso maioría, ao redor dun 58 %. ¡Ah!, pero, a medida que avanzamos na escala e na estrutura da carreira profesional, as mulleres son globalmente un 25 % fronte aos homes —un 75 %—, tanto nas universidades globalmente como nos centros de investigación públicos.

E é certo o que di a señora Presas. Esta realidade coñecémola peor no mundo empresarial, pero é moi similar, cando non incluso peor. É a segregación vertical que xa definiu o Informe ETAN no ano 2001 e que está aínda sen solucionar.

Pero hai un elemento no noso país, en España, tamén en Galicia, que creo que ten que ser tamén subliñado, que é que as mulleres científicas forman un 39 % da comunidade científica, pero esa cifra, esa porcentaxe é inamovible dende hai dez anos; dez anos en que non se avanzou absolutamente nada neste papel da muller dentro das comunidades científicas. A iso poderíamos engadir calquera listaxe que nos dea tamén a comprobación destes datos. Premios nacionais de investigación: dende 1982 a 2014, 103 premiados, 8 son mulleres. E así podemos continuar en todos os aspectos.

Esta realidade en Galicia é aínda peor —e quero subliñalo—. Díxeno en marzo, quero volver repetilo, porque temos que pensar nesta situación, porque temos que arranxar esta situación. Segundo os datos do INE, o número de mulleres investigadoras nas universidades galegas descendeu un 16 % entre 2009 e 2016, que é o último ano do que temos datos. Esta baixada, este descenso é cinco veces superior ao que se produciu no conxunto de España, que é un 3,62 %. Aquí hai outra realidade agochada: a crise económica, o descenso dos ingresos das universidades e dos institutos de investigación públicas afectou fundamentalmente as mulleres, moito máis as mulleres que os homes.

E con todo isto eu quero tamén recordar esta resolución última da Unión Europea, de 2015, do Parlamento Europeo, onde marcaba para todos os países unha serie de medidas importantes: incorporación da dimensión de xénero nos programas de investigación, eliminar as barreiras legais e doutra índole para a contratación —entre eles, dende logo, é moi importante a maternidade, o coidado da familia—, eliminar as barreiras que poñen trabas á contratación e á retención de persoal, medidas de avance, de impulso da carreira profesional, implantar estratexias globais de cambio estrutural a fin de corrixir as desigualdades.

Dende o noso punto de vista estas medidas están nesta proposición de lei que presenta o BNG neste momento. Máis aló de que si podemos formar unha ponencia e tratar este texto, eu creo que temos aportacións os socialistas que poderíamos ter en conta, pero, á marxe diso, dende logo nós imos apoiar esta proposición de lei.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Bo día.

Nós tamén imos apoiar esta proposición non de lei, porque entendemos que mellora a lexislación actual. E, antes que nada, tamén queremos agradecerlles a todas esas mulleres que con moito esforzo persoal nos abriron as portas a moitas outras.

E tamén, cada vez que falamos de medidas que nos fan avanzar cara a unha sociedade máis feminista, como entendemos que pode ser esta, pensamos que tamén toca recoñecer e ter presente a histórica mobilización que vivimos este pasado 8 de marzo, non só este 8 de marzo, senón todas as mobilizacións de moitas mulleres, pero facemos especial fincapé nela, porque entendemos que este 8 de marzo marcou un antes e un despois no momento político.

Hoxe debatemos unha proposta centrada nun campo que segue estando demasiado masculinizado, por desgraza. De feito, o pasado 8 de marzo moitas mulleres galegas das universidades tamén pararon e recolleron os seus motivos nun manifesto que a verdade recomendo ler a todas e a todos. As razóns sobran. Por enumerar só unhas poucas, pararon porque,

por desgraza, nas universidades as mulleres seguen recibindo salarios máis baixos, teñen contratos máis precarios e tamén teñen máis obstáculos e seguen tendo máis dificultades para acceder ao financiamento das súas investigacións. Os prexuízos implícitos de xénero seguen estando presentes no proceso de selección, avaliación, acreditación, incluso na publicación de artigos e nas chamadas para facer ponencias. Hai moitísimas razóns, moitas foron mencionadas aquí hoxe. A propia Unión Europea está alertando sistematicamente destas desigualdades e entendemos que temos que tomar medidas de maneira urxente.

Nestes momentos todos os grupos estamos no proceso de traballo dunha ponencia da Comisión de Igualdade para intentar mellorar a lexislación actual. E fago referencia a esta comisión porque moitas veces se utilizou esta ponencia como pretexto para non dar certos debates neste pleno. E a min paréceme que ese argumento é absurdo, e menciónoo porque creo que, de aprobar esta proposición que se trae hoxe, nos abriría a oportunidade de ir profundando nun ámbito moi importante e que sería complementario absolutamente co traballo que estamos realizando nesta ponencia.

E, como dicía, falamos dun ámbito que é imprescindible e que é fundamental. O ensino é un dos axentes fundamentais —nós témolo dito moitas veces neste pleno—, pola capacidade que ten de chegar a moitísima xente, a unha parte moi ampla da sociedade. O ensino é fundamental para perpetuar, por desgraza moitas veces, roles, pero tamén, cando existe formación, pode axudar a romper estes roles. Ademais, entendemos que as medidas que se propoñen hoxe son asumibles para todos os grupos, son medidas básicas de sentido común que entendemos que deberían ser aceptadas a pesar dos matices nos que podemos despois profundar se pasa o trámite, pero entendemos que a base debe partir do acordo; simplemente, exíxese perspectiva de xénero nun ámbito onde debería estar xa de por si recollido.

E, como dicía, os datos non deixan lugar a dúbidas. Existe unha fenda moi importante entre a retórica que se enuncia dos principios de igualdade e despois a efectividade dos instrumentos para conseguir este fin. Vivimos nunha especie de espellismo da igualdade que hai que romper. Hai que visibilizar que seguen existindo moitas desigualdades. E é moi significativo que só un 23 % das catedráticas en Galicia sexan mulleres. Cos datos de acceso ás universidades de homes e mulleres e, non obstante, despois, cando chegamos a estes altos mandos de dirección, hai ese teito, como moitas veces falamos, non de cristal, senón de formigón, que custa moito romper.

E, como digo, non vou centrarme na parte cuantitativa dos datos —moitos foron expostos na propia exposición de motivos e hai moitísimos estudos que dan conta desta situación—, para centrarme na parte cualitativa, porque entendo que é tamén onde temos que ir buscar as razóns que se atopan de fondo destas desigualdades.

E para iso volvo incidir na afirmación que facía ao principio de que o ensino é un axente fundamental e o ensino ten unha influencia ao longo da nosa vida moitas veces seguro que moito máis ampla do que racionalmente poidamos chegar a pensar. Moitas decisións eu penso que teñen de base as aprendizaxes que temos na escola. E temos que preguntarnos a que se debe que as mulleres sexamos as que coidamos maioritariamente. E, cando falamos de coidados, refírome dentro da casa. E nesta parte non vou incidir nos coidados que se fan

dentro da casa, senón que tamén me vou referir a algo que está máis invisibilizado se cadra, que é por que as mulleres coidamos maioritariamente fóra da casa, por que as mulleres decidimos estudar unhas profesións e os homes deciden estudar outras.

A libre elección é unha falacia e hai que romper con iso de que estudamos o que eliximos. Isto é totalmente falso, porque se fora libre, se somos iguais, ¿por que somos as mulleres maioritariamente as que sistematicamente somos enfermeiras, traballadoras sociais, médicas, educadoras sociais, etc.? ¿Por que sempre somos nós as que coidamos e por que, se a elección fora libre... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu pediría un pouco de silencio. Non sei que a ofendeu, pero os datos están aí. Eu son enfermeira, non é ningunha ofensa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, son enfermeira vocacional, pero tamén entendo...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non dialoguen, non dialoguen.

É unha gran profesión, por suposto.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: É unha profesión marabillosa, si, faltaría máis; a educación social, a medicina, son todas profesións igual de válidas.

Pero teremos que pensar por que as mulleres maioritariamente escollen estas carreiras e por que hai unha porcentaxe tan baixa de mulleres por exemplo en estudos tecnolóxicos. Se realmente cremos que é por casualidades e azares da vida, eu non creo nas casualidades. Eu penso que non existe esta libre elección. E, como digo, eu son enfermeira —todo o respecto a todas estas profesións—, pero creo que os datos evidencian que detrás das eleccións hai unha serie de mecanismos que operan para que os itinerarios formativos sexan uns ou outros.

E eu penso que as razóns de por que algunhas mulleres eliximos algunhas profesións e os homes elixen outras profesións está, por exemplo, nas imaxes, nos roles que se van incorporando dende que nacemos. Están os xoguetes, están os medios de comunicación, están todas as imaxes estereotipadas de que as mulleres nacemos para coidar. E, como digo, cando existe formación en xénero ou roles, dende a escola poden racharse.

¿Por que —temos que preguntarnos tamén— hai menos mulleres líderes en proxectos de investigación? Eu penso que a resposta é múltiple, non pode simplificarse, pero algunha das razóns pode ser, por exemplo, porque os nenos e nenas tamén aprenden dos roles de científicos. Coñecemos en moitos libros de texto moitos homes científicos, coñecemos moi poucas mulleres científicas. Demasiadas veces os libros de texto silencian moitas mulleres que conseguiron grandes avances.

E tamén ten que ver con que ser muller leva incorporado unha serie de roles. E un exemplo moi claro é que as mulleres, por exemplo, somos mandonas, con connotacións, evidentemente, negativas. Os homes son líderes e bos líderes. Isto tamén que ver con que as mulleres non cheguen a determinados postos de dirección e de liderado e a determinados espazos.

E tamén ten que ver, por suposto, coas dificultades de conciliación. Hai moitas mulleres que non poden acceder a determinados cargos porque a maternidade a día de hoxe segue penalizándonos. E tamén segue penalizándonos coidar a nosa nai, coidar o noso pai, coidar o noso sogro, etc. E contra isto, obviamente, hai que pór medidas para que os coidados nunca sexan un factor negativo para as mulleres.

Por outra parte, quería facer especial fincapé na necesidade de apoiar, investir moito máis nos estudos específicos de xénero. En realidade, é unha cousa moi novidosa —dez anos dende que se implementaron—, pero aínda queda moito esforzo por facer neste tipo de estudos, por consolidalos, por aumentalos. E son moitísimas as medidas que se deben levar adiante para que isto sexa así, pero eu penso que parten dunha base común, que é recoñecer a importancia e o valor que teñen. Demasiadas veces estes estudos non se valoran e seguen véndose como estudos secundarios, e os datos están aí, de investigación, de apoio. E temos que colocar na escala de prioridades este tipo de estudos na prioridade absoluta, porque, se moitas veces afirmamos que para intervir na realidade temos que coñecer ben a realidade, este tipo de estudos son fundamentais para acabar coas desigualdades de xénero.

Remato. Agardo que poidamos seguir debatendo polo miúdo sobre todas estas medidas para pór en marcha. Queda moitísimo por facer e volvo recordar: penso que lles debemos todos os avances a moitas mulleres que con moito esforzo foron vistas como intrusas, nalgúns momentos da súa vida: Ana María Prieto, Alicia Estévez, Ánxeles Albariño, María Isabel Fernández, Celia Braña, Mabel Loza, Olimpia Valencia e tantas e tantas outras máis que teñen que ocupar todos os libros de texto, que teñen que ocupar páxinas, que teñen que ser recoñecidas.

E, por suposto, volvo aclarar, porque vin como moita alteración: paréceme bastante significativo que non se entenda unha afirmación como que as mulleres moi maioritariamente elixen unhas profesións e os homes outras profesións. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu, de verdade, creo que hai que facer unha reflexión sobre por que iso pode resultar ofensivo, que en absoluto, ou, se non é por iso, entón non interromper mentres se está falando dende a tribuna.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, e como cuestión previa, falando de sensibilidade, eu quixera reprobar un comentario machista que se ten feito nesta tribuna esta mañá, en relación cunha ministra, unha muller que foi ministra no ano 1996, cando ser política non era fácil e cando chegar a un ministerio unha muller tampouco era doado. Viñamos dun goberno socialista que tiña

tres ministras, pasamos a un goberno do Partido Popular con catro ministras e unha con Medio Ambiente só para o Ministerio, cando viñamos dun ministerio de tres: Obras Públicas, Transporte e Medio Ambiente —por certo, do señor Borrell—, e se critica polo uso da laca. Ese é un comentario machista, fágao unha muller ou fágao un home. (*Aplausos.*) Porque os micromachismos hai que eliminalos e nesta tribuna, señorías, ten moitísima repercusión todo o que digamos. (*Murmurios.*)

Porque eu considero que se poden facer críticas a unha muller na súa actividade profesional. Por exemplo, a presidenta do Partido Socialista, que foi ministra de Medio Ambiente e hoxe está investigada por financiamento ilegal do Partido Socialista, iso é unha crítica política. E falar do peiteado dunha ministra é unha crítica machista, é un comentario machista. (*Aplausos.*) E eu agardo que agora, que estamos en proceso de nomeamento de ministros, o señor Sánchez non nomee mulleres ministras como fixo o señor Zapatero, por exemplo, cando o señor César Antonio Molina foi substituído pola señora Ángeles González Sinde e dixo textualmente o señor César Antonio Molina: «*Zapatero dijo que necesitaba una chica joven y glamour*». Eu agardo que o señor Sánchez sexa un pouco máis responsable e nomee mulleres ministras porque sexan válidas, porque sexan mulleres que teñan peso específico e non por ser nin xoves nin porque aporten *glamour* a un goberno socialista. (*Aplausos.*)

Porque, señorías, vostedes poden volver poñer en marcha un Ministerio de Igualdade —eu alegrareime—, agora, sempre e cando non sexa márketing político, como fixo o señor Zapatero no seu día, porque tamén foi o primeiro ministerio que suprimiu cando o chamaron á orde dende Europa, porque estaba gastando moito. ¿E que fixo? Conxelar as pensións dos pensionistas, baixarlles o soldo aos funcionarios e suprimir o Ministerio de Igualdade.

Ben. Señora Presas, para avanzar en igualdade, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non é preciso...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu creo que estiven respectuosamente escoitando todo o mundo, non interrompín a ninguén; eu agradecería o mesmo respecto que se pide nesta tribuna para outros, o mesmo respecto para os que estamos no uso da palabra.

Para avanzar en igualdade, señora Presas, non é preciso aprobar moitas leis. Vostede mesma o dixo nesta tribuna. Dixo: a igualdade lexislada non é a igualdade real. Efectivamente, temos moitísima lexislación en materia de igualdade, o que hai é que desenvólvela e cumprila, pero non cada dous por tres estar lexislando e poñendo en marcha leis se temos moitísima lexislación que pode apoiar o que vostede hoxe está reclamando aquí.

Vostede baséase nos datos dun informe do ano 2001. Hai publicacións máis recentes que o informe ETAN. Por exemplo, hai o estudo «*Brecha salarial y científica de género*», do *Boletín de Igualdad de Empresa* do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Hai un estudo da Xunta —veña máis a Galicia, vostede, ademais, que é nacionalista, e céntrese un pouco en Galicia—: «*A situación das mulleres no sistema de ciencia-tecnoloxía-empresa de Galicia*».

Señora Quinteiro, eu non comparto o que vostede dixo aquí. Vostede dixo —e está gravado e quedará no *Diario de Sesións*— que hoxe as mulleres non poden estudar o que queren, pero ao mesmo tempo vostede dixo que vostede era enfermeira por vocación. Mire, eu son avogada vocacional, teño compañeiras nos escanos que son enxeñeiras, a nosa compañeira Marta Novoa é enxeñeira industrial, e éo por vocación, hai compañeiras socialistas que son arquitectas, unha compañeira súa que acaba de tomar posesión é arquitecta. Eu quero pensar que todas o somos de xeito vocacional.

Señora Quinteiro, hoxe as mulleres poden estudar o que queren. Se me fala do que pasaba antes, podo estar de acordo con vostede. Hoxe hai outros problemas. Pode ser que non cheguen ás notas polo corte da facultade ou polo que sexa, pero iso pásalles a homes e a mulleres. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Pero, ademais, sabe que polos datos académicos as mulleres teñen mellores expedientes académicos que os homes, e vostede sábeo perfectamente, porque —vostede puxo o caso de medicina, que é unha das que ten o corte máis alto— ¿quen accede fundamentalmente? Mulleres, porque teñen os expedientes e as notas máis altas, señora Quinteiro. Por iso non concordo con vostede con ese plantexamento que acaba vostede de facer aquí.

E se falamos de datos de persoal e investigadores en I+D, hai que destacar dos datos do IGE que hai máis mulleres que antes e que o número de mulleres crece. Por exemplo, en persoal de I+D, en 2015 había 9.038 e en 2016, 9.367, dos que mulleres eran, en 2015, 3.792, e en 2016, 3.806. En canto a investigadores, en 2015 había 5.368 en total; en 2016, 5.783; e mulleres, de 2.154 en 2015 ascendeu a 2.212.

É certo que hai problemas, é certo que hai dificultades, por suposto; coincido con todas vostedes. Hai unha segregación horizontal, determina profesións que teñen infrarrepresentación das mulleres, pero iso non quere dicir que as mulleres non poidan acceder ás enxeñerías, non determina que as mulleres non poidan acceder a estudos de arquitectura ou a estudos técnicos e tecnolóxicos de novas tecnoloxías, matemáticas e demais.

Hai tamén segregación vertical. Coincido, efectivamente. A proporción de mulleres diminúe cando aumenta o nivel de responsabilidade. É certo que tamén a presenza de mulleres diminúe se se considera tamén o nivel de idade, que podería explicarse pola maior incorporación das mulleres máis novas aos diferentes ámbitos da investigación.

O número de mulleres investigadoras que son nais tamén diminúe. Ese debate xa o tivemos aquí, non vou volver entrar, porque xa tomamos incluso algunhas decisións e adoptamos algunhas medidas a ese respecto.

E na universidade, aínda que os estudantes nos niveis iniciais de investigación son maioritariamente mulleres, a súa porcentaxe vaise reducindo cando aumenta na escala. É certo. Pois hai que tomar medidas nese sentido.

Agora ben, a Galicia negra que nos pintou aquí a señora Presas, sinceramente, señora Presas, non, porque mire, estanse adoptando medidas, hai plans en marcha. Voulle falar de tres bloques en concreto. Primeiro, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportuni-

dades entre mulleres e homes 2017-2020 inclúe un obxectivo nesa dirección: estimular a incorporación e permanencia da promoción profesional das mulleres nos ámbitos académico, científico, tecnolóxico e creativo; concretamente, impulso e incorporación das mulleres aos equipos de desenvolvemento de proxectos nos sectores tecnolóxicos e de innovación no ámbito da empresa e investigación; desenvolvemento de accións para estimular a incorporación das mulleres ás novas profesións dixitais; potenciamento das políticas activas de apoio, participación e promoción profesional das mulleres no ámbito da cultura, produción artística e intelectual; recoñecemento das mulleres científicas e tecnólogas galegas e promoción da súa imaxe na sociedade como referentes femininos. Nos distintos eixes, na área estratéxica 3, a de igualdade no emprego e na innovación, hai un orzamento de 105 millóns de euros.

E, señora Presas, cando fala dos premios de muller e ciencia, non foron suprimidos, porque, como vostede ben sabe, o Premio Josefa Wonenburger premia tamén mulleres e ciencias; a última premiada foi Begoña Vila, da NASA, señora Presas.

Pero tamén hai un II Programa galego de muller e ciencia 2016-2020, que ten 9 millóns de euros orzados, que vostedes non tiñan, porque vostede quíxase aquí dun premio pero estamos a falar dun programa que ten moitísimas cuestións que non podo relatar por falta de tempo.

En terceiro lugar, o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2020, dotado con 848.755.000 euros, señoría.

Por tanto, Galicia está traballando para favorecer a igualdade, para loitar contra as discriminacións, e iso estao facendo un goberno do Partido Popular, mal que lles pese.

En concreto, no ámbito universitario, sucede, señorías, que as universidades son entidades que pertencen ao sector público institucional, e a Constitución recoñécelles autonomía. As tres universidades de Galicia contan cunha oficina de igualdade: Universidade de Santiago, Universidade da Coruña e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo. As tres universidades galegas contan cun plan de igualdade, as tres universidades galegas contan cun protocolo contra o acoso sexual.

Señorías, vostedes fan referencia na súa exposición ao profesor Luciano Méndez. A Xunta de Galicia, concretamente... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si... Fixeron referencia a este tema. Pero a min gustaríame dicir que concretamente neste tema, xa que falamos de universidade, eu reprobos os comentarios que fixo este señor. E, se falamos diso, vostede sabe que a Secretaría Xeral de Igualdade ten remitido dúas cartas á Universidade para interesarse no momento en que fixo uns comentarios machistas sobre unha alumna e agora coa sentenza da Manada, e a Universidade non deu resposta. Por tanto, a autonomía universitaria está aí, e nin o Goberno nin este Parlamento podemos meternos na autonomía universitaria.

Remato. A Xunta xa conta con instrumentos —eu xa sei que vostedes son moi intervencionistas, pero mire, non somos nós os que temos que facer ese labor, toca a outros, a nós dende logo que non; eu xa sei que vostedes son intervencionistas por natureza.

En definitiva, a Xunta xa conta con instrumentos dentro da súa competencia para fomentar a igualdade entre todos os ámbitos, así como tamén para apostar por levar a corresponsabilidade a todos os eidos profesionais, pero é preciso abordar este traballo sen invadir as competencias propias e a autonomía universitaria.

Por tanto, no Grupo Parlamentario Popular imos rexeitar esta iniciativa porque consideramos que se produce unha intromisión de competencias, xa que as universidades teñen autonomía propia para tomar as súas propias decisións e mesmo, se o consideran, crear a mesa de traballo interuniversitaria que se propón nesta iniciativa, e o Goberno non pode interferir nin impoñer ás universidades a creación de mesas, xa que é unha decisión que lles compete ás propias universidades. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, á universidade cométtelle tomar as súas propias decisións.

E en canto a potenciar a ciencia, as científicas e as mulleres investigadoras, señorías, hai —como lles acabo de dicir— tres bloques nos que a Xunta de Galicia, na súa competencia, xa o está a facer. Nas competencias que lle compete á autonomía universitaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...nin a Xunta de Galicia nin este Parlamento podemos interferir.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición de lei, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, agradecer ás voceiras de En Marea e do Partido Socialista o seu apoio e as súas achegas construtivas. E dicir, como reflexión inicial, que a actitude e o nivel do debate do Grupo de Goberno nesta iniciativa reflicte que é máis necesaria ca nunca.

Primeiro, a señora Prado, veu aquí facer oposición do señor Pedro Sánchez, acusar dun comentario machista, que eu non podo xulgar porque non o escoitei no momento, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pero vertendo (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) —xa escoitarei o vídeo, señora Prado— cuestións peores, ou sexa, jen fin! E despois, en lugar de rectificar os comentarios do plistoceno que saíron desta bancada mentres falaba a señora Quinteiro, de En Marea, reafirmouse niso. (*Murmurios.*)

Miren, é unha barbaridade negar en pleno século XXI, contradicindo os propios plans teóricos da Xunta de Galiza e contradicindo todas as recomendacións europeas e todos os estudos en materia de xénero na investigación, que a vocación científica das mulleres non está mermada polos condicionantes sociais. ¡É un absoluto disparate! (*Aplausos.*)

Iso de que nos gusta ás mulleres, tamén se dicía que ás mulleres nos gustaba estar pechadas na casa, (*Aplausos.*) e que ás mulleres non nos gustaba votar. (*Aplausos.*) ¡É que vaia argu-

mentos! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, que vergonza, efectivamente, ¡que vergonza! Bastante vergonza sente unha neste Parlamento coas cuestións que se escoitan.

Sobre a excusa da xeración xa non vou dicir nada, porque o explicou moi ben a señora voceira do Partido Socialista. Pero si que engadir que tamén igual si que inflúe un pouco no acceso e na liberdade ao acceso á universidade hoxe en día a situación económica, que é responsabilidade das políticas do Partido Popular. (*Aplausos.*) Iso si que inflúe. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, efectivamente. (*Aplausos.*)

Ben, máis cuestións que queríamos comentar.

Dicía a señora Prado un comentario no que parcialmente lle vou dar un pouco de razón. Dicía que non facía falta, ás veces, legislar porque se podían implementar cuestións que non eran directamente legislativas e demais. Efectivamente, isto demostrou un goberno responsable coas políticas de igualdade, que tiña instrumentos para avanzar neste campo e que foi vangarda. A cuestión é que vostedes non só paralizaron iso, senón que non desenvolveron nada máis. E o que se pide nesta iniciativa non é unha lei nova, é desenvolver un aspecto do actual marco legal. Vostedes tamén dicían que non facía falta estender as axudas da violencia machista doce meses ao ano, e ao final tiveron que dar a razón, (*Aplausos.*) e tiveron que aprender, tiveron que aprobar unha modificación legal á iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Logo dixó algo así como que, claro, se citaban cousas desfasadas na exposición de motivos. Mire, cítanse as recomendacións de ETAN, que son o punto de partida e a vangarda sobre a que se implementaron as demais normativas en materia europea e internacional neste ámbito. É a base.

Pero eu quero poñer o acento nunha cuestión. Na exposición de motivos desta lei —que creo que vostede se confundiu con algún outro texto que vén a esta Cámara— cítase un estudo da Xunta de Galiza. Cítase un estudo moi completo da Xunta de Galiza sobre o ámbito universitario. Si, ¿sabe de que ano?, do ano 2008, porque vostedes non quixeron actualizar ese estudo. Porque vostedes non fixeron un estudo cualitativo e cuantitativo en absoluto comparable con ese estudo, e aquilo que non se estuda é aquilo do que non se fala e aquilo que non se visibiliza.

En todo caso, eu dei a esta Cámara datos actualizados como, por exemplo, o referente ás cátedras universitarias, e vostedes só teñen excusas. Fala dos plans da Xunta, e aquí temos que dicir que novamente son obxectivos timoratos, e eu vou poñer un exemplo. Discútmolo nesta mesma Cámara na defensa do señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria —que é unha mágoa que non estea ao fío do Plan 2020, de innovación—, e que ausencias tiña. Discútmolo tamén ao fío das cuestións do Programa muller e ciencia, que hai plans da Xunta de Galiza que fixan para o 2020 unha redución da fenda salarial no ámbito da Xunta dun 20,5 %, que é só dous puntos menos do valor de referencia do 2014. Ese é o ritmo ao que vostedes queren que avancemos, que avancemos por xeración espontánea ou por cuestións que achegan outras administracións. Pero é que nós queremos igualdade no ám-

bito da ciencia e querémolo xa, e queremos ser exixentes con nós mesmas e co equipo de Goberno para que haxa propostas enriba da mesa.

E, ademais, é abraiante como manipulan. Di vostede que eu dixen que non existía o Premio muller e ciencia. Non, non, dixen que é o único que manteñen vostedes dese programa. (*Aplausos.*) ¡É o único! (*Aplausos.*) Foi o que dixen. (*Aplausos.*)

Despois, a autonomía universitaria. A autonomía universitaria para o que lles apetece, para vir aquí presumir de másteres e programas das universidades desenvolto no ámbito da súa competencia non lles vale a autonomía universitaria, pero para dicir que non podemos aplicar cuestións como as que se mencionan, que si hai noutros marcos legais —citaba a señora Burgo o estatal, citabamos nós exemplos internacionais—, aí a autonomía universitaria si que existe. Miren, non teñen vostedes excusas.

Remátaseme o tempo. Pero nós, desde logo, o que podemos concluír é que vostedes son uns reaccionarios, porque nin fan nin deixan facer, ese é o resumo da súa actitude (*Aplausos.*) cunha proposta que podería ser debatida, que ademais ía saír a que a vostedes lles dera a gana e que podería poñer o foco en medidas enriba da mesa. Medidas que se houbera vontade vostedes poderían estar desenvolvendo a través do Programa muller e ciencia ou a través de calquera outro programa. Pero que, con todo, darlle o rango de lei sería tremendamente simbólico e mandaríaa unha mensaxe positiva de cara a fóra.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E é unha barbaridade escudarse na autonomía financeira —e remato, señor presidente— cando estamos a falar do principio de non discriminación por razón de sexo, que está universalmente recoñecido en todos os ámbitos legais; polo tanto, si hai capacidade de diálogo e intervención. O que non teñen vostedes é nin vontade nin demasiada vergoña. (*Aplausos.*)

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia.

Votación de toma en consideración da Proposición de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

E pasamos ao punto 2 da orde do día, de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar das políticas de apoio ás familias e á conciliación

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Señor presidente.

Señorías.

O compromiso da Xunta de Galicia para que as familias galegas teñan á súa disposición recursos suficientes e de calidade para facilitar a conciliación é un dos piares esenciais das políticas sociais que está a desenvolver este goberno. Neste sentido, o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, folla de ruta que marca a orientación das políticas públicas que vincula de maneira transversal todo o Executivo, fixa, entre os seus eixes prioritarios de actuación, a mellora dos servizos sociais dirixidos ás familias e á infancia, así como o impulso das medidas activas de conciliación. En liña con esta encomenda, a área de familia leva tempo ocupando un lugar destacado no investimento autonómico, é un peso nas contas públicas que se acentuou aínda máis dende a creación da Consellería de Política Social.

Dende o exercicio 2015 ao actual o crecemento acumulado das partidas económicas destinadas a políticas de familia e conciliación incrementouse nun 54 %, ata acadar na presente

anualidade os 133 millóns de euros. Ningún goberno de Galicia destinou nunca tantos recursos económicos á familia, á infancia e á conciliación como este.

Diriximos este aumento no investimento social deste goberno a consolidar con axudas, programas e servizos que xa están en marcha e a artellar novos servizos. A acción deste goberno está centrada neste ámbito en seis obxectivos, que vou desgranar a continuación:

Primeiro, dotar as familias dos servizos, recursos e medidas precisas para apoiar o papel que desenvolven na sociedade, prestando especial atención ás familias monoparentais e monomarentais e ás familias numerosas.

En segundo lugar, como segundo grande obxectivo, dar resposta ás necesidades das familias ante situacións especiais. Estamos falando de situacións especiais cando nunha familia hai algunha persoa con discapacidade, ou cando nunha familia hai risco de exclusión social pode presentarse unha situación de pobreza infantil.

Terceiro obxectivo, establecer os mecanismos para o apoio á maternidade e paternidade, que son imprescindibles para o desenvolvemento das familias.

En cuarto lugar, promover que os pais e as nais teñan ferramentas que faciliten a conciliación da vida persoal e familiar. E tamén, por suposto, non só a conciliación, senón tamén a corresponsabilidade.

En quinto lugar, promover novos modelos de educación familiar para a mellora das pautas na crianza dos menores baseadas na parentalidade positiva.

E en sexto lugar, sensibilizar a sociedade, en xeral, sobre a importancia da familia e a súa incidencia na sociedade do benestar, no presente pero tamén no futuro de todos, porque para ter unha boa política social a familia segue a ser un instrumento imprescindible.

Así mesmo, e dentro do ámbito lexislativo, cómpre destacar que no ano 2011 se aprobou neste parlamento a Lei de familia, coa que a normativa se adaptou á variedade de modelos de familia que existen na actualidade, e coa que se ampliaron os dereitos da sociedade galega. Así, esta nova normativa outorga unha especial consideración a cinco modelos de familia co obxectivo de salvagardar os dereitos de todas elas, establecendo unha serie de consideracións que non recollía a Lei de 1997. Estes cinco modelos de familia son: as familias numerosas, as monoparentais, as de acollida, as familias que teñen a cargo persoas dependentes ou as familias con persoas con discapacidade.

En canto ás familias numerosas, este executivo ten comprometido o seu apoio a estas familias, e teñen unha especial importancia na revitalización, tamén, da poboación, chegando —como saben— a moitos máis fillos da media, no caso das familias numerosas un mínimo de tres fillos.

En Galicia hai rexistradas a día de hoxe un total de 23.820 familias numerosas, un 25 % máis de familias rexistradas que hai tres anos. E neste momento pódolles anunciar que estamos

elaborando unha segunda estratexia de apoio que dea continuidade á actual, en marcha dende o ano 2013, e que permitiu o desenvolvemento de medio centenar de medidas que sumaron un investimento superior aos trinta e seis millóns de euros para esa atención especial das nosas familias numerosas.

Ademais, en colaboración coa Asociación Galega de Familias Numerosas —Agafan— puxemos en marcha o programa Carné Familiar, que facilita o acceso deste colectivo a bens, servizos e produtos mediante descontos e outro tipo de vantaxes, e que amplía e complementa os beneficios que outorga o título oficial de familia numerosa. Arredor de 1.160 entidades colaboran con este programa que xestiona Agafan para a Xunta de Galicia e no que xa se teñen expedidos máis de 70.600 carnés.

Segunda característica de familia, as familias monoparentais e monomarentais. Estas teñen cada vez un maior peso na nosa sociedade e témolas moi en conta nas novas axudas e programas que estamos a desenvolver. Así acontece, por exemplo, no caso da Tarxeta Benvida, que eleva as súas ratios para a súa atención non a un importe exclusivamente da unidade familiar, senón tamén a un importe per cápita. Tamén neste ámbito lles podo anunciar o noso compromiso de elaborar un plan que apoie estes pais e estas nais semellante ao que temos para as familias numerosas. Con esta intención crearemos, en primeiro lugar, o rexistro de acreditación de familias monoparentais e monomarentais de Galicia.

En terceiro lugar, unha terceira característica de familia, as familias acolledoras. Son unha prioridade para este goberno, entre outras razóns porque son un exemplo de solidariedade e xenerosidade cos nenos, nenas e adolescentes que máis precisan de protección, de atención e de cariño. Por iso decidimos dotar de 1.000.000 de euros máis o orzamento destinado á remuneración das familias acolledoras, chegando aos 3,4 millóns de euros para este exercicio 2018. Cómpre destacar que xa no exercicio pasado realizamos unha subida do 9 % con respecto do 2016, o que nos permitiu aumentar a remuneración dos acollementos de menores na franxa de idade máis numerosa, que é a dos tres aos dezaioito anos. Polo tanto, neste ámbito conseguiremos garantir un financiamento público para o 25 % das máis de mil cen familias acolledoras que temos neste momento en Galicia, e que son o faro, precisamente, para ir mellorando a nosa porcentaxe de acollemento familiar sobre a porcentaxe de internamento residencial.

Pensamos que para os nenos, nenas e adolescentes que non teñen ou que non poden estar neste momento coa súa familia o mellor destino é unha familia de acollida, e por iso o estamos priorizando sobre o ingreso en centros residenciais. Con este investimento neste ano —xa lles digo— poderemos chegar a financiar o 95 % das familias que están axudando este goberno, pero tamén toda Galicia, no cumprimento deste obxectivo.

E no cuarto e quinto grupo de familias con especial consideración que contempla a lei vixente están aquelas que teñen persoas dependentes no seo da súa familia ou con discapacidade. E neste caso, como competencia doutra dirección xeral da mesma consellería, o esforzo da Xunta de Galicia constátase no incremento este ano dun 10 % dos recursos propios destinados á atención á dependencia e á discapacidade, que superará este ano os catrocentos trece millóns de euros, o que nos permitirá chegar —como saben— neste mesmo ano a unha ratio de atención da dependencia do 90 %.

No último dato que coñecemos, o do mes de abril, do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a nosa ratio estaba xa no 84 %; polo tanto, imos na boa dirección e estamos neste momento sete puntos por riba da media do conxunto de comunidades autónomas que compoñen España.

Ademais, as políticas da Xunta, no ámbito da familia, tamén se incorporan á perspectiva demográfica, tal e como se recolle no Plan estratéxico que lles relataba ao iniciar a miña intervención, o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, nas propostas que se están a desenvolver no Programa de apoio á natalidade —no PAN Galicia— e no recentemente presentado Plan galego de conciliación e corresponsabilidade.

Afondarei nestas propostas máis adiante, pero cómpre apuntar que as medidas levadas a cabo directamente pola Xunta de Galicia van acompañadas tamén —como non pode ser doutra maneira— de accións a nivel nacional, onde residen moitas competencias, e supranacional, no ámbito da Unión Europea.

No contexto español Galicia lidera, con outras comunidades autónomas —con Asturias, Aragón, Castela-A Mancha, Extremadura, Castela-León, Cantabria e A Rioxa—, o Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos. Ata este momento téñense celebrado seis encontros nos que se alcanzaron os seguintes acordos: en primeiro lugar, promover a elaboración dun marco estratéxico conxunto. En segundo lugar, elevar os acordos ás institucións e redes da Unión Europea nas que participen as comunidades autónomas asinantes. En terceiro lugar, solicitar do Goberno de España a elaboración dunha estratexia nacional para o cambio demográfico da que formen parte as administracións autonómicas e a Federación Española de Municipios e Provincias. En cuarto lugar, solicitar do Goberno de España que os criterios demográficos se teñan en conta no financiamento autonómico e máis recursos para políticas de desenvolvemento rural polo seu carácter transversal e implicación directa na vertebración e ordenación do territorio. Neste punto Galicia —como saben— xa ten proposta a creación dun fondo de cohesión demográfica que teña en conta a dispersión da nosa poboación e o envellecemento. En quinto lugar, acordamos abrir un debate sobre o despoboamento no Senado e no Congreso. E en sexto lugar, buscar a implicación europea imprescindible no reequilibrio territorial.

A nivel europeo a Xunta de Galicia forma parte, a través da Consellería que dirixo, da Rede Europea de Rexións Afectadas polo Cambio Demográfico. Unha rede aberta formada polas oficinas rexionais de toda Europa, con base en Bruxelas, interesadas nos impactos do cambio demográfico. Hoxe en día forman o grupo corenta rexións que consideran que as tendencias demográficas —que teñen moito que ver coas políticas de familia— constitúen un gran desafío para a cohesión europea e social e que teñen que ser tidas en conta a todos os niveis de toma de decisións, dende o nivel local, o nivel autonómico, o nivel estatal e o nivel europeo.

A Administración autonómica tamén participa activamente no Pacto sobre o cambio demográfico promovido pola rede temática AFE-INNOVET, sumándonos ao obxectivo de promover a cultura de solucións innovadoras e baseadas en datos empíricos para apoiar o envellecemento activo e saudable, así como para desenvolver contornas adaptadas ás persoas maiores na Unión Europea.

Así mesmo, participamos nas reunións do grupo de traballo sobre o cambio demográfico e o envellecemento creado no marco da Macrorrexión do Suroeste Europeo —a Resoe—, integrando este grupo, ademais da Xunta de Galicia, a Rexión Norte e a Rexión Centro de Portugal, e as comunidades autónomas españolas que compartimos unha situación moi similar neste ámbito, como son Castela-León e o Principado de Asturias. Este grupo de traballo diríxese á captación de fondos europeos adicionais a través de proxectos emprendedores e de dinamización económica.

En definitiva, este goberno é ben consciente da importancia da cuestión demográfica. Neste sentido, traballa coa convicción de que apoiar as familias, protexer a infancia e favorecer a conciliación equivale a crear unha contorna social favorable que favorece a dinamización demográfica. Iso é o que podemos impulsar dende a Consellería de Política Social.

Señorías, buscamos que Galicia sexa un dos lugares mellores para a atención ás familias. Queremos que a nosa comunidade continúe á vangarda en políticas de apoio ás familias e á conciliación. E na consecución deste obxectivo estamos dando pasos importantes, pasos certos, pasos que se traducen en feitos —non soamente en palabras— que nos indican que indo na boa dirección aínda nos queda moito por facer.

Pero quería darlles un dato, quería darlles a coñecer —aínda que moitos xa o coñecerán— o informe que se fixo público a semana pasada da Universidade de Vigo sobre «As políticas de familia en España», do que son autores Alberto Vaquero García e Santiago Lago Peñas, que analizaron as políticas de protección á familia en España e que sitúan no ámbito da organización para a cooperación e o desenvolvemento económico da OCDE e da Unión Europea, e que conclúen que Galicia está entre as comunidades autónomas que apostan por un maior apoio ás familias.

Establecen no seu estudo dous grupos de comunidades autónomas, o primeiro estaría formado por Castela-León, Galicia e a Comunidade valenciana, onde constatan que as dotacións e os recursos de apoio á familia son moi importantes. E o segundo, onde outro grupo de comunidades autónomas rexistra —como se poden imaxinar— moito menor esforzo de servizos e moito menor esforzo de investimento que o primeiro grupo de comunidades, onde, afortunadamente, hoxe, despois da crise económica, Galicia se atopa.

Señorías, a ninguén se lle escapa que nas últimas décadas se produciron importantes cambios no modelo de familia. Isto ten suposto novos roles para homes e para mulleres, con importantes implicacións para as familias e a sociedade en xeral. Os gobernos, as cámaras lexislativas e os representantes públicos temos que ser conscientes deses cambios e temos que actuar, ademais, para responder ás novas necesidades que se presenten.

A primeira medida que puxo en marcha a Consellería de Política Social no ano 2015, tan pronto foi creada, foi precisamente poñer en marcha o Programa de apoio á natalidade, o PAN Galicia. Unha planificación ampla e global que persegue dar resposta ás necesidades das nais e dos pais galegos e contribuír ao benestar das familias e apoialas de xeito integral e continuo.

Estas propostas contemplan tres áreas de actuación nas que seguimos traballando e seguimos incrementando o noso investimento para dar resposta a un programa que non poden

ser palabras, senón que teñen que ser feitos, e feitos acompañados de esforzos orzamentarios. Precisamente é a maior marxe orzamentaria da que dispoñemos en Galicia neste momento por manter unha boa política económica a que nos permite destinar máis recursos que nunca á política social, e máis recursos que nunca ás políticas de apoio á familia; precisamente para dar cumprimento a esa aspiración deste goberno e a esa aspiración do noso presidente de que Galicia sexa un mellor lugar para vivir e, sobre todo, un mellor lugar para ter unha familia.

Entre os feitos, gustaríame destacar nesta comparecencia o impulso á rede de recursos para nenos de 0-3 anos. En segundo lugar, a consolidación da rede de conciliación no noso rural a través das casas niño. En terceiro lugar, o apoio ás entidades empresariais para a apertura de escolas infantís en áreas industriais. En cuarto lugar, o aumento do Bono Concilia para garantir lista de espera cero nos fondos que as familias teñen que recibir para matricular os seus nenos nunha escola infantil de Galicia. En quinto lugar, o programa do Bono Coidado —que non existe en ningunha outra comunidade autónoma de España—, que garante unha axuda ás familias para sufragar o custo do coidado dos seus fillos e fillas no fogar. En sexto lugar, a creación, consolidación e extensión da Tarxeta Benvida para apoiar os pais e as nais nos gastos básicos na crianza dos seus fillos e fillas durante o seu primeiro ano de vida, que acabamos de ampliar ata os tres anos, tal e como nos comprometemos nas pasadas eleccións autonómicas. En sétimo lugar, a posta en marcha de novas liñas de investimento para a mellora das infraestruturas de atención á infancia doutras administracións —estoume referindo aos concellos e ás entidades de iniciativa social—. En oitavo lugar, as actuacións de conciliación, que están recollidas no I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade, impulsado pola área de Vicepresidencia, e no que tamén, por suposto, participou a Consellería de Política Social.

Falaba antes dunha maior oferta de prazas en escolas infantís. Señorías, este goberno está traballando intensamente na consolidación, mellora e ampliación constante da rede de escolas públicas infantís, xa que constitúen un pilar esencial para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral. Sen unha oferta suficiente de prazas non pode haber unha verdadeira e eficaz política de fomento da conciliación, por iso estamos incrementando o número de prazas públicas.

Galicia contará no vindeiro curso 2018-2019 con 10.264 prazas en escolas infantís da rede A galiña azul para nenos e nenas de 0-3 anos, máis do dobre das que existían no curso escolar 2008-2009, no que existían 5.035 prazas. Polo tanto, neste momento as prazas públicas da rede A galiña azul da Xunta de Galicia téñense incrementado nestes anos, a pesar das dificultades económicas que houbo nos primeiros anos, nun 104 %; polo tanto, existe —creo— unha aposta clarísima e constatable das prazas públicas existentes en Galicia. (*Aplausos.*) Unha aposta por prazas públicas para a conciliación deste goberno que aumenta, pero que aínda non é satisfactoria e pola que seguimos traballando día a día.

Polo tanto, como saben, no próximo curso escolar incorporaranse á rede pública de escolas infantís novas escolas infantís no concello de Santiago, no concello de Lugo, no concello de Ourense, no concello da Estrada e no concello de Mos. Deste xeito, seguiremos avanzando no noso obxectivo de lexislatura de crear, tamén nesta lexislatura, mil novas prazas de es-

colas infantís públicas, e ata este momento temos xa, nesta metade de lexislatura, un 60 % do obxectivo cumprido, que casa o número de prazas tamén coa ratio de atención, que é o instrumento que mide, digamos, a nivel europeo o compromiso coa conciliación e o compromiso coas prazas de escolas infantís.

Saben que existe unha ratio recomendada pola Unión Europea do 33 %, saben que o noso obxectivo para esta lexislatura era acadar a ratio do 40 %; pódolles dicir que neste momento superamos ese obxectivo de toda a lexislatura e que —como o temos acadado neste momento— o que imos é seguir traballando, precisamente, para seguir incrementando esta ratio de atención en escolas públicas de carácter infantil en Galicia.

En canto ao Bono Concilia —como lles dicía—, que a nosa ratio sexa superior non quere dicir que neste momento cada vez que existe unha oferta de prazas por parte da Comunidade Autónoma, por parte das universidades e por parte das corporacións locais non se presente lista de agarda, precisamente, en toda esa rede pública que existe de prazas infantís.

O que nós garantimos co Bono Concilia é que todas aquelas familias que están en lista de agarda van obter fondos públicos para poder pagar a escola infantil da súa elección e brindar o noso compromiso de que ningunha familia non vai ter recursos públicos para poder conciliar recursos públicos para levar o seu fillo ou a súa filla a unha escola infantil.

Neste curso 2017-2018 son máis de tres mil seiscentas as familias que recibiron o Bono Concilia. Por certo, mil máis que no curso anterior, e neste curso imos facer un investimento no Bono Concilia de 4,3 millóns de euros. Pero xa lles digo que esta é unha partida ampliable, porque daremos todos os bonos concilia precisos para garantir que este ano, igual que o ano anterior, ningunha familia de Galicia terá dificultades de carácter económico para levar o seu neno ou a súa nena a unha escola infantil, porque será unha mellor educación para o seu neno ou para a súa nena, e porque poremos en marcha todas as políticas de conciliación, precisamente, que están relacionadas con esa cobertura de universalización de escolas infantís en Galicia.

E tamén estamos creando novas modalidades de conciliación, sendo exemplo, de verdade, en contornas rurais e contornas empresariais. En contornas rurais, a través da nosa rede —xa se lle pode chamar «Rede de casas niño»—, corenta e seis que existen neste momento, en trámite outras quince.

Polo tanto, estamos a falar de moitísimos concellos que ata este momento non tiñan ningún recurso público de conciliación e que agora si o teñen, que son moi importantes porque prestan un servizo, primeiro, gratuíto ás familias. En segundo lugar, porque son unha mostra inequívoca do compromiso deste goberno porque nos municipios rurais existan os mesmos recursos que nas cidades. En terceiro lugar, porque constitúen un apoio aos emprendedores en localidades rurais con proxectos de carácter social como este, que tamén son fonte de xeración de emprego e de xeración de riqueza. E en cuarto lugar, porque crean oportunidades para reter e atraer poboación nova no rural galego, fomentando así o reequilibrio territorial.

Asemade da implantación das casas niño, que son —xa digo— o noso exemplo de actuación no ámbito rural, tamén estamos impulsando, xunto co tecido empresarial, novas escolas in-

fantís en polígonos industriais. Son novos tempos, como lles dicía na nosa intervención, novos tempos porque están mudando as características da familia, están mudando as maneiras de entender o coidado dos nenos e de entender o coidado das nenas.

E tamén temos, dende a Xunta de Galicia, que sensibilizar o ámbito empresarial, que tamén a conciliación ten que estar presente nos seus medios laborais. Por iso non hai maneira mellor de empezar a sensibilizar que ordes de axudas como a que estamos creando.

Temos neste momento, despois de dúas convocatorias, tres escolas emprazadas no parque científico-tecnolóxico do Río do Pozo, en Narón, no polígono industrial da Tomada, na Pobra do Caramiñal, e no polígono industrial do concello pontevedrés de Mos, as dúas últimas xa unha aberta e dúas en fase de construción, que moi pronto —dende logo para o próximo curso— estarán en marcha.

Polo tanto, estamos traballando con outra serie de parques empresariais, precisamente, para esgotar a convocatoria e para poder chegar no próximo curso a catro máis. Polo tanto, este é un programa incipiente que esperamos que cada vez teña maior acollida, porque dende o noso punto de vista a conciliación cada vez vai estar máis presente nas relacións laborais.

Despois, tamén, unha cousa moi importante, que é mellorar as infraestruturas. Non só se trata de ter cada vez máis prazas, senón que as nosas prazas respondan a criterios, cada vez, de máis calidade.

O que queremos é que as instalacións que acollen os nosos nenos e as nosas nenas non só sexan atendidas por magníficos profesionais, que os temos, senón tamén que as instalacións sexan as mellores, e por iso estamos tramitando neste momento dúas convocatorias de axudas por un importe superior a un millón de euros para mellorar as infraestruturas que acollen, precisamente, todas esas escolas infantís, non só as nosas, as da rede A galiña azul, senón tamén as dos concellos que colaboran coa Xunta de Galicia, precisamente para que entre todos poidamos prestar unha mellor política de conciliación, unha mellor política de axuda á familia.

Tamén con medidas importantes de carácter económico, onde destaca a Tarxeta Benvida. Unha das principais accións que desenvolveu esta consellería, ao abeiro do programa de apoio á natalidade, é precisamente esta axuda directa. Dende a súa implantación, hai dous anos, esta medida cubriu arredor do 80 % das familias que tiveron un neno ou unha nena de Galicia. Nas dúas convocatorias anteriores, nas convocatorias do 2016 e do 2017, un total de trinta mil nenos e nenas de Galicia recibiron a Tarxeta Benvida, que serviu para axudar nos gastos iniciais dos novos galegos e das novas galegas, que foi mellorando tamén nos seus destinatarios. No ano 2017 ampliáronse os supostos que dan dereito á axuda, recollendo como beneficiarios, ademais das familias que ese ano tivesen un fillo ou adoptasen un neno, aquelas que estean en situacións de agarda con fins adoptivos, e ampliáronse os lugares onde utilizar tamén a tarxeta, sumándose os establecementos de puericultura ou especializados en produtos para a infancia, as farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación recollidas na anterior convocatoria.

No exercicio 2018, no que nos encontramos, tamén presentamos melloras e ampliacións. A máis importante, dende logo, era o noso compromiso de ampliála ata os tres anos para todas aquelas familias que presenten unha renda inferior aos 22.000 euros, e facer, tamén, unha excepcionalidade cando falamos de galegos que residen no exterior, que se lles computa a solicitude non dende o momento do nacemento, senón dende o momento do retorno.

Con carácter complementario, este ano puxemos en marcha unha convocatoria pública de adhesión para a ampliación das vantaxes da Tarxeta Benvida e estamos ultimando unha nova mellora que permitirá estender a Tarxeta Benvida ás familias que no proceso nacional ou internacional adopten un neno, con independencia da idade que teña.

Outro recurso —como lles dicía— único en toda España é o Bono Coidado. O Bono Coidado é un programa que o que nos permite é que as familias poidan ter este recurso non só da escola infantil, non só de levar os nenos a unha escola infantil, senón no seu propio domicilio, a través dunha axuda de carácter público. Polo tanto, parécenos tamén un programa moi innovador, un programa que copiamos do noso Servizo de Axuda no Fogar para os nosos maiores, pero neste caso dirixido ás familias.

No terceiro grupo de axudas económicas gustárame destacar o pago único por cada fillo menor de tres anos para as familias que non teñen obriga de presentar a declaración do IRPF, a dedución na cota íntegra autonómica por cada neno nacido ou adoptado no período impositivo, a exención no pago en escolas infantís para o segundo fillo que acuda ao mesmo centro ou os descontos do 20 % para as familias monoparentais e monomarentais, a ampliación das bonificacións nas taxas de escolas infantís, que entrarán en vigor no próximo curso. É dicir, no mes de setembro do 25 % cando a familia teña dous fillos e do 50 % cando sexa unha familia numerosa, é dicir, a partir do terceiro fillo.

O aumento tamén do permiso de maternidade ata as vinte e dúas semanas para o persoal da Xunta de Galicia, marcando así un camiño que desexamos que sigan as demais administracións, e tamén as empresas, e o fomento do teletraballo e as facilidades para acollerse á flexibilidade horaria, no que a Xunta vai por diante da Administración xeral do Estado, que a día de hoxe non o ten plenamente implementado. Na Xunta témolo dende o ano 2014, entón soamente o tiñan Baleares, Castela-León, Estremadura e o País Vasco; a partir de entón sumáronse dúas novas comunidades autónomas, Aragón e Valencia, pero parécenos que este é o camiño polo que temos que seguir traballando e polo que temos que seguir sensibilizando o conxunto de administracións para que sigan, en moitos casos, sendas de actuacións de políticas de familia, de políticas de conciliación e de políticas de corresponsabilidade que iniciou este goberno na nosa comunidade.

En definitiva, hoxe as familias galegas teñen máis apoios que nunca para o seu desenvolvemento, en especial aquelas familias, ademais, que máis necesidades teñen, porque, dende logo, o seu impulso e a súa atención lles corresponde a unha consellería e a un goberno cunha gran vocación social.

Queremos que a nosa comunidade sexa un lugar onde seguir mellorando, precisamente, esas políticas de conciliación, por iso temos acadado esa ratio de atención de escolas infantís do 41 %.

Imos seguir desenvolvendo programas novidosos como o do Bono Concilia e imos seguir traballando nas casas niño para que, precisamente, os concellos do noso rural teñan as mesmas oportunidades de conciliación e as mesmas oportunidades de servizos que ten o ámbito urbano.

Pero a mellor atención posible ás familias é un obxectivo que comparte a Consellería de Política Social con outras áreas do Goberno, por iso é tan importante o I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 que impulsa a área de Vicepresidencia. O asunto desta intervención lévame a determe un momento neste instrumento, que é un instrumento de planificación que está pensado como unha estratexia marco na que contextualizar todas as accións que se poidan poñer en marcha no horizonte 2021 para avanzar no eido da conciliación e a corresponsabilidade en Galicia.

É, polo tanto, un documento vivo que traballa en cinco áreas estratéxicas. En primeiro lugar, algo moi importante, xerar conciencia e coñecemento da importancia da familia e da importancia da conciliación. En segundo lugar, coeducar para unha sociedade corresponsable. En terceiro lugar, artellar unha nova cultura dos tempos. En cuarto lugar, reforzar o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable. E en quinto lugar, fortalecer os recursos de apoio, o que nos permite, polo tanto, seguir traballando en todos estes ámbitos.

Nós, dende logo, ímolo seguir facendo, imos aproveitar o crecemento económico de Galicia para seguir investindo máis ca nunca en políticas sociais. E unha das políticas sociais máis importantes é axudar, precisamente, as familias, axudar todas as familias e axudar as familias que teñen máis necesidades. Ímolo facer dende todas as consellerías deste goberno, porque isto é un tema de país, un tema que temos que ser capaces de traballar entre todos, de traballar entre todos e de traballar coordinadamente con outros gobernos; estoume referindo ao Goberno central, que ten moitísimas competencias en materia de conciliación, en materia de xestión de tempos. Polo tanto, a través do Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos seguiremos traballando conxuntamente para conseguir novos obxectivos, novos obxectivos nos que a Estratexia española de desafíos demográficos vai ser moi importante —xa digo— para esa actuación do conxunto das administracións.

E tamén traballando con Europa. Traballando con Europa porque algúns dos datos que nestes momento se recollen en Galicia van ser os datos da Europa de dentro de dez anos, ou os datos da Europa de dentro de vinte anos. Polo tanto, desenvolver políticas experimentais en Galicia permitiranos anticipar este fenómeno de transformación demográfica, este fenómeno de transformación das familias, o que teñen que ser as nosas políticas de presente, pero, sobre todo, as nosas políticas de futuro.

Polo tanto, avances feitos, novos anuncios feitos para este ano, pero, sobre todo, ambición deste goberno e ambición desta consellería de non conformarnos e de seguir traballando para seguir mellorando as políticas de conciliación, para seguir avanzando nas políticas de familia e para seguir liderando as comunidades autónomas españolas cunhas mellores políticas sociais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Antes de comezar coa rolda dos grupos parlamentarios, saudar os alumnos de cuarto de primaria do CPI Castro Baxoi, de Miño, que acaban de entrar no hemiciclo.

E ten a palabra agora, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día aos nenos e nenas que nos acompañades agora desde a tribuna.

Señor conselleiro, señor Rey, xa que está o Partido Popular ocupado en axustar contas, facendo o que mellor sabe facer, que é non saber encaixar que no mundo o mundo vai máis alá do Partido Popular, pois non saben encaixar —si, hoxe hai aquí ausencias importantes no Partido Popular, parece que están vostedes moi ocupados— que hai mundo máis alá do Partido Popular, e non saben encaixar o papel decisivo e responsable das organizacións nacionalistas e poñer en evidencia a necesidade de superar o corsé do réxime de 1978; corsé corrupto do réxime de 1978, ese papel relevante en desaloxar o Partido Popular do Goberno do Estado, un exercicio de responsabilidade que agardamos que se saiba ter en conta. Con ese afán revanchista parece ser que o Partido Popular se vai emendar a si mesmo e vai facer emendas aos orzamentos do Estado, aos seus propios orzamentos.

Entón, eu quería dicirlles, xa que van facer emendas, que podería vostede lembrarlle que nos adebedan a Galicia neste momento xa non 150 millóns de euros en dependencia, senón que xa estamos en 186.200.000 euros que nos debe o Estado a Galiza en dependencia.

Datos do segundo ditame do observatorio da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, que publica a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, deste ano 2018, que xa eleva a 186.200.000 euros; entón, xa que vostede parte da súa intervención a dedicou a poñer deberes ao novo goberno do Estado —que ata agora non fixo—, vostede xa non está lexitimado para reclamarlle ao Estado eses millóns que non quixo facer e que este Parlamento, o Partido Popular, non quixo votar a favor de reclamarlle eses cartos; non, non quixo votar a favor. Votou a favor de reclamarlle que pagara o 50 % que estaba acordado, pero non quixo votar a favor de reclamarlle eses 150 millóns de euros, co cal xa non están lexitimados para facelo, pero eu agardo que o Partido Socialista si actúe acorde co que votou neste Parlamento, que foi reclamarlle eses 150 millóns de euros (*Aplausos.*) e que si cumpra co que o Goberno do Estado si pague esa débeda histórica con Galiza e si pague neste momento eses 186.200.000 euros que xa nos adebeda en materia de dependencia.

Mire, vostede hoxe fixo esta comparecencia que eu non sei se cualificala de comparecencia recompilación ou comparecencia recordatorio, porque non fixo ningunha aportación, ningunha novidade, ningunha solución que vaia ao fondo de ningún problema, limitouse a facer unha recompilación das cuestións dun catálogo, o catálogo de cuestións que ten a súa Con-

sellería, e tamén o que fixo foi dar uns novos titulares, volveu dicir que Galiza é un dos lugares mellores para a atención ás familias.

Vostede hoxe dixo —ten unha colección de titulares, veu unha vez aquí ao Parlamento, a primeira vez, dicir que Galiza é o mellor lugar para vivir, que Galiza é o mellor lugar para ter nenos, que Galiza é o mellor lugar para ser maior— que Galiza é un dos mellores lugares para a atención ás familias. É dicir, veu debaixo do brazo coa presentación do catálogo —neste caso— primavera-verán para dicir que Galiza é o mellor lugar para a atención ás familias, co cal, pois, supoño que perdeu unha oportunidade para dicirnos algo novedoso respecto do que realmente vaia ao fondo dos graves problemas que teñen as familias en Galiza, señor conselleiro.

E a min paréceme tremendo que vostede veña aquí máis dunha vez falar baixo a epígrafe de políticas de atención ás familias e de conciliación e realmente non fale de cal é o auténtico problema de fondo, e que veña aquí falar desa cuestión sen falar da situación económica das familias, sen falar da situación económica de Galiza, sen falar da situación de pobreza. Porque as familias están en situación de pobreza, co cal os nenos e nenas do noso país están en situación de pobreza e de transmisión interxeracional da pobreza; porcentaxes altísimas de nenos e nenas que nacen pobres e van seguir pobres o resto da súa vida, porque os datos dan que o 80 % dos nenos e nenas que nacen en fogares pobres van permanecer e van ser adultos pobres, o 80 % deses nenos e nenas.

Co cal, actuacións para cambiar esa situación, señor conselleiro, eu, dende logo, non vin que vostede falara de ningunha. Porque eu o que vin foi unha relación dalgún parche, pero absolutamente dun catálogo de parches, absolutamente ningunha cuestión que vaia ao fondo da cuestión.

O Partido Popular leva desde que volveron ao Goberno da Xunta nove anos manexando os orzamentos da Xunta de Galiza, e o que si é unha evidencia é que aproveitaron a crise para aplicar o seu proxecto ideolóxico de desmantelar ou non desenvolver unha rede pública de servizos realmente sociais, de substituír por asistencialismo, de descapitalizar a rede pública ou non capitalizar ou non poñer en marcha unha auténtica rede pública de servizos públicos, de non poñer en marcha unha rede pública de servizos públicos e de non poñer en marcha auténticas prioridades.

Baixo a escusa de non haber recursos —nunca foi un problema de recursos, porque se fora un problema de recursos terían accedido ou terían apoiado iniciativas que se teñen traído aquí a este Parlamento de actuar onde había máis recursos, de poder actuar no enriquecemento dos bancos, das grandes empresas, das grandes superficies comerciais—, pero nunca quixeron ter máis recursos para, realmente, poñer en marcha políticas que actuaran alí nos problemas; nunca quixeron facer esas cuestións e si actuar para que determinadas empresas se enriqueceran a base de poñer en marcha a súa estratexia, de non crear unha rede pública e si de capitalizar as empresas privadas. Foi unha decisión puramente ideolóxica.

Vostede, neste catálogo que nos acaba de expoñer, non fixo ningún intento de achegar nin de presentar solucións, de ir ao fondo do problema. Situación salarial da maioría da poboación

ción galega, non quixo falar da fenda salarial das mulleres, do 28 %, que iso se traduce en fenda salarial e en pensións; non quixo ir ao fondo de problemas, realmente, de cal é a situación de conciliación; non quixo ir á situación, realmente, de cal é a situación de corresponsabilidade; e non quixo ir ao fondo da cuestión de que desde que vostedes volveron ao Goberno da Xunta o que fixeron foi non crear esa rede pública en canto a escolas infantís e o que fixeron foi capitalizar esa rede privada en vez de afortalar unha rede pública.

Vostede tampouco quixo falar da primeira lei galega de corresponsabilidade da Xunta, cando a primeira lei galega e o I Plan de corresponsabilidade da Xunta os aprobou o Bloque Nacionalista Galego, e vostedes, en vez de aproveitar ese traballo feito, o que fixeron foi metelo nunha gabeta e desaproveitalo. Un traballo feito e presentado polo BNG que tiña medidas para camiñar cara á corresponsabilidade, onde se ía cara a prazas nas redes de escolas infantís, cara a prazas nos centros de día, cara á formación específica dirixida cara á mocidade, cara ao desenvolvemento de servizos comunitarios e redes de apoio para o coidado, cara a cuestións que ían nunha outra dirección.

Vostede do que non quixo falar é de que hai unha lexislación máis ou menos importante, pero logo esa lexislación non se cumpre. Poderíamos empezar pola súa propia Consellería, señor conselleiro.

Fala de conciliación, non nos quere falar de ir cara ao tema de corresponsabilidade e por que no Consorcio, por exemplo, as mulleres... Si, señor conselleiro, eu quero que me conteste por que resulta que nos vén falar da conciliación e por que non quere explicar que no seu propio Consorcio as mulleres teñen que ir ao xulgado para que o que a lei lles concede de dereitos de lactancia, de adaptación de postos de traballo adaptados para risco durante o embarazo, teñen que ir ao xulgado para se lles recoñeza, porque no Consorcio se lles denega sistematicamente. Ou por que —teño que volvelo citar aquí— o caso de Nélide Pisco, que ten que ir ao xulgado porque o que a lei lle recoñece logo as empresas llo denegan, e porque a Xunta de Galicia —da que vostede é un membro destacado, como conselleiro— non fai absolutamente nada para que as mulleres se sintan protexidas, para que a conciliación e a corresponsabilidade sexa unha realidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¿Por que desde o posto que vostede ocupa e desde a Xunta de Galiza non se fai absolutamente nada para avanzar nesas cuestións?

Podemos falar de familias monomarentais. O BNG presentou unha lei neste Parlamento para que se avance nesa dirección. Agardemos que cando se debata o Partido Popular vote a favor. *(Aplausos.)*

¿Que din os estudos? Que o mellor xeito de avanzar nestas cuestións é que haxa emprego feminino e de calidade, que o emprego feminino é a vía e o remedio máis efectivo contra a pobreza familiar e o desequilibrio demográfico...

O señor PRESIDENTE: Remate. Por favor.

A señora PRADO CORES: ...que a interrupción laboral dunha nai durante cinco anos, que despois retorna á vida laboral, é un xeito de loitar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente— contra a pobreza infantil.

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno. Grazas.

A señora PRADO CORES: Remato, señor presidente.

Só quero dicirlle, señor conselleiro, que sería bo que ademais de vir aquí facernos unha intervención en campanario nos explicara realmente que medidas de calado vai facer, ademais de facernos un recompilatorio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

«*Si no fueras mujer te daba dos...*». Isto foi Manuel Fraga cando era presidente da Xunta de Galicia na crise, na terrible crise, do *Prestige*, dirixíndose a unha muller que estaba manifestándose e protestando libremente. Así que leccións de feminismo ao Partido Socialista nin a primeira. (*Aplausos.*) E podo seguir lendo moitas citas, como, por exemplo, a do ex-alcalde de Valladolid: «*Cada vez que veo la cara y esos morritos pienso lo mismo, pero eso no lo voy a contar aquí.*» Era en referencia a unha ministra, a señora Leire Pajin.

Benvido, señor conselleiro.

Agradecemos esta comparecencia porque consideramos que é un tema importantísimo, pero agradeceríámoslle, tamén, que cando os grupos da oposición solicitamos de maneira conxunta unha comparecencia —como foi no caso do centro de menores de Montealegre e da súa privatización—, vostede viñera aquí tamén, e non soamente cando vostede o considere.

Se vostede sae á rúa, se sae calquera de nós e lles preguntamos ás mulleres deste país sobre a situación da conciliación, o primeiro que lle dirían é, «¿concilia que?» ¿Concilia que?, porque equilibrar a vida persoal, familiar e laboral neste país é un difícil xogo de malabares que se volve unha misión imposible para as familias monomarentais, e para mudar esta situación necesítase a corresponsabilidade de todos e de todas, de toda a sociedade, pero principalmente das empresas e, por suposto, das administracións públicas.

Vostede citou aquí un informe da Universidade de Vigo, esqueceu dicir que —aínda que vostede a partir de agora vai estar, estamos convencidos diso, moi duro co Goberno de España, exixindo todo o que non exixiu ata o de agora— deixa un goberno de España á cola dos países da OCDE en investimento público a familias, concretamente o posto vinte e seis e trinta e cinco dos países da OCDE. (*Aplausos.*)

Esqueceu dicir, tamén, que esa estratexia para o desafío demográfico está paralizada, porque ata agora tivemos unha comisaria do goberno do reto demográfico que —por certo, da provincia de Ourense— non existiu practicamente e que leva meses de atraso nesa elaboración da estratexia, que estou convencida —e estamos dende o Grupo Socialista— de que vostede non vai empezar a reclamála a partir de agora, porque seguro que hai documentos dabondo —que solicitaremos por certo nesta Cámara— tamén xustificando e pedindo esa estratexia que leva, repito, case un ano de atraso.

O certo é que o peso dos coidados dos fillos e das fillas neste país repercute e segue sobre os ombreiros das mulleres. O 98 % dos permisos de maternidade ou paternidade collémolos nós, as mulleres, van en descenso os permisos de paternidade respecto do INE; estamos no ano 2018 a niveis de 2008. Entendo que na segunda exposición é cando vai vostede contar o da ampliación do permiso de paternidade e dos empregados e as empregadas públicas, igual me estou adiantando.

E eu quérolle preguntar xa, adiantándome a este tema, que por que non se vai facer sobre a base da cotización do cen por cento e por que non van percibir o cen por cento do complemento, como está acontecendo noutras comunidades autónomas. E pónolle un exemplo dunha comunidade autónoma que está cogobernada co Partido Socialista, Euskadi, que acababan de regular unha excedencia de tres meses que está remunerada cunha contía equivalente ao cen por cento da base de cotización. Son un exemplo en políticas de natalidade, tamén, e en combater o reto demográfico.

As súas son, ademais de medias puntuais, medidas oportunistas, porque, claro, foi casualidade que ese plan de conciliación que levaba anos anunciando o presidente da Xunta de Galicia saíra precisamente en abril deste ano, despois de que a vostedes lles pillou a folga feminista do 8M co pé absolutamente cambiado. (*Aplausos.*) E despois de ver milleiros de persoas nas rúas, pois claro, supoño que pensarían, bueno, hai que, dalgunha maneira, maquillar de feminismo as nosas políticas. ¿Que facemos? Pois imos facer aquel plan que tiñamos abandonado, que, por certo, abandonado tamén estaba o plan do Goberno —señora voceira do Partido do Bloque Nacionalista Galego— do señor Touriño en coalición co Bloque Nacionalista Galego, que vostedes esconderon nun caixón.

Falamos de medidas concretas, e, claro, a nós sorpréndenos —e pensamos que viña falar disto— unha campaña publicitaria de máis de 250.000 euros aos medios de comunicación deste país, a través dun procedemento aberto. Nós sabemos que vostede necesita impulso para a Alcaldía de Ferrol, pero, polo menos, disimule un pouco, porque estes son os recursos de todos os galegos e as galegas.

Esperamos, tamén, que nesta campaña non se repitan os estereotipos de xénero que temos visto noutras campañas da Xunta de Galicia, onde nos coidados dos meniños e das meniñas

aparecen soamente as mulleres, as mulleres dando de comer, as mulleres acunando, as mulleres xogando cos nenos..., esperamos que teñan corrixido este tema.

Medidas puntuais que son completamente insuficientes, e se facemos un balance transversal das súas políticas o que vemos é que vostedes o que fan é sobrevoar o problema, sobrevoan o problema pero sen aterrar nas causas nin en combatelas. Digo eu que algo terá que ver, algo do que vostede esqueceu aquí falar, a precariedade laboral e os baixos salarios para que haxa un problema demográfico como o que hai neste país, porque vostede nin o mencionou. O segundo país, segundo ese informe, en risco de quedar desempregado de toda a OCDE, o segundo país en calidade no contorno do traballo. Digo eu, señor conselleiro, que algo terá que ver o contorno sociolaboral dos traballadores e traballadoras deste país.

Por certo, falou vostede tamén dos meniños e meniñas en risco de pobreza. Claro, está moi ben falar, pero estaría moitísimo mellor non esperar a ter tres anos e medio de atraso no desenvolvemento da renda de integración social. Iso non parece —como dixo vostede— unha contorna social axeitada para loitar contra a pobreza, non o parece, como tampouco que esconderan o Plan de igualdade no traballo do Goberno do señor Touriño e que teñamos unha fenda salarial do 30 %, sete puntos por riba da media estatal, e que se incremente a respecto do ano pasado.

E a vostedes aínda lles estraña por que as familias neste país desexan ter entre dous e tres fillos e teñen pouco máis que un. Claro, resignados xa a abandonar a conciliación da vida laboral e familiar, a moitas persoas cando se lles pregunta se van ter fillos ou non, ao que lles pregunta respóndenlle cunha pregunta e dinlle: «¿con quen deixo os nenos cando teña que ir traballar?» Porque ese é un problema ao que se enfrontan as familias.

E todo iso porque os principais recursos para a conciliación —que son as escolas infantís públicas— seguen sendo, a pesar da súa publicade e propaganda, completamente insuficientes. Está diminuíndo a un número alarmante o número de menores de tres anos neste país, once mil nos últimos cinco anos, e sen embargo temos unha lista de agarda de tres mil oitocentos nenos e nenas aos que vostedes, estamos convencidos, lles darán soporte nun centro educativo, derivándoos —como teñen feito nestes últimos anos— a centros privados.

Non presuman de ratio, a ratio cúmprese no global polo despoamento que hai en moitas zonas de Galicia, pero se imos a zonas concretas vemos, por exemplo, que a comarca do Deza-Tabeirós, a pesar de que vaian facer unha escola infantil na Estrada, vai seguir situada despois da construción desta escola á metade —vai ser a ratio que teña— do exixido pola propia Unión Europea.

Unha rede que o que vostedes fixeron con ela desde que chegaron ao Goberno foi bombardeala ideoloxicamente, iso foi o que fixeron desde o primeiro momento. Empezaron cambiándolle o nome por revanchismo político e continuaron seguindo con esa suba de prezos de máis dun 19 % a eses centros, multiplicando por dous incluso o prezo dos comedores escolares.

Ao tempo que nos atiboraban de anuncios de prazas públicas, ¿que fixeron? Algo innovador —como dicía vostede antes—, introducir no ano 2015 os concertos con escolas infantís pri-

vadas, algo que non se coñecía ata o de agora neste país. Pregunteillo o outro día e vólvollo preguntar, hai máis do 70 % do orzamento dedicado a escolas infantís en polígonos industriais sen executar nestes dous últimos anos, ¿por que e que van facer para mudar esta situación? Hai, ao mesmo tempo, nas casas niño do orzamento de 2017 máis da metade, o 54 %, sen executar. ¿Que van facer?

Maiores e discapacitados. Non soamente hai que falar dos dependentes, dos nenos e das nenas, hai que falar tamén da atención aos maiores e das persoas con discapacidade. Se tiveramos unha rede pública que puidera aliviar as mulleres deste país da atención aos maiores e das persoas con discapacidade, a situación melloraría, pero o certo é que temos o índice de cobertura de prazas con financiamento público para maiores de sesenta e cinco anos máis baixo de todas as comunidades autónomas, e son datos do Imsero, un grave déficit, incluso, no índice de cobertura, onde contamos tamén as privadas, que están o 25 % por debaixo da media estatal, ao igual que as persoas con discapacidade.

¿Que pasa co centro de atención ás persoas con discapacidade de Ourense que tiña que estar posta en marcha a primeira fase no ano 2018 e do que aínda non se puxo nin unha soa pedra?

E remato xa. Mentres que as súas políticas non muden as causas que xeran que conciliar sexa facer xogos malabares para a maior parte das familias deste país —e refírome a medidas económicas e laborais que fomenten o emprego precario e a inestabilidade, que ademais están completamente desconectadas das políticas sociais— e sigan debilitando a rede pública de atención aos dependentes, nenos e nenas, persoas con discapacidade e os maiores, as súas políticas de conciliación serán políticas de conciliación de boquilla, señor conselleiro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

Conciliar, conciliar é un verbo inconfundible para moitas persoas, sobre todo para as mulleres.

Falar de conciliación exige achegarse a este reto, que é un dos retos das sociedades contemporáneas, sen dúbida, dende diversos planos, un deles a demografía. Agradezo que saíra neste debate porque é unha cuestión fundamental, e aquí hai unha relación unívoca entre as posibilidades que ofrece unha sociedade para a conciliación e o número de fillos e fillas por muller que hai nas ditas sociedades, non é unha relación, evidentemente, causa-efecto, hai outros factores, pero é fundamental.

Así, se comparamos a taxa, o número de fillos por muller que hai nos países nórdicos, por exemplo —xa que vostedes á caixa que entregan cando as mulleres damos a luz neste país lle chaman caixa finesa—, pois a taxa de fillos por muller neses países está máis próxima á

reposición das sociedades que o número de fillos por muller que hai no noso país, 1,13. Non é, dende logo, o mellor país para ter fillos e fillas; sobre todo, cando ás mulleres se nos pregunta, maioritariamente, falamos de ter dous fillos, pois a realidade é que non estamos nun contorno favorable á conciliación.

Digo que non é unívoca a relación entre o número de fillos e fillas por muller porque tamén temos que ter en conta algo que aquí non se dixo, que é a emigración, e que o noso país segue tendo unhas taxas de emigración que, sobre todo, afectan os cortes de idade que están en idade reprodutiva; polo tanto, tamén se reduce ese número de fillos por muller.

E comezo por isto porque emprego e igualdade son dous eixes que cómpre citar cando falamos de demografía, pero tamén de conciliación, porque seguimos a ser as mulleres quen máis asumimos os traballos do fogar e mais os traballos de coidados. E emprego e igualdade, por certo, son dous eixes que no Observatorio Demográfico se considerou que non eran susceptibles de ter grupos de traballo específicos. Nós considerámolo un erro e consideramos que son dous eixes fundamentais para garantir a conciliación.

Pero tamén hai que falar de cuestións aínda máis fondas, porque, ¿é posible conciliar no actual modelo de sociedade? ¿Que conciliación pode haber con traballos de miseria? Vostede apenas citou a situación sociolaboral galega, e é unha cuestión fundamental para conciliar. ¿Como concilian enfermeiras que traballan por días no Sergas? ¿Como concilian teleoperadoras con xornada partida e salarios baixos, e máis se son unha familia monoparental? Apenas se falou de traballo, e é fundamental. É fundamental porque conciliar é mudar o mundo, conciliar é reformular o uso do tempo, e sobre todo do tempo de traballo. Polo tanto, debería haber unha reflexión sobre se é posible a conciliación no modelo socioeconómico actual, e máis co sistema de horarios que temos.

Neste sentido, as políticas de conciliación non poden ser parches, non poden ir orientadas a cuestións puntuais delimitadas, senón que ten que haber un cambio global de políticas. E a percepción da falta de posibilidades de conciliación no noso país está moi estendida. Vaíamos, por exemplo, á enquisa estrutural a fogares de 2016 que está no Plan de conciliación. Hai datos como que case o 40 % das mulleres —un pouco menos dos homes— ven difícil ou moi difícil conciliar, que case un 36 % das mulleres —algo menos dos homes— tiveron dificultades para concentrarse no traballo polas responsabilidades familiares. E hai datos que elevan ata un terzo das persoas aquelas que teñen —temos— un excesivo cansazo logo da xornada laboral, ou o arredor do 20 % das persoas que consideran que nunca, nunca, poden dedicar o tempo desexado á familia por cuestión do traballo.

Así pois, é fundamental reformular o traballo nas nosas sociedades, e isto exige políticas transversais —como digo—, porque conciliar non é só poder meter unha crianza nunha gardería oito horas ao día, é ter tempo para coidala, e iso exige cambiar a formulación do traballo nas nosas sociedades. Por certo, que conciliar tampouco é —con Bono Coidado ou sen Bono Coidado— derivar ás clases máis desfavorecidas eses coidados precarios, ademais porque case sempre é un traballo que fan mulleres, que o fan as empregadas do fogar sen estar integradas no réxime laboral cos mesmos dereitos aínda hoxe; e xéranse, ademais, redes globais de coidado con traballadoras precarias ao longo do mundo.

Así pois, falamos de que conciliación exige un cambio transversal: hai que actuar no eido do emprego, dos servizos públicos, da educación, da concienciación, ou en ámbitos que nos poden parecer tan estrambóticos para a conciliación como o transporte. Porque, por exemplo, unha rede de transporte público que vertebre realmente o país melloraría as posibilidades de conciliación. Isto é evidente no eixe atlántico, pódese traballar en Santiago ou na Coruña, e viceversa, e vivir nunha destas cidades cunha media hora de desprazamento; se vivimos no interior do país a cousa cambia. O transporte tamén é unha política pública que incide favorablemente ou non na conciliación, como é o caso galego.

E para nós o Plan galego de conciliación é pura propaganda e é que non hai medidas transversais neste goberno. En primeiro lugar, falan de documento vivo, aberto, pero fíxose sen consenso coa sociedade civil. E en 2018 ese documento non ten un orzamento específico, simplemente entendemos —polo que vemos— que se fixo un recompilatorio do orzamento de programas que teñen que ver coa conciliación: xúntanse e dise Plan de conciliación. ¿Canto vai aumentar o orzamento nas funcións de familia e infancia nos próximos anos? ¿Ou van seguir facendo así, collendo dos distintos programas que teñen que ver para a conciliación e presentándoos como as medidas do Goberno en conciliación?

Pero é que, ademais, cando falamos de orzamento debemos, cando menos, aumentar o investimento público en servizos sociais e nas funcións de familia e infancia ata a media da Unión Europea. Nese estudo que citou da Universidade de Vigo vese claramente que no Estado español seguimos por debaixo da media da Unión Europea en gasto en familia e infancia: España, 1,46 %; Finlandia, por exemplo, 3,21 %. Cito continuamente Finlandia porque a caixa finesa non é só regalar unhas quincallas o día de dar a luz, a caixa finesa é ter permisos de paternidade e maternidade máis longos e ter un investimento en familia e infancia axeitado á realidade social. En fin, que cómpre, tamén, deixar de recortar o orzamento público galego a respecto do PIB.

Conciliación exige, tamén, que a propia Xunta dea exemplo ás empresas. O Goberno, que se gaba de ser o que máis aposta pola conciliación, é o que mantén recortado o artigo 19 do V Convenio colectivo da Xunta, que é o relativo precisamente ao descanso. ¿E que conciliación favorece así a Xunta aos seus empregados e, sobre todo, empregadas públicas? Porque, sobre todo, sucede nas empregadas dos centros de Política Social, as que traballan a turnos e ven moi mermadas as súas posibilidades de conciliación, que teñen unhas carteleiras axustadísimas, que teñen que traballar fins de semanas e festivos, que sofren un sobre esforzo moi relacionado con esta cuestión. Un sobre esforzo, o 41 % dos accidentes con baixa laboral na Xunta debéronse a esta causa, e a maior parte dos accidentes están na Consellería de Política Social.

¿E que conciliación hai cando falamos —tanto nesta lexislatura como como na anterior lexislatura— ou cando imos a centros de Política Social, ás residencias da terceira idade? O que nos piden, máis que recuperar o salario perdido dende a crise —que tamén, evidentemente—, é que, por favor, poñamos sempre sobre a mesa que se recupere o artigo 19 do V Convenio; é imposible conciliar así. Xa tamén foi citada aquí a imposibilidade de permutar postos de traballo no persoal do Consorcio. Non se pode gabar de conciliar cando a Xunta non dá exemplo.

Tamén conciliación no eido do traballo asalariado —xa non me queda moito tempo, pero é un eido fundamental—, porque hai que rematar coa fenda salarial, equiparar as condicións materiais de existencia de homes e mulleres, porque se non sempre acabarán as mulleres asumindo os coidados e perdendo o seu emprego, e tendo, por suposto, peores condicións de vida.

Hai que derrogar a reforma laboral, porque a inseguridade laboral é un elemento que está demostrado que é lesivo para a conciliación, pero tamén porque ter salarios decentes é o único que garante, tamén, a conciliación; a precariedade laboral, ter que enlazar empregos precarios, non permite a conciliación. Hai que aumentar a inspección laboral, hai que habilitar, realmente, e favorecer medidas destinadas á racionalización horaria, á flexibilización horaria, ao teletraballo, á redución de xornadas. Hai que abordar o debate da redución de xornadas e tamén, por suposto, os permisos de paternidade e maternidade máis alongados e iguais e intransferibles.

Tamén a Xunta é fundamental que dea exemplo noutro aspecto, que é non contratar servizos con empresas que non permitan a conciliación ou teñan discriminación salarial, como pasa, por exemplo, coa empresa de limpeza dos edificios da Xunta. En fin, medidas de apoio.

Por exemplo, outro eixe, medidas de apoio directo como pode ser a Tarxeta Benvida. Por certo, quéixanse moitas familias de tardanza nos ingresos, e esa incerteza, que se pode mellorar tamén en canto a onde se pode usar e tamén no comercio *online*.

Outro eixe no eido da socialización de coidados. Conciliar é rematar, evidentemente, coa fenda da repartición dos coidados e, por unha parte, concienciar que este aspecto dos coidados é fundamental para o ser humano. Por iso nós apostamos por contabilizar canto representan do PIB —que está arredor da metade do PIB dun país—, pero tamén esa concienciación en igualdade que vostede citou.

Pero despois, sen embargo, presentan campañas de fomento da natalidade —que o ano pasado uns 700.000 euros para campañas de fomento da natalidade en medios de comunicación— e o que fan é un vídeo onde só saen as mulleres coidando e sen sequera dar de mamar, porque non vaia ser que se vexa unha teta. Non, son mulleres coidando para anunciar a Tarxeta Benvida, así incumpren totalmente as medidas da área estratéxica 1 dese plan de conciliación que presentan. Hai que dar exemplo.

Non me queda tempo. Despois seguiremos a falar de escolas infantís, porque, efectivamente, se gaban dese rateo, pero ese rateo non é de prazas públicas, é do eufemismo que utilizan para dicir: prazas sostidas con fondos públicos. Están estendendo o modelo de concerto ao ensino infantil de 0-3 anos.

Seguiremos logo, que non me queda tempo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Señor conselleiro, vostede fala de que a Xunta de Galicia incrementa, ata chegar aos 133 millóns de euros, o orzamento destinado a políticas de familia, e a oposición contéstalle dicindo que nunca foi un problema de recursos económicos. Vostede fala de que se duplicaron as prazas públicas en escolas infantís, incrementando a ratio ata o 41 %, e a oposición di que aproveitaron a crise para desmantelar os servizos sociais. Vostede fala de que a Tarxeta Benvida a perciben neste momento máis de trinta mil e que se destinaron 36 millóns de euros, e a oposición fala dun catálogo de parches. E vostede fala de que Galicia é unha das comunidades autónomas que máis apoia as familias —como acaba de asegurar un informe dun equipo de investigación da Universidade de Vigo—, e aquí do que lle falan a vostede é da Alcaidía de Ferrol.

Polo tanto, nós cremos que ante os feitos da Xunta de Galicia en materia de política social o que temos enfronte é unha oposición que o que intenta é desacreditar non só a Xunta de Galicia, senón as políticas sociais que ten neste momento Galicia para moitos cidadáns e moitas familias que o necesitan.

A Xunta de Galicia destina máis de 133 millóns de euros. Parece ser que agora non é problema de recursos, cando no debate dos orzamentos a oposición di que non son suficientes. Pois ben, son 10 millóns de euros máis que o ano pasado e 76 millóns de euros máis que no ano 2009. Porque, claro, como segundo a oposición non era problema de recursos pois destinaban 76 millóns de euros menos a políticas de familia.

O investimento en políticas de familia sitúa Galicia como a segunda comunidade que máis apoia as familias nese informe do grupo de investigación GEN, da Universidade de Vigo, «*Las políticas de familia en España: una perspectiva comparada*», con máis prazas públicas en escolas infantís, con novos servizos de conciliación e con máis axudas económicas e deducións fiscais. ¿Cal é a ratio de prazas públicas en escolas infantís que recomenda a Unión Europea? O 33 %, é dicir, trinta e tres prazas públicas de escolas infantís por cada cen nenos e nenas. Ben, no ano 2009 a ratio de prazas públicas en Galicia era do 19 %, en 2018 a ratio de prazas públicas en Galicia é do 41 %, oito puntos por riba da recomendación europea. Estamos falando de que en case nove anos a Xunta de Galicia incrementou en vinte e dous puntos a ratio de prazas públicas en escolas infantís, pero para a oposición isto é desmantelar os servizos sociais.

Galicia contará o vindeiro curso 2018-2019 con 10.264 prazas públicas en escolas infantís da rede A Galiña Azul. En 2009 Galicia contaba con 5.035 prazas públicas en escolas infantís, e en 2018 Galicia conta con 10.264 prazas públicas en escolas infantís. (*Aplausos.*) ¡O dobre do que contaba no ano 2009! (*Aplausos.*) ¡O dobre! (*Aplausos.*)

Polo tanto, as súas críticas cada día son menos cribles: duplicáronse as prazas. O obxectivo desta lexislatura do Goberno da Xunta de Galicia era crear mil novas prazas en escolas infantís. Levamos só dous anos de lexislatura e xa se teñen creado máis de seiscentas prazas

en escolas infantís. E a rede galega de escolas infantís conta con 24.081 prazas públicas ou financiadas con fondos públicos. E para garantir que os nenos e as nenas estean nas mellores instalacións atendidos, a Xunta de Galicia destina case vinte e dous millóns de euros para manter a rede de escolas infantís A Galiña Azul e máis dun millón de euros para manter a rede de escolas municipais e de iniciativa social.

Pero claro, a oposición cre que as escolas infantís se reproducen por esporas. Porque vostedes no orzamento do ano 2018 querían construír vinte e catro escolas infantís a prezo de saldo. Pero, claro, temos comprobado que as escolas infantís non se reproducen por esporas, que o que hai que facer é poñer enriba da mesa orzamento para construír e poñer en marcha escolas infantís para os nenos e para as nenas. Pero claro, cando a Xunta pon en marcha prazas públicas de escolas infantís enseguida sae a oposición recoñecendo que si, que hai máis prazas públicas, pero que o que fan é privatizar os servizos sociais.

Pois ben, vou dar un dato: o 97 % das prazas públicas en escolas infantís da Xunta de Galicia están xestionadas directamente polo Goberno galego; as prazas en escolas infantís competencia municipal do Concello de Santiago, 100 % privatizadas; o 100 % das escolas infantís de competencia municipal do Concello da Coruña, privatizadas; o 100 % das escolas infantís de competencia municipal do Concello de Vigo están privatizadas. Polo tanto, ¿quen lles pode crer a estas alturas, cando se duplican as prazas en escolas infantís públicas en Galicia por parte do Goberno galego, se vostedes, alá onde gobernan, privatizan o cen por cento das escolas municipais infantís? Polo tanto, revisen o seu argumento, porque os feitos demostran que vostedes están a mentir.

A Xunta garante que ningún neno se quede sen praza nunha escola infantil. ¿Que é o que non lles gusta do Bono Concilia? Todas as familias que teñan solicitado o bono recibirán unha axuda económica para poder elixir o centro ao que levar os seus fillos, cun orzamento de 4,3 millóns de euros. Pero claro, isto a vostedes parécelles un catálogo de parches. Son 3.600 familias as que reciben o Bono Concilia na actualidade.

As casas niño, un recurso de conciliación tan importante no rural, pero parece ser que aquí o rural non ten dereito a ter unha escola infantil para atender os nenos naqueles concellos de menos de 5.000 habitantes. Hai corenta e seis casas niño no rural galego, outras quince en tramitación. Antes de que remate a lexislatura estará en funcionamento unha rede de conciliación en contornas rurais con sesenta e unha casas niño, un servizo gratuíto para as familias cun investimento por parte da Xunta de Galicia de 6.000.000 de euros. Tamén para vostede un catálogo de cousas que non teñen importancia.

Cando falamos de políticas de apoio á familia e falamos de prazas en escolas infantís, tamén temos que falar de que no ano 2006 a Xunta de Galicia e as asociacións empresariais promoveron a construción de escolas infantís en recintos industriais. Vostedes agora din que isto é un fracaso da Xunta de Galicia. Eu recórdolles que hai un plan galego de conciliación e corresponsabilidade no que é necesaria a implicación de todos os axentes vinculados no ámbito do emprego, e as organizacións empresariais son actores esenciais. E o que está facendo a Xunta de Galicia é promover e financiar a construción desas escolas en áreas industriais: tres escolas financiadas no período 2016-2017, 800.000 euros para poder financiar outras catro escolas.

E a Tarxeta Benvida, ¿recordan que cando se puxo en marcha os grupos da oposición se movían da Tarxeta Benvida, simulando que era parecida ao Cheque Bebé do Goberno do Estado e que o conselleiro ía repartir cheques por Galicia? E déronse conta que a Tarxeta Benvida é unha medida de apoio ás familias fundamental, que neste momento trinta mil familias perciben a Tarxeta Benvida. Unha axuda económica de 1.200 euros para apoiar a familias nos gastos derivados da crianza dos seus fillos. Non só por nacemento, senón tamén por adopción e por garda con fins adoptivos. Ademais, cando naceu esta iniciativa no ano 2006 ía destinada só ao primeiro ano de vida do neno e da nena, pero ampliouse ata os tres anos de vida do neno e da nena, por iso se destinan 36 millóns de euros.

E o Bono Coidado é un programa de axuda directa ás familias que se aprobou no 2016, é un recurso complementario para que naqueles momentos puntuais poida coidar unha persoa un menor de doce anos no domicilio familiar cando os seus pais non o poidan facer. Máis dun centenar de familias reciben esa axuda.

Polo tanto, señor conselleiro, cando falamos de que Galicia é unha das comunidades que máis destina ás políticas de familia, concretamente 133 millóns de euros, a resposta da oposición é que non é problema de recursos. Cando vostede fala de que se duplicaron as prazas en escolas infantís, a oposición di que vostedes aproveitaron a crise para desmantelar os servizos sociais. Cando se fala da Tarxeta Benvida que xa perciben trinta mil familias, a oposición fala de que este é un parche da Xunta de Galicia. E cando hai un informe dun grupo de investigación da Universidade de Vigo que di que Galicia é unha das comunidades autónomas españolas que máis apoia as familias, do que falan aquí é das eleccións municipais e das candidaturas.

Siga vostede a traballar por apoiar as familias e por incrementar os recursos de conciliación.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Saudamos os alumnos e alumnas de 5º de primaria do centro Chano Piñeiro de Mañufe, en Gondomar, e tamén os profesores que hoxe están con nós. Benvidos ao Parlamento.

Ten agora a palabra para a réplica o conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señora Prado Cores, dime vostede que hai vida máis alá do Partido Popular. É verdade que me podería ter falado algo máis de familia, algo máis de conciliación, e vén iniciar a súa intervención dicíndome —dicíndolle a este goberno— que hai máis vida máis alá do Partido Popular. Pois mire, eu o que lle quero responder, señora Prado Cores, é que, dende logo, hai máis vida tamén máis alá do BNG, afortunadamente para todos os galegos e afortunadamente para todos os españois.

Porque mire, de verdade que as veces que tratamos de ser construtivos nos nosos debates, construtivos pensando en Galicia, pensando no país, sempre sae a política partidaria, a po-

lítica dos partidos en lugar de subtraernos un momento á política dos partidos para falar de algo moito máis importante que é o futuro das familias e que é o futuro da conciliación. Mire, non estamos obsesionados, para nada, como están vostedes co Partido Popular, porque parece que para vostedes o Partido Popular leva gobernando en España dende sempre, e de verdade que o Partido Popular gobernou catorce anos, desgraciadamente, en España de corenta. Polo tanto, xa lle digo que non obsesionados como están vostedes co Partido Popular, pero si moi orgullosos do que estamos a facer, do que estamos a facer tamén (*Aplausos.*) en política de familia e do que estamos a facer en política de conciliación.

Mire, efectivamente, coa súa concepción nacionalista fálanos de débedas pendentes con Galicia. Mire, vostede, de verdade, non dixo nada que non dixera este goberno en anteriores ocasións con respecto á dependencia. Na miña intervención non escoitaría nin máis palabras nin maior énfase defendendo o financiamento do Estado á dependencia que agora; nin máis palabras —e pode coller a miña última intervención— nin maior énfase, de verdade.

Pero, ¿sabe que é o máis importante? Que nós imos seguir reclamando ao Goberno de España exactamente o mesmo que ao de agora para que melloren o financiamento de Galicia, ¡o mesmo! Iso en primeiro lugar, pero iso non era o máis importante. O máis importante voulo dicir a continuación —iso ímolo seguir facendo—, o máis importante, faga o que faga o Goberno de España, é que nós imos cumprir o compromiso cos nosos maiores e o compromiso coa dependencia. (*Aplausos.*) Iso é o máis importante, porque aquí hai autogoberno e o autogoberno ten orzamentos, e aquí decídese que os orzamentos se priorizan para a política social e, polo tanto, imos cumprir na metade de lexislatura o obxectivo de toda a lexislatura; polo tanto, atender 60.000 persoas con dependencia neste ano. Para iso xa estamos traballando e imos conseguir —xa digo— cumprir ese obxectivo, governe quen governe en Madrid; porque nós non estamos mirando para Madrid esperando a ver que pasa en Madrid. Nós estamos defendendo os galegos e traballando para os galegos e para as galegas.

Señora Prado, si que concordo con vostede nunha cousa, de verdade. É que hai uns datos de pobreza que son preocupantes, que son moi preocupantes, e que igual que non coincidirei con vostede nos temas partidarios, coincido en que, efectivamente, queda moito camiño por andar, que a pobreza é un fenómeno social que temos que ser capaces de desterrar e que, ademais, a pobreza ten outra característica, que —como vostede manifestaba moi atinadamente— conduce á cronificación da mesma, e preocúpanos, precisamente, esa cronificación da pobreza. Nós o que estamos facendo para evitalo é investir, tamén, maiores recursos públicos en inclusión.

Mire, pódelle gustar máis ou menos polas siglas que sosteñen a este goberno, pero este goberno é o que está investindo máis que nunca en materia de inclusión en Galicia nos últimos anos. Exactamente neste momento 115 millóns de euros. Estamos investindo máis recursos de inclusión que nunca, por un lado, e, por outro lado, coordinando máis tamén as nosas políticas, pois estamos coordinando as nosas políticas cos concellos, estamos coordinando as nosas políticas coas deputacións e estamos coordinando as nosas políticas coas entidades sociais que traballan no territorio coa coordinación imprescindible de EAPN, que, como se pode imaxinar, traballa conxuntamente con nós para mellorar non este goberno, senón para mellorar as condicións sociais das persoas que peor o están pasando.

Dende logo, quédanos moito por facer, quédanos moito por facer ao conxunto para reducir a brecha da pobreza, para evitar esa cronificación da pobreza, pero niso coincidirá comigo en que investindo máis recursos é máis fácil de facer, e coincidirá comigo en que coordinando os recursos de todos será tamén máis fácil de facelo.

Mire, non estamos para autocompracencia, e moito menos nun tema como este, pero de verdade que os últimos datos, polo menos, nos indican que imos na boa dirección.

A porcentaxe de fogares en Galicia con carencia material severa baixou ao 4,9 % na última estatística coñecida, que era a do 2016, estaba no 6,01 % no 2015; polo tanto, estamos en fogares con carencia material severa en niveis precrise, e iso cremos que é un avance. E cremos que, ademais, agora a recuperación —que será unha recuperación diferente, porque a sociedade está cambiando e nos demanda cousas diferentes e maior política social— tamén nos permitirá aproveitar esa recuperación para máis recursos sociais. E en Galicia vai ser exactamente o que imos seguir facendo no que queda de lexislatura, aproveitar o maior crecemento económico para destinar máis recursos sociais ás familias para que eses indicadores sigan baixando. Non lle vou falar da comparativa, ¡eh!, creo que non nos interesa demasiado nin a comparativa con Europa nin a comparativa con España. O que nos interesa, de verdade, é que Galicia presenta mellores datos que o conxunto de España e que eses datos, ademais, van avanzando. ¿Que queda moito por avanzar? Dende logo. ¿Que quedan moitas políticas sociais que implementar? Dende logo. ¿Que seremos capaces de facelo nesta lexislatura? Pódolle dicir que si.

Señora Blanco, leccións de feminismo eu creo que non lle dei ningunha. Supoño que se refería a intervencións anteriores. Dígolle o mesmo que lle dixen á señora Prado, non me escoitaría. Eu vina cando estaba falando, dúas pequenas mencións que fixen do Goberno de España e vin os seus xestos. Ás veces non o podemos evitar, ningún. De verdade que, como lle dixen á señora Prado, eu non digo nin unha palabra máis nin unha palabra menos: Galicia ten a súa propia autonomía, e Galicia sempre defendeu os intereses de Galicia con independencia do goberno, da cor política do goberno, que estivese en Madrid. E ímolo seguir facendo, ímolo seguir facendo e imos exixir exactamente o mesmo, exixir exactamente o mesmo sobre a demografía e exixir exactamente o mesmo sobre a dependencia e a atención aos nosos maiores.

Mire, precisamente falou vostede de Euskadi. Non sei se agora o modelo do Partido Socialista é Euskadi, que, por certo, gobernan os nacionalistas, non o Partido Socialista. O estudo do que falamos exclúe precisamente Euskadi, porque non se pode asimilar para establecer o esforzo investidor en familia e conciliación, non se pode equiparar ao resto de comunidades autónomas. Ese é un dato que creo que é bo que coñeza. Eu espero que entre todos sexamos capaces de ter unha repartición económica que nos poida favorecer a todas as comunidades autónomas e non soamente a Euskadi, e así, dende logo, poder destinar tamén máis recursos á familia e máis recursos á conciliación.

Mire, fáleme vostede de estereotipos tamén. Fáleme dunha campaña, dunha campaña de sensibilización que fixo o Goberno galego. Mire, coas campañas pódese estar máis de acordo ou menos de acordo, pero cando estamos a falar de familia supoño que a ninguén lle molesta

ver unha nai cun bebé. Polo tanto, creo que de verdade non temos que buscar ningún tipo de connotación sexista nin ningún tipo de estereotipo. Nas campañas que promove a Consellería de Política Social aparecen homes e aparecen mulleres, que son os que, dependendo da súa liberdade, forman familias de todo tipo, pero —xa digo— creo que exhibir unha nai co seu bebé non molesta a ninguén, dende logo a min non me molesta como conselleiro de Política Social. *(Aplausos.)*

Supoño que tampouco lle molestará a imaxe pública das escolas infantís de Galicia, que está precisamente ilustrada por un antigo deputado do seu grupo ao que nós respectamos moito, que é Carlos Casares. Despois volve falar da non execución completa da partida de escolas infantís. Bueno, eu xa dixen antes que este é un camiño que non se consegue nun ano. Nós puxemos novidosamente en marcha esa orde de axudas e xa verá como imos completar nalgún momento todo ese financiamento e como entre todos —antes falaba da coordinación das administracións— imos conseguir sensibilizar non só todas as administracións, senón o sector empresarial, de que isto é un tema que hai que conxugar cara ao futuro: a materia da conciliación, a materia dos horarios, a materia da flexibilidade.

Temos que concienciar tamén, por certo, os concellos, porque moitas das actuacións que se están a desenvolver en materia de escolas infantís en polígonos industriais atopan dificultades de carácter urbanístico. Polo tanto, xa digo, cada vez máis os instrumentos urbanísticos teñen que ter este cambio social ao que nos estamos referindo neste momento dende o punto de vista orzamentario, pero tamén dende o punto de vista urbanístico, ¿por que?

Pois mire, por poñer algúns exemplos, os solos dotacionais. Non existen nos concellos solos dotacionais para infraestruturas de carácter social e de conciliación. Esta é unha nova realidade. Si que existen para solos de carácter sanitario ou solos de carácter educativo, pero fíxense como entre todos temos que ir avanzando, conxuntamente, para mellorar as nosas políticas arredor dun novo reto, non dun problema, dun novo, reto que é como están cambiando as familias, como está cambiando a sociedade, e como nós, que somos as administracións e que somos os representantes públicos, temos que ser capaces de responder a ese novo reto se queremos seguir respondendo ao que nos están plantexando os galegos e ao que nos están plantexando as galegas.

Señora Vázquez Verao, coincido en que segue sendo complicado conxugar o verbo conciliar, pero de verdade que o que estamos plantexando aquí son novas políticas e novos investimentos para que cada vez ese verbo conxugar estea máis presente na actividade da Consellería de Política Social, pero tamén na actividade do conxunto do Goberno de Galicia, e eu teño algunha responsabilidade diso.

Fálame da caixa finlandesa. Bueno, pois mire, de verdade, non entendo ben tampouco a súa obsesión pola caixa finlandesa. A caixa finlandesa non é unha meta, a caixa finlandesa é un inicio, un inicio dun camiño cara a políticas europeas de apoio á familia e políticas europeas de apoio á conciliación. É un paso nese camiño que estamos dando o Goberno de Galicia.

Fálame de que as prazas non son públicas. Mire —xa llo dixo a deputada do Grupo Popular—, é que de verdade que temos o dobre de prazas públicas en escolas infantís, prazas pú-

blicas, netamente públicas, con ningún adxectivo, sen buscar nunca con fondos públicos, non, ¡prazas públicas! É que temos o dobre que o último goberno de Galicia, anterior ao goberno do Partido Popular, que era o goberno do BNG e o goberno do Partido Socialista, o dobre de prazas públicas. Polo tanto, creo que se queremos falar en puridade non podemos falar de recortes en prazas públicas, en escolas públicas, senón que o Goberno de Alberto Núñez Feijóo o que fixo foi duplicar as prazas públicas en escolas infantís en Galicia.

E mire, despois fáleme de políticas de conciliación dos empregados da Consellería de Política Social. Mire, hai un camiño que temos que ir traballando e no que estamos traballando, melloramos as condicións dos nosos traballadores con novas carteleiras e melloramos as condicións laborais dos traballadores do Consorcio.

Mire, isto é un camiño, pero vostedes —que están coa matraca moitas veces dos recortes, e eu enténdoo, porque politicamente é moi interesante— poderían contestarme tamén a unha pregunta. ¿Vostede cre que as condicións laborais do persoal do Consorcio que creou o BNG son mellores agora as condicións económicas, as condicións laborais, ou eran mellores cando gobernaba o BNG a Consellería de Política Social? Polo tanto, gustaríame que me contestara tamén a esa pregunta, se se quere retrotraer ao ano 2008 en Galicia.

Mire, e vimos aquí, por suposto, contestar a todo o que nos di, ou a todo o que nos din os grupos, porque queremos facer unha política máis integradora. Se pensamos no futuro temos que ser capaces —cando falamos da familia e cando falamos de conciliación— de escoitar as posicións de todos os grupos, pero este conselleiro vén anunciar tamén nesta comparecencia as novas cousas, vén anunciarlles que superamos o 41 % da ratio de atención en escolas infantís en Galicia, que incrementamos xa un 1 % o compromiso para toda a lexislatura e que seguimos nesa dirección; e xa lle dixen que novas escolas infantís teriamos en marcha neste próximo curso, é dicir, neste mesmo ano.

Anuncieilles dúas ordes de convocatoria para mellorar as instalacións das escolas infantís por un importe superior a un millón de euros. Deilles conta do cumprimento neste ano da extensión da Tarxeta Benvida, é dicir, das axudas para os novos nenos e para as novas nenas que nacen en Galicia ata os tres anos, cando lles falaba de ir no camiño dos países europeos que mellores políticas de familias están facendo precisamente niso. Iniciamos unha tarxeta cun ano de vixencia, e xa alcanzamos, afortunadamente, co investimento de todos os galegos axudas directas ás familias ata os tres anos. Teremos que seguir por ese camiño, porque é o camiño do éxito das políticas de familia e do éxito das políticas de conciliación en Europa.

Faleilles da nova Estratexia de apoio ás familias numerosas, faleilles da creación tamén, neste ano, do Rexistro de acreditación de familias monoparentais e monomarentais; faleilles de que neste momento ano estamos incrementando o financiamento para as familias acoledoras; faleilles de que imos cumprir, con independencia do que faga o Goberno do Estado, a ratio de atención á dependencia o 90 %; e faleilles, tamén, de como mellorar, conxuntamente co Goberno de España e coa Unión Europea, as políticas de familias, as políticas de conciliación. Ese é o reto e a iso convocamos dende o Goberno o conxunto dos grupos parlamentarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Están con nós agora, e saudámoslos, os alumnos de sexto de primaria do centro San Paio de Abaixo, en Reboreda, Redondela, e tamén os profesores que os acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Réplica cun turno especial de aclaracións do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas presidente.

Pois si, efectivamente, señor Rey Varela, neste parlamento o BNG fala de política. Somos un grupo parlamentario e temos ideoloxía, e defendémola, porque estamos falando de proxectos ideolóxicos e, desde logo, nós non agochamos o noso proxecto ideolóxico, como pretende facer vostede intentando vir aquí cunha teoría de apoliticismo cando despois aplica o proxecto ideolóxico da máis extrema dereita, intentando, teoricamente, vir de apolítico e logo levan a cabo políticas da máis extrema dereita.

Si, jesa é a realidade, esa é a realidade! Vostede chegou aquí sempre parecendo que é un apolítico; non, vostede é e representa aquí o Partido Popular e aplica as políticas extremas do Partido Popular, jé así, é así! E por iso falamos de política, e por iso vostede, insisto, non está lexitimado e non lle exixiu a esta altura ao non exercente Partido Popular o que lle tiña que ter exixido para este país, para Galiza, as débedas históricas en materia, neste caso, de políticas sociais e de políticas de dependencia.

E mire, a pobreza non é un fenómeno social, a pobreza non é un fenómeno social como vostede acaba de dicir aquí, a pobreza é consecuencia das políticas aplicadas, e vostedes teñen empobrecido este país ata extremos indicibles —a pesar de ser un país tremendamente rico— polas políticas que vostedes teñen aplicado, e teñen empobrecida a maioría social deste país. Esa é a realidade e unha pobreza.

Vostede díxome que non falei de familia, si que lles falei de familias, faleilles da situación na que vostedes teñen empobrecidas as familias e que despois vén vostede con parches. Teñen empobrecidas as familias, a xente, con salarios de miseria que non lles permiten desenvolver proxectos vitais, non lles permiten aos nosos mozos e mozas desenvolver eses proxectos vitais. Téñenos condenados á emigración, téñenos condenados a non poder emanciparse e teñen condenada a xente a non poder chegar a fin de mes, e logo veñen aquí con medidas paliativas, e por iso lle chamo parches, señora Rodríguez; si, por iso lle chamo parches e por iso digo que non se trata de recursos para poñer en marcha outras políticas.

Non se trata de recursos senón de modelo ideolóxico, o que vostedes escolleron, de non poñer en marcha un auténtico modelo de servizos públicos, de servizos sociais públicos, senón de poñer en marcha un modelo asistencialista de repartir choiva miúda e de capitalizar con recursos públicos un modelo privado. E iso foi o que vostedes fixeron.

E claro, falamos de pobreza, de familias pobres, e teñen cara de muller, si, de familias monomarentais, onde o 50 % desas familias monomarentais onde está á fronte unha muller, o 50 %, son pobres. Efectivamente, xa lle dixen antes que o BNG presentou aquí unha lei para atender as demandas das familias monomarentais que agardo que o Partido Popular vote a favor.

Familias, falou vostede de atender familias, tamén, con persoas con discapacidade e con dependentes, e, claro, para atender esas demandas o primeiro que hai que facer é que vostede poña medidas enriba da mesa para que esas persoas que están pendentes de que se lles recoñeza, por exemplo, a discapacidade pois non leven agardando tres anos, como é o caso das persoas na provincia de Pontevedra, tres anos agardando para que se lles recoñeza o grao, o que significa que mentres non se lles recoñece non teñen dereitos. E esas son medidas reais. Ou para todas esas persoas, 18.000, que teñen recoñecida a discapacidade pero vostedes non lles teñen dados recursos por esas listas de espera. Esas son medidas reais, son medidas reais que fan que esas familias vexan a súa carga un pouco aliviada.

Conciliación, corresponsabilidade, apoio ás familias..., que non é posible se non hai un compromiso certo por parte da Xunta de pasar do papel á realidade: accións concretas, empezar pola súa propia Consellería, polo Consorcio. ¿Por que as mulleres teñen que ir ao xulgado para reclamar os dereitos que a lei lles concede e que vostedes lles negan, señor conselleiro? Contésteme, ¿por que? Contésteme, é moi fácil a pregunta.

Prazas públicas en escolas infantís. En nove anos duplicaron, claro, no ano 2005 empézase a crear unha rede, no ano 2009 chegan ao goberno e en nove anos duplican 10.000 prazas, pero resulta que hai 24.000, 14.000 sustentadas con cartos públicos, 24.000. Vostede acaba de dar o dato, 24.000 prazas ou financiadas ou públicas, ou financiadas con cartos públicos. Se hai 10.000 públicas, 24.000, 14.000 sustentadas con fondos públicos, é dicir, 10.000 públicas e 14.000. É dicir, vostedes están capitalizando as prazas públicas. Si, esa é a realidade.

Mire, tres prazas, tres escolas infantís en parques empresariais. E vén aquí sacar peito dicindo que en nove anos crearon tres prazas en parques infantís...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...¡manda truco na Habana! Tres, vén aquí dicir que hai tres.

Casas niño, parécenos moi ben que se aposte polo rural, ningunha pública, capitalizando ao máximo son cinco prazas en cada unha delas, corenta e seis, unha media de 4, 170, 180, con todos os problemas que están creando, ¿é para quitar peito, señor conselleiro? Debería facelo mirar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente— eu xa llo levo dito.

Comparecencia recompilación para non facer ningunha aportación. Non sei se é a súa última comparecencia, señor conselleiro, en que momento vai vostede..., supoño que para Madrid non, creo que as prazas neste momento non están á alza, supoño que Ferrol será o seu destino.

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa veremos, xa veremos.

A señora PRADO CORES: Triste despedida se esta é a última, señor conselleiro, porque a verdade é que para facer un resumo das actuacións ben puido vir aquí ofrecer algunha outra cousa de envergadura.

Moitas grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Non veremos, xa vimos, pero bueno...

Señor conselleiro, a min non me molesta —¡como me vai molestar!— que haxa unha imaxe dunha muller atendendo un neno, o que me preocupa e me estraña, incluso, é que a vostede non lle moleste que non haxa homes nesas imaxes, iso é o que me preocupa e o que me parece incluso raro, xa que creo que, segundo teño visto algún vídeo por aí —vostede non o quere recoñecer—, se incluíu algún home nalgunha desas campañas da Xunta de Galicia a raíz das denuncias do grupo da oposición. E non pasa nada, todos temos dereito a equívocos e todos temos dereito a rectificar, ao igual que acontece tamén coa Tarxeta Benvida e cos problemas que hai coas adopcións, porque vostedes nesa orde que sacaron, que sobrevoou un pouco o tema antes, o que viñan dicir era que as familias tiñan acceso se o neno nacía o mesmo ano en que se producía a adopción, e todos e todas sabemos que iso non é así. Aínda que quedaran ducias de familias sen axudas, pois está tamén ben rectificar, oxalá sexa así.

Non sei se van rectificar coas escolas infantís en polígonos industriais, e se di vostede que hai problemas de chan, eu o que lle pregunto é que teñen previsto facer para cambiar esa situación, porque, claro, estamos falando de escolas en polígonos industriais e 70 % sen executar, e casas niño —que nin o mencionou— 54 %, que non me parece unha cuestión menor.

Señora Rodríguez Arias, vostede vén aquí sempre falar dos concellos, e eu non teño ningún problema, porque vostede sempre trata o tema.

Xestión do Goberno do Partido Popular no Concello de Ourense desde o ano 2015: supresión do programa de atención a familias monomarentais, supresión de programas de reforzo escolar en centros cívicos, retallos en programas de intervención socioeducativa, supresión do programa do banco de tempo, supresión do programa Coeduca. Non teño tempo para todas as supresións. (*Aplausos.*)

Ben, entón, se imos facer unha comparativa, porque un sempre tende a escoller por comparación, Concello de Vigo: o concello oferta un total de seiscentas vinte prazas en escolas infantís —oito en total—, subvenciona de media o 82 % do custo de cada praza, cun inves-

timento dun importe superior a un millón cincocentos mil euros. Claro, pois a min se me dan a escoller, eu quedome con ese modelo para poder conciliar, iso desde logo.

Escolas infantís, bueno, pois volvemos ao debate de sempre. É certo que había unha ratio do 19 % cando chegamos ao Goberno bipartito, iso é completamente certo, señora Rodríguez Arias, eu non o vou negar, pero é que viñamos de despois de quince anos de Goberno do Partido Popular do señor Fraga Iribarne, (*Aplausos.*) eu non sei se tivo algo que ver. Escolas infantís que están proxectadas, das cinco proxectadas tres son da Fundación Amancio Ortega, que nós non temos nada en contra de que as subvencione, pero hai que especificar que non son recursos propios da Xunta de Galicia; outra, a de Mos, leva cinco anos de atraso, e outra —vólvollo repetir—, a da Estrada, coa súa construción imos seguir por debaixo da ratio da Unión Europea.

Nós deixamos proxectadas tres mil prazas públicas en escolas infantís, o 80 % do que fixeron vostedes. E eu non sei, señora Rodríguez Arias, se se reproducen por esporas ou non, como di vostede, ou é por fisión binaria e múltiple, pero fisión binaria e múltiple parece a reprodución do incremento do número de prazas en escolas concertadas con iniciativa privada, porque se no curso 2016–2017 se incrementaron en duascenas cincuenta e seis, no 2017–2018 foron catrocentas vinte e catro. Eu creo que si, que é unha fisión binaria e múltiple, ¡clarísima, ademais! Nós, seguimos reclamando ese incremento de prazas públicas, sobre todo porque cando comezou a lexislatura liamos un artigo da Asociación Española de Centros Privados de Ensinanza —que eu lle teño amosado en moitas ocasións— onde facía unha visita a directora xeral de Familia e dicía: «*Respecto a la apertura indiscriminada de escuelas públicas, la directora general de Familia se comprometió a frenar la construcción de nuevos centros públicos en áreas donde ya existen centros privados.*»

Hai máis dun ano que vostede me dixo que ían mandar rectificar, segue colgada na páxina web e non hai nin unha soa nota nin referencia da Xunta de Galicia, (*Aplausos.*) co cal entendo o silencio positivo, que non queren molestar ideoloxicamente os seus, señor conselleiro, porque non hai por que renunciar á ideoloxía, e os partidos políticos —loxicamente todos e cada un de nós— temos unha base ideolóxica.

Respecto do novo goberno, e remato xa, se vai pedir o mesmo que pediu ata agora, quere dicir que non vai pedir nada, non vai pedir nada. De todas maneiras, sobre o tema de pobreza, non se preocupe que xa anunciou o presidente do Goberno que ía haber un comisionado, e que ía ser unha liña estratéxica. Alégrame que lle dea a risa, non sei se rin de igual maneira os máis de cento vinte mil traballadores e traballadoras pobres deste país que non teñen acceso á Risga porque vostede atrasou o desenvolvemento dese decreto máis de tres anos e medio. ¡Esa é a risa! Entón, vostede deixe que o Goberno de España se ocupe —que se vai ocupar— desa liña estratéxica e vostede faga aquí o seu traballo, que non o está facendo agora mesmo.

O mesmo que ocorre respecto da igualdade, que será —como ten sido en todos os gobernos do Partido Socialista— unha materia prioritaria. E dígolle o mesmo, en materia de igualdade preocúpese do que está acontecendo coas traballadoras do Consorcio, que dependen directamente do seu negociado e que, desde logo, están a sufrir situacións gravísimas no seu posto de traballo que atentan directamente contra a igualdade.

O que lle dicía, señor conselleiro, que se quere realmente ter unhas políticas que non sexan políticas pantalla, que non sexan publicidade e propaganda, o que ten que facer é un modelo, un cambio de modelo político que non soamente atinxa a súa economía, senón todas as políticas transversais da Xunta de Galicia.

E máis nada e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

Déixolle ao presidente o cadro de execución orzamentaria, porque como sempre se poñen en dúbida os datos que damos aquí os grupos da oposición, para que llo faga chegar.

Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Dixo que viña respondernos a toda a oposición, pero fáltalle sinalar canto vai ser o orzamento nos vindeiros anos para ese plan de conciliación, en lugar de dicirnos que vai recompilar as partidas de distintas consellerías que teñen que ver coa conciliación; canto vai aumentar, porque neste ano 2018 non se habilitou o orzamento específico.

Con respecto á caixa finlandesa, é que non é unha obsesión, é unha evidencia de algo que resulta chistoso, porque unha caixa que se desmantela enseguida con mostras destas que teñen prohibida a súa venda —destas mostras coas que agasallan grandes superficies— non é equivalente ao modelo finlandés co que di vostede estar camiñando, porque imos a permisos por maternidade e paternidade: Finlandia, 38 semanas.

Fronte a un dos estados que ten unha maior igualdade salarial, sobre todo a nivel de incorporación —os estados nórdicos— da muller ao traballo asalariado, estamos nun contexto galego no que dende 2014 se está agrandando a fenda salarial, porque a recuperación, a suposta recuperación, non chega ás mulleres; este ano volve agrandarse a fenda salarial. Fronte a un modelo nórdico no que hai unha cobertura de escolas infantís máis ampla, estamos nun modelo que —como xa foi aquí explicitado— quere consolidar ese modelo do Bono Concilia para consolidar o modelo de concerto tamén no ensino infantil. Por iso falamos da caixa finlandesa, e tamén, por suposto, falamos diso porque non é comparable o modelo de emprego precario co que existe nos países nórdicos, e sen emprego digno non hai conciliación posible.

Logo, sobre os tipos de familia, quedoume antes sen falar das familias que teñen unha persoa con discapacidade ao seu cargo, especialmente se é un menor, que, evidentemente, teñen moito máis difícil a conciliación. Nese sentido, xa foi dito aquí, ¿por que non se aceleran esas valoracións do grao de discapacidade?, ¿por que non se incorporan equipos fixos para que dean conta desa demanda estrutural que son as solicitudes de valoración do grao de discapacidade? Porque isto orixina graves prexuízos ás familias con menores, por exemplo non poder acceder a becas, ou para familias que teñen unha situación económica complexa pode atrasar tratamentos ou formación de nenos e nenas con diversas discapacidades.

E en canto ao emprego público, paréceme moi valente que o Goberno se gabe de... Vale, despois de moitos anos por fin o Consorcio se adscribiu ao V Convenio, pero é que seguen tendo suspendido o artigo 19, que é o relativo aos descansos, e isto é fundamental para a conciliación. Coa cuestión do emprego público non teñen de que gabarse.

En canto ao que dicíamos de que a conciliación exige medidas transversais, medidas no eido do emprego, medidas nunha serie de eixes entre os cales está a aposta polos servizos públicos, nos cales o servizo, evidentemente, de escolas infantís de 0-3 anos é un elemento central para a conciliación, pero é que non son prazas públicas esas que cobren a rateo de arredor do 40 %, son prazas sostidas con fondos públicos, son prazas que consolidan ese modelo de financiar as entidades privadas.

E en canto aos polígonos industriais, é que en 2016 se prometían catrocentas prazas en sete escolas, e acolléronse dous proxectos. Hoxe sae tamén publicada a orde de 2018 e xa redución o orzamento. Evidentemente, non teñen éxito 800.000 euros, ¿que se aspira só a catro escolas? ¿Por que non teñen éxito? Porque non hai un plan concertado cos axentes sociais. As garderías de empresas son un elemento fundamental para a conciliación e tamén para un aumento de produtividade, pero é que se non se consensúa cos axentes sociais non vai ter éxito, non chega con publicar unha orde de axudas no *DOG*.

Logo, en canto ás escolas infantís e tamén falando das casas niño, ¿que viabilidade vai ter o proxecto máis aló do 2019 cando remate o proxecto piloto? En realidade, deberían apostar por ter tamén no medio rural prazas estables de traballo para o coidado de nenos e nenas, porque o que están facendo coas casas niño, en moitos casos, é tamén precarizar o emprego, sobre todo en mulleres que están no medio rural; ten que haber unha relación laboral máis estable coas persoas que detentan as casas niños, que é un recurso que nos parece moi interesante.

E nas escolas infantís, tamén o baremo sobreprima as familias con máis fillos e fillas, en lugar de ter máis en conta a cuestión da renda, e aí tamén habería que corrixir algo o baremo. Mentres demandamos unha rede pública de ensino de 0-3 anos, que é un elemento central do pacto que a oposición —que somos a alternativa do seu Goberno, somos alternativa xa ao seu Goberno— pide para a conciliación real que imos facer nos vindeiros anos.

Finalmente, para rematar, é que conciliar é falar de cambio de modelo social, como xa temos expresado, porque o actual modelo social non permite a conciliación, non permite nin ter tempo para o coidado nin para que nos coiden, nin tampouco permite unha rede de servizos públicos de conciliación que cubra todas as necesidades. Aparece o estrés, aparece a culpa, aparece a insatisfacción, e o resultado é que esta sociedade non está feita para a vida, e somos culpables nós tamén, tamén todas as forzas políticas. ¿Por que acaso a axenda institucional nos permite modelos que sexan compatibles coa vida? ¿Acaso este rodopío de declaracións, de comparencias, sobre todo de titulares, este vivir pendentos do segundo nos permite conciliar? Non, hai que cambiar o modelo social. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, parece ser que a oposición está contando os días para que marche vostede, debe de ser que o está facendo moi ben como conselleiro de Política Social que cada vez que veñen aquí falar con vostede, pois que se se marcha a Madrid, que se se marcha vostede a outros sitios. A verdade é que poden vostedes quedar tranquilos, aínda que o goberno socialista gañaría un bo ministro de Política Social se o señor conselleiro fora para ese goberno xestionar. *(Aplausos.)* Pero lamentablemente non vai ser así.

E aquí fálase, por parte dos grupos da oposición, de que esta é unha cuestión de ideoloxía, a ideoloxía extrema do Partido Popular e a ideoloxía extrema dos grupos da esquerda da oposición. Ben, pois se falamos neses termos, falemos desa ideoloxía extrema, por exemplo, do Bloque Nacionalista Galego, que grazas á súa ideoloxía extrema no 2009 só dezanove nenos de cada cen tiñan unha praza pública nunha escola infantil. Pero claro, o colmo dos colmos é que agora o Bloque Nacionalista Galego veña dicir que eses datos son culpa do presidente Fraga.

Imos ver, aquí non se pode falar do Bipartito, non se pode falar dos concellos onde goberna En Marea, onde Goberna o PSOE e o BNG, pero resulta que se no ano 2009 Galicia estaba catorce puntos por debaixo da ratio recomendada pola Unión Europea, agora resulta que era culpa do presidente Fraga. Dende logo, é que non poden vostedes atopar xa máis escusas para defender o que vostedes fixeron durante a súa etapa.

Porque miren, se vostedes critican as políticas extremas... Si, señora Prado Cores, é por vostede. Acaba de criticar as políticas extremas do Partido Popular. Porque, claro, isto non é cuestión de persoas, non é cuestión de servizos sociais, non é cuestión de orzamentos, non é cuestión de recursos; isto é cuestión de ideoloxía. E, claro, a ideoloxía do Partido Popular foi a que conseguiu que este ano a ratio fora do 41 %, oito puntos por riba da media recomendada pola Unión Europea, *(Aplausos.)* ¡grazas a esa ideoloxía extrema do Partido Popular! *(Aplausos.)*

Pero, claro, ese modelo ideolóxico, tan malo, do Partido Popular, que vostede acaba de criticar, en nove anos incrementou en vinte e dous puntos a ratio de prazas públicas en escolas infantís, e esa política extrema do BNG, tan boa, no ano 2009 levounos a ter só 5.000 prazas públicas en escolas infantís. Hoxe, no 2018, Galicia conta con 10.264 prazas públicas, 100 % públicas. Porque cando fala o conselleiro de prazas públicas da rede da Galiña Azul vostedes fan as contas e din que o resto das prazas son concertadas. Non, é que esquece vostede que hai escolas infantís de competencia municipal, escolas infantís que dependen das universidades, dos hospitais públicos ou das entidades sociais. Fan as trampas nas contas, unha vez máis.

E, claro, din que a oposición non agocha a ideoloxía. ¡Claro que non agocha a ideoloxía! O que teñen vostedes é unha dobre vara de medir, unha dobre cara. Porque resulta que veñen aquí cunha falacia dicindo que a Xunta de Galicia o que fai é privatizar as escolas infantís, e resulta que o 97 % das prazas públicas das escolas infantís da Xunta de Galicia son xestionadas directamente pola Xunta de Galicia. Pero, claro, ¿que acontece cando non están aquí? ¿Que acontece cando están noutra administración, poñamos nun concello? Pois cando vos-

tedes están nun concello o que fan é privatizar o 100 % das prazas en escolas infantís, o 100 %. Polo tanto, ¿que credibilidade pode ter un deputado ou unha deputada cando vén aquí lanzar unha falsa noticia sobre a Xunta de Galicia dicindo que se están a privatizar cando son eles, cando pecha a porta deste parlamento e van para os seus concellos, os que privatizan as escolas infantís para os nenos e as nenas? De verdade, ¡que vara de medir!

Ou sexa, non pode ser que vostedes veñan aquí criticar a Risga, veñan aquí sacar peito do que están a facer noutros concellos, porque parece ser que a portavoz do Partido Popular non pode falar cos concellos, pero cando soben aquí os portavoces da oposición, ou a portavoz socialista, si pode sacar peito da xestión do Concello de Vigo. Saca peito criticando a Risga da Xunta de Galicia e resulta que Vigo é o Concello que máis tarda en xestionar os expedientes da Risga. Pero, claro, isto o Partido Popular non o pode dicir, caladiños, non se pode falar de Vigo, non se pode falar dos concellos onde gobernan vostedes. Só se pode falar do Partido Popular e da Xunta de Galicia.

Por certo, a partir de agora non se poderá falar tampouco do Goberno do Estado. *(Aplausos.)*
A partir de agora non se poderá falar do Goberno do Estado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Remato, señor presidente, dicindo que a oposición o que pretende, señor conselleiro, é desacreditar —é a súa función— o seu labor para apoiar as familias. Pero, dende logo, nós temos claro que o que se está facendo neste momento pola Xunta de Galicia é posicionar Galicia no segundo posto das comunidades que máis apoian a familia. E non o di o Partido Popular, non o di a Xunta, dío un informe dun grupo de investigación da Universidade de Vigo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Rodríguez.

Ten o turno de dúplica o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente,

Señorías, como temos constatado neste debate, as políticas de apoio á familia e do fomento da conciliación abranguen numerosos ámbitos de actuación: a convivencia familiar, os apoios á crianza dos nenos e das nenas, a educación, a conciliación, a saúde, a vivenda, o transporte, o ocio e un largo etcétera.

Centrei a miña intervención en cuestións máis relacionadas co aspecto social, que —como se poden imaxinar— son as que competen máis a esta consellería. E nese sentido podo asegurarlles que a disposición das familias de máis axudas e recursos de conciliación é un obxectivo prioritario no que levamos traballando con intensidade estes anos e no que imos seguir traballando os próximos anos. Este compromiso non só son palabras, senón que se reflicte tamén en datos. O primeiro, Galicia terá o vindeiro curso unha ratio de prazas de es-

colas infantís sostidas con fondos públicos do 41 %. No vindeiro curso 2018-2019 teremos novas escolas infantís da rede A Galiña Azul, novas escolas públicas.

Miren, non convertan, de verdade, en entes privados os concellos ou as universidades. A primeira rede de escolas públicas existente en Galicia —como non podería ser doutra maneira— é a da Xunta de Galicia. ¿Que non existe dende o Bipartito? Sinto, señora Rodríguez Arias, ir un pouco máis atrás, pero co presidente Fraga xa existían escolas infantís públicas en Galicia. Polo tanto, non foron inventadas con ningún goberno, afortunadamente levan existindo moito tempo. *(Aplausos.)* Incrementáronse co presidente Touriño e incrementáronse, como nunca, co presidente Feijóo. Estes son os datos, pódennles gustar máis ou menos os datos, pero estes son os datos.

Segundo dato que lles dou, porque non estamos disfrazando nada que é público en privado nin nada que é privado en público, a segunda rede en Galicia de escolas é a dos concellos, porque os concellos existen hai moito tempo e os concellos hai moito tempo que teñen vocación social en Galicia, con independencia de quen governe nos concellos. Porque os concellos, ao final, teñen que servir aos seus veciños e ás súas veciñas. E esa segunda rede é a segunda rede pública, polo tanto, non falen de miles de prazas porque as segundas miles de prazas —despois das da Xunta de Galicia— son as de todos os concellos de Galicia; por certo, que todos reciben axudas da Xunta de Galicia. E por iso —non por buscar ningunha maqui llaxe ás nosas palabras— falamos de prazas sostidas con fondos públicos. Si, porque tamén os concellos nos que goberna o PSOE, os concellos nos que goberna o BNG e os concellos nos que gobernan As Mareas reciben fondos públicos para o mantemento das escolas infantís, como non podía ser doutra maneira, porque nós non discriminamos os concellos con independencia da cor política que presenten os seus gobernos. *(Murmurios.)* Aclárollelo para que saiban por que falamos de prazas sostidas con fondos públicos. *(Murmurios.)*

Voulles dar outro dato —non llelo ía dar pero vóullelo dar—. *(Risos.) (Murmurios.)* ¿Saben cantas prazas concertadas temos? De 24.000, algo menos de 500, polo tanto, miren esa porcentaxe. Creo que en 24.000 non se pode falar dunha ansia privatizadora de ningún goberno, porque, xa digo, as públicas este goberno incrementounas nun 104 %; polo tanto, creo que as nosas prioridades están moi claras. Porque este debate, ademais, está moi ben para o Parlamento, pero despois para a xente, para as familias, o máis importante é ter prazas. O máis importante é que cando precisan unha escola infantil teñan axudas, o máis importante é que teñan políticas.

Por iso non queremos discriminar no ámbito rural tampouco as familias, por iso as casas niño, por iso a nosa iniciativa de escolas infantís en parques empresariais, por iso a Tarxeta Benvida. Trinta mil familias en Galicia lévanse beneficiando da Tarxeta Benvida, e imos seguir aumentando os beneficiarios, e imos seguir aumentando os anos ata os cales imos axudar os futuros galegos e as futuras galegas, porque cantos máis anos de axuda directa para o nacemento consigamos, máis nos iremos acercando aos países aos que queremos acercarnos, que son países de referencia no ámbito demográfico en Europa.

Por iso, tamén, aumentamos nun 20 % a dedución fiscal por nacementos ou adopcións de fillos en Galicia, por iso incrementamos nesa mesma porcentaxe a prestación de pago único

por fillos menores de tres anos, por iso ampliamos as bonificacións en Galicia para o próximo curso escolar nun 25 % cando falamos do segundo fillo e nun 50 % cando falamos de familias que teñen o seu terceiro fillo, e por iso seguimos incrementando as prestacións do Bono Coidado.

Por iso imos seguir traballando para atender mellor as familias numerosas de Galicia, que son as que máis contribúen ao futuro demográfico de Galicia; por iso imos crear o rexistro de familias monoparentais e monomarentais; por iso imos incrementar o apoio ás familias de acollida, porque preferimos familias de acollida a centros, sexan públicos ou sexan concertados, preferimos familias a centros. Preferimos afecto ao cemento.

E destinaremos preto de catrocentos catorce millóns de euros á atención aos nosos maiores e á atención a persoas con discapacidade, o maior investimento, faga o que faga o Goberno do Estado. Nós non estamos pensando —señora Blanco, téñollo que dicir— en que hoxe como é do Partido Popular é branco e mañá que é do Partido Socialista é negro. Nós defendiamos, cun goberno en España do Partido Popular, que Galicia precisaba máis financiamento para a dependencia e seguimos pensando o mesmo. Pero, mire, como temos autogoberno —xa llo dixen antes— seguiremos exixindo, pero imos tratar de cumprir. Efectivamente, este ano, chegando a unha ratio de atención do 90 %, imos superar todas as comunidades gobernadas polo Partido Socialista en atención á dependencia, este ano —¡xa o verá!—, poderemos velo este ano. De momento xa superamos case todas, pero ímolas superar todas; salvo que, claro, a repartición aquí sexa como se fixo noutros momentos. Pero estaremos atentos.

Pero, de verdade, non imos esperar tampouco a iso, porque cos recursos —non deste goberno— dos galegos e das galegas imos darlles aos nosos maiores que estean esperando e ás persoas que teñen algún tipo de discapacidade todo o noso compromiso. Polo tanto, imos atendelos, reforzando tamén os equipos de valoración —xa o dixen nesta Cámara—. Tiñamos que reforzalos por dúas cousas: porque facía falta máis persoal e tamén porque temos incrementado tanto a normativa que a burocratización, moitas veces, constitúe unha dificultade para o acceso a un dereito. Este conselleiro, dende logo, sempre priorizará o acceso aos dereitos sobre a burocracia; polo tanto, imos seguir investindo máis en familia.

Dende a creación da Consellería de Política Social o investimento en familias —este é un dato, unha cifra, por iso teño que lela— incrementouse nun 52 %. Claro, entendo que lles pareza pouco algo menos de tres anos para incrementar o investimento en familias e conciliación nun 56 %, pero é o que ten feito este goberno e —o máis importante— é o que imos seguir facendo entre todos. Eu agradézolles as súas aportacións porque temos moito camiño por diante para completar a nosa estratexia de familia e a nosa estratexia de conciliación.

Nada máis, moitas grazas. E moi bos días. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspendemos ata a tarde a sesión, que reiniciaremos ás dezaseis quince horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e quince minutos da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión co punto terceiro da orde do día, que son mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación e as condicións laborais do persoal do Sergas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Titular de onte: «O Tribunal Superior condena a Xunta por despedir unha traballadora cun abuso de dereito raiando na prevaricación». Raiando na prevaricación, fraude de lei, maní-festa desviación de poder... A Consellería de Sanidade condenada unha vez máis por desvia-ción de poder e fraude de lei, unha situación que é bastante grave a pesar de que cada vez estamos máis acostumadas ás condenas á Consellería de Sanidade.

Ano 2014: o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulou a convocatoria pública nun caso xa coñecido por todas e todos nós de nepotismo, no caso da asignación dunha praza de di-rección ao marido, por aquel entón, da conselleira de Sanidade. O tribunal apreciaba des-viación de poder unha vez máis.

Outro titular de onte: «O Xulgado Número 1 de Ourense condena o Sergas pola non retribu-ción de gardas médicas en exención por maternidade». Falabamos de machismo esta mañá nesta tribuna. A condena indica vulneración de dereitos fundamentais, vulneración da igual-dade e discriminación por sexo da traballadora.

E estes son só algúns exemplos de como trata a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e, polo tanto, a Xunta de Galicia os traballadores e traballadoras públicas da sani-dade deste país, en contra do que moitas veces se intenta dicir nesta tribuna. Para uns, todo; e para os traballadores públicos e traballadoras, nada, que son precisamente os que levantan e sosteñen o Sistema público de saúde a pesar do incremento, desgraciadamente, dos casos de corrupción, que precisamente deron ao traste co Goberno central do Partido Popular. Elas e eles soportan ese prezo que hai que pagar pola corrupción, ese prezo que hai que pagar polos recortes.

E nada, ningunha resposta do conselleiro de Sanidade para as compañeiras auxiliares de en-fermería de Vigo, que estiveron no pasado pleno na tribuna e que marcharon igual ou peor do que chegaron, as TCAE do Hospital Álvaro Cunqueiro. E a pesar de que onte se retiraban tres sancións, tres posibles sancións, tres expedientes a tres traballadoras *pool* do hospital, quedan vixentes ou permanecen o resto de expedientes abertos contra o resto de traballa-

doras que si protestaron e que non asumiron esa imposición de tarefas non propias de profesionais sanitarios. Non houbo nin unha soa desculpa por parte do conselleiro, a pesar de saber e de coñecer que as compañeiras estaban na tribuna dos convidados.

Non só iso, senón que nin sequera houbo desculpas polas palabras do xerente imputado, que dixo —e lembro unha vez máis— que responsabilizaba as compañeiras de vexar, acosar e obstaculizar os outros profesionais. Xa o dixen no anterior pleno: vacuos intentos de tratar de dividir os profesionais sanitarios precisamente para evitar a pelexa das profesionais polos seus dereitos.

Tampouco oímos ningún tipo de desculpa do conselleiro ante a coacción que sofren os médicos residentes de Ourense e os insultos por parte da Xerencia en Ourense, acusándoos de falta de sensibilidade e compromiso coas necesidades do hospital e dos seus doentes por facer unha reclamación que debería ser absolutamente obvia: ter unhas dependencias axeitadas, que as billas teñan auga e que os chans non estean rotos nin levantados. Pobres reclamacións en pleno século XXI para os profesionais que coidan da nosa saúde. E non houbo ningún tipo de desculpa por parte do conselleiro de Sanidade só por reclamar as condicións dignas e por como son tratados estes profesionais.

E tampouco nos estraña, porque é a mesma maneira en que tratan o resto de profesionais, e como seguen tratando os profesionais do hospital de Ourense. Como xa lembramos no anterior pleno, a pesar das súas protestas, a pesar das súas demandas, do peche que mantiveron, da recollida de sinaturas, obvian e desprezan todo tipo de reclamacións que fan sobre a ausencia de persoal suficiente para cubrir a totalidade das camas da parte nova do hospital. Non só iso, senón que, en plenas protestas en múltiples hospitais do Servizo Galego de Saúde, anuncian un novo peche de camas sen importarlles as denuncias dos profesionais porque se seguen mantendo persoas nos corredores, en padiolas, agardando a seren atendidas. Paralelamente, a Xunta aproba un novo peche de camas sen ningún tipo de xustificación en datos e motivos asistenciais. Seica logo van dar esa porcentaxe que din de ocupación, pero, sen embargo, iso é incompatible coa realidade na que se ven persoas agardando nos corredores.

Temos un problema: o mesmo ocorre no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. A pesar das denuncias dos profesionais, a pesar de que, efectivamente, como lle dixemos na Comisión de Sanidade a pasada semana, incrementaron e puxeron un celador/celadora máis na quenda de noite porque era necesario, ¿como se nega o resto de reclamacións dos profesionais, como se di que non é certo, como se falta á verdade? E temos un problema moi grave, e a min preocúpame, sinceramente. Dígoo con honestidade. Porque os datos que ofrece a Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade son totalmente diferentes aos datos que proporcionan os profesionais médicos, os profesionais de enfermería, os profesionais auxiliares e celadores que traballan nas urxencias do hospital — neste caso de Santiago de Compostela— sobre o número de atencións e sobre o número de persoas que ven en cada quenda de traballo. E é inasumible que, con esta situación, con eses datos, con esas protestas e con esas persoas nos corredores do servizo de urxencias de Santiago de Compostela, se anuncie un peche de camas inminente unha vez máis. É unha falta de respecto. Non hai desculpas polas agresións —enténdaseme— verbais proferidas cando se falta ao

respecto aos profesionais, pero tampouco polas malas decisións que se toman na xestión sanitaria no noso país. E ¿que podemos agardar desta Xunta de Galicia? Porque neses datos afirmaba o señor director de Asistencia Técnica, na Comisión de Sanidade, que o persoal era o axeitado para as atencións que había que facer, desmentindo totalmente o director de Procesos Asistenciais do complexo hospitalario de Compostela; é dicir, nin entre os propios cargos da Xunta de Galicia se poñen de acordo en se é correcta ou non é correcta a atención, co cal, evidentemente, dá bastante que pensar sobre a credibilidade dos datos que proporciona a Consellería de Sanidade.

E ¿que podemos agardar tamén cando teñen na situación que teñen os traballadores dos puntos de atención continuada? Son os mesmos e as mesmas que nos atenden cando estamos mal. Imos a urxencias de atención primaria e, continuamente e perpetuamente, as vinte e catro horas, temos unha atención. En moitas ocasións tense trasladado aquí a eficiencia dos traballadores. Eu corrobóroa, e eu creo que deberíamos sentirnos orgullosos da súa profesionalidade. Pero precisamente por iso é totalmente incomprendible que os manteñan na situación de que, a pesar do que temos tratado aquí nesta Cámara, de que se teña afirmado que hai recuperación económica, leven desde 2010 cun salario conxelado. A todas e todos nos gustaría estar nas nosas casas as fins de semana, os domingos, os festivos, e eses traballadores e traballadoras tamén. E hai un elemento para calquera plantel de traballadores públicos ou privados, que é o aboamento, precisamente, da penosidade. Pero resulta que esas persoas non só teñen que sufrir esa penosidade, non só sofren as quendas, non só traballan festivos e domingos, senón que aínda por encima non se lles paga ou, polo menos, non se lles aboa o cen por cento. Iso é totalmente incomprendible.

E non só asumen esa penosidade das quendas, da dificultade de conciliar, do traballo sen medios —porque ademais sabemos como están os puntos de atención continuada no noso país—, senón que teñen asumir que non se lles pague por iso. E o peor —dixémolo aquí e en comisión, e paréceme realmente un escándalo que non se asumira e que non se tomara ningún tipo de medidas cando un responsable de sanidade, que pode non ter coñecemento de como está a súa consellería, escoita tal cousa—, cando morre un familiar, cando teñen que pedir un permiso, días por unha enfermidade, por un falecemento —insisto, díxeno aquí no pasado pleno—, pode morrer un pai, unha nai, un familiar directo, fáiselles recuperar os días. E iso non só é totalmente inhumado senón que viola as mínimas normativas en materia laboral. Esa situación estase a dar na nosa Consellería de Sanidade, no Servizo Galego de Saúde, nos puntos de atención continuada, a día de hoxe, 2018, século XXI.

¡Como, cando se traslada esta cuestión por parte dos traballadores e das traballadoras, se pode desprezar este aspecto e non tomar ningún tipo de medidas! Porque estou segura de que vulnera máis dunha normativa de carácter laboral. E ¿como imos asumir que vostedes van tomar algún tipo de medida nese sentido se tampouco fan nada coa atención primaria no noso país? É totalmente sangrante. Téñense denunciado por activa e por pasiva as carencias de profesionais no noso país derivadas, en gran medida, da amortización de prazos.

E, con todo, hai peches en quendas de centros de saúde tamén nos meses de verán. Porque seguimos absolutamente igual. Estou segura de que a partir do mes de setembro nos imos cansar de inzar a Comisión de Sanidade de todos os problemas que van acontecer polas carencias de

profesionais nos centros de saúde. Porque, se xa hai agora listas de agarda nalgúns centros de saúde, ¿que non vai acontecer cando pechen quendas?, como xa están anunciando, por exemplo, no centro de saúde de Tui en relación coas quendas de tarde. É totalmente sangrante.

Seguimos sen entender, por certo, tamén por que non hai lista de contratación para os profesionais médicos en casos de atención primaria e cal é a política que se vai tomar neste sentido.

E, polo tanto —remato xa—, o que propoñemos é que se atendan os problemas específicos, específicos concretos, de urxencias de Santiago, auxiliares de Vigo, o problema do CHUO, atención primaria, puntos de atención continuada e que, en xeral se empecen a repoñer os profesionais. Porque imos ter un problema, non só agora senón en canto empece a calor, as vacacións, os meses de verán e de agora en diante cando empecen as xubilacións que están pendentes, que non sei se vai ter capacidade de abordar a Consellería de Sanidade.

Máis nada polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

A situación laboral do persoal da sanidade pública de Galiza vén sendo motivo de preocupación e de ocupación do Bloque Nacionalista Galego. Temos presentado, pois, moitas iniciativas a respecto desta situación, a respecto da redución de prazas, a respecto das ofertas públicas de emprego non satisfactorias, a respecto da precariedade laboral, a respecto da contratación por días e por horas e da situación de estrés da prestación asistencial na que desenvolven a súa actividade os traballadores e traballadoras da sanidade pública. E non imos cansar de repetir que as profesionais e os profesionais da sanidade son o capital humano, que é o máis valioso que ten o sistema público. E niso, cando menos de palabra, pois todos os grupos coincidimos. Seguramente o deputado ou a deputada que suba do Partido Popular, que suba logo aquí á tribuna, pois vai facer moitas loas aos profesionais, vai dicir que están moi agradecidos e que son uns profesionais fantásticos. E logo non se vai corresponder coas actuacións que fan nin cos recursos que poñen á súa disposición para que poidan desenvolver a súa actividade.

O Partido Popular na Xunta de Galiza compórtase como o peor dos empregadores co seu propio persoal. A Consellería de Sanidade tense verificado como o peor dos patróns co persoal. Compórtase co persoal cun «ou aceptas estas condicións ou impoño, ordeno e mando». E esta é a situación, a día de hoxe, xuño do ano 2018, na que nos encontramos: un persoal que segue cos acordos conxelados dez anos despois. No ano 2008 conxeláronlle eses acordos coa escusa da crise; un persoal ao que lle roubaron dereitos coa escusa da crise e que apenas lle devolveron unha nimia parte deses dereitos roubados. E este Partido Popular, no Goberno, cada vez que lle devolve unha mínima parte diso roubado, faino con grandes alharacas, coma se fose unha gran cuestión.

Eu teño que volver repetir que eses acordos o que pretendían era nin máis nin menos que un mínimo de reposición de dereitos, porque o persoal sanitario está á cola neses dereitos con respecto ao Estado e con respecto ao resto do persoal da Xunta de Galiza. Non teño máis que repetir esta cuestión, porque parece de xustiza que, un persoal que desenvolva a súa actividade pois nunhas condicións de 324 días ao ano e 24 horas ao día, domingos e festivos, cando menos teña as mesmas condicións que o outro persoal, pero nin tan sequera con esas lle parece suficiente ao Partido Popular.

Evidentemente, temos traído a este Parlamento as demandas do persoal dos servizos de urxencias de practicamente todos os hospitais; as demandas dos traballadores dos PAC, que denuncian que as súas condicións laborais non se revisan dende hai dez anos; efectivamente, dende o ano 2008. Denuncian que traballan continuamente en servizos mínimos. Que así é imposible continuar porque a situación de estrés e cansazo que padecen é insoportábel. E, sobor de todo, porque a calidade asistencial que ofrecen non é a calidade que deberían prestar. Non soportan máis esta situación, chegan un día si e outro tamén á casa esgotados, desesperados, porque traballan nunha situación límite das súas forzas.

Trouxemos aquí a situación do persoal de urxencias do CHUS porque, efectivamente, faltan medios, faltan recursos, faltan materiais. Non é unha situación puntual, é unha situación estrutural e hai que abordala como o que é, un problema estrutural, e hai que poñer en marcha solucións estruturais. En canto á situación dos TCAE do hospital de Vigo, a dirección deste hospital, en vez de poñerse do lado do seu persoal, ponse, coma sempre, a defender os intereses da empresa concesionaria do novo hospital de Vigo; é dicir, unha auténtica indecencia.

A semana que vén o BNG trae unha iniciativa aquí, a este Parlamento, para que o Sergas se poña do lado do seu persoal, defenda os intereses deste e non da empresa concesionaria.

Todas estas demandas son xustas e necesarias, e dende logo o BNG non vai cansarse tam pouco de traelo a este Parlamento. Por iso imos apoiar esta iniciativa, porque nove anos de Goberno do Partido Popular só supuxeron retrocesos nas condicións laborais, perda de dereitos, precarización, política de costas viradas aos profesionais, ouvidos xordos, prepotencia, ordeno e mando e imposición, e así non se pode tratar o persoal, que —insisto— é o máis valioso que ten a sanidade pública deste país.

Por iso apoiamos esta iniciativa e agardamos que nalgún momento o Partido Popular teña —non só de palabra e de palabrería— sensibilidade cos profesionais da sanidade pública, que —insisto— son o máis prezado que temos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente. Boa tarde.

Dende o Grupo Socialista imos apoiar a moción que se presenta, que ten numerosas reivindicacións, basicamente de dous tipos. Unha parte delas son certamente xenéricas, e algunhas delas son específicas sobre algúns dos centros. Cremos que en realidade se podían ampliar as específicas a practicamente todos os centros, coas particularidades de cada un, e que podería ser incluso —xa postos— algo máis ampla, pero entendemos a especificidade e comprendemos a intención específica de cada un dos puntos, por iso tampouco tiña sentido facer ningunha emenda, aceptamos a vontade do Grupo de En Marea de presentala neste sentido.

E é porque, basicamente nós compartimos a esencia que está detrás deste problema, que é un problema de persoal. Existe un problema grave de persoal na sanidade pública galega, tanto de calidade como de cantidade.

Ata o de agora, practicamente nós escoitamos nesta lexislatura que iso eran ensoñacións nosas, que isto era un alarmismo inxustificado, que estabamos en contra do sistema. Bueno, un pode intentar facer unha especie de recompilación de información, intentando evitar a información propia e apoiándose en información allea, que dan en moitos casos os profesionais ou os propios datos, e facer un breve repaso sobre algunhas cuestións.

Recentemente, algún medio de comunicación publicaba unha comparativa de datos sobre a ratio de profesionais por paciente no sistema galego comparado coa media española, e publicábanse 23 especialidades. Supoño que ao mellor non buscou afinar naqueles puntos onde estamos peor, senón que fixo unha valorización bastante clara dun sistema sanitario.

De 23 especialidades, en 3 delas equiparamos. Noutras 3 estamos mellor. Estamos peor cá media española en 17 das 23 especialidades en ratio de profesionais por paciente. Case, case, como os concelleiros que temos en Vigo. E só estamos mellor en 3, case como os concelleiros que lle van quedar en Vigo a vostedes dentro de pouco. (*Aplausos.*)

Os colexios profesionais din: Ter máis especialistas non é suficiente se non somos quen de que queden. E non o dicimos nós, dino os colexios profesionais. Ademais apuntan: «Non necesitamos máis prazas de MIR para algunhas cuestións e especialidades, pero si para pediatria e médicos de familia», cuestión esta que levamos defendendo no noso grupo moito tempo. Que se melloren os contratos dos xoves.

Xa o conselleiro de Sanidade dixo hai pouco —e isto é bastante curioso—: «Os traballadores falan de contratos de luns a venres e volver o luns ao mesmo sitio». E di: «esa fórmula non a utilizamos». E engade: «e se nalgún momento se utilizou, non estou de acordo.» É dicir, case todo era certo, salvo algunha cousa. Que é o mesmo que dicir: non houbo caixa B, pero non vai volver habela. É dicir, isto da linguaxe é moi curioso.

O conselleiro o que di é que esa fórmula non se utilizou. Un pouquiño despois, nunha entrevista, preguntánlle de novo, e a súa contestación xa é: *¡pues es lo que hay!* E hai tres semanas de diferenza. Tres semanas antes dicía que non había nada diso, e tres semans despois dixo, *¡pues es lo que hay!* Ás veces hai que caer da burra aínda que sexa tarde.

Os médicos alertan de que a precariedade laboral dos substitutos prexudica os pacientes. Presidente do Consello de Médicos. ¿Isto en que redunda? En cousas como o que xa se falou algún día aquí de Suecia, nunha entrevista a unha profesional galega que está en Suecia, que di: «*No vuelvo ni loca; en Suecia tengo 30 minutos para cada paciente.*» Febreiro do 2018. En maio deste ano, outro medio de comunicación, entrevistando a un médico de primaria: «*Hoy en siete horas he visto 50 pacientes.*». Fagan vostedes o cómputo: 30 minutos por paciente; 50 pacientes en 7 horas.

Isto leva a políticas de persoal bastante erradas. Vostedes lembran que en 2011 había unha política de xubilación na sanidade: 70 anos. En 2012 impuxeron 65 forzoso. En 2016 ampliaron a 67, e este ano a 68. Van subindo e baixando en función de como lles veña o tempo. Hai que planificar con certa visión de futuro. Por certo, a xubilación sábese aproximadamente no tempo con bastante previsión. Polo tanto, hai que ser un pouco previsible nese sentido.

O decano de Medicina ve o CHUS mortecino e pouco atractivo, e di que na senda da crise o estamos facendo mal. Menos do 15 % de MIR contratados de maneira estable no sistema. Os médicos queren que se contraten os MIR cando acaben a súa residencia, e despois, cando hai esta precariedade ¿en que deriva? En que o Tribunal Superior condena a Xunta por despedir a unha traballadora cun abuso de dereito raiando na prevaricación, ou a sentenza da Unión Europea, ou que *The Lancet*, aquela revista da que vostedes presumían moito, cando fixo un estudo sobre as enfermidades mortais, di que xa non estamos, por primeira vez na historia, entre as dez primeiras sanidades do mundo.

Esa é a súa herdanza. A herdanza recibida do Partido Popular vai ser que por primeira vez dende a Ley General de Sanidad non estamos entre as dez mellores sanidades do mundo.

Moitas grazas, señores do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

En primeiro lugar, pedir desculpa pola voz. Vou ver se resisto ata o final da intervención.

Eu creo, señor Torrado, que falou soamente dun punto dunha herdanza, e debería falar dalgún outro máis, pois moitos máis para falar creo que veñen reflectidos hoxe nalgún medio de comunicación. (*Aplausos.*)

É moi difícil, señora Solla, que o conselleiro se desculpara ou lle contestara na interpelación porque vostede na interpelación falou de todo menos do que estaba rexistrado na interpelación, que creo recordar que falaba de gripe de urxencias.

Efectivamente, vostede falou de traballadores, falou de listas de espera, falou de peches de camas, falou de MIR, falou das auxiliares de enfermería e incluso falou do persoal de radioloxía e laboratorio. E hoxe trae unha moción ómnibus a este pleno que é similar á intervención súa.

Con respecto ao punto primeiro da mesma, teño que dicir que se están a cubrir as ausencias do persoal do Sergas tanto en primaria como en especializada, sempre que o requiran as necesidades e, por suposto, sempre que haxa persoal dispoñible para esa substitucións. Vostede sabe que a día de hoxe substituír médicos de familia, pediatras e outros especialistas é practicamente imposible, tanto aquí como noutras comunidades autónomas. Se revisa un pouco a hemeroteca sanitaria, darase conta de que non estou dicindo nada estraño.

Doutra banda, nós pensamos que a planificación e dotación de prazas é unha potestade administrativa da organización que se realiza sempre a través da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma. Nós sabemos, e vostedes tamén saben, que as xerencias das distintas áreas sanitarias manteñen reunións periódicas coas xuntas de persoal, onde se tratan e negocian os asuntos de interese no ámbito de competencias de cada unha delas.

E con respecto ao punto das reclamacións dalgúns colectivos de urxencias do CHUS, eu creo que a explicación que deu na Comisión 5ª o doutor Aboal, o director xeral de Asistencia Sanitaria, deixou as cousas ben clariñas. Explicou o que había e o que non había; o que se reforzara e o que non se reforzara; e o material que se repuxera e o que no se repuxera. Eu creo que recolleu as cifras de todo, e paréceme moi atrevido que diga vostede que se poden falsificar as cifras da asistencia a urxencias dun hospital. Eu creo que iso é moi grave, creo que deu as cifras e que deu a media de pacientes que atendía cada profesional médico nas quendas de médico, e creo que esas cifras están moi por debaixo dos estándares de urxencias internacionais.

Realmente, a min o que máis me sorprende da súa moción son os puntos sexto e sétimo. No punto sexto pide ao Parlamento de Galicia que inste a Xunta de Galicia a retirar os expedientes sancionadores iniciados contra as auxiliares de clínica do hospital Álvaro Cunqueiro. Vostedes pretenden que se inste a retirar un expediente administrativo en trámite de investigación, diante das reiteradas desobediencias de parte deste persoal —segundo din os medios de comunicación— ás ordes emitidas por parte da Xerencia do hospital, despois de que un día se deixara de recoller a roupa sucia que estaba nas portas das habitacións e na UCI, e que non se trasladara a uns contedores de roupa que hai. Eu creo que iso todos temos claro que ten un risco evidente para a saúde das persoas ingresadas.

De verdade que non sei quen ten razón neste conflito, non sei se o ten Xan ou ten Pericán, e tampouco sei a quen lle van dar a razón, á Administración sanitaria ou á xustiza, non o sei, non o sei, pero creo —e deben estar comigo— que a actitude polo menos semella irresponsable polo risco que se podería producir para a saúde dos enfermos.

Posteriormente, organizouse un encerro na porta do hospital con berros e actitudes —que tamén apareceu nos medios de comunicación— que molestaban a doentes, visitas e traballadores do propio hospital, alterando o funcionamento normal, que foi suspendido despois de que a Xerencia avisara de que se ían entablar denuncias.

Eu supoño que os expedientes están en fase de recollida de probas, e será a Inspección quen decidirá se se constatan ou non incumprimentos e o que pode pasar. Eu supoño que vostede, señora Solla, non dubidará do persoal público da Inspección sanitaria do Sergas.

No noso grupo, desde logo, confiamos na pronta solución do problema, pero pensamos que a retirada dun expediente, á marxe dos procedementos establecidos, podería semellar prevaricación, e non imos instar a que se faga dese xeito.

E con respecto ao derradeiro punto da súa iniciativa, sorprende tamén que insten a atender as demandas dos traballadores dos puntos de atención continuada do Sergas. Non a negociar, como nos outros puntos; aquí trátase de atender.

As demandas presentadas están a ser estudadas polas xerencias. Hai reunións específicas do persoal para temas de competencia das mesmas, e están en comunicación constante entre elas por mor da necesidade e da importancia da cobertura deste servizo.

Agora ben, tamén sorprende que vostedes apoiem estas reivindicacións de movementos paralelos, neste caso un que se chama «PAC en pé de guerra», que vai á marxe dos mecanismos establecidos pola lexislación laboral, como poden ser sindicatos, comisións de centros, xuntas de persoal ou mesa sectorial, que representan os traballadores no seu conxunto.

Non imos apoiar a súa moción, señora Solla, polas tres razóns que lle dixen. Pensamos que se cobren con substitucións as ausencias cando se necesita e cando se pode. Que a creación de prazas é potestade da Administración e non doutras organizacións. E que se están a negociar cos representantes dos traballadores as distintas eivas que lle son transmitidas á Administración sanitaria.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Quero agradecer en primeiro lugar, e como é mester, aos grupos da oposición por apoiar esta moción de En Marea, e trasladarlle ao Partido Popular e ao seu voceiro de sanidade que benvido á defensa dos sindicatos como interlocutores dos traballadores e das traballadoras. Benvido, e grazas pola deferencia.

Pero a protesta non é ilegal, por moito que a vostedes lles pese e leven anos armando normas que precisamente penalizan a protesta. E se vostede di que retirar un expediente é prevaricar, explique por que onte se comprometeron dende a Xerencia de Vigo a retirar varios deses expedientes ás auxiliares de enfermería, ás que, por certo, estamos agardando saber cando vostedes lles van recoñecer o seu traballo, as súas competencias e a súa categoría. Non sabemos cando lles van conceder unha categoría C1.

Non sei se o xerente imputado é Xan ou é Pericán, señor Centeno, pero o que é irresponsable é que unha xerencia agarde un ano e medio dende que se iniciou o conflito. Porque primeiro foron os traballadores e traballadoras da limpeza, que tiñan dereito e tiñan razón, os que asumiron que non era a súa tarefa cargar cunha responsabilidade que era de vostedes de privatizar os servizos, de construír o hospital como o construíron, e logo, as consecuencias para os traballadores, tanto da privada como da pública. ¡Ano e medio levaban con isto! ¡Ano e medio levaban advertíndoo! E ata que non se lles deu a razón aos traballadores da limpeza nun xulgado, non se tomou ningún tipo de medida por parte da Xunta. ¿E que medida se tomou? Encasquetarlles o traballo aos traballadores e traballadoras públicos, que non teñen a culpa da privatización que fixeron vostedes dun hospital público. Esa é a irresponsabilidade, esa é a realidade.

E o que é un risco evidente non é que se acumulen as bolsas de roupa sucia; o que é un risco evidente son os recortes de persoal, que fan que a xente teña que agardar semanas, meses e anos nos casos das consultas —non como dicía o señor presidente no pasado pleno— para ser atendida. ¡Iso é un risco evidente! ¡Iso é unha irresponsabilidade! ¡E esa é a súa responsabilidade!

E comprenderán vostedes que se lles diga que teñen que atender as demandas dos puntos de atención continuada. ¡Era o que faltaba que, aínda por encima, foran negociar se devolven o que levan pendente de devolver dende o ano 2010. Vostedes deben noites, festividades... ¿A vostede parécelle normal que a unha persoa lle morra un familiar e teña que devolver o día? ¿Parécelles normal que fagan quendas que superan as 24 horas? É a Directiva europea, ¿non son vostedes tan europeístas? Nin sequera cumpren coa normativa vixente. Estase incumprindo a legalidade con estes traballadores, e estase incumprindo cos acordos que se negociaron con eses sindicatos, cos que vostede di que son os representantes e con quen hai que negociar.

Creo que negociar sobre o negociado é un absurdo, señor Centeno. A realidade é que non hai vontade de lles devolver aos traballadores os seus dereitos, nin sequera cando presumen do incremento do 3 % do PIB. ¿Onde van eses cartos? Dende logo, aos petos dos traballadores non. Traballar gratis os domingos, non poder pedir días, estar ao arbitrio de que lle concedan a un, ou non, unha quenda de traballo... ¿Pero que é isto? ¿Que sistema de explotación temos no sistema público de saúde? Non é decente, señor Centeno. Comprenderá que non poiamos asumir as afirmacións que se fan aquí.

E, evidentemente —e remato xa porque non me queda tempo—, que se diga que se cobren as baixas, os permisos e as vacacións sempre que o requiren as necesidades, comprenderá que é unha necesidade ir ao médico ou médica de atención primaria, ou ao enfermeiro ou enfermeira, e non ter que esperar unha semana e media, como nalgúns centros de saúde nos meses de verán. Se iso non é unha necesidade, non sei que vai ser unha necesidade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Moi boa tarde, pois esta non é unha tarde como calquera outra, dende logo é unha tarde distinta, das máis agradables que tivemos dende que entramos neste Parlamento. Así que temos que parabenizarnos, e parabenizar, por suposto, a todas as persoas que levan anos pulando para demostrar que se había vontade era posible rematar co Goberno austericida do Partido Popular. *(Aplausos.)* Que se había vontade era posible gobernar a prol das maiorías. Que se había vontade era posible rematar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Que nerviosos están!, ¡que pouco lles gusta a democracia!... Xa o sabemos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Que se había vontade era posible rematar coa corrupción, rematar coa patrimonialización das institucións; rematar, en fin, co Goberno do Partido Popular. Podíase e púidose.

É verdadeiramente unha mágoa que hoxe non estea aquí o señor Tellado —e tantos outros—. A desbandada no Partido Popular hoxe é terrible, están moi ocupados con outros mesteres. É unha mágoa que non estea, pero poderán pasarlle recado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Efectivamente puidemos, puidemos botar o Partido Popular do Goberno do Estado, como imos poder botar o Partido Popular do Goberno da Xunta de Galicia máis cedo que tarde, sen lugar a dúbidas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Escoiten... *(Murmurios.)* Deberían acostumarse a escoitar porque para iso se vén ao Parlamento, se non, pódese estar noutras cousas. *(Murmurios.)*

¡Escoiten! ¡Escoiten! Presten atención, porque igual non lles gusta pero a conta atrás non hai dúbida de que comezou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Falabamos no pasado pleno da protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago, das múltiples deficiencias detectadas e da necesidade de actuación contundente por parte da Administración na súa defensa. Nese senso, queríamos insistir: o Camiño non pode ser, como ata o de agora, unicamente un reclamo turístico. Debe ser coidado e conservado como parte do noso patrimonio. Esa é a única garantía de que permaneza. Pero, ademais de non garantir a súa correcta conservación, mesmo o seu potencial turístico, unha e outra vez alabado, acabará por verse ameazado.

Por iso dicimos na nosa interpelación que, tal e como o denuncian múltiples asociacións de defensa do Camiño de Santiago, a conservación debe e pode facerse doutra maneira. Nese

senso cabe entender a moción que traemos hoxe a esta Cámara, cunha serie de propostas modestas —ao noso entender— que poderían axudar á mellor conservación do patrimonio cultural dos camiños de Santiago.

En primeiro lugar, defendemos a proposta de presentar antes de que remate o presente período de sesións o Plan integral do Camiño, enunciado no artigo 82 da Lei de patrimonio de Galicia. Cumprir a lei. Así de ambicioso resulta o primeiro punto da nosa moción: cumprir a lei.

Dous anos despois de que vostedes, os deputados do Partido Popular, aprobaran a Lei de patrimonio cultural de Galicia, non sabemos absolutamente nada deste plan territorial integrado; (*Murmurios.*) un plan que —tal e como establece o citado artigo— debe servir para a efectiva protección do Camiño, e moi especialmente do seu patrimonio cultural.

¿Que explica que dous anos despois de aprobada a devandita lei non teñamos nova ningunha sobre o mesmo? ¿Hai algún prazo previsto para a súa previsión? Dende En Marea pensamos que é urxente facelo canto antes, por iso instamos a que o Goberno se comprometa temporalmente co asunto, de xeito que teñamos esta ferramenta canto antes.

En segundo lugar, propoñemos a presentación, no período de tres meses, dun informe sobre o previsible impacto do Proxecto da mina de Touro no Camiño de Santiago. Como xa denunciámos moitas veces dende esta tribuna, como denuncian por suposto as veciñas de Touro, que levan meses traballando de xeito incansable na Plataforma en contra da mina e que traerán a Compostela o vindeiro domingo, son moitas as ameazas que o Proxecto de megaminería de cobre trae apareladas: destrución medioambiental, por suposto; perda de postos de traballo; riscos para a actividade na ría de Arousa; perigos para a saúde; e un longo etcétera ao que tamén temos que engadir diversas ameazas sobre o Camiño de Santiago, un motor económico importante para a contorna e que pasa a menos de mil metros do lugar no que se ubica a mina.

Tal e como denuncia a plataforma, está suporá unha afectación directa do mesmo, da que a día de hoxe o Goberno non dixo absolutamente nada. Silencio. De feito, o conselleiro obviou ata en tres ocasións, na interpelación que lle formulamos no pleno pasado, esta pregunta, non lle mereceu nin un só comentario. Pois ben, queremos saber; as veciñas e veciños da contorna da mina queren saber, e teñen dereito, dende logo, a saber. Por iso a petición deste informe, porque precisamos datos veraces sobre o previsible impacto que tería o Proxecto de megaminería sobre o Camiño de Santiago.

Terceira proposta. Presentar, no período máximo de tres meses, un informe sobre os danos patrimoniais do Camiño producidos na última década. Que os danos existen é xa unha evidencia: parques eólicos, modificacións de trazados, asfaltados de tramos, substitución de pontes, talas de árbores, desvíos do Camiño etc. Nin o conselleiro tratou de contestar a nosa interpelación pasada. De feito, estaba ávido de repartir culpas e dicir que moitas cousas das que falabamos foran responsabilidade do Goberno bipartito na Xunta.

Nós xa dixemos que non nos interesa tanto repartir culpas como asumir responsabilidades, e máis que nada traballar en medidas que eviten que os problemas se repitan. Nese senso, é

necesario que se analicen pormenorizadamente as afectacións patrimoniais producidas nos últimos anos, co obxectivo de ver como podemos actuar para atallalas: ¿cando se fixeron?, ¿en que lugares? Hai puntos do Camiño especialmente sensibles, ¿como podemos actuar sobre eles? Estas son cuestións que entendemos fundamentais para tratar de recuperar e protexer o patrimonio cultural que forma parte do Camiño de Santiago.

En cuarto lugar, defendemos a posta en marcha dunha mesa de diálogo coas asociacións patrimoniais e do Camiño de Santiago para desenvolver un plan de conservación patrimonial. A idea fundamental é que o Camiño non pode estar unicamente en mans da Axencia Galega de Turismo, un organismo que ao noso entender non é axeitado para a conservación patrimonial. En primeiro lugar, porque, dende logo, non ten a competencia para facelo; e, en segundo, porque non é un dos seus obxectivos.

Sobre isto dicía o conselleiro no pleno anterior que a cuestión patrimonial era competencia desta dirección xeral. E si, sobre o papel si, pero a realidade é que, se comparamos os orzamentos vinculados co Camiño que xestiona a Consellería de Cultura e os que xestiona a Dirección Xeral de Turismo, asusta, non hai comparación posible. A aposta é clara: ¡turistificación absoluta!

É innegable que a xestión e o coidado do Camiño de Santiago supón unha atención permanente entre a súa conservación e a súa potenciación; riscos e oportunidades. Intereses que en moitas máis ocasións das desexables poden ser contrapostos; é dicir, van ser contrapostos.

Nese senso, e tratando de equilibrar a balanza, nós pensamos que sería interesante, urxente e necesario contar coas voces expertas na conservación patrimonial para traballar nun plan de conservación a medio e longo prazo. Ver como podemos revertir os danos producidos e, dende logo, como evitar que se sigan producindo. Como protexer o noso patrimonio da presión turística constante que se realiza día a día sobre el.

Por último, a nosa moción inclúe a proposta de presentar, nun prazo máximo de tres meses, as delimitacións pendentes do Camiño, nomeadamente a do Camiño portugués, que, tal e como expliquei na miña interpelación sobre o asunto, a Xunta debería ter xa publicadas. Porén, non sabemos por que as do Camiño portugués seguen nun caixón. Urxe sacalas de aí; urxe que o Goberno se poña mans á obra na súa aprobación, porque sen delimitación —sábena ben— é practicamente imposible aplicar a lexislación de protección do patrimonio histórico. A [...] semella ben sinxela: delimitar para protexer; protexer para conservar. Estas medidas —entendemos— axudarían a conservar o patrimonio e, dende logo, serían unha boa nova de cara a ese vindeiro Ano Xacobeo no que din estar tan preocupados.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Un pouco felices si que son estas tardes, só por ver un pouco crispado este lado da bancada; sempre é algo divertido. Pero eu son de moderado optimismo de todas as novas que veñan máis alá da meseta a respecto de como poidan beneficiar a este país. En todo caso, máis felices estaremos todos e todas se antes de que remate este período de sesións, por exemplo, vemos derrogada as reformas laborais ou a Lei mordaza. *(Aplausos.)* ¡Entón si que poderíamos falar dun pouco máis de felicidade! *(Aplausos.)*

¡E igual se lles ocorre a vostedes agora votar a favor de derrogar as leis laborais! *(Risos.)* *(Murmurios.)* Non sería a primeira vez que nos sorprenden con algo así. *(Soa unha campaña para pedir silencio.)* *(Risos.)* *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Eu, se queren... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Nin para alí nin para alí. Atención a quen fala, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...non digo que non teña interese o Camiño de Santiago, pero se queren reconverter isto nun debate sobre que posicións a respecto da cuestión laboral levar para Madrid, tampouco me importaría. *(Murmurios.)*

Centrándonos na cuestión da iniciativa, sobre que cuestións deberan render contas desde este lado do Parlamento, desde o Bloque Nacionalista Galego sempre defendemos que o Camiño de Santiago deba ser a oportunidade de fiar arredor del políticas ambiciosas e transversais que foran moito máis alá do que vén sendo a súa realización. *(Murmurios.)* Aínda que a algunha xente de aquí igual lle viña ben botarse a andar e parar de falar mentres as demais estamos intervindo. Vense un pouco tensos —insisto— e tensas.

Porén, como noutras esferas do ámbito cultural, desde a Xunta de Galiza vemos que na súa intervención falta un establecemento ordenado de prioridades. Sobre todo falta compromiso, falta proxecto de país e faltan recursos ben orientados. E o patrimonio é un exemplo ben claro de que, en relación co Camiño de Santiago, a Xunta de Galiza está máis preocupada das estatísticas, de poder presumir de moitos viaxeiros e viaxeiras a través del, de liderar esas estatísticas numéricas que dá ese monocultivo no que os números son o que máis lle importan, non en que tipo de riqueza se traducen esas visitas, que relación establecen as e os camiñantes co noso territorio, ou como isto pode repercutir no coidado do patrimonio, tanto desde unha perspectiva da Administración como tamén desde a propia conciencia e colectivización da necesidade de coidar ese patrimonio desde a veciñanza. Nós entendemos que o patrimonio pode e debe ser moito máis que un recurso turístico, que debe ser clave na autoestima colectiva tamén e no autoconecemento do que somos como pobo. Pero, se analizamos a combinatoria Camiño de Santiago e mais Xunta de Galiza, estamos vendo un cóctel da fatalidade que aplica o Partido Popular, unha visión curtopracista e simple do Camiño de Santiago, unha falta absoluta de planificación. E os resultados, ademais, falan por si mesmos. Vemos canto destina de recursos económicos en xeral ao patrimonio a Xunta de Galiza,

que ten un recorte acumulado de máis de 52 millóns de euros desde que o señor Feijóo é presidente deste país. Non sabemos que débeda histórica nos vai deixar se marcha para Madrid pero, desde logo, é a tormenta perfecta para que a Xunta teña desistido dese labor de tutela que non sempre cumpre como debería.

Así, vemos constantes incumprimentos e problemas graves que desde o BNG queríamos situar. E queremos recordar, ademais, unha cuestión moi importante, que é que, no que ten que ver co patrimonio, en lugar de traballar cos colectivos e coas asociacións que traballan neste ámbito de actuación, máis ben se puxo en contra. E foi incluso o propio Foro do Camiño o que tivo que denunciar ante a propia Unesco as actuacións que a Xunta de Galiza levou directamente sobre os camiños Primitivo e Norte.

Neste sentido, queríamos apuntar tamén outra reflexión, que é que tamén parece que nos diversos camiños de Santiago tamén hai clases, se se me permite a metáfora. Tense privilegiado o Francés por riba dos outros. Por certo, sempre tendo en conta o peso do número en lugar doutras potencialidades.

Non podo evitar tamén facer unha mención ao camiño que percorre a costa e pedirllas tamén aos señores do Partido Popular que nestes días de despedida do señor Rajoy que, por favor, que lle recorden que é Sanxenxo, que non custa tanto, non custa tanto, é Sanxenxo, (*Aplausos.*) non custa tanto. Incluso agora, se vai ter máis tempo libre, poder vir por aquí e facer unhas prácticas.

En fin, son moitas as cuestións que deixan que desexar. E, centrándome un pouco no que recollía a señora Chao na iniciativa, parécenos positiva a cuestión que recolle respecto da mina de Touro. Durante estes últimos meses chamábanos exaxerados e exaxeradas cando a oposición puñamos enriba da mesa a afectación dos ríos, e agora temos a constatación non por En Marea nin polo Partido Socialista nin polo Bloque Nacionalista Galego, senón por Augas de Galiza de que, efectivamente, eses ríos están afectados por contaminación por metais pesados. Pero son moitas máis tamén as cuestións que nos parecen positivas desta proposta: aquelas que sinalan os incumprimentos da Lei de patrimonio.

Insisto tamén en que, para nós, son importantes esas cuestións a respecto das franxas de protección que non se están a respectar nin para a tala nin para a plantación das especies que se debe. E para mostra un botón, xa que, aínda por riba, o Partido Popular, na Lei de implantación empresarial, nesa lei ómnibus, tamén aproveitou para relaxar a función fiscalizadora. Porque agora simplemente cunha declaración de responsabilidade xa se poden acometer esas talas, en vez de ter un trámite máis estrito. Tampouco hai ningún tipo de organismo de supervisión que aleatoriamente revise os camiños para ver se están a ser cumpridas. Tampouco se cumpren moitas cuestións —e dicíao a señora Chao na súa interpelación orixinal— respecto das distancias dos vertedoiros, das explotacións mineiras e demais.

En definitiva, é un exemplo máis de que á Xunta de Galiza lle gusta moito facer que fai. Pero agora mesmo, que estamos case no 25^o aniversario desa declaración de patrimonio pola Unesco, eu preguntome se cumpriu a Xunta de Galiza, se estamos a cumprir como país...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e o que iso debería implicar. E eu penso que a resposta é claramente que non, e que, polo tanto, deberían facer un pouco menos de publicidade e propaganda do Camiño e aplicar un pouco máis de recursos orzamentarios.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Ben, falemos do Camiño. Como todo o mundo sabe, o camiño faise ao andar, e nestes días moitos iniciaron camiños moi distintos que levan a moi distintos sitios. *(Aplausos.)* A min do que non me cabe ningunha dúbida é que o camiño que vai traer a prosperidade, o cambio e, por fin, vai abrir as ventás deste país é o camiño iniciado por Pedro Sánchez en Madrid. Ese é o verdadeiro camiño. *(Aplausos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo demais, o señor Feijóo, que está facendo o camiño ao revés —é dicir, que vai de Santiago a Madrid, seguindo non sei cal deses camiños— podería darnos un informe de como están eses camiños *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, dado que o está realizando ao longo destes días.

O que si sei é que os camiños de Santiago en Galicia —porque o Camiño, dende logo, está en países distintos, en autonomías distintas— os distintos camiños de Santiago en Galicia, están sendo tratados, como dicía a señora Luca, como un recurso turístico. E é certo. Fundamentalmente iso é o que lles importa, é unha visión curtopracista, ademais, porque o que lles interesa é o número de peregrinos que van e que veñen por eses camiños; pero a protección, non. E a protección é fundamental para un patrimonio cultural, arquitectónico e tamén paisaxístico de primeira importancia.

Que nunca lles preocupou o Camiño márcano ben os feitos. O primeiro que hai que facer para protexer un camiño é delimitalo. A Xunta tiña a obriga de delimitar os camiños, o primeiro deles o Francés —BIC dende 1985—. Non o fixo. Logo tiña, por lei, a obriga de facelo dende 1996, porque aí tiñamos a Lei de patrimonio cultural. Non o fixo. Non empezou a delimitar os camiños ata 2011, vinte anos despois. Iso é o que lles importaba o Camiño. ¿Quen empezou, en cambio, a delimitar algúns deses camiños? O Goberno de coalición entre o PSdeG e o BNG. Eses si comezaron a delimitar os camiños. Non puidemos terminar, non foi posible polo tempo, pero si que comezamos. *(Murmurios.)*

En cambio, o señor Feijóo, que está percorrendo o camiño a Madrid, deixounos aquí delimitados unha serie de camiños; pero, dez anos despois de chegar ao Goberno, quedan por delimitar o Camiño de Fisterra-Muxía, a Vía da Prata e o Camiño Mozárabe e, o que é moito

máis importante, o Camiño Portugués e o Camiño de Inverno. Digo que son os máis importantes porque o número de peregrinos polo Camiño Portugués está crescendo moitísimo e, como tal, está sendo en moitos casos atacado sen que se faga absolutamente nada.

E cando se pon, fundamentalmente a Xunta, a delimitar, hai múltiples problemas. Por exemplo, no Camiño Primitivo, polo que se levantaron moitísimas críticas do Foro do Camiño, de veciños, mesmo de alcaldes do Partido Popular, por como se estaba delimitando o Camiño Primitivo, no que estaba facéndose unha delimitación fóra da traza orixinaria e acabando con algúns dos valores culturais e ambientais importantes dese camiño. Non contentos con iso, o que se estivo condenando polo Foro, por moitos peregrinos e polos veciños é o tipo de tratamento que se lles está dando a moitos camiños. O Primitivo, que é o que eu máis coñezo, estase ampliando con máquinas pesadas, estase botando grava, estanse facendo verdadeiras atrocidades nese camiño.

Non teño máis tempo e, como non teño máis tempo, quero simplemente darlles unha visión gráfica, esta vez de como coida o Camiño a Xunta de Galicia. Vou ensinarlles unha casa medieval, de orixe medieval, que está adosada a un patrimonio da humanidade: a muralla de Lugo. Está en pleno centro do Camiño primitivo e é propiedade ¿de quen? Do Xacobeo, é dicir, do encargado de protexer e de promocionar o Camiño. E este, señorías, é o estado desa casa medieval propiedade do Xacobeo, en pleno Camiño Primitivo, patrimonio da humanidade pola Unesco, adosada á muralla de Lugo. Esta é a protección que está facendo a Xunta cos camiños.

Miren, cando isto que pertence ao Xacobeo está así, ¿que autoridade moral hai para pedirllas aos particulares que arranxen os seus edificios? É o Xacobeo o que ten isto. *(Aplausos.)* Eu creo que deberían pensalo, señores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora Chao, eu escoitei con moita atención a súa interpelación sobre o Camiño de Santiago a semana pasada, non podía ser doutro xeito, e mesmo hoxe, porque era a primeira vez que o seu grupo se refería a este asunto. E teño que dicir que me defraudou por un motivo básico: o seu descoñecemento sobre o Camiño de Santiago e a súa historia recente na nosa comunidade autónoma, case igual que a señora Presas.

Vostede subiu aquí a esta tribuna e falou de cuestións problemáticas do pasado e do presente do Camiño de Santiago atribuíndolle toda a culpa á Xunta de Galicia do Partido Popular. Vostede mesturou conceptos, fixo unha cocteleira cos lumes, as minas, os polígonos, os parques eólicos, as industrias... Todo está deteriorando o Camiño por culpa do Partido Popular. Non lle importou a contextualización, a temporalización dos feitos ou a responsabilidade com-

petencial. Quere dar a sensación de que hai un completo caos ao redor do Camiño. Non é certo.

Señora Chao, foron os gobernos do Partido Popular os que creron no Camiño de Santiago. Tanto é así que xa no ano 1991 foi o Goberno do Partido Popular o que creou a Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo, un ente exclusivo para poñer en valor a ruta xacobeá desde todos os ámbitos, coa vista posta naquel momento na celebración do 1993, o ano santo de 1993, pero que hoxe en día tamén continúa. Aquí empeza a escribirse a historia recente do Camiño. E se vostede botara unha ollada aos libros–memoria dos xacobeos 1993, 1999, 2004 e 2010, non diría cousas como que o Partido Popular concibe o Camiño coma un xigantesco parque de atraccións, ou que só se desenvolven políticas de explotación turística. Non é certo.

Se vostede lera o Plan director do Camiño de Santiago aprobado no ano 2015 vería multitude de accións dentro de cada liña estratéxica que non son de índole turística. Porque, señora Chao, xa llo explicou o conselleiro, para a Xunta de Galicia do Partido Popular o Camiño é un proxecto conxunto da acción de goberno, é integrador con outras administracións, é participativo coa sociedade civil, especialmente coas asociacións dos amigos do Camiño de Santiago.

Eu xa sei que para vostede é moi difícil entender isto porque vostedes son unha amálgama sen soldar, onde cada corrente ten os seus intereses e onde os intereses particulares priman sobre os colectivos, mesmo teñen deputados invisibles e irrelevantes. Por iso non entenden a acción integral dos gobernos populares para a posta en valor do Camiño de Santiago, pero tampouco entenden a Lei de patrimonio cultural de Galicia.

Mire, o artigo 82 non fala dun plan integral do Camiño, senón dun plan territorial integrado do Camiño. É dicir, dun documento de planificación urbanística que establecerá as liñas xeais para o mantemento e a conservación dos valores culturais do Camiño e para garantir unha ordenación do territorio harmoniosa integrada con eles.

Vostede pide que se presente un informe sobre o previsible impacto da mina de Touro no Camiño. Mire, segundo os datos dos que se dispón, a mina de Touro —mesmo vostede dixo aquí que estaba a un quilómetro— fica fóra do territorio histórico dos camiños de Santiago e mesmo fóra da súa área de amortecemento, fóra dos ámbitos protexidos e declarados BIC do patrimonio mundial. Deste xeito, a competencia para o seu estudo e impacto deberá facerse dende outras instancias competentes. Pero teña por seguro que, se nalgún momento o proxecto afectase o Camiño, a Xunta aplicará a lei, a Lei de patrimonio cultural e as leis que sexan precisas.

Solicita vostede un informe sobre os danos patrimoniais producidos na última década no Camiño. Mire, se a Administración autonómica ten coñecemento de danos no pasado, ou no presente, non fai informes, actúa; actúa segundo a lei, requirindo e sancionando.

Sobre as mesas de diálogo, vostede debería saber que nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra hai unha mesa de diálogo do Camiño na que se dan cita todas as administracións locais. Só falta a constitución da da provincia da Coruña. Malia que se pediu neste Parlamento

na sesión de setembro, está sen constituír, está pendente da Deputación. E ¿que votou vos-
tede, señoría, naquel momento en que pediamos a constitución? En contra, igual que o par-
tido do Bloque Nacionalista Galego.

E claro que si, señora Presas, en patrimonio hai clases, e as clases veñen determinadas polos
niveis de protección dos patrimonios. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Debería de
sabelo.

Finalmente, sobre a petición de delimitar nun prazo máximo de tres meses os camiños pen-
dentes, ratifica que descoñecen o que significa un procedemento de delimitación e a com-
plexidade para obter o documento de inicio que permita a incoación de todo o proceso
posterior. Por certo, a protección ten outros mecanismos vixentes hoxe en día alén da deli-
mitación.

Por iso, nós non imos apoiar a súa moción, señora Chao, pero de todos os xeitos quero facer
unha lectura positiva do seu esforzo e vou pensar que vostedes, En Marea, realmente teñen
unha preocupación pola conservación e posta en valor do Camiño de Santiago. Empecen,
entón, por amosar ese interese nos concellos onde gobernan, para facer bo o dito de que
«*valen las obras y no las palabras*».

E non quería rematar —permítame, señor presidente— sen ter unha palabra para a señora
Burgo. Señora Burgo, estea tranquila, nós estamos, porque arrieiros somos e no camiño nos
atoparemos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da moción, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Grazas, por suposto, ao Grupo Socialista e ao Grupo do BNG polo seu apoio a esta moción.
Ao Grupo Popular... en fin, pouca sorpresa. Nin o nerviosismo, nin a crispación, nin a sor-
presa que sen dúbida os envolve hoxe é quen de sacalos da súa postura habitual: o non polo
non, unha e outra vez. Tanto é así que incluso din que non a cousas que están nas súas pro-
pias leis. Claro, ¡así aproba leis calquera! Como papel mollado, sen interese ningún en facelas
cumprir porque poderíamos sacar unha cada día.

Co seu non están dicindo non tamén a cumprir coa propia Lei de patrimonio. Claro que, xa
digo, sorpresa pouca. Esta lei incumprírona dende o momento xusto de aprobala. Pero non
só iso, vostedes están dicindo non a ideas que mesmo recollen noutros documentos que
aprobaron e que citou agora aquí, como o Plan director e o Plan estratéxico do Camiño de
Santiago, de Galicia, 2015-2021. E fíxese, señora Antón, que ata sabemos ler; e si, lemos. Eu
non vou dubidar gratuitamente das súas capacidades, como fixo vostede, porque non aporta
nada. Vou dar por feito que vostede si que o leu. Entón saberá, señora Antón, que nel se re-
colle precisamente a proposta de incoar o procedemento de delimitación do Camiño portu-
gués, do Camiño de Fisterra-Muxía e do Camiño do sueste ou vía da Prata.

Falamos do mesmo. O que lles pedimos é que non sexa un enunciado onde hai tantos documentos que non serve absolutamente para nada. O que lles pedimos é que deixen de simular que fan e que fagan. Que o transformen nun compromiso e lle poñan data próxima, non dentro de vinte anos.

E temos que falar tamén da cuestión patrimonial. Nós propoñemos, efectivamente, unha mesa de diálogo participativa, porque pensamos que ese é o mellor xeito de proceder. Unha proposta concreta que casa perfectamente co Plan de actuación 2.2 do devandito Plan estratéxico —fíxese, si, lemos, ¡e ata entendemos ás veces o que lemos!—, que leva por título Reforzo dos mecanismos de protección e control do Camiño, así como a posta en valor do patrimonio. É máis, este plan —imaxino que o sabe— inclúe a proposta de establecer un programa de intervención priorizado sobre os recursos patrimoniais; actualización do catálogo patrimonial do territorio, das rutas do Camiño de Santiago, e a determinación das actuacións preferentes, especialmente do patrimonio catalogado como ben de interese cultural.

Como enunciado está fabuloso, pero a día de hoxe é iso, soamente un enunciado, ¡non fixeron absolutamente nada! Voten si á nosa moción e será tamén un si a sacar adiante parte dos seus propios plans, ¡así de ambiciosa é a nosa proposta! Será un si, dende logo, a defender e protexer o patrimonio cultural do Camiño de Santiago como legado do futuro para as nosas fillas. Sería apostar por camiños de futuro para toda Galicia, e non seguir afondando na política curtopracista do pan para hoxe e fame para mañá. E sería, sobre todo, ofrecer información sobre asuntos fundamentais que preocupan a toda a cidadanía. Xa llo dixen, vanllo dicir o día 10 nas rúas de Compostela. Non van poder ignoralo como acaban de facer aquí, como se fora un chiste. Terán que ter en conta o impacto que vai ter a mina de Touro sobre o patrimonio. Hai motivos para a preocupación.

O que esperamos da Xunta de Galicia, o que esperamos deste goberno, é algo de seriedade e de claridade cando se lle pide información concreta. Subirse aquí e negar que vai ter impacto é simplemente faltar á verdade. Pode facelo cos grupos da oposición, máis non vai poder facelo sempre coa cidadanía.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir a plenitude dos dereitos das persoas galegas retornadas

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 31372).

Emenda de modificación.

1. *Débase modificar o punto 4º do texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:*

«4º.-Modificar o criterio de concesión e xestión das pensións non contributivas por parte da Consellería de Política Social, incluíndo a efectiva percepción doutra pensión, sempre e cando o Imerso adopte este criterio nas súas instrucións, tal e como xa lle ten solicitado a Xunta de Galicia.

2. *Débase suprimir o punto nº 5 da moción.»*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Saudamos tamén as persoas e representantes do colectivo da emigración que hoxe nos acompañan neste pleno. E non me queda outra que facer un inciso previo, porque creo, señora Antón, que case non lle imos pedir explicacións sobre esa especie non sei se de ameaza velada ou... a verdade é que difícil entender. E falaba vostede de clases en termos de clase política. Eu creo que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón non podemos entender esa especie de ameaza. Parece que os sistemas parlamentarios de exixencia de responsabilidades políticas consolidados —si, señor Moisés— na Constitución están aí, e hai que saber gañar, e hai que saber perder, e hai que saber render responsabilidades políticas ante a sociedade española. Por iso hai cousas que terán nalgún momento que explicar. (*Aplausos.*)

Si, e dígoo con toda a tranquilidade, co máximo respecto político, pero tamén coa máxima exixencia política de respecto aos mecanismos parlamentarios e constitucionais. Aí están, e non traten de darlle volta á tortilla como están tratando de facer en diferentes ámbitos.

Pero imos á iniciativa que nos ocupa, porque é o que nos trae a esta moción e o que realmente lle interesa escoitar á sociedade, sobre todo aos colectivos de emigrantes retornados.

Esta moción, como saben, vai instrumentar e instrumenta a interpelación que o outro día tivemos ocasión, desde o Grupo Parlamentario Socialista, de formularlle ao vicepresidente e conselleiro de Presidencia nos termos que agora comentarei.

O outro día, precisamente o vicepresidente e conselleiro da Presidencia, con motivo da exposición da interpelación, dicíanos que, sinceramente —como sempre acudindo ao *Diario de Sesións*—, fraco favor lle estabamos facendo dende o Grupo Parlamentario Socialista á hora de poñer en tela de xuízo algunhas das accións que se estaban levando a cabo por parte do Goberno galego en materia de emigración, e non levando adiante políticas construtivas; e que deberíamos darlle unha oportunidade ao Goberno galego neste sentido.

Precisamente esta moción, como tantas mocións que se tratan neste pleno e as mocións que se teñen tratado anteriormente, son mocións, evidentemente, que instrumentan e que tratan de levar adiante políticas e actuacións de carácter construtivo.

Por iso nós, desde o Grupo Parlamentario Socialista, e en contacto, evidentemente, coas preocupacións e as sensibilidades dos colectivos e das asociacións de emigrantes retornados a Galicia, presentamos unha moción que se divide nos cinco puntos que de seguido quero clarificar dalgunha forma.

En primeiro lugar, o primeiro aspecto, o primeiro punto desta moción, vai dirixido, evidentemente, ao conxunto de emigrantes retornados, que practicamente dende o ano 2013, con motivo das campañas de acoso fiscal lanzadas polo ministro Montoro contra a emigración retornada que saíu de Galicia nos anos cincuenta, sesenta e setenta, recibiu, como digo, unha situación de acoso fiscal porque, como todos sabemos, en gran parte da emigración retornada as pensións equivalentes ás situacións de grande invalidez ou de incapacidade permanente non poden ser aplicadas como redución, como renda exenta, conforme establece a Lei reguladora do IRPF. E nese momento o ministro Montoro, mentres por unha parte si que se daba lugar a unha grande amnistía fiscal, cun grande apoio por parte da Administración tributaria, e sen someter a expedientes de recargo en exencións tributarias os grandes defraudadores fiscais que se acollían á amnistía fiscal —e non vou dar nomes de todos coñecidos—, por outra parte, os colectivos da emigración retornada estaban recibindo unha presión fiscal inadmisíbel.

Por iso nós, en primeiro lugar, e de forma coordinada, por suposto, co Grupo Parlamentario Socialista no Congreso, estamos dirixíndonos tamén, evidentemente, ao Goberno central que presidía o Partido Popular e ao Goberno central que agora vai presidir —e preside xa— o Partido Socialista para establecer con carácter de urxencia un procedemento de homologación das pensións do estranxeiro coas pensións da Seguridade Social para que aquelas que sexan por incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez estean exentas do IRPF e se exclúan de calquera requirimento que se fixera a efectos fiscais. E namentres non se dispón esta homologación, deben paralizarse os requirimentos que a Administración tributaria está a facer aos emigrantes retornados coas pensións públicas do estranxeiro destas características. E non procede que se inicien máis actuacións de xestión, de investigación ou de liquidación do IRPF aos colectivos da emigración retornada, porque lembremos que no proceso de regularización de seis meses do ano 2015, unicamente puideron regularizar a súa situación o 20 % dos emigrantes retornados ao noso país.

Nese sentido, insisto en que tanto esta moción como a proposición non de lei, como incluso unha proposición de lei de medidas urxentes en relación coa tributación das pensións procedentes do estranxeiro, foron e son as iniciativas que o Partido Socialista Obreiro Español está a tramitar nesta e noutras cámaras lexislativas, para que a situación da emigración retornada non siga sufrindo o acoso fiscal e a discriminación fiscal que está sufrindo en relación con outros obrigados tributarios do noso país.

En segundo lugar, o segundo punto da moción o que loxicamente exige é un cumprimento escrupuloso de todos os acordos transaccionados precisamente nesta cámara, na proposición non de lei que o noso grupo parlamentario presentara e que se debatera e se aprobara esa transacción co Grupo Parlamentario do Partido Popular do pleno do 24 de maio de 2017, que basicamente recollía catro puntos.

En primeiro lugar, como sabemos, demandabamos e seguimos demandando, evidentemente, tanto no Goberno anterior como no Goberno actual, unha acción do goberno do Estado firme prioritaria e prudente co Goberno da república de Venezuela que aposte polo diálogo e tamén pola garantía das liberdades democráticas naquel país.

En segundo lugar, demandabamos e seguimos demandando ao Goberno central unha solución urxente co Goberno de Venezuela para o cumprimento dos convenios de Seguridade Social entre España e Venezuela que se asinaron en 1988.

E no punto terceiro, daquela moción que transaccionamos e teremos ocasión de comentar, precisamente incorporabamos nesa transacción aquel mecanismo polo cal o que solicitabamos ao Goberno central, ao Goberno do Estado, era que establecese un mecanismo para adiantar —naquelas situacións sociais que así o exixisen— as pensións que non está pagando desde hai máis de dous anos o Goberno venezolano a aqueles emigrantes retornados de Venezuela que o están precisando cada día con máis urxencia.

Por iso, pedimos claramente que se impulse o inmediato cumprimento do acordo tomado nesta cámara con motivo daquela PNL transaccionada o 24 de maio de 2017.

En terceiro lugar, e en absoluta coherencia con esta solicitude, o que estamos é tamén solicitando ao Goberno central nesta moción, e en tanto aos galegos residentes en España non volvan recibir o pagamento das pensións por parte do Goberno venezolano, a dar efectivo cumprimento tamén ao acordado nunha proposición de lei que se aprobou precisamente na Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados en decembro de 2017 nesta mesma liña.

Nesa moción estabamos insistindo dunha forma clara en que se establezan mecanismos polos cales a Seguridade Social non retire os complementos de mínimos da Seguridade Social cando está considerando como criterio de cómputo de rendas que se obteñen non só as pensións oficialmente recoñecidas, senón as pensións percibidas. E nese sentido era o que se establecía nesa PNL no ámbito do Congreso dos Deputados que fora aprobada.

En cuarto lugar, e en congruencia, evidentemente, con algunhas cuestións que o outro día lle apuntabamos ao vicepresidente e conselleiro de Presidencia, o que é absolutamente urxente e necesario é que nos expedientes de xestión e de concesión das pensións non contributivas que tramita, xestiona e resolve a Consellería de Política Social, se teña en conta no réxime de incompatibilidades o criterio de pensión percibida, non o de pensión recoñecida por parte da emigración retornada de Venezuela, para poder acceder precisamente ás PNC.

E finalmente, o que estamos solicitando é que en relación con todo o colectivo das emigrantes e dos emigrantes galegos que están a retornar de Venezuela, dada esta crítica situación —porque lembremos que levan máis de dous anos e medio sen percibir a pensión do Goberno venezolano—, a Xunta estableza unha unidade especial para a atención integral deste colectivo, e mude, polo tanto, os criterios para poder resolver as PNC que si que están dentro do ámbito de xestión e de resolución do Goberno galego.

Este é o conxunto de medidas que reflectimos nesta moción para instrumentar aquela interpelación realizada ao vicepresidente da Xunta, porque, como dicíamos o outro día naquela interpelación no arranque da exposición, Galicia non está soamente nas catro provincias, Galicia está tamén na diáspora, e Galicia tamén ten unha obriga moi especial con todos aqueles emigrantes que teñen decidido ou que están case obrigados a retornar á nosa terra.

Máis nada. Esperamos o apoio dos grupos políticos da Cámara. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Sáudos a todos os que hoxe nos acompañan tamén na tribuna.

O reto demográfico, ao que terán que facer fronte boa parte dos territorios europeos nas próximas décadas, terá que contar, sen dúbida, coa emigración, e nese ámbito a nosa comunidade, Galicia, ten unha gran fortaleza no valor que nos aportan os galegos de primeira xeración, pero tamén os de segunda e de terceira, que residen no exterior, que poderán retornar a Galicia.

Para facilitar este regreso, o Goberno galego vén de poñer en marcha a estratexia Retorna 2020, cun orzamento de 235 millóns de euros. A obriga das distintas institucións é velar para que todos estes galegos, tanto os que deciden permanecer nos países nos que están como os que queren retornar, teñan as axudas da Xunta e de todas as institucións para que poidan desfrutar dunhas óptimas condicións de vida.

Nestes intres, de todas as colectividades do exterior e tamén dos retornados, os que máis nos preocupan son os de Venezuela. As políticas do Goberno venezolano están a provocar unha crise humanitaria sen paliativos. Ademais da falta de dereitos e liberdades, hai que sumar tamén a falta do máis mínimo, dende a alimentación ata as propias medicinas. Situación que viven os galegos residentes en Venezuela, pero tamén os galegos que retornan aquí, tal como xa se explicou na exposición desta moción.

Claro que si, señor Villoslada, nós queremos apoiar, unha vez máis, as iniciativas precisas para que esta situación se poida solventar. Fixémolo cada vez que veu aquí unha iniciativa neste sentido, e o propio vicepresidente da Xunta dicíao hai quince días: non estamos de acordo coa normativa estatal sobre a concesión de pensións non contributivas ou os complementos a mínimos, que teñen en conta as cantidades recoñecidas e non os dereitos efectivos, o que efectivamente se cobra. Igual que xa fixo a Xunta para conceder as axudas de integración social, que dende o ano 2016 recolle o que efectivamente se cobra e non os dereitos recoñecidos para poder dar estas axudas.

A nosa prioridade, é solucionar a situación dos retornados venezolanos que non están a cobrar as súas pensións, tal como recolle esta moción. Espero que por unha vez —espéroo sinceramente— tamén sexa a prioridade dos deputados e deputadas de En Marea e do BNG. Espero que por unha vez pensen como galegos, como pais, como nais, como fillos que non teñen o máis mínimo para darlles aos seus familiares por culpa dun goberno, o do señor Maduro. E espero que por unha vez pensen máis nos galegos que no seu amigo, o señor Maduro.

Señor Villoslada, espero tamén que o presidente Pedro Sánchez non siga a estela de Zapatero en Venezuela, espéroo sinceramente; porque non hai moito unha das razóns que daba Sánchez para non pactar nunca con Podemos era o vínculo do Partido de Pablo Iglesias con Venezuela. E non o digo eu, dicíao el textualmente: «El final del populismo es la Venezuela de Chávez: la pobreza, las cartillas de racionamiento...». Estaría ben saber que opina hoxe ao respecto o señor Sánchez.

Nós pensamos, dende o Grupo Popular, igual que pensabamos. Denunciamos a situación que sofren os galegos que viven en Venezuela e a situación que sofren os retornados que están aquí e que non están a cobrar as súas pensións. E mentres iso non ocorra, mentres esta solución non lles chegue, impulsaremos medidas como as que hoxe queremos apoiar.

Poñemos en valor tamén as que para axudarlles está levando a cabo a Xunta de Galicia dentro das súas competencias, actuacións que o Goberno de Feijóo fai, tanto en Venezuela como en Galicia. No ano 2017 os investimentos que se fixeron para Venezuela foron de 1,8 millóns de euros, e no ano 2018 serán de 2,2. Pero é que ademais, as axudas a emigrantes retornados o ano pasado multiplicáronse por 3 as inicialmente orzamentadas, para poder satisfacer todas as necesidades; o 80 % foron para venezolanos, un cuarto das bolsas de excelencia á mocidade tamén para venezolanos, e o 42 % das axudas ao retorno emprendedor, tamén para venezolanos.

Como dicía, as axudas de inclusión social que pon en marcha Política Social estanse facendo xa tendo en conta só os cartos que se cobran, non os cartos aos que se teñen dereito.

E na atención ao propio país, trabállase en axudas individuais, de emerxencia social, e tamén con entidades, para darlles o máis mínimo. En total, estívose a traballar durante o ano pasado con 2.500 familias galegas en Venezuela.

E volvendo xa á iniciativa, porque remata o tempo, dicir que nós votaremos a favor dos puntos 1, 2 e 3, e presentamos unha emenda para os puntos 4 e 5, que estamos dispostos tamén a transaccionar se non son aprobados eses puntos tal e como os presentamos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Enganáronme. Aquí pon señor Bará. ¿Cambiaron agora? Pois señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Si, si, foi absolutamente un erro noso.

Bo día a todas e a todos.

Formúlanse —xa o explicaba tamén o señor Villoslada na súa intervención— dúas cuestións nesta moción, na parte resolutiva, sobre as que xa se ten debatido precisamente nesta Cámara en anteriores ocasións; tamén o dicía o portavoz do Partido Socialista.

E tamén quero saudar as persoas que están sentadas e que nos acompañan na bancada. Non se poden facer xestos pero... está ben, que nos saúdan e nos acompañan desde a bancada de convidadas.

Unha primeira cuestión referida ao calote, esa estafa que atinxiu a milleiros de persoas no noso país, emigrantes retornadas, que viron como despois de décadas traballando fóra de Galicia, décadas de esforzo por sacar adiante as súas familias, despois de se xubilar recibiron e aínda reciben un tratamento fiscal desigual, un tratamento fiscal absolutamente inxusto, que os situou e os tratou como auténticos defraudadores, como se foran persoas defraudadoras.

Xa o dicía o señor Villoslada, e facía memoria respecto daquela amnistía fiscal. Pero é verdade que naqueles momentos, cando milleiros de persoas no noso país, emigrantes retornadas, se mobilizaban na rúas na defensa dos seus dereitos, o que viamos e o que iamos coñecendo era, día a día, casos de corrupción e malversación de dirixentes do Partido Popular. Mentres a esas persoas se lles trataba como defraudadores fiscais, coñecíamos día a día os casos de malversación de dirixentes do Partido Popular.

A día de hoxe xa sabemos que non eran nin un, nin dous, nin tres, ni catro, senón un sistema de corrupción institucional como recolleu esa sentenza da Audiencia Nacional. Por certo, páxina 155, *xustiza poética*. E quero facer aquí un inciso, porque aquí nesta tribuna dedicámonos a diseccionar as democracias doutros países, a dar leccións de democracia por todo o mundo, pero pouco ou nada miramos para cal é a situación que atinxe á democracia no Estado español. E máis que dar leccións ao resto de países, deberíamos preocuparnos e preguntarnos máis como pode ser posíbel que existisen contabilidades B desde que eu nacín, ¡desde que eu nacín! (*Aplausos.*) Desde o ano 1989.

Precisamente foi a mobilización social desas persoas que están aí arriba sentadas, a mobilización social constante, durante anos, das plataformas de persoas emigrantes retornadas, a que conseguiu, con moita loita e con moito esforzo, que se aprobasen reformas legais que parcialmente paliaban esa inxustiza fiscal e se trato absolutamente inxusto que estaban a recibir por parte do Goberno español.

Mais esas mudanzas non son suficientes, non está todo feito, como tamén temos denunciado por parte do Bloque Nacionalista Galego nesta Cámara. De feito hai un acordo, alén dos que

sinalaba o señor Villoslada na súa intervención de abril de 2017, por iniciativa do BNG, reclamando precisamente un trato xusto para as pensións de invalidez. Naquel momento —e quero ler ese acordo de abril do 2017— o Parlamento instaba a Xunta de Galiza a que se demande do Goberno español que nas negociacións dos convenios de dupla imposición se introduza unha cláusula que permita o recoñecemento dos certificados de invalidez de calquera dos estados contratantes para os efectos das obrigas tributarias que poidan ter as súas pensións no país de residencia da ou do pensionista.

Desde aquel momento —insisto, abril do 2017— nada se fixo, nada se ten avanzado por parte da Xunta de Galiza, e proba diso é que están recibindo esas persoas novas sancións e novos requirimentos. É unha situación absolutamente inxusta, e nós imos apoiar —como levamos facendo desde o comezo, desde que tivemos constancia deste tratamento inxusto, deste tratamento desigual e deste calote— esa proposta que trae hoxe o Partido Socialista.

Alén diso, tamén se formulan unha serie de puntos referidos á situación que atinxe ás emigrantes galegas retornadas que proceden de Venezuela que non están a percibir as súas pensións. Eu teño que emendar o que acaba de dicir, señora Arias, porque desde o BNG nós sempre apoiamos o dereito desas persoas a percibir as súas pensións. Iso é un dereito, independentemente de que nós non compartimos —e xa o temos dito moitas veces nesta Cámara— a visión que vostedes teñen do que está a acontecer en Venezuela.

Esa é a posición do BNG. Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Boa tarde.

En primeiro lugar, saudamos as persoas que nos acompañan.

Queremos comezar sinalando que, a nivel xeral, a realidade é que nin o Goberno de España nin a Xunta tiveron un trato acolledor durante estes anos para as persoas emigrantes retornadas, malia a propaganda.

En primeiro lugar, queríámonos referir a esas campañas do que se pode denominar acoso fiscal da Axencia Tributaria, exixindo a regularización retroactiva no IRPF nas pensións cobradas nos países de acollida, a pesar da dobre imposición. Unha situación que afectou a milleiros e milleiros de pensionistas no noso país, e que agora —como xa foi lembrado aquí— volven a ser acosados por Facenda, volve haber ese tipo de requirimentos.

Esta penalización, por certo, mesmo recibiu chamadas de atención por parte da Unión Europea, por iso estamos a favor da necesidade da homologación do trato fiscal das pensións do estranxeiro coas da Seguridade social. Foi moi acaída a comparación entre o acoso fiscal ás persoas que durante toda a vida traballaron arreo coa amnistía aos grandes defraudadores. Isto aquí tráenos a comparación entre a corrupción estrutural, xeneralizada e demostrada

durante anos do Partido Popular e a maioría de xente honrada, e non queremos deixar de dicilo.

Antes de seguir desgranando as distintas medidas desta moción que nos propón o Partido Socialista, tamén queríamos aproveitar para lembrar que houbo unha serie de medidas lexisladas para as persoas emigrantes retornadas.

Hai que sinalar aquí o vergoñento fin do acceso universal á atención sanitaria. Temos agora unha oportunidade, señores do Partido Socialista, para recuperar a universalidade na atención sanitaria. Estaba tamén a dificultade de acceso aos servizos sociais ou axudas. E tamén nunca deixamos de lembrar aquí o especial sangrante caso que padeceron os mariñeiros galegos que traballaron nos buques de Noruega nos anos anteriores a 1994, que son considerados traballadores emigrantes por aquel país, porque se considera que no residían nel ao non estar traballando fisicamente en terra firme, e, polo tanto, quitóuselles o dereito a prestación de ningún tipo. Sen embargo, a pesar de estarmos a falar de persoas cunha media de 80 anos de idade — algunhas delas faleceron reclamando os seus dereitos —, a pesar disto, nin o Goberno galego nin o español tiveron interese na vía diplomática para resolver esta situación, e agora véñese falar de diálogo a respecto de Venezuela, pero non se tivo en conta esta situación con Noruega.

A interpelación do pasado pleno centrouse tamén, fundamentalmente, no caso das persoas emigrantes retornadas de Venezuela que non están cobrando as pensións do seu país. Non imos entrar a analizar as súas complexas causas, que inclúen tamén bloqueo financeiro e económico. O que si que queremos sinalar é a situación de precariedade e abandono na que se atopan moitas destas persoas, ao non ter outro tipo de ingresos no noso país.

Temos que ter en conta que estaríamos falando dunhas 3.500 persoas venezolanas xubiladas, residentes no noso país, en Galiza, que, efectivamente, non están a percibir esas pensións. E no caso de ser menores de 65 anos, sen prestacións do Estado español, ás que accedían tras demandas xudiciais.

Este colectivo de persoas —como digo— en gran parte teñen unha situación límite, dado que, ao non contar con ningún ingreso, teñen que recorrer a aforros, ao apoio familiar ou mesmo a entidades de solidariedade. Entón, mentres non se recoñeza que de facto estas persoas xubiladas non están a recibir as prestacións, non poden ter acceso ao sistema de axudas estatal en moitos casos. E tamén sucedía en Galicia que non podían ter acceso á Risga. Quero lembrar que aquí a Xunta lle denegou o acceso á Risga a unha muller que estaba a cobrar a Risga pero que recibiu unha notificación por parte da Consellería de Política Social na que se lle informaba que en xaneiro deixaría de ingresar a Risga por —literalmente— «ter recoñecida unha pensión por importe superior ao da prestación da Risga que lle correspondería percibir». Tratábase do recoñecemento, como saben, desa pensión de Venezuela, que, efectivamente, non estaba a percibir.

Semella un contrasentido, pero nós enmarcámolo nesa teima de politizar a situación interna, de utilizar Venezuela para facer política partidaria interna do Partido Popular, en lugar de preocuparse estritamente polos problemas desta comunidade de persoas que, efectivamente, están a padecelos, tanto no noso país como en Venezuela.

Nós non frivolizamos sobre a situación difícil que están a padecer moitas persoas de Venezuela. Por iso imos apoiar algúns puntos da súa moción, pero non podemos votar a favor do punto 2 porque introduce referencias a acordos dunha PNL que foi transaccionada no 2017 nesta Cámara e que supuña unha política inxerencista.

Pola contra, sen embargo, a PNL aprobada na Comisión de Emprego e Seguridade Social, á que se refire o punto 3 —e temos aquí os puntos—, si nos parece acaída e estritamente referida á necesidade de mellorar a situación social do colectivo de pensionistas de Venezuela. Polo tanto, se teñen a ben a votación por puntos, votaremos a favor dalgúns. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo autor da moción, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas presidente.

Antes de nada, agradecer cos matices que se comentaron, e que terei oportunidade de comentar brevemente, o apoio dunha forma global dos grupos políticos da Cámara a esta moción.

Señora Arias, a posición de Pedro Sánchez en materia de Venezuela estivo sempre absolutamente clara en defensa das liberdades públicas, en defensa dos procesos electorais transparentes e en defensa dos dereitos humanos. *(Aplausos.)* É dicir, nese sentido, non creo que en ningún momento se teña ningunha dúbida. *(Aplausos.)* E non falemos doutros ex-presidentes, porque nos traerían malos recordos algúns ex-presidentes desde as Illas Azores, etc. *(Murmurios.)* Si, deixémolo. *(Murmurios.)* Xa sabemos que os ex-presidentes teñen unha posición ás veces distinta, difícil, pero non traten de evadir responsabilidades porque estamos ao que estamos. E, nese sentido, o actual presidente do Goberno ten un compromiso —como digo— coas liberdades públicas, os dereitos humanos e os procesos electorais transparentes —repito— absolutamente indiscutible. De feito, o Partido Socialista presentou mocións neste sentido, como saben perfectamente, no ámbito das Cortes Xerais.

E case me atrevería a dicirlles, nesa especie de anuncio dos orzamentos de 2018 que parece ser que van emendar no Senado, que en materia de reforma da Lei do IRPF, para viabilizar precisamente esa homologación das pensións dos emigrantes retornados, emenden os orzamentos nese sentido. Ese sería tamén o compromiso do Partido Popular con este tema en materia de orzamentos xerais do Estado. Teñen esa oportunidade de facelo, non só por revancha co PNV. *(Murmurios.)* Si, si, si, teñen a oportunidade, se non, falamos con motivo doutra... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por suposto, *(Murmurios.)* porque para iso imos gobernar. *(Murmurios.)* Pero por iso precisamente... *(Murmurios.)* Ben, ben, pois aplíquense o conto no labor de oposición política. *(Murmurios.)*

Entrando á cuestión específica sobre as emendas, respecto da presentada por parte do Grupo Parlamentario Popular estaríamos en condicións de chegar a unha transacción nos puntos 4 e 5, porque, en definitiva, o que estamos solicitando é que precisamente o Inerso cambie o criterio, para que precisamente a Consellería de Política Social cambie os seus criterios á

hora de xestionar e de conceder as pensións non contributivas. E o que si consideramos importante é que en toda a estratexia sobre a emigración retornada se estableza un protocolo especial que atenda de forma integral o colectivo da emigración venezolana retornada. Por iso creo que nese sentido poderíamos chegar a esa transacción.

Agradecer tamén a intervención e o apoio do Grupo do BNG, da señora Rodil, ao texto e aos puntos desta moción. E igual diría ao cen por cento, pero non pode ser, señora Verao, en relación con En Marea, porque si que nos gustaría ter recibido —non nós, senón o conxunto da emigración retornada, e especificamente os emigrantes retornados de Venezuela— un apoio máis unánime a todos estes puntos. Porque nós falamos de problemas, de liberdades públicas, de dereitos humanos, de procesos electorais non transparentes en Venezuela e tamén noutros países, pero o que ocorre é que hai moitísimos galegos e galegas vencellados a Venezuela, tanto traballando, vivindo, como retornando. E por iso para nós é unha preocupación especial, e non unha instrumentalización política dun problema da emigración.

Máis nada. Ese sería o sentido da nosa posición sobre as emendas. *(Aplausos.)*

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Despois le a transacción? Grazas.

Finalizado o debate das mocións, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla Fernández. Non hai emendas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación e as condicións laborais do persoal do Sergas

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Luca Chao Pérez. Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada.

Hai varias propostas. Unha das propostas é unha transacción sobre os puntos 4 e 5. E tamén hai unha proposta de petición de votación por puntos.

Vostede nos dirá, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señor presidente, aceptaremos, evidentemente, a votación por puntos. En todo caso, os puntos 4 e 5, que transaccionariamos na emenda presentada por parte do Grupo Parlamentario Popular, quedarían coa seguinte redacción:

«Punto 4. Modificará o criterio de xestión e concesión das pensións non contributivas por parte da Consellería de Política Social, mentres se dean as circunstancias expostas no parágrafo anterior, para incluír a efectiva percepción doutra pensión, sempre que o Inersa adopte este criterio nas súas instrucións.»

E o punto 5 tería a seguinte redacción: «Dada a crítica situación dun gran número de galegas e galegos retornados de Venezuela, que levan máis de dous anos sen percibir as súas pensións do Goberno daquel país, a Xunta de Galicia establecerá un protocolo especial para a atención integral deste colectivo.»

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entón, a cousa podería quedar da seguinte maneira, e se acepta a votación por puntos, podemos votar os puntos 1, 3, 4 e 5.

Vostede, señora Vázquez Verao, manifestara que co punto 2 non estaba de acordo.

¿Válelle a vostede, señor Díaz Villoslada?

(O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.)

Vale, ¡perfecto!

Entón votamos, en primeiro lugar, os puntos 1, 3, 4 e 5, coa transacción que acaba de ler o señor Díaz Villoslada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir a plenitude dos dereitos das persoas galegas retornadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia queda aprobada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto 4 da orde do día, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 8675)

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a tipificación dun novo delito de enriquecemento ilícito, conforme aos principios constitucionais.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde, señor presidente.

Señores deputados e deputadas.

Os galegos e galegas, señores do Partido Popular, fomos ao longo dos séculos persoas sinxelas, honestas, traballadoras e honradas. O esforzo realizado para sacar adiante este país foi un labor conxunto no que a propia cidadanía se viu condenada á diáspora, á emigración, porque a pobreza empuxaba e non permitía outra solución; a día de hoxe seguimos igual, desafortunadamente.

En pleno século XXI Galicia non merece un goberno que representa a un partido rodeado de corrupción e que ademais non responde ás necesidades nin resolve os problemas educativos, laborais, sanitarios e culturais da súa xente.

Vostedes cometeron fraude fiscal, suborno, malversación de caudais públicos, prevaricación, branqueo de capitais, tráfico de influencias, e véñeno facendo dende hai anos. A sentenza do caso Gürtel supuxo un claro reflexo desta triste realidade. Estamos ante unha corrupción institucional, e o que é máis grave aínda, actuouse dende as institucións políticas, fronte ás súas múltiples formas, con gran permisividade.

Durante anos estiveron cometendo delitos e permitíronos sen poñer freo; e, deste xeito, coñecemos múltiples —demasiados— casos de membros das súas filas célebres por mansións, áticos, viaxes, contas en Andorra, Suíza, as illas Caimán, Confetti, Jaguars no garaxe, sobres en B, sobresoldos de todo tipo e contas multimillonarias á saúde dos cartos de todas mentres o país agonizaba coa crise e a poscrise. ¡Unha vergoña!

Unha vergoña que ademais ten unha translación nesta Cámara, que é a súa maioría absoluta. Esa maioría absoluta da que sempre fan gala para sacar peito e outorgarse lexitimidade á hora de tomar medidas autoritarias contra os galegos e galegas. Unha maioría absoluta, na nosa opinión, e xa dito pola xustiza, dopada e baseada en facer trampas e cometer delitos xa de xeito probado, e baseada na corrupción, porque a sentenza da Gürtel vincula directamente o Partido Popular de Galicia co financiamento ilegal da organización, co financiamento ilegal a través da corrupción, tal e como xa contara o seu ex-secretario de organización, Pablo Crespo, na Audiencia Nacional e no Congreso dos Deputados hai escasos meses.

Ese señor que o presidente Feijóo quere ocultar aos galegos e galegas dando ordes directas na TVG de ocultación informativa, denunciado polos traballadores da canle, pero que si é informado por canles privadas a nivel estatal, para o seu enoxo, a bombo e platillo. Así que ¡mala sorte, señores do Partido Popular de Galicia! Unha gran parte dos galegos e galegas saben quen é o número 2, condenado a 37 anos de cadea, da trama Gürtel: Pablo Crespo, secretario de organización do Partido Popular de Galicia e mantido no seu posto polo señor Feijóo. E vostedes gañaron as súas maiorías absolutas aquí en Galicia a través do lodazal da corrupción e facendo trampas constantemente.

A realidade de Galicia é completamente distinta á dos señores cos que vostedes operan. E ata hai nada podíamos dicir que vostedes mesmos viven moi acomodados utilizando os cartos de todas para vivir por riba das nosas posibilidades, das posibilidades da xente que se levanta cada día para sacar adiante este país, deixando a pel pese a vostedes. (*Murmurios.*)

As altas cifras de desemprego; a precariedade en todos os eidos; os problemas coas axudas á dependencia, que cada día que pasa vai incrementándose debido a unha poboación máis e máis envellecida; a falla de alternativas para os mozos e mozas; a privatización, a falla de recursos e a deterioración dos servizos sanitarios e educativos; os recortes; as contratacións ás empresas amigas para defender intereses contrapostos aos da xente que teñen que gobernar; os investimentos en construcións megalómanas, as famosas obras faraónicas, malgastando os cartos das contribuíntes; e no fondo da paisaxe, a corrupción que asoma a súa cabeza e estende os seus tentáculos. Algo que denunciabamos a través daquel Tramabús, que para o señor Feijóo era unha anécdota e que, para desgraza de vostedes, se converteu nun pesadelo feito realidade.

En Galicia xa non quedan nomes para alcuñar a corrupción do PP galego. O imaxinario infantil de narracións extraordinarias está practicamente esgotado: Pokémon, Pikachu, Champion, Carioca, Patos... Como se acordara previamente nesta Cámara, na Comisión 1ª, por unanimidade dos grupos parlamentarios, incluídos vostedes, este goberno comprometeuse a instar o Goberno central para que se levara a cabo a modificación do Código penal no tocante á inclusión dunha figura xurídica que pretende loitar contra a corrupción, que é a do enriquecemento inxusto ou ilegal. Gustaríanos saber cal foi o seu traballo para levar á realidade algo que aproban nesta Cámara, e se realmente defenden dalgún xeito as institucións e a democracia.

Con esta PNL queremos evitar e denunciar prácticas, unha vez máis, antes de que se convertan en delito, porque ese é o gran drama. Non basta con que vaian ao cárcere, é o mínimo; o realmente grave é que pasen estas cousas no noso país mentres a cidadanía sofre.

Ademais é fundamental aprobar este tipo de PNL para non ter que volver oír manifestacións nas que se afirma o seguinte: Recibía cartos de xeito irregular; donativos que non se declaraban. Si había financiamento irregular do PP. Cada ano recadaban máis ou menos 300.000 euros; en campaña electoral incrementábanse ata 3 ou 4 millóns de euros, pero só se declaraba un millón. Do que se percibía de financiamento, o 35 % era regular e o 65 % irregular, de cartos que non se declaraban. Si, eu téñolle entregado nun cartafol 21 millóns de pesetas en efectivo ao tesoureiro do Partido Popular; case todo procedente de construtoras de obra pública, porque, grazas aos donativos, había sobresoldos.

¿Saben de quen son estas palabras? Do seu ex-secretario de organización, o ben coñecido por vostedes persoalmente, o señor Pablo Crespo, na entrevista con Jordi Évole —o novo azoute do señor Feijóo—, que recibía cartos directamente para vostedes, para o PP de Galicia, para financiarlos irregularmente.

Este goberno, tendo en conta a situación actual do Partido Popular no resto de España, ¿pode presentarse ante as galegas e os galegos e dicir que ten toda a intención de loitar contra a corrupción caia quen caia? ¿Pode o señor Feijóo asegurar sen ambaxes que os actos cometidos por calquera funcionario, cargo político ou servidor público que impliquen un enriquecemento do seu patrimonio persoal de forma inxustificada merecen ser castigados pola vía penal? ¿Ou, pola contra, o que estamos é ao titular do día e a salvar os mobles con compromisos baleiros sen ningunha intención de cumprir, para que a cidadanía crea que o seu

partido é quen de erradicar a lacra da corrupción? ¿Ten intención de erradicala, namentres vemos desfilar todos os cadáveres políticos que van deixando polo camiño, sendo o último censurado o ex-presidente do Goberno, M. Rajoy, e dende hoxe ex-presidente do Partido Popular?

Non é por ser pesimista, pero, vendo os precedentes e os recentes acontecementos, todo apunta a que veñen tempos difíciles, nos cales a loita contra a corrupción é a menor das preocupacións do Grupo Popular e a menor das súas batallas, máis ben hai unha loita persoal para evitar que vos siga salpicando toda unha trama como a Gürtel. Veñen novos casos, a Lezo, a Púnica, pero esta sentenza da Audiencia Nacional condena xa o seu partido. ¡Si, condénao!, salvo que, igual que fixo a semana pasada o señor Puy, pretendan vostedes vir aquí negar a maior como fan en Madrid, dicindo que non se condena a ninguén do Partido Popular, nin ao Partido Popular, senón que o que houbo son persoas que fan cousas, tal e como dixo a señora secretaria xeral e ex-ministra, María Dolores de Cospedal, famosa polos soldos en diferido e tamén porque non existía unha caixa B no PP, pero despois... Tranquilos que non vai existir nunca máis unha caixa B no Partido Popular, contradicindo na mesma frase o seu argumento. E nós o que dicimos é se o señor Feijóo vai facer cousas tamén. Pero, se pode ser, que faga cousas boas. E solicitámoslle que en nome dos galegos e galegas, mentres os representa polo momento, mentres non o chaman de Génova, que o presidente da Xunta impulse unha reforma do Código penal para introducir novas figuras, máis sinxelas na súa formulación, que garantan o normal e correcto funcionamento dos cargos e empregos públicos; que permita combater contra a corrupción e a súas consecuencias sociais e sancione no ámbito penal a ilícita obtención de beneficios económicos, de maneira xustificada, de funcionarios, políticos e servidores públicos, porque toda a cidadanía de Galicia e do Estado está absolutamente escandalizada.

Como xa indicamos noutras ocasións, a corrupción é un dos principais problemas para os cidadáns segundo o CIS. A segunda preocupación, nin máis nin menos. É obriga de todas nós nesta Cámara facer que esta percepción mude, e temos nas nosas mans as ferramentas para cubrir eses baleiros legais que hoxe en día xeran impunidades polas deficiencias probatorias, o que tamén vai unido ao problema dos funcionarios de xustiza deste país, que non teñen os recursos suficientes para facer o seu traballo e pelexar contra a corrupción.

O propio Consello Xeral do Poder Xudicial informa que nos últimos anos chegaron aos xulgados de Galicia máis de mil delitos de prevaricación, malversación, tráfico de influencias ou suborno, dos que máis dun centenar foron levados a xuízo. ¡Mil delitos! ¿Que pensan vostedes destes datos? Ou que, efectivamente, hai moita xente inocente, ou, lamentablemente, que non hai unha resposta legal acorde aos feitos cometidos, e podemos poñer exemplos como a operación Patos, un proceso que levou máis de catro anos de instrución e ameaza con deixar a moitos culpables sen cumprir a súa pena. O caso Baltar, condenado, si, pero con figuras penais como esta a pena podería ter sido maior e o resarcimento tamén. O caso Campión, cuxa sentenza condena a cargos públicos do PP de Galicia por corrupción, aos que, por certo, a Xunta evitou acusar precisamente porque o señor Feijóo non vía responsabilidade penal, senón unha simple falta de dilixencia.

Pois permítame dicirlle que non estivo moi atinado, e tal vez no futuro —sobre todo se se postula para suceder ao señor Rajoy—, coa inclusión desta figura xurídica, poida apreciar

mellor a diferenza entre responsabilidade penal e unha mala xestión que se fai sen querer, querendo. Entre outros casos que fan que exista unha alarma social máis que xustificada pola corrupción.

Con todo, dende En Marea —e vou rematando— pedimos que traballemos conxuntamente todos os partidos políticos para mellorar a situación do país. A corrupción é un problema estrutural que día a día fai que se levante o cidadán e a cidadá de a pé sobresaltada por cada novo caso de corrupción, que xera unha descomposición no sistema que non permite levar a cabo de xeito adecuado un desenvolvemento económico e social acorde ás necesidades da poboación, para que non teñamos unha sociedade desigual, para que non teñamos unha sociedade inxusta, pobre e sen oportunidades; para que poidamos devolverlles a dignidade ás institucións, á política e á cidadanía. Sexamos útiles e firmes na loita contra a corrupción: sexa quen sexa e caia quen caia.

Seica teñen algúns deputados ganas de rir. Paréceme que non é un asunto —este que estamos tratando— de risa, en ningún caso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Santos, algunhas expresións vertidas por vostede atentan contra o artigo 105 e atentan contra a dignidade dun grupo, neste caso, cando vostede utiliza a expresión «vostedes condenados por corrupción», porque iso é inexacto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, perdón. Vostedes condenados... iso é inexacto. A sentenza fala claramente de partícipe a título lucrativo, non penal. *(Murmurios.)* Perdón, perdón. Polo tanto, pídlle que retire esa expresión.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Non a retiro e vou dar unha explicación, porque eu me informei...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non me dea explicacións...

A señora SANTOS QUEIRUGA: Eu informeime sobre...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non...

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...o sentido das miñas palabras e xuíces e xornalistas, a título público...,

O señor PRESIDENTE: Perdón, non, non. Non me dea explicacións. Non fai falta que me dea explicacións, que eu xa...

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...deixaron claro que o Partido Popular está condenado por corrupción. Entón...

O señor PRESIDENTE: Non, non... Non ten vostede a palabra. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Non me dea unha explicación, son eu quen lle vou dar a explicación. Ten vostede unha chamada á orde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque é así. Eu pedinlle que a retire, vostede non a retira, ten vostede unha chamada á orde.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Boa tarde.

Grazas, presidente.

A Sentenza da Gürtel do 17 de maio do ano 2018, deste ano, efectivamente condena por primeira vez na historia a un partido político como partícipe a título lucrativo. Estaría ben que o señor ex-ministro de Xustiza estivese aquí, porque dixo que o partido só era responsable civil. Pois non, na propia sentenza diferéncianse, por un lado, os responsables civís, e por outro lado, os partícipes a título lucrativo, condenado o Partido Popular conforme o artigo 122 do Código penal. Iso significa que hai un lucro, por iso di lucrativo. E iso quere dicir que é como se eu tivera un trasteiro ao que de repente chegan centos de televisores que eu non sei de onde proceden, non teño nin idea, non sei se a súa procedencia é legal ou non, pero eu eses televisores véndoos e compro un coche. Pois máis ou menos *(Murmurios.)* foi o que ocorreu con esa participación a título lucrativo. Eses cartos utilizáronse para financiar campañas electorais, iso foi o que ocorreu, e precisamente por iso se teñen que devolver esas cantidades.

Esta sentenza que a señora De Cospedal... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Presidente, a min gustaríame facer a miña intervención sen corrillos, se fose posible. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Eu sei que é difícil afrontar a condena a un partido político por parte da Audiencia Nacional, pero... *(Aplausos.)* ...lamentablemente, esta é a realidade.

Esta sentenza que a señora De Cospedal denominou nalgunha das súas frases como capciosa, é a guinda que, despois de todos os recortes e todas as súas actuacións como goberno, nos levou a plantexar unha moción de censura. Xa é hora de que vostedes se enteren de por que houbo unha moción de censura. *(Aplausos.)* Exactamente igual que aquela participación na guerra de Iraq levou a que o presidente Aznar perdera as eleccións fronte ao presidente Zapatero. Por certo, ese presidente Aznar que polo visto ao señor Núñez Feijóo xa non lle gusta, porque os seus referentes son Suárez e Rajoy, xa non é o señor Aznar. Pois ao mellor nalgún momento, cando pase o tempo, o señor Rajoy tampouco vai ser o seu referente porque existe esta sentenza de condena.

O certo é que esta petición do Grupo de En Marea de recoñecer o enriquecemento ilícito no noso ordenamento, xa foi debatido nunha comisión, na Comisión 1ª. Nós fixemos unha emenda, a mesma emenda é a que recollemos hoxe. Eu vou reiterar máis ou menos o que dixen aquel día. Nós cremos que non se pode falar de inxusto, senón de enriquecemento ilí-

cito, porque estamos falando de penal, non de civil. Penal. E a propia Organización de Nacións Unidas nos di que non é obrigatorio incluír este tipo de delitos nos códigos penais de todos os estados, porque pode ocorrer que vulneren a Constitución por chocar co dereito á presunción de inocencia. De feito, só China e Lituania teñen o enriquecemento ilícito dentro dos seus ordenamentos, e para nós, dende logo, nin China nin Lituania son dous países que se referencien como defensores dos dereitos e da regulación de dereitos.

Podería ser un instrumento eficaz e imprescindible loitar contra a corrupción política. Na rúa ninguén vai entender o que é a condena por participación a título lucrativo, pero todo o mundo entende o que é a condena por corrupción. Polo tanto, igual que nalgún momento o fiscal superior de Galicia nos dixo que as verbas empregadas polo presidente Feijóo con relación aos incendios, dicindo que os incendiarios eran terroristas, era unha expresión vulgar, iso da corrupción tamén pode ser utilizado como unha expresión vulgar, común, para entender a participación a título lucrativo.

Pódenos servir —estaría ben— para que a lei estableza a obriga ás autoridades e aos funcionarios públicos de manifestar que bens tiñan ao principio do seu mandato e que bens teñen ao final. E se hai algunha diferenza, algunha inexactitude, que iso implique unha sanción penal deste delito. Estaría ben, incluso, que o Goberno de Mariano Rajoy do 4 de novembro de 2016, todos eses membros do Goberno, mulleres e homes, que non son nin deputados nin deputadas, manifesten e publiquen cales son os seus bens, porque cando comezaron non o fixeron, e agora tampouco. (*Aplausos.*) Pois ao mellor estaría ben que se aplicasen aquela lei do presidente Zapatero que no 2006 obrigaba a comunicar aos membros do Goberno —dos seus gobernos, porque, evidentemente, os outros non o fan— cales son os bens ao comezar e ao terminar, e se hai algunha imprecisión ou algunha inexactitude no medio, que se sancione penalmente. E ao mellor habería máis sentenzas, incluso, das que nos quedan por vir, que son moitas.

Nós agardamos que a nosa emenda de substitución sexa aceptada.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

O BNG vai votar a favor desta iniciativa, como xa fixemos no debate que houbo en comisión. Non vou repetir os argumentos, pero si me parece oportuno falar dunha realidade que está de actualidade —e de actualidade xa durante moitos anos, non é de actualidade estes días— sobre o Estado español como un sistema político, como unha democracia, adulterada, cunha competición política trucada, alterada e manipulada por unha corrupción absolutamente sistémica que afecta a todas as estruturas do Estado na súa versión en A, e que cuestiona o réxime do 78 desde as súas propias orixes, desde ese defecto de fábrica que ten nos seus inicios.

Tal e como se ten acreditado repetidas veces, non hai no Estado español separación de poderes. Houbo durante todos estes anos un auténtico espolio do público pola vía das políticas económicas e tamén das políticas sociais, pero tamén pola actuación, como se está demostrando a través de numerosas sentenzas, de auténticas bandas organizadas dedicadas ao saqueo do diñeiro público. Tamén a creba dese réxime ten moito que ver co proceso de regresión democrática, coa involución en materia de dereitos e liberdades que vivimos nos últimos tempos especialmente, e que fan —como di algún analista— que o Estado español, que España, non sexa —dígoo en román paladino, en español— un estado de derecho, senón un estado de desecho.

Ademais, isto é tamén algo percibido pola opinión pública, como se dixo a través das enquisas do CIS e tamén do Eurobarómetro que publica a Comisión Europea, que na súa edición do ano 2017 dicía que España ocupa o terceiro lugar de Europa onde hai un maior número de persoas que perciben que a Xustiza non é independente, concretamente o 58 % da poboación. Estamos no terceiro lugar do ránking, despois de Bulgaria e máis de Eslovaquia.

Hai, polo tanto, moitos deberes que pon a Comisión Europea. Por exemplo, di que non se desenvolven estratexias preventivas específicas para acometer os riscos de corrupción; que falta lexislación para protexer denunciante; que falta regulación dos grupos de presión; ou que os procedementos xudiciais son excesivamente longos nos casos de corrupción. Ademais fala tamén das interferencias e presións do Goberno nas causas de corrupción, que falan tamén da falta de independencia da xustiza.

O propio informe do Grupo de estados contra a corrupción, do Consello de Europa, tamén dá un suspenso ao Estado español en elementos centrais da calidade democrática, como a vixilancia da corrupción e a falta de independencia, tanto da xustiza como da Fiscalía.

E a verdade —hai que dicilo—, dentro deste marco de crise institucional, de crise do réxime, o PP, o Partido Popular, é o campión europeo da corrupción. Efectivamente, foi condenado por corrupción, por lucrarse da corrupción, «a título lucrativo», non por vender televisores precisamente, senón por cousas moito máis graves. E ademais hai que ter en conta que iso so é unha pequena parte de todos os procesos que aínda están por vir, porque é unha parte da trama Gürtel, pero están por vir aínda as partes máis substanciais do financiamento ilegal da caixa B do Partido Popular, ou tamén o proceso pola destrución dos discos duros de Bárcenas, entre outras moitas causas que aínda están pendentes. Polo tanto, estamos falando da punta do iceberg.

Pensamos, desde logo, que é necesario que haxa moitos máis medios para que xustiza sexa eficaz e áxil para responder a todos estes casos de corrupción. Que hai que depurar, que hai que limpar, todos eses pozos negros da democracia, onde chapuza habitualmente o Partido Popular. E non só a nivel de Estado, senón especialmente aquí en Galiza, non se poñan de perfil. Lémbrolles que a propia Comisión Europea, no seu índice de competitividade por comunidades, di que Galiza ocupa o segundo lugar no ránking das máis corruptas, despois de Andalucía.

Penso que ante todo isto deberían sentir vergoña. E por decencia ética e por decencia democrática deben asumir responsabilidades penais e políticas e deben tamén pedir perdón, e teñen hoxe unha magnífica oportunidade para facelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Señorías, moitas grazas.

Señor presidente.

Triste debate este que se nos trae hoxe. O debate sobre a iniciativa das tres mentiras.

Primeira mentira. O propio debate que se nos trae aquí. Unha iniciativa idéntica á debatida en comisión apenas hai uns meses, emendada como hoxe, e supoño que aprobada por unanimidade, como supoño que pasará hoxe.

Pero iso si, a señora Santos non dubida en instrumentalizar o Parlamento, nin en retorcer a súa propia iniciativa, co único fin, júnico fin!, de que lle sirva de escusa para falar da súa segunda mentira.

¿Cal é a segunda mentira? A descualificación total do Partido Popular. E para isto serve esta PNL, para que vostede poida agasallarnos coas súas descualificacións, insultos, medias verdades ou completas falsidades sobre o meu partido.

Mire, nós somos conscientes de que tivemos episodios de corrupción e de que cometemos erros. E, ademais, somos conscientes e apartamos os corruptos. E, ademais, pedimos perdón por non ser vixiantes e ter evitado esas situacións. E ademais, tomamos as medidas para endurecer as leis e que non se volvan repetir. E todo iso o recordamos. Pero tampouco esquecemos outra cousa que vostede non debería de esquecer, señora Santos. Nós non esquecemos que somos un partido fundado por un pai da Constitución española. Non esquecemos que somos o partido con máis afiliados de España. Non esquecemos que temos miles de responsables públicos de comportamento intachable. Non esquecemos que somos o partido que apoiou sempre a maioría dos galegos. Non esquecemos que nos deron sete maiorías absolutas. E non esquecemos tampouco que seguimos sendo o partido máis votado de España. (*Aplausos.*) E vostede non debería esquecelo tampouco, señoría. E non debería faltarlle á nosa xente, porque nós estamos orgullosos da xente que nos apoia, estamos orgullosos do Partido Popular. E, por certo, eu non sei quen é M.Rajoy, pero estamos orgullosos de Mariano Rajoy e punto, ¡e punto!, señoría. (*Aplausos.*)

Mire, eu lamento moito que hoxe se veña aquí faltar á realidade. Entendo que vostede necesite mentir sobre o alcance e contido da sentenza que coñecemos a semana pasada porque necesita xustificar —necesitan vostedes xustificar— a súa terceira mentira. Eu enténdoo.

E ¿cal é esa terceira mentira? A necesidade de apoiar unha moción de censura para converter en presidente —lexitimamente, non se pon en dúbida— o peor candidato socialista da historia. Tampouco poñen en dúbida os resultados obtidos polo candidato.

Dous motivos deron para isto. O primeiro, que había que atender as urxencias sociais. E o segundo, que era necesaria unha rexeneración democrática.

Mire, para atender as urxencias sociais, o candidato anunciou que ía manter un orzamento, o do Partido Popular, do que afirmaron, ¡madre mía o que afirmaron!, que era antisocial, que aumenta a precariedade, que era incompatible coas demandas sociais —díxoo o señor Leiceaga—, que eran os peores orzamentos para Galicia dende 1997 —dicía o señor Villares—. Pero agora válenlles. Iso si, PSOE, Podemos e As Mareas renunciaron aos seus principios porque había que priorizar a rexeneración en España. E claro, para isto hai que buscar algunha escusa.

¿E cal é a escusa? Pois que hai que responsabilizar a un goberno sen imputados dos episodios de corrupción do pasado, para poder afirmar así, ou como fixeron hoxe aquí, que o Partido Popular é o partido máis corrupto de Europa. O problema, señorías, é que é falso. Entre outras cousas, porque, a pesar da vontade dalgúns, España segue estando en Europa. E seguro que agora me van entender, porque aquí o que hai é unha clarísima constatación do sectarismo.

Eu podo entender —ao mellor non compartir, pero podo entender— que vostedes consideren que é suficiente unha declaración de responsable a título lucrativo nunha sentenza para mudar o Goberno; podo entendelo. Por certo, non convén confundir a figura de responsable a título lucrativo coa de receptación. A receptación implica coñecemento da orixe ilícita duns fondos —letrada, non convén—. Volvo repetir, eu podo entender isto. O que non entendo é que, unha vez tomada esa decisión con base nesa cuestión xurídica, vostedes, señorías, apoien que no Goberno que o substitúe estea un partido que ten financiamento ilegal acreditado xudicialmente dende 1997, sentenza firme; que está investigado por financiamento ilegal en Madrid e en Valencia. En Valencia, por certo, onde o máximo responsable socialista na época investigada era o defensor da moción de censura, e, por certo, dende hoxe ministro de Fomento *in pectore*. Que ademais, no marco desas actuacións, está sendo investigada a xestión da actual presidenta do PSOE, á fronte do Ministerio de Medio Ambiente. Supoñemos, iso si, para seguir a estela dos dous últimos presidente do PSOE, tamén imputados por corrupción. E vostedes dicían no pleno pasado que o Partido Socialista non ten nada de que avergoñarse no seu pasado. ¡Bravo!

Tamén teño que lembrar que dicía a señora Santos: ¡caía quen caía! A min paréceme ben, pero tamén deberían de explicar entón por que Podemos non se personará nas causas xudiciais que investigan o presunto financiamento irregular do Partido Socialista no País Valenciá e do Bloc, os seus socios en Valencia. ¿Esa dopaxe non lle interesa, señora Santos?, ¿non era caía quen caía?

Pero a vergonza última, o peor de todo isto, é que vostedes hoxe aquí se atrevan a intentar enlizar Galicia. ¿Por que lles molesta tanto que Galicia non se vexa afectada polo tema da Gürtel? ¿Por que lles molesta tanto? ¡Non o entendo! E menten vinculando a Gürtel a Galicia. E dicía o señor Bará que Galicia está no ránking das comunidades autónomas como a segunda máis corrupta de España. ¡Home!, haberá que preguntarse por que.

Mire, xa non vou falar dos pisos da Coruña, do imputado alcalde de Ferrol, dos seus imputados en Madrid, en Alcalá de Henares, do financiamento ilegal, da dopaxe en Valencia...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: Non vou falar tampouco de que o único conselleiro ou ex-conselleiro imputado en Galicia é un ex-conselleiro do BNG. Pero é que están vostedes gobernando co Partido Socialista de Galicia. Voules dar a lista, é moi breve. Dous secretarios xerais imputados. Un secretario provincial, o da Coruña. Dous alcaldes en Lugo. Dous alcaldes en Ourense, un deles xa condenado. Un ex-presidente da Confederación Hidrográfica condenado. Un ex-director xeral de Formación e Colocación condenado. Un ex-voceiro da Deputación de Ourense, está acreditado xudicialmente o enchufe da cuñada da presidenta da Deputación de Pontevedra, dona Mari Carmen Silva, no concello que preside o presidente da FEMP, o señor Caballero. Non mudou o rosario de alcaldes e concelleiros.

Señoría, que con isto veñan vostedes dar leccións de decencia, é cando menos dubidoso.

Permítanme —e remato xa—...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que remate parafraseando aquela frase que Churchill lle dedicaba a Chamberlain: elixiron vostedes —porque nin atender as urxencias sociais nin rexeneración democráticas, señorías— renunciar aos seus principios para evitar a corrupción, agora non teñen principios e teñen no goberno o partido máis corrupto da historia de España.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Santos. *(Murmurios.)*

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas.

En primeiro lugar, manifestar o meu total desacordo coa chamada á orde, *(Murmurios.)* porque —por favor, que me deixen falar, señor Santalices— tendo en conta que publicamente manifestou o portavoz de Xuíces para a Democracia, o señor Joaquín Bosch —que lles recomendo que o escoiten de cando en cando—, e máis xuíces que, efectivamente, a sentenza da Gürtel, que deberían lela —eu sei que é doloroso, que o levan moi mal e que teñen á súa organización desangrada e compunxida— e asumir dunha vez de que son o partido máis corrupto de Europa, e que foron condenados polo que foron condenados, efectivamente, por corrupción. Dio o propio portavoz de Xuíces para a Democracia, non esta deputada.

O señor PRESIDENTE: Iso non me serve. Por favor, non volva vostede a unha cuestión que non é.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Eu digo que manifesto que...

O señor PRESIDENTE: Non, perdoe, perdoe, non faga que a teña que chamar á orde outra vez, por favor. Eu fágolle caso aos letrados da Cámara, ¡eh!

A señora SANTOS QUEIRUGA: Ademais, gustaríame, señor Santalices, entender por que cuestións no Parlamento estatal non se chama á orde e por que hai unha mordaza neste parlamento.

O señor PRESIDENTE: Porque vostede me está dicindo cousas polas que a teño que chamar á orde. (*Protestas.*) ¡Claro!

A señora SANTOS QUEIRUGA: Son cousas que din os xuíces e son cousas que se din noutras cámaras. Hai unha mordaza neste parlamento. ¡Hai unha mordaza neste parlamento! (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Non, perdoe, perdoe. A mordaza haina no Parlamento catalán, alí é onde liquidan os... Si, si, alí é onde liquidan os letrados. Aquí non liquidamos a ninguén.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Vostede, señor presidente, non debería de facer esas afirmacións no uso da súa condición.

O señor PRESIDENTE: Non, non, por favor, non volva a iso.

A señora SANTOS QUEIRUGA: E, sobre todo, cando o Partido Popular, gran defensor da Constitución, das institucións, da legalidade, nin sequera é capaz de respectar cando o señor presidente deixou un bolso por non escoitar unha moción legal e totalmente regulada, e foise deixando en ridículo non soamente o seu partido, senón todos os seus votantes, eses que nos piden que respectemos e que non respecta ese señor «M. Rajoy» dos papeis de Bárcenas, non os respectou el, facéndonos pasar unha vergonza internacional, ¡unha vergonza internacional!

Polo menos, baixen un pouquiño a cabeza e fagan autocrítica, e non acusen os demais de algo polo que están condenados.

Ademais, non me contestaron nada do señor Crespo, non me contestaron nada do señor Crespo e de que Feijóo o mantivo na Xunta cando era conselleiro, e que ademais é coñecido por titulares: «*Pablo Crespo, el hombre del maletín del PP gallego a cerebro de la Gürtel.*» ¿Que parte non entenden disto?

Por favor, respecten os cidadáns e a xente que sufriu recortes, precariedade e que viviu por enriba —como din vostedes— das súas posibilidades, endebedándose coas pensións, mentres vostedes tiñan o que tiñan. ¿Casos illados? Estaban afogados dentro do seu partido cos casos illados. ¡Afogados é como están! (*Murmurios.*)

Ademais, o que queda por ver. Quédanos por ver a Púnica, a Lezo e todo o arsenal que teñen. ¿Que falan de ninguén? Todo o mundo sabe que é o Partido Popular, todo o mundo o sabe, e

que o PP de Galicia se sitúa coa corrupción. E, por suposto, que está coa Gürtel. ¿Quen era Pablo Crespo? Vostedes coñecen moitos persoalmente o señor Crespo. (*Murmurios.*) ¿Como que non? Moitos dos que están aí sentados coñecen o señor Crespo.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, silencio. Silencio, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: E despois teño aquí un listado da súa corrupción en Galicia: caso Campeón, director e subdirector do Igape, ex-deputado do Parlamento galego, condenado; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) caso Pokémon, o alcalde de Boqueixón, caso aberto; caso Aexpa; caso Baltar, condenado; caso Conde Roa. ¿O Conde Roa tampouco lle soa señora Paula Prado? Non lle soa o alcalde Conde Roa, xa que tanto fala de Martiño Noriega e de Compostela Aberta.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Non dialogue, non dialogue. ¡Silencio!, silencio, silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ¿Sóalle Conde Roa, sóalle? ¿Sabe quen é ou tampouco sabe quen é? (*Murmurios.*)

Podemos seguir, ¿sigo?, ¿podo seguir ou tamén poño unha mordaza e non podo falar das imputacións?

O señor PRESIDENTE: Non, non, siga, siga. Non hai mordazas aquí.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Si, hai mordazas. Si, hai mordazas neste parlamento.

O señor PRESIDENTE: Non, garántolle que non, estea tranquila con iso.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Caso Zeta; operación Orquesta; Rafael Louzán. ¿Sóalles o señor Louzán?, ¿Tampouco lles soa? (*Murmurios.*) Ah, está todo arquivado, iso non existiu, non existiu, esas cousas non existiron.

Vostedes aquí falan de moitas cousas. É absolutamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. E sobre a emenda do PSOE.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Eu entendo... Nós, por suposto, imos aceptar de novo a emenda do PSOE, ademais xa a tiñamos falada con carácter previo. Nós traemos esta iniciativa aquí porque os cidadáns non poden entender que mentres outros sigan acumulando cartos en contas en lugares exóticos das súas filas, o señor Bárcenas... É que podemos tirarnos aquí tres días sen parar de falar dos seus «casos illados».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Entón, polo tanto, están pasando un momento, que deberían en vez de agachar a cabeza ter autocrítica, humildade e pensar na cidadanía, en todo o dano que fixeron, e aínda veñen aquí acusar a oposición, non aceptar a democracia, e ademais, por suposto, maioría absoluta *dopada*...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...dopada facendo trampas e dito pola xustiza: financiamento ilegal do Partido Popular. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre o fomento e acollemento polo Goberno galego, de xeito complementario ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, de todas aquelas actuacións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao doente

O señor PRESIDENTE: Proposición non de lei de dona Encarna Amigo.

Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un novo parágrafo:

«A Consellería de Sanidade realizará, para cada acción de mecenado da que sexa obxecto, un informe que determine o investimento necesario (persoal, mantemento...) que será preciso no caso de aceptar a doazón, e unha conclusión sobre a aceptación ou rexeitamento desta.»).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- Duplicar o orzamento destinado á investigación e ao investimento en tecnoloxía sanitaria nos vindeiros orzamentos para o ano 2019.*
- Reverter a privatización da alta tecnoloxía (diálogo competitivo).*
- Crear a categoría de persoal investigador dentro das categorías estatutarias do persoal do Sergas.*

— *Impulsar reformas fiscais en profundidade para que as grandes fortunas e os grandes beneficios empresarias tributen ás arcas públicas con moita maior intensidade do que o fan na actualidade.*

— *Impulsar unha Lei de mecenado.»).*

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o orzamento en I+D+i público cando menos ata a media europea.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes e moitas grazas, presidente.

Os sistemas de saúde actuais enfróntanse a un gran reto: o de manter e mellorar a calidade da asistencia sanitaria nunha sociedade máis empoderada e que cada vez está máis envellecida, e como consecuencia con máis enfermidades, moitas delas crónicas, o que conleva un maior gasto sanitario.

Na maioría dos países avanzados existe desde hai anos a cultura do mecenado, a filantropía ou o que hoxe se coñece como a versión actual da filantropía: responsabilidade social corporativa, que fai referencia ao compromiso que teñen as compañías, non só de cara aos empregados ou os accionistas senón tamén coa sociedade para distintas actividades. Hai exemplos, coñecidos por moitos, de afamados e prósperos empresarios. Por destacar algúns dos que marcaron camiño ou iniciaron accións, ambos no país veciño e no século pasado, nomear o portugués António Champalimaud ou o armenio Calouste Gulbenkian, soportes de dúas fundacións de sanidade das máis importantes do mundo.

Todos coñecemos, inclusive no noso país —aínda que en cifras reducidas—, exemplos de mecenado na educación, na cultura ou nos deportes. Pero estas achegas non se daban noutros eidos da nosa sociedade, a diferenza do que —como comentei anteriormente— ocorre na maioría dos países da nosa contorna, onde a colaboración económica altruísta de persoas, empresas ou fundacións para a investigación sanitaria ou o tratamento de enfermidades raras ou oncolóxicas está á orde do día.

Recentemente, en Galicia, o empresario galego don Amancio Ortega decidiu doar 17 millóns á sanidade pública galega para a adquisición de tecnoloxía, para avanzar no diagnóstico e no tratamento do cancro. Con este convenio asinado en outubro do 2015, a Fundación Amancio Ortega comprometeuse á renovación de equipamentos para a prevención, o diagnóstico e o tratamento do cancro en hospitais e centros de saúde durante oito anos, cun custo má-

ximo de 16.831.942 euros. Isto supuxo a instalación de xeito inmediato de mamógrafos dixitais e equipos de radioterapia de última xeración en dezaseis centros sanitarios da nosa comunidade.

Con posterioridade, este mesmo empresario estendeu esta doazón ao resto de comunidades autónomas, ata alcanzar un total de 320 millóns de euros. Esta decisión non estivo exenta de debate e de controversia, pero quero destacar que tanto desde a Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica como a Asociación Española contra o Cancro, numerosos xefes de servizos médicos e o Grupo Español de Pacientes contra o Cancro estiveron de acordo con isto.

O doutor Alfredo Carrato, xefe de Oncoloxía do Hospital Ramón y Cajal, de Madrid, e ex-presidente da Sociedade Española de Oncoloxía Médica, declaraba en abril do ano pasado na celebración do Terceiro Simposio sobre Abordaxe Multidisciplinar do Cancro —e cito textualmente—: «*La sostenibilidad de la sanidad pasa por la financiación y el mecenazgo*».

E quixera compartir desde esta tribuna algunha das súas reflexións. Carrato admite que o sistema sanitario, en xeral, e a atención oncolóxica, en particular, enfróntanse a un grave problema: o financiamento. Os fármacos biolóxicos son moito máis caros de obter que as quimioterapias tradicionais. Uns prodúcense en cultivos de células ou bacterias e estes segundos —por dicilo dalgunha maneira— en tubos de ensaio. Afortunadamente, estes novos fármacos van mellorar de maneira considerable a calidade de vida e a saúde dos doentes, pero ao ser moi custosos aumentan a ameaza financeira do sistema. O gasto aproximado do cancro é dun 5 % do presuposto de sanidade das administracións.

O mesmo doutor Carrato considera imprescindibles varios puntos a este respecto para seguir proporcionando o máis adecuado a estes pacientes: o primeiro, aumentar a proporción do PIB que se dedica á sanidade; o segundo, fomentar unha cultura de mecenado como a que financian moitas innovacións nos países anglosaxóns. E el mesmo pon, por exemplo, a recente doazón de equipos por máis de trescentos vinte millóns realizada por Amancio Ortega, comentando que isto é unha excepción no noso país. Mentres que por cada 1.000 euros de doazóns se desgravan neste país 300, nos países como o Reino Unido chégase a desgravar máis de seiscientos euros. E tamén advirte de que a chegada dos fármacos biosimilares, da mesma maneira que o foi a chegada dos xenéricos, pode axudar a que estes prezos baixen.

Seguindo con exemplos colaborativos na nosa comunidade, nomear a Fundación María José Jove, que asinou un convenio de colaboración recentemente para unha campaña de actividades de difusión e promoción de doazón de órganos e tecidos na provincia da Coruña, a creación dunha beca para a formación de cirurxías das cardiopatías conxénitas, o financiamento dun fogar de corazóns —onde se dá aloxamento para familiares de nenos enfermos por cardiopatías—, a terapia asistida con animais na Unidade de Rehabilitación e Atención Temperá do Hospital Teresa Herrera da Coruña, un Banco de Leite no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. Tamén financiou un estudo farmacoxenético para o TDAH e o TOC e a realización de murais no Servizo de Pediatría do Hospital Materno Infantil da Coruña, un programa de formación de coidados paliativos pediátricos, entre outros.

Dun xeito distinto, o grupo Oncomet, dirixido polo prestixioso oncólogo don Rafael López, presentou e desenvolveu unha campaña de micromecenado para o desenvolvemento da técnica coñecida como «biopsia líquida», que facilita o diagnóstico precoz da enfermidade oncolóxica. Na súa páxina web podemos ver, e cito textualmente: «O noso obxectivo é propor a toda a sociedade civil galega que financie colaborativamente e de forma desinteresada un proxecto deseñado polo Grupo de Oncoloxía Médica Traslacional, co obxectivo de pór os galegos ás portas da medicina de precisión». Este grupo desenvolve a súa actividade no Hospital Clínico de Santiago de Compostela e pertence ao IDIS, Instituto de Investigación Sanitaria. Este é un proxecto moi ambicioso dentro do campo da biopsia líquida, e di que ha de poder dar lugar nun futuro á mellora do manexo clínico de doentes oncolóxicos. O propio doutor López afirmaba nunha entrevista: «O que vemos é que os países que máis investigan son aqueles nos que son máis importantes as doazóns e achegas económicas por parte da sociedade civil».

Por nomear outro exemplo na nosa comunidade, pois os Premios Internacionais de Investigación Oncolóxica Ramiro Carregal, que xa van pola súa sétima edición.

Quero destacar tamén que no ano 2015, a través do socio tecnolóxico, a Xunta de Galicia puxo en marcha a maior renovación tecnolóxica ata a data, o maior investimento do Sergas en tecnoloxía: 78,5 millóns de euros a través do socio tecnolóxico en oito anos.

A colaboración público-privada axuda a facer sostible a renovación tecnolóxica nos hospitais. Consideramos desde o Grupo Parlamentario Popular, como non pode ser doutro xeito, que todas estas aportacións teñen que representar un complemento ao financiamento público da sanidade galega. Repito: un complemento ao financiamento público da sanidade galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei no pleno:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, paralelamente ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, fomente e acolla de xeito complementario todas aquelas accións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao paciente.»

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Vai permitirme, señora Amigo, señora deputada do Partido Popular, que coa que está caendo, coa situación na que está a sanidade pública de Galiza, as propostas do Partido Popular sexan destas características, ¿non? Teñen a sanidade pública afogada polos recortes, nunha escalada de privatización, e vostedes veñen con estas propostas, que, evidentemente, van nesa dirección.

E, efectivamente, noutros países esta figura do mecenado, da filantropía, está regulada con leis que regulan esa cuestión. Vostedes non regulan e, logo, queren meternos así de rondó estas *figuritas* para lucimento de Amancio Ortega e outras cuestións.

Vostede ao que chama renovación tecnolóxica é privatización pura e dura, señoras e señores do Partido Popular. Privatizaron os servizos tecnolóxicos mediante esa figura, efectivamente, de socio tecnolóxico, para que as mesmas empresas que fabrican os aparellos tecnolóxicos controlen os equipos que deben adquirir os hospitais, fixen o prezo e decidan onde se ubican, cantos se compran e incluso cantas probas diagnósticas hai que realizar. Este modelo de contratación xa levou ese investimento, efectivamente, de 88 millóns de euros na compra de novas resonancias magnéticas, de TACs. E en moitos casos pois incluso bastaría con cambiar softwares, se non fora porque hai que guiarse polo que deciden estas empresas de cales son os aparellos que hai que substituír e os que hai que comprar.

Tamén asistimos a ese mecenado de equipos, de TACs e de resonancias magnéticas para o Servizo de Cardioloxía do CHUS, aquí en Santiago, que, vía mecenado, decidiron que se instale no Servizo de Cardioloxía, significando a falta de equidade no acceso ás probas diagnósticas e na Área Sanitaria de Santiago, onde hai listas de espera para o conxunto da área de varios miles, e cando no Servizo de Cardioloxía soamente hai menos de cen persoas agardando. Pero ese é o mecenado que vén implementando o Partido Popular. Privatizaron a investigación sanitaria mediante os institutos biomédicos, a investigación nos hospitais... Bueno, poderíamos seguir aquí durante varias horas.

Referido á súa parte expositiva —e xa que fai referencia á biopsia líquida— esquecéuselle facer a outra parte: que tiveron que recorrer aos micromecenados porque, se non, non podían seguir coa investigación, non como punto de partida, non porque lles parecera magnífica esa opción dos micromecenados, senón porque, se non, tiñan que plantar esa investigación que estaba resultando tremendamente exitosa. E os oncólogos critican a falta de apoio á biopsia líquida e piden cambios legislativos que favorezan a súa investigación. Din: lamentable, dá moi pouco valor á investigación sanitaria a administración pública, niveis ínfimos de investimento e a inestabilidade laboral dos investigadores novos. Iso é o que din os oncólogos a respecto da aposta da administración pública pola investigación.

E se Amancio Ortega pagara como un médico, tería que pagar 300 millóns cada ano en impostos, porque paga unha media de 1.100 millóns de euros ao ano só en dividendos. (*Aplausos.*) Se pagara como un médico, tería que pagar 320 millóns de euros, co cal non tería que facer mecenado. E con eses cartos podería a administración decidir que comprar e como investir na sanidade pública. É dicir, un pequeno despropósito acorde con esa ideoloxía liberal e extrema do Partido Popular.

Por iso o BNG presenta unha emenda a esta iniciativa que presenta hoxe aquí o Partido Popular. E é unha emenda que di o seguinte:

Duplicar o orzamento destinado á investigación e ao investimento en tecnoloxía sanitaria nos vindeiros orzamentos para o ano 2019. Duplicar o investimento en I+D+i, é dicir, en in-

vestimento público, para non ter que estar recorrendo a ese I+D privado que, logo baixo ese paraugas de mecenado, se nos quere meter de rondó.

Reverter a privatización da alta tecnoloxía, ese diálogo competitivo que vostede chamou «revolución tecnolóxica» e que foi unha privatización e deixar en mans privadas a decisión da alta tecnoloxía na sanidade pública. Pois revertamos esa decisión.

Crear a categoría de persoal investigador dentro da categoría estatutaria do persoal do Sergas. ¿Lémbranse desa promesa? Supoño que o presidente da Cámara si se lembrará, porque llela fixo aos investigadores, da súa estabilización dentro do sistema sanitario público. E a creación do persoal estatutario de investigación dentro do Sergas, que logo *si te he visto no me acuerdo*, e deixáronos colgados. Nós seguimos reivindicando a creación desa figura dentro do Sergas.

E impulsar reformas fiscais en profundidade para que as grandes fortunas e os grandes beneficios empresariais tributen nas arcas públicas con maior intensidade do que o fan na actualidade, ou un sistema impositivo gradual de que pague máis quen máis ten e que pague conforme o que teñen. E logo que non veñan meternos de rondó dádivas e mecenados e estas cuestións para que pareza que son uns grandes benfeitores. Cando o que fan é que eles pagan o 1 % cando o resto dos mortais, e sobre todo a clase traballadora, pois tributa a un 12, a un 17 ou a un 20 %, e cando eles teñen a tributación que teñen. Isto sería o que habería que facer.

E logo impulsar unha lei de mecenado. ¿Por que non traen aquí unha lei do mecenado, para que saibamos branco sobre negro realmente como se regula, como se aporta e que as cousas sexan claras?

Cando vostedes fagan todo isto, pois terán o apoio do Bloque Nacionalista Galego. Entre tanto, pois lavar a cara. Nós non imos opoñernos a que haxa a figura do mecenado, pero regulada como Deus manda, con luz e taquígrafos e con claridade. Entre tanto, pois estes bonitos, dende logo, do BNG...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...non van contar co seu apoio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Todo investimento que redunde na mellora do sistema sanitario público é benvido. Parece unha posición racional e é a posición que temos dende o Partido Socialista. Que redunde no

sistema sanitario público ou noutro sistema público. Porque, se cadra, é moi fácil observar ultimamente —a verdade é que a realidade se impón— algunhas aportacións e incluso algúns mecenados que redundaban en beneficio particular ou en beneficio dalgún partido político. E iso non é o que debemos apoiar. E permítanme unicamente —sobre algunhas intervencións que se viron hoxe aquí— lembrar un Premio Nobel de Medicina, Ramón y Cajal: o peor non é errar, o peor é tentar xustificalo. (*Aplausos.*)

Esta iniciativa ten para nós tamén algúns puntos que sería importante clarexar ou que consideramos que poderíamos profundar sobre eles. Cinco cuestións basicamente —rapidamente—:

Primeiro, fala a iniciativa de fomentar o mecenado. ¿Como?, ¿campañas publicitarias, accións informativas, incrementos fiscais, melloras fiscais ambiciosas? Existirían fórmulas e sería interesante poder debatelas, unha lei do mecenado... Existirían fórmulas. Porque unicamente fomentar queda nunha declaración de intencións, nunha iniciativa destas *flower power*. Isto lémbreme a cando eu era pequeno e me recordaban todos os días: lava as mans, para ir á cama hai que ir temprano, lavar os dentes... Que empezan a facer iniciativas un pouco como as da *Familia Telerín*, que nos recomentan cousas que están moi ben, moi bonitas, estamos todos de acordo, pero non concretan. E isto é un parlamento, e xa saben que hai que debater algunhas cousas un pouco máis profundamente ás veces.

Segunda cuestión, isto do mecenado —que está ben— debe ser un elemento circunstancial, non estrutural. ¿Por que dicimos isto? Porque se acabamos dependendo do mecenado, o mecenado acaba sendo tutela, incluso beneficencia. ¿E por que sostemos esta argumentación? Porque dos orzamentos do 2016 ao 2017 os investimentos reais da Consellería de Sanidade caen máis dun cinco por cento, e do 2017 ao 2018 caen no Sergas máis dun cinco por cento. Se empezamos a retirar investimento público, o mecenado pasa a ser tutela. E nós queremos un sistema que se sosteña por si mesmo; que todas as operacións sexan benvidas, pero que se sosteña por si mesmo.

Terceira cuestión, ¿todos os mecenados están ben? Porque existe algún caso, que este grupo trouxo á Comisión de Sanidade deste parlamento, onde había un concello que se ofreceu a doar un aparato de raios ao centro de saúde do seu propio concello, doábao enteiro. Ao mesmo nivel, non, porque non era en cantidade, pero no mesmo formato que se doaron algúns aparatos —que foron citados algúns casos e que están moi ben— ao Sistema galego de saúde. O PP negouse. ¿Hai mecenados que gustan máis que outros? Porque nós non compartimos iso. Todas as doazóns deberan ser ben vistas, porque era un aparato. A argumentación daquel momento: é que, claro, hai que avaliar o custo que pode ter en mantemento e en persoal aceptar esa doazón. Ben, estamos de acordo.

Polo tanto, cuarto punto que se nos ocorre —por iso presentamos unha emenda—: que o Sergas elabore un informe cada vez que exista unha doazón e que, polo menos, ofrezca unha certa información sobre cal é o custo que ten aceptar as doazóns, en persoal e en mantemento, que as ten. Porque cando aceptamos unha doazón estamos implicando un gasto posterior e, polo tanto, sería razoable que o Sergas non quixera aceptar unhas doazóns si e outras non, ou as moi grandes que conlevan moito gasto posterior si e as moi pequenas que

non conlevan tanto non. Salvo que algunhas doazóns sexan moi interesantes porque o gasto posterior vai ir para alguén que sexa moi interesante. Pero aí estamos na parte do mecenado que lles vai ben a algúns, que, ao final, se acaban chamando «mordidas». E non o digo porque existira recentemente algún caso, que non. Non vaia ser que me chamen a atención.

E, por último, o importante e a última cuestión sobre iso é ter un modelo propio que poida resolver esta cuestión. Nós defendemos un; xa sabemos que non podemos aspirar a que todo o mundo o defenda, pero defendemos un. Verán, é algo tan revolucionario como un sistema fiscal ambicioso, progresivo, xusto, redistributivo, que defenda a cohesión social, e sobre todo un sistema fiscal que o faga de maneira honesta, porque é moi importante defender un sistema fiscal honesto. Honesto significa que o sistema redonda no beneficio común. Non hai nada mellor que o ben común, lonxe das interpretacións excesivamente individualistas da economía. Non hai nada mellor que a redundancia no ben común. E, polo tanto, defendemos ese tipo de modelo.

Lembren que hai outros modelos ideolóxicos que defenden que o ben común non é tan relevante, e por iso fai falta ese mecenado, que nós apoiamos e parécenos ben que exista, pero que non dependamos del. Porque, ao final, se non, acabamos con presidentes que presumen máis dos mecenados que do investimento público. E iso, a verdade, nós non o compartimos.

E, por último —e lembrando presidentes que defenden máis o mecenado privado que o investimento público, e sen querer entrar excesivamente no tema—, a verdade é que hoxe me lembraron aquel ex-presidente, o señor Aznar, cando dixo: *vamos a barrer la calle de pequeños delincuentes*. Bueno, ás veces eran máis importantes os grandes que os pequenos, e non tiñan a necesidade de saír á calle, ás veces con mirar na casa éralles necesario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Como introdución, humildemente, recomendaríalles aos deputados do Partido Popular que revisasen as súas referencias. Antes citaron a Chamberlain, e a min gustaríame que recordasen a relación co nazismo e co franquismo. E agora citan a Gulbenkian, nacido no século XIX, como modelo de filantropía. E eu creo que os irmáns e irmás portugueses xa non están na ditadura de Salazar e non precisan da miseria de ter que depender das doazóns destes supostos filántropos. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Que parece que reescribimos a historia.

Pero, señorías do Partido Popular, eu non estou a favor deste modelo; vostedes xa o saben, o meu grupo non o está. Sen embargo, a min sorpréndeme que, se vostedes están a favor desa beneficencia, da filantropía —como vostede a chamou, que, ademais, en pleno século XXI está ben que vostedes lle sigan chamando filantropía a este elemento—, podería vostede propor aquí unha regulación. Mesmo poderían traer unha proposición de lei —como xa se

lles ten trasladado aquí— para regular este modelo de doazón ou de donativos, que nós entendemos que é unha colaboración público-privada. Alégrame moito que a voceira do Partido Popular introduciuse no seu debate a comparación cunha colaboración público-privada. Non sei se foi un *lapsus linguae* ou que realmente evidenciou o que é en realidade, que é un contrato cunha empresa, que neste caso cede non a cambio de nada, senón que no caso de Amancio Ortega —como xa denunciámos neste parlamento na pasada lexislatura— estábamos a falar de 17 millóns de euros. Que se estiveramos falando dunha PFI, dunha colaboración público-privada, sería necesario un informe preceptivo do Ministerio de Facenda. Pero como o metemos a través dun contrato do gran filántropo Amancio Ortega pois resulta que non necesita dese informe.

E é finalista, porque podería ser que este señor tan majo e tan agradable, que gana tantos millóns de euros, nolos doase porque a sanidade pública realmente está moi pobriña. E entón puidésemos investilos neses médicos e médicas de atención primaria, neses pediatras, nesas necesidades que acabamos de relatar, e que eu defendín na anterior moción, e os compañeiros dos outros grupos da oposición defenden continuamente. Pero, non, resulta que, casualmente, é simplemente finalista para investir na tecnoloxía privada, que, ademais —como temos dito en múltiples ocasións—, habitualmente a parte que é pública se financia con fondos Feder. E é un negocio bastante substantivo para moitas empresas tecnolóxicas, que no noso país se fan non cunha renovación e un contrato fabuloso que vostede presentou aquí, senón cunha das maiores privatizacións que vimos na anterior lexislatura —e esta vez xa asumimos outras máis—, que foi precisamente a da alta tecnoloxía no Servizo Galego de Saúde.

Así que, vistas estas cousas, resulta chamativo que neste ámbito vostedes non teñan un plan, unha planificación para incrementar o I+D+i, que é o que nós lle propoñemos, e rexeiten continuamente as emendas da oposición aos orzamentos, que van precisamente nese sentido.

Para nós, señoría, como comprenderá, o problema non é Amancio Ortega, o problema é a elusión fiscal, o problema son as vacacións fiscais e o problema é canto tributan as rendas do capital e as rendas do traballo neste país. E o problema é como se financian os servizos e a sanidade pública en concreto. E, polo tanto, evidentemente, do que estamos a falar aquí é dun infrafinanciamento, dun problema relacionado co financiamento autonómico e dunha, dende logo, pouca axeitada maneira de xestionar a sanidade pública, que depende dos donativos dos multimillonarios e non do erario público, á custa dos tributos, precisamente, en parte, deses multimillonarios.

A realidade é que xa definía o informe do Comité de Bioética os problemas dos conflitos de intereses. E volvo traer o informe do Comité de Bioética, pero como non teño excesivo tempo para explicalo, porque este tema é bastante denso e amplo, pois tamén me gustaría que vostede fixese un pouco de reflexión sobre como está a sanidade pública no noso país e de como as empresas impactan e proliferan dentro do sistema público. E hai tan só uns días, unha semana e media, unha situación bastante vergoñenta, ao noso entender, era precisamente ese grande anuncio que facía o señor Feijóo, que cedía unhas instalacións fabulosas na Cidade da Cultura á multinacional Indra —por certo, relacionada co caso de corrupción Lezo; ademais a miña organización política é acusación popular nese caso, no que tamén está inmiscido o

Partido Popular—, pois, precisamente, dábase un espazo público, non sei con que potestade, cando, por unha banda, recortan a sanidade pública e a cultura é recortada un 61 % dende o ano 2009. É unha vergoña, unha vergoña absoluta. Non temos sanidade pública, non temos cultura, pero vostedes regalan e deixan máis campo para o negocio das empresas privadas.

Nós non nos imos meter coa doazón do señor Amancio Ortega, pero o que lle pedimos é unha substitución nesta iniciativa para que o que faga o Partido Popular sexa investir no I+D+i público, porque o que está a pasar aquí é unha vergoña. E, sinceramente, se vostedes acreditan nese modelo de caridade, que é francamente vergonzoso en pleno século XXI, traian vostedes a esta cámara unha proposta de regulación. Eu non estou de acordo con ese modelo, xa llo adianto, pero, dende logo, poderíamos falar de algo e non das doazóns que facían os filántropos no século XIX.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Na sociedade actual ninguén dubida de que a colaboración público-privada axuda a facer sostible a renovación tecnolóxica nos hospitais —isto é incuestionable—, así como o reto ao que se enfrontan os sistemas de saúde por manter e mellorar a calidade da asistencia sanitaria. Eu de camiño puxen un exemplo de dúas persoas que crearon dúas fundacións sanitarias que seguen sendo moi importantes en Europa.

Nós queremos unha sanidade pública de calidade, na que as achegas que se fagan a través do mecenado sexan un complemento, un complemento ao investimento en tecnoloxía; un investimento maior do que nunca se fixo, e así o recalquei na miña primeira intervención.

E imos falar de realidades. E a realidade é que o cancro é unha das principais causas de morbilidade e mortalidade en todo o mundo. No 2012 houbo 14 millóns de novos casos de cancro, e espérase que isto aumente nun setenta por cento nos próximos vinte anos. Estes datos son datos da Axencia Internacional para a Investigación en Cancro. En España diagnóstícanse cada ano 250.000 casos novos de cancro, e hai máis dun millón e medio de doentes diagnosticados. Esta é a realidade.

Eu apelo ao sentido común, a non esquecer cal é a función principal da nosa sanidade, que é curar e mellorar o maior número posible de pacientes, e que temos máis posibilidades de lograr isto a través de doazóns, a través de colaboración mediante mecenado. Pero, mire, nós, desde logo, coincidimos con voces de científicos e presidentes de asociacións de doentes, que logo se me dá tempo lles direi.

Volvo repetir: a colaboración público-privada axuda a facer sostible a renovación tecnolóxica nos hospitais. Non traten vostedes de confundir o debate. Aquí non se discute se

queremos máis investimento público en tecnoloxía e investigación sanitarias. Iso xa se debateu nos orzamentos, e vostedes xa votaron en contra. Por certo, introducindo emendas que reducían as partidas na tecnoloxía sanitaria. Iso xa foi votado, xa coñecemos a súa postura. Así que o que se vota agora é outra cousa. É se están vostedes a favor de facilitar o mecenado con achegas de entidades privadas á sanidade pública ou se van poñer os seus prexuízos ideolóxicos, como fan habitualmente, por riba das posibilidades de mellora dos servizos da cidadanía. Vostedes decidirán, e o voto está na súa man. (*Murmurios.*)

Non podemos aceptar, desde logo, as emendas de ningunha maneira de substitución tanto do BNG como das mareas. E con respecto á que presenta o Partido Socialista de Galicia, dírcille que hai leis. A Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio de Galicia, no artigo 56, «Adquisicións a título gratuito», así como o Real decreto 1373/2009, do 22 de agosto, do Regulamento da Lei de patrimonio e administracións públicas, no seu artigo 37, «Competencia e formalización», contemplan os aspectos legais das doazóns, que, por suposto, cumpre a Xunta de Galicia no relativo á doazóns.

E como me queda un pouco de tempo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...só vou lerlles o que di Begoña Barragán, presidenta do Grupo Español de Doentes con Cancro: «*Tiene que haber mecenazgos. En España le sacamos punta a todo. Ortega podía haber elegido no hacer esta donación*». Hai moitas máis, pero que por falta de tempo non me dá tempo a dicir. Pero tamén Alfredo Carrato —que vexo que me quedan uns segundos—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: ...di que «*La sostenibilidad de la sanidad pasa por la financiación y el mecenazgo*».

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado, con relación ao Consello Xeral do Poder Xudicial, a:

- 1. Derrogar a Lei 4/2013, do 28 de xuño, de modificación da Lei orgánica do poder xudicial.*
- 2. Cumprir escrupulosamente o disposto no artigo 561 da Lei orgánica do poder xudicial en canto á súa propia modificación.»).*

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1. Cambiar o sistema de eleccións das vogais de procedencia xudicial para que sexan escollidos por as xuízas e os xuíces.*
- 2. Garantir que na elección e nomeamento se asegure de forma efectiva a igualdade de xénero e a presenza das minorías.*
- 3. Someter a informe do CXPX o anteproxecto de lei que verse sobre as modificacións na Lei Orgánica do Poder Xudicial segundo o establecido no 561 da mesma.*
- 4. Reformular as condicións de tránsito profesional entre a xustiza e a política, as chamadas ‘portas xiratorias xustiza-política’, con especial atención ás condicións de reingreso, a fin de fortalecer a percepción da independencia xudicial sen menoscabo do dereito a ocupar cargos públicos.»).*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boa tarde, señorías.

Todos os telexornais comezaron hoxe cunha noticia que seguramente ten dúas partes: unha opinable e outra menos opinable. A parte máis opinable firmábaa o seu propio protagonista,

Mariano Rajoy, que dicía que se ía, que se ía polo ben de España, que era o mellor que podía facer por España. Dicimos opinable porque en opinión dalgúns, en opinión de moitos, non foi que se fose el, senón que fomos moitas e moitos os que o botamos. Botámolo unha maioría de xente que estabamos fartas da corrupción, que estabamos fartos do roubo, dos recortes, da recentralización, da negación da diversidade e da mordaza e da liberdade de expresión. Pero non deixa de ser unha opinión, talvez para outros simplemente sexa a súa decisión, a súa vontade, de xeito voluntario, de irse. No que si estaremos todos de acordo, con independencia das opinións sobre esa parte da noticia, é que é unha boa decisión que se vaia, e a pena é que non o tivese decidido antes.

Dito isto, esta é a primeira parte da noticia opinable. Hai outra parte da noticia que é menos opinable, que é todo o *atrezzo* que acompañaba o señor presidente, o señor ex-presidente —aínda temos esa práctica na cabeza—, acompañábao todo o escenario, acompañábao nos micros, acompañábao nas sillas, acompañábao na mesa, toda a sede central do Partido Popular en Génova financiada con diñeiro negro, financiada de xeito ilegal. Iso que é algo que foi declarado mediante sentenza, sentenza do caso Gürtel, declaraba e deixaba ben claro que, entre outras, esta sede se financiaba con diñeiro en B. Isto é importante declaralo.

E tamén se comentou aquí sobre os matices técnico-xurídicos do tema, se era o Partido Popular simplemente un partícipe a título lucrativo, como se fose pouca cousa ser partícipe a título lucrativo nada máis e nada menos que dun sistema institucionalizado de corrupción, que se aproveitaba da posición institucional de membros do Partido Popular para saquear sistematicamente o público en prol do interese particular. Se ao Partido Popular e aos seus membros e á súa dirección lles parece pouco, iso xa queda ao arbitrio dos estándares de cadaquén; a nós e á maioría social e á maioría política pareceulles suficiente para acadar un cambio político.

Dicimos todo isto porque hai unha sentenza, polo tanto, que condiciona o discurso político e que ten que ver neste caso tamén coa xustiza. Coa xustiza queriamos apuntar dúas notas introdutorias tamén da presentación desta proposición non de lei:

A primeira delas, que ten que ver tamén co respecto ao que ten non diremos o Partido Popular no seu conxunto, pero si membros do seu partido pola xustiza, cando van a martelazos cos discos duros dos ordenadores de Bárcenas, que terían permitido seguramente avanzar máis na investigación e acadar maiores e mellores condenas da corrupción e do saqueo do público neste país, e que non se puido conseguir precisamente por esas actitudes obstrucionistas da xustiza que fixeron membros do Partido Popular.

E, en segundo lugar, por unha segunda consideración que aínda está pendente de sentenza, pero da cal tivemos información no último ano, como vostedes coñecen polos medios de comunicación: son as gravacións a Ignacio González e a Eduardo Zaplana, que evidencian as manobras do Partido Popular para quitar e poñer xuíces e fiscais. Son algunhas das noticias ben coñecidas xa de practicamente hai un ano. Son numerosas as transcripcións, que producen, desde logo, verdadeiro sonroxo político e máis alá do político. Simplemente podemos reproducir un pequeno extracto delas, sen prexuízo de que despois na réplica poidamos ir a máis se o desexan algúns dos membros dos grupos políticos presentes. Dicía Eduardo Za-

plana: «*El problema está en la instrucción, Nacho. Es que aquí no manda nadie*». Decía Ignacio González: «*Vamos a ver, Eduardo, tenemos el Gobierno, el Ministerio de Justicia, no sé qué y tal, y escucha, tenemos a un juez que está provisional... Tú lo asciendes. Yo le digo: a ver, venga usted para acá, ¿cuál es la plaza que le toca? Onteniente. Pues a tomar por culo a Onteniente, y aquí que venga el titular y ya me las apañaré con el titular, coño*». Fin da cita. Digo o da cita, porque, evidentemente, estou simplemente reproducindo feitos que son notorios e coñecidos.

Estamos falando de feitos moi graves, algúns destes pendentos de sentenza, pero que son coñecidos por todo o mundo. E a pregunta é unha vez máis se é necesaria unha condena penal para tomar decisións de carácter político que melloren a calidade da nosa democracia. A resposta, polo menos do Grupo Parlamentario de En Marea, é que non. E é que se tomaron medidas, nalgún caso tibias, nalgún caso insuficientes, nalgún caso que eran adecuadas pero que non se puxeron en práctica, e, polo tanto, é necesario seguir afondando nisto. A operación Lezo, á que me acabo de referir por medio destas escoitas, demostra, polo menos nos datos coñecidos, que seguramente non é necesario agardar unha sentenza penal, como sucedeu no caso Gürtel, para tomar medidas que melloren a calidade da nosa democracia.

Referímonos neste caso con esta iniciativa ao artigo 122 da Constitución española e do que del deriva: a composición constitucional do Consello Xeral do Poder Xudicial. O artigo 122, no apartado terceiro, sinala que dos vinte membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, doce serán escollidos de entre xuíces e maxistrados de todas as categorías profesionais. Existen varias opcións posibles para escoller estes doce maxistrados ou maxistradas para compoñer o Consello Xeral do Poder Xudicial, todas elas válidas constitucionalmente. Pero non todas elas igual de convenientes desde o punto de vista social e político, en función do momento histórico en que se abordan as decisións políticas de regulación, de lexislación ou de modificación legislativa. E estamos falando dun momento histórico, que non é un momento calquera, de especial desconfianza cidadá con relación aos partidos políticos e ás súas manobras para pretender condicionar a Administración de xustiza na medida en que esta é unha administración eficaz na loita contra a corrupción.

E é precisamente por isto polo que neste contexto é necesario reforzar as medidas, non soamente de cara á opinión pública, senón tamén de cara á propia composición do propio Consello Xeral do Poder Xudicial, que aumentan a garantía de imparcialidade, a garantía de independencia con relación ao poder político. Polo tanto, non é só un reforzo da imaxe de independencia, senón un reforzo efectivo dentro dos sistemas constitucionalmente válidos de afondar nisto.

Quero recordar simplemente que as funcións do Consello Xeral do Poder Xudicial son, entre outras, disciplinarias. Exercen o poder disciplinario sobre xuíces e xuízas no exercicio das súas funcións; son gobernativas, de todo o que teñen que ver co ámbito administrativo e tamén dos xuíces e xuízas; e ademais do nada desprezable ámbito de función de nomeamento de presidencias de altos tribunais e integración de tribunais na cúspide da carreira xudicial.

Isto podería parecer un simple antollo de En Marea de ámbito rupturista con relación ao sistema anterior. Pero é moito máis ca isto, é algo que está predicado por activa e por pasiva

no ámbito europeo, onde se insire o noso propio sistema xurídico, no sistema de garantía de democracia. O Estado español, non en van, é membro fundador do Grupo de Estados contra a Corrupción, o Greco, do Consello de Europa, que fixo unha serie de recomendacións no seu informe 2014, que foi seguido do informe de seguimento no ano 2017, publicado no ano 2018, onde se dá conta do incumprimento por parte do Estado español dunha serie de recomendacións para aumentar a garantía precisamente da independencia no nomeamento dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial. Dise en efecto nunha das súas conclusións que o Greco reitera a súa opinión de que as autoridades políticas non estarán involucradas en ningún momento no proceso de selección do cambio xudicial no que respecta á elección do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Ben, o sistema constitucional español establece unha opción de nomeamento parlamentario ou de nomeamento estritamente xudicial dunha parte do Consello Xeral do Poder Xudicial, que é concretamente aquel que se refire a aqueles membros que proceden da carreira xudicial. Nós postulamos neste momento que sexa escollido de entre xuíces e xuízas, precisamente como garantía maior de independencia, en coherencia tamén co que establece o grupo Greco de ámbito europeo. Isto supón non a non-inxerencia do poder político no cambio dos órganos do goberno, senón dentro do marco constitucional, no artigo 122, a menor inxerencia posible dentro das opcións constitucionalmente válidas nas políticas do nomeamento dos órganos de goberno.

Esta como medida principal, pero existen outra serie de medidas que van tamén encamiñadas a mellorar a calidade democrática por distintos vectores da composición do Consello Xeral do poder Xudicial. Refírome brevemente a elas:

En primeiro lugar, a necesidade de garantir a igualdade de xénero entre mulleres e homes á hora da composición do Consello Xeral do Poder Xudicial.

En segundo lugar, garantir a presenza das minorías no Consello. Un consello que fose nomeado dentro destes doce membros dentro da carreira xudicial debería de seguir un sistema proporcional, non simplemente maioritario puro, como sucede nas salas de goberno nos tribunais superiores de xustiza, que asegúrase a presenza das minorías xudiciais dentro dos órganos de goberno.

En terceiro lugar, o aseguramento do Consello como un órgano colexiado, non de carácter unipersoal ou presidencialista. A diferenza do que se fixo nos últimos tempos coa última reforma de reforzar as competencias do presidente en detrimento de ámbitos que deberían de ser deliberados polo conxunto dos seus membros, tanto en pleno como en comisións.

Tamén da recuperación de competencias, que reforzan a autonomía do propio órgano fronte ás atribucións a outros órganos constitucionais.

E, finalmente, a necesidade —tamén o recollemos— de pasar a informe do propio Consello Xeral do Poder Xudicial a modificación da lei orgánica, tal e como o prevé o artigo 561 e tal e como non se fixo ata agora.

Son medidas que entendemos desde En Marea que contribúen a aumentar a calidade democrática das nosas institucións, que contribúen a reforzar a independencia xudicial e que contribúen tamén a reforzar a confianza da cidadanía nunha xustiza que está cambiando todo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Interveñen os grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia intervéñ a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Realmente, esta é unha competencia exclusivamente estatal, sabémolo. E o poder xudicial caracterízase en España por ser un poder único, a diferenza dos outros poderes. Pero iso non quere dicir que non se poida traer a unha cámara de representación parlamentaria de carácter autonómico calquera tema estatal para demandarlle ao Goberno determinadas cuestións. E, de feito, todos os grupos o temos feito, e probablemente nesa bancada agora o van facer con moito máis ahínco. (*Aplausos.*) Para que a señora Paula Prado quede máis tranquila e esboce igual sorrisos pero sen intentar rirse dos que subimos aquí e intervimos.

En todo caso, sabemos que das peticións que se fan nesta proposición non de lei de En Marea todas elas foron tratadas co presidente do Goberno, co presidente Pedro Sánchez, que se reuniu coas asociacións xudiciais xa hai bastante tempo e trasladoulles a súa disposición de falar sobre todas estas cuestións, e, de feito, faláron naquel momento. Por certo, a diferenza do que facía o ex-ministro de Xustiza e incluso tamén o propio conselleiro de Xustiza, que poucas veces se reúne con eles, por non dicir practicamente ningunha.

Certamente, hai que falar desa reforma do ano 2013 que modificou o Consello Xeral do Poder Xudicial e que só tiña un fin, que era controlar aquel órgano que controla o órgano de control do poder xudicial. Non había outro fin. Maquillada ela coma sempre, pero ese era o fin.

A Constitución establece... Quizais había outro fin, que era tapar, quizais —agora recordo—, tapar aquel presidente que gastaba miles de euros públicos en viaxes privadas a lugares calorosos. Quizais esa era tamén a idea da reforma do presidente do Consello Xeral do poder Xudicial, ex-presidente. Quizais fose tamén por iso.

A Constitución do ano 1978 estableceu un consello con vinte e un membros, e doce deles son elixidos entre xuíces e maxistrados, e di expresamente a Constitución que nos termos que establece a propia lei orgánica. Aí está, ese é o debate que traemos hoxe. Porque os outros catro son elixidos directamente polo Congreso e polo Senado, e hai un, que é o presidente do Tribunal Supremo, que, evidentemente, non é elixido por ninguén, salvo polos propios membros do Consello Xeral do Poder Xudicial. Todos eles son xuristas, pero a discusión está

neses doce. Foi unha discusión dende o momento en que comezou a funcionar a Lei orgánica do poder xudicial sobre quen elixe aquelas persoas que teñen que controlar eses doce que teñen que controlar o poder xudicial, se as cámaras elixidas democraticamente, o Congreso e o Senado, ou se os propios xuíces, ou se hai un sistema mixto. Bueno, pois diso é do que cremos nós que vai esta cuestión.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista e o Partido Socialista cremos que non é bo que o control das xuízas e os xuíces o autofagan eles mesmos, nós cremos que deben ser o Congreso e o Senado os que establezan ese control e que, polo tanto, a elección debe ser parlamentaria, e así o defendemos. Creemos que este outorgamento non deixa de outorgar independencia aos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial.

O certo é que a reforma do ano 2013 falaba de que ía outorgar a máxima posibilidade de participación, sen necesidade de avais, e non era certo, cun número mínimo de avais; non é certo. Falaba de que tamén se facía porque as prórrogas non podían bloquear a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, e por iso se prohibiron as prórrogas, e non era certo. Gustaríanos que alguén explicase por que se bloqueaban os novos nomeamentos. Falaba incluso dunha cousa tan absurda como que era bo para que existise unha cercanía á realidade que os membros do Consello Xeral do Poder Xudicial ían gobernar. De feito, vou ler literalmente o que di a exposición de motivos desta lei do ano 2013: «*Pretende contribuir a la buena administración y eficiencia económica, como todo, y al tiempo, tal vez, permita acceder al Consejo a personas de dentro y de fuera de la carrera judicial que hasta ahora no habían mostrado interés por servir como vocales, porque ello les habría obligado a interrumpir su actividad profesional*». Xustificando así que non pertencesen a esa comisión permanente pechada de control por parte do presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial e, polo tanto, de control por parte do propio goberno. Como se os xuíces e as maxistradas, as xuízas e os maxistrados vivisen nunha furna de cristal e non se enterasen do que pasa fóra, como se os deputados e deputadas que estamos aquí...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—vou rematando— teñamos que dedicar ou non nos teñamos que dedicar de maneira exclusiva ao noso traballo parlamentario, porque se non perdemos a conexión coa realidade. O absurdo da xustificación.

O certo é que deixou de ser un órgano de decisións colexiadas para ser un órgano no que decidía o seu presidente, e xa sabemos que é máis fácil controlar a un que controlar a vinte e un. Esa era o fin da reforma.

De todas maneiras, nós propoñemos unha emenda de substitución. Creemos que o que hai que facer é derrogar esa reforma da lei orgánica...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato, presidente— que se fixo no ano 2013, o 28 de xuño, e, evidentemente, cumprir escrupulosamente o que dispón o artigo 561 da propia lei orgánica. E pedímoslle, en todo caso, a En Marea a posible votación por puntos.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Villares, a mellor forma de respectar a xustiza é esperar a que se xulguen os acontecementos e non prexulgar as cousas, como algúns están acostumados a facer habitualmente nesta cámara.

E tamén, señor Villares, a sentenza da Gürtell puxo de manifesto a independencia xudicial respecto do Goberno que estaba nese momento gobernando España. Creo que é a proba máis evidente de que, efectivamente, hai independencia xudicial neste país. Pero queremos máis independencia xudicial, e vostede trae hoxe aquí á Cámara unha proposta para ter máis independencia xudicial. E nós cremos que pode funcionar mellor a xustiza, efectivamente.

Pero, mire, moi rupturista a súa proposta tampouco é, porque isto é o que xa había no ano 1978. Como lle acaba de explicar a compañeira socialista, quen mudou o consenso do 78 foi o Partido Socialista. Entón, eu doulle a benvida ao réxime do 78, a pesar de que hai compañeiros seus que a semana pasada manifestaron que o que queren é rebentar o réxime do 78. E, ademais, agora, vostedes que son aliados preferentes deste novo goberno que hai en Madrid, que lle deron o apoio incondicional ao señor Sánchez dos cinco deputados de En Marea, que tiñan o mesmo peso e, ademais, eran decisivos naquela votación tanto como os cinco do PNV, ben, pois foron despachados cun simple grazas do señor Sánchez.

A verdade, señor Villares, eu agardo que teña moito éxito nesta proposta que hoxe imos mandar a Madrid e a ver o que pasa cos seus aliados preferentes. Permítame que recee da súa intencionalidade, porque non sei que opinará desta proposta a parte do seu grupo que quere acabar cos consensos do 78. Eu entendo o Partido Socialista, porque rompeu o consenso do 78 e agora está gobernando grazas aos que queren seguir rebentando os consensos do 78.

E, señora Vilán, a reforma do ano 2013 non se fixo para tapar ningunha viaxe do señor Divas, porque lémbrolle que o señor Divas foi nomeado polo presidente socialista señor Rodríguez Zapatero. Non diga medias verdades, dígaas todas.

Mire, o pasado 3 de novembro, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados elevou noventa e sete propostas á subcomisión que traballaba no Pacto para a xustiza, para melloralas. E dentro desas noventa e sete propostas estaban as referidas ao fortalecemento da independencia xudicial; propuxemos o cambio de elección dos vogais do Consello, limitar o aforamento para xuíces e fiscais e despolitizar os tribunais superiores de xustiza. Pero tamén propuxemos rematar coas portas xiratorias xustiza/política e reformular as condi-

cións do tránsito profesional entre a política e a xustiza, dotar o Ministerio Fiscal un novo estatuto orgánico e reformar o réxime de acceso de avogados e procuradores, e moitas máis que vostede ten á súa disposición na páxina web do Congreso.

E ¿que fixeron o resto dos grupos? Pois Podemos abandonou a subcomisión, porque dicía que só se estaban a tratar propostas estéticas. Señor Villares, ¿vostede pódenos dicir que o que hoxe trae aquí é unha proposta estética?, ¿está de acordo co que dixo Podemos, o seu grupo na Cámara do Congreso dos Deputados, de que eran propostas estéticas? Estas propostas estaban dentro desas noventa e sete propostas. O PSOE abandonou a subcomisión o día antes de aprobarse as cento trinta propostas pactadas con eles, despois dun ano de traballo, porque dicía que non se chegara a un acordo de mínimos. Supoño que porque ían estas propostas coas que hoxe vostedes están en contra e demais. Ben, hoxe, despois dos acontecementos da semana pasada, pois sabemos os verdadeiros motivos deste abandono, así como do abandono do Pacto educativo e demais, que eran desgastar o Goberno do Partido Popular.

Miren, nós seguimos pensando que é fundamental garantir a independencia xudicial, e por iso presentamos unha emenda con dúas cuestións moi claras. A primeira, cambiar o sistema de eleccións de vogais de procedencia xudicial para que sexan escollidos por xuíces ou xuízas. Coincidimos coa súa proposta, señor Villares. Pero é que tamén a recomendación do Greco vai na nosa segunda proposta, tamén é recomendación do Greco reformular as condicións de tránsito profesional entre a xustiza e a política para evitar as portas xiratorias política/xustiza, con especial atención ás condicións de reingreso, a fin de fortalecer a percepción da independencia xudicial sen menoscabo do dereito a ocupar cargos públicos.

Señor Villares, cremos que os políticos non deben exercer de xuíces, pero os xuíces que foron políticos cando volvan á xustiza tampouco deben exercer de políticos. E non o di o Partido Popular, dino os propios xuíces. Todas as asociacións de xuíces piden limitar as portas xiratorias da política. Segundo todas as asociacións, os límites son necesarios para salvar a aparencia de imparcialidade dos xuíces, exixida polos tribunais. Non só que sexan xustos, tamén que o parezan.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ¿Que lle parece a vostede isto, señor Villares?

Nós queremos que, ademais de garantir a elección e o nomeamento, se asegure de forma efectiva a igualdade de xénero nesas eleccións, pero tamén queremos garantir que as portas xiratorias xustiza-política/política-xustiza non produzan indefensións nin produzan unha falta de independencia nos xuíces que veñen á política pero que despois volven outra vez aos seus postos de xuíces.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado del Río.

Ten a palabra, por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.

A verdade é que, con toda a que está caendo, esperabamos unha declaración de máis modestia, de máis humildade e máis contrición por parte do Grupo Popular, do Partido Popular, pero viñeron aquí sacando peito, e, ademais, con esta estratexia que tan ben os caracteriza de espallar tinta de calamar, que neste caso é máis ben tinta de choco redondelán —a que vimos aquí—. (*Risos.*) Por certo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, por se non o collestes. Ben, o de *carallo lura* hoxe non o digo.

Con respecto á proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, a verdade é que responde, como xa se dixo, a unha reforma do ano 2013, capitaneada —isto non se dixo— polo señor Ruiz Gallardón —tamén de actualidade neste momento, porque está sendo investigado polo caso Lezo, do que se leron aquí unhas substanciosas conversas telefónicas—, unha reforma absolutamente reaccionaria e regresiva, xunto con outras moitas que levou a cabo o señor Garzón, ademais da do aborto, como a da Lei de axuízamento criminal, as modificación do Código penal e tamén das taxas xudiciais, que foron impostas todas estas reformas coa maioría absolutista do Partido Popular e coa oposición non só das forzas políticas do Parlamento —de todas as demais forzas políticas— senón da maioría tamén das asociacións xudiciais, e que tiñan como obxectivo fundamental a escolla dunha cúpula xudicial dócil, favorábel e controlada polo Goberno, dentro, ademais, dun sistema presidencialista, capitaneado, como se dixo, polo señor Carlos Lesmes, cando —digamos— este órgano de poder debería ter un carácter absolutamente plural, colexiado e democrático.

Vimos, ademais, ao longo destes tempos, como se confirmou esta sospeita, porque asistimos a unha serie interminábel de manobras por parte do señor Lesmes e do Consello Xeral do Poder Xudicial para poñer atrancos e tamén para atrasar a instrución das causas por corrupción. A última que vimos foi a mesma publicación da sentenza despois da aprobación dos orzamentos do Estado; xa foi o punto culminante.

É certo que o informe do Greco 2018 é contundente na denuncia do déficit democrático, como xa comentamos antes, e da falta de independencia, tanto do poder xudicial como da Fiscalía, e da súa subordinación ao poder político, neste caso do Partido Popular. Plantexa unha serie de propostas a respecto do sistema de elección, tamén a dedicación exclusiva, o nomeamento dos órganos de goberno, a falta de criterios obxectivos na avaliación para o nomeamento de altos cargos da carreira xudicial, a non garantía de independencia, de imparcialidade e transparencia, e un sistema de designación absolutamente discrecional de maxistrados e maxistradas do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional, das presidencias das audiencias, etc.

Entón, o BNG vai dar un apoio con algún matiz —imos pedir unha votación por separado do punto 1—, porque nos parece que esta cuestión é realmente moi complexa. O sistema de escolla e nomeamento do Consello Xeral do Poder Xudicial non é garantía de independencia e de bo funcionamento, tal como está redactado na proposta que fai En Marea. Nós defendemos a necesidade de garantías de control democrático e de transparencia e, ademais, de poñer mecanismos de control e tamén de equilibrio fronte ao corporativismo e ao conservadurismo tamén que caracteriza este sector da xudicatura. Entón, non nos parece que o

feito de que haxa unha elección por parte das xuízas e dos xuíces sexa garantía precisamente de que se vai ir cara a un sistema diferente do que temos agora.

E, por outro lado, tamén queremos deixar constancia, aínda que isto non entra no ámbito da votación, de que, fronte a esa declaración que fixo a portavoz do PSOE, a compañeira Patricia Vilán, de que se trata dun poder único, nós defendemos outro modelo. Loxicamente, defendemos a descentralización e a galeguización da Administración de xustiza, defendemos que Galiza teñan competencias plenas en materia xudicial, defendemos a descentralización, defendemos a creación de consellos autonómicos do poder xudicial, en todo caso dunha conferencia estatal do poder xudicial, e por suposto esa asignatura pendente de abordar a galeguización efectiva tamén da Administración de xustiza en canto aos usos do idioma, que é unha cuestión absolutamente alarmante, os baixísimos índices de uso do idioma galego no ámbito da Administración de xustiza.

Polo tanto, o noso apoio á proposta con este matiz e con esa petición de votación por separado do primeiro punto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, para o turno de réplica, o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Imos alá.

Posicionamento sobre as emendas.

En primeiro lugar, comezando pola do Partido Popular e por iniciar a súa intervención, seguimos insistindo na necesidade de diferenciar o ámbito da responsabilidade penal da responsabilidade política. A responsabilidade penal é a que ditan os xuíces e xuízas cando poñen as sentenzas, e aí, cando é de condena, xa vai de seu a inhabilitación para cargo público e nalgúns casos o ingreso en prisión. Por iso a necesidade de diferenciar a responsabilidade penal da responsabilidade política, porque, se non, veñen todas xuntas e atragántanse, como está pasando durante toda esta semana tras a sentenza Gürtel. Simplemente é unha recomendación de xestión no futuro das propias cuestións, pero cada partido saberá como resolver as súas, ¿verdade?

En canto á emenda que propón o Partido Popular de substitución, hai unha trampa, hai unha trampa, e é que, coa trampa da emenda, o que se pretende é que non falemos da supresión do actual sistema presidencialista, que estableceu a reforma de 2013 do Consello Xeral do Poder Xudicial, porque se omite completamente, desaparece completamente, así como o sistema de dedicación dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial, e nós iso non podemos admitilo.

Con relación a outro aspecto que vostedes pretenden introducir, estamos de acordo. Entón, é unha pena que non a fixeran acumulativa. Estamos de acordo. Fíxense se estamos de

acordo que temos que recordar aquí quen foi o partido que introduciu a reforma na Lei orgánica do poder xudicial, concretamente a 19/2003, claro, efectivamente, para recoñecerlles os servizos especiais a aqueles maxistrados que estiveran en servizos especiais no ámbito político, para que despois, cando recuperasen a carreira xudicial, manter todo o escalafón como se estivesen traballando. ¿Sabe quen fixo iso, no ano 2003, por maioría absoluta? O Partido Popular.

Entón, claro, ¿que queren volver á situación anterior? Por nós non hai ningún problema, xa teñen aquí o compromiso público. Entón, é unha mágoa que fixeran unha proposta de emenda que o único que busque sexa reforzar o sistema presidencialista, que nós rexeitamos, e por iso tamén a nosa iniciativa. Pero teña en conta que, se volven a facer unha proposta aquí que traia soamente iso, apoiáremola, ¡faltaría máis!

En canto ao matiz que facía o BNG con relación á garantía de pluralidade, no noso punto segundo xa facemos tamén referencia a ese tema, precisamente porque damos conta da situación á que vostede se refire nas salas de goberno, onde o sistema maioritario puro deixa moitas veces as minorías fóra dunha representación, que sería necesario manter.

En terceiro lugar, con relación a algunhas das afirmacións feitas polo Partido Socialista, pola señora Vilán, si, o sistema actual bebe precisamente da reforma de 1985; é dicir, no espazo constitucional entre 1978 e 1985 houbo un sistema diferente. Foi a posición Bandrés a que a modificou. Polo tanto, incluso o Partido Socialista conviviu con estouta opción, de tal maneira que, recoñecendo, como fixemos antes, que os dous sistemas son constitucionalmente válidos, na nosa opinión, neste momento histórico —polas razóns que explicamos antes— sería conveniente, por razóns tanto sociais como políticas e de confianza da cidadanía no poder xudicial, o reforzo mediante este sistema.

Remato xa con outra cuestión que xa foi apuntada por todos vostedes con relación ao grupo Greco e con relación, aínda que quedase latente, a que isto forma parte —non soamente son reivindicacións de En Marea— das reivindicacións unánimes de todas as asociacións xudiciais e fiscais, que foron as que motivaron a folga o día 22 de maio, que tivo un seguimento grande por parte do poder xudicial e no ámbito fiscal, pero do que non tivemos datos, porque o anterior ministro de Xustiza deu orde de que non se recadasen para non poder saber...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...cal fora realmente o seguimento; unha mordaza máis do seguimento dun dereito fundamental á folga, que nos foi negado por un goberno que actualmente xa non é tal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte iniciativa, que é un debate acumulado de dúas proposición non de lei. Acumúlanse a proposición número 30384 e a 31093, os puntos 4.4 e 4.8 da orde do día.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa proposta de unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas, así como coa compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas prestacións de carácter asistencial e por desemprego

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A estas proposicións non de lei presentáronse dúas emendas, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 30384 [10/PNP-002248]).

Emenda de substitución:

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a opoñerse á pretensión do Goberno español de unificar as axudas de carácter asistencial (PAE, RAI, PREPARA...), e a que reclame a súa a xestión xa que é do ámbito competencial das comunidades autónomas, tal como foi declarado por parte do Tribunal Constitucional.>>

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-002306, doc. núm. 31093).

Emenda de modificación:

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Defender diante do Goberno de España que a unificación dos programas de axudas aos desempregados e desempregadas Prepara, PAE e Renda Activa de Inserción (RAI), garanta que estas axudas se manteñan dentro da estrutura do sistema de prestacións, sen que en ningún caso supoña unha modificación á baixa que poña en perigo a prestación, nin o tempo que se percibe na actualidade.

2. Apoiar que se garanta a compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas, de modo que estas últimas poderán complementar ás prestacións.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Garantir que a unificación dos programas de axudas aos desempregados e desempregadas Prepara, PAE e Renda Activa de Inserción (RAI), en ningún caso suporá unha modificación á baixa que poña en perigo a prestación, nin o tempo que se percibe na actualidade.

2. Que garanta a compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas, de modo que estas últimas poderán complementar ás prestacións.

3. Estudar, no marco do diálogo social e coas comunidades autónomas:

- Incrementar o SMI.

- Que as contías das prestacións se calculen sempre en relación co SMI, eliminando o IPREM.

- A derogación das reformas das prestacións por desemprego e recuperar as prestacións e subsidios por desemprego anteriores á reforma de 2012.

- Manter as contías das prestacións por desemprego no 70% da media da base de cotización dos últimos 180 días durante os 6 primeiros meses e o 60% desa media no resto do período de cobro, que non se debe limitar a 24 meses.

- Recuperar o subsidio de maiores de 52 anos.

- Restablecer o subsidio para maiores de 45 anos.

- Eliminar o endurecemento dos requisitos para acceder á percepción dos subsidios en canto a que integrantes da unidade de convivencia son tidos en conta para realizar o cómputo de ingresos e que tipo de ingresos se contabilizan.

- Instaurar a Renda de Inserción Laboral para persoas maiores de 18 anos que non cobren ningunha prestación económica.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei e a defensa das respectivas emendas, ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

Por favor, pido un pouco de silencio porque hai murmuro xeneralizado.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Os datos do paro que coñecemos onte, a pesar desa euforia desatada do Goberno galego, o que amosan, o que nos deixan ao Grupo Socialista é unha fonda preocupación, porque ao que se vén é a consolidar un mercado laboral anémico, que está rexido pola estacionalidade, a precariedade e a temporalidade.

En Galicia asináronse, segundo os datos que coñecemos, máis de 96.000 contratos; o 90 % foron temporais. Vimos denunciando nestes últimos anos que o que está pasando non é unha creación de emprego, é que o emprego que había se está fragmentando. E voules dar un dato que o constata: once contratos por cada emprego creado, dezasete contratos por cada desempregado que sae das listaxes do paro.

Ademais, faltan en Galicia preto de 70.000 postos de traballo, 70.000 cotizantes á Seguridade Social que había no ano 2007. Eu non sei se o voceiro ou voceira do Partido Popular nos vai explicar este misterio, xa case comparable ao da Santísima Trindade, que non somos capaces de resolver.

Ademais, a maioría das desempregadas seguen a ser mulleres —máis do 57,5 %— e o desemprego baixa menos nas mulleres, tanto en termos interanuais como a respecto do mes anterior, porque curiosamente —e digo curiosamente— os sectores onde hai máis presenza de homes —dígase a industria ou a construción— son aqueles onde o descenso do desemprego é máis acusado.

En canto ás prestacións de desemprego, no mes de abril só o 52,82 % das persoas paradas con experiencia laboral están a recibir prestacións de desemprego; é dicir, hai 78.500 persoas desempregadas que xa carecen de cobertura de desemprego en Galicia.

O que pretende esta iniciativa é blindar esas axudas que, ata o de agora e dende o comezo da crise, viñan percibindo os desempregados e as desempregadas máis vulnerables, a eses que, aproveitando esa reformulación que ten que haber destas axudas, o anterior Goberno, o Goberno do Partido Popular, quería aproveitar para volver darlles unha labazada, aos colectivos máis vulnerables.

Un sistema que se estaba reformulando, porque en xuño de 2017 coñeciamos unha sentenza do Tribunal Constitucional segundo a cal se anulaban as axudas do preparo que ditaminaba este tribunal. Era, a grandes rasgos, que esta política activa non era responsabilidade do Goberno central, senón que tiña que ser unha competencia das comunidades autónomas.

En setembro de 2017, o Ministerio de Emprego e as comunidades autónomas acordaron unha fórmula de xestión temporal: os territorios cedían durante un tempo esas competencias ao Servizo Público de Emprego, e digo temporal porque o Goberno, o anterior Goberno do Partido Popular, tiña que propoñer un novo plan de axudas que simplificara e que reunificara todas esas prestacións que se estaban a percibir, eses subsidios para desempregados, respectando sempre o ámbito competencial e comprometéndose —e isto é importante— a manter e mellorar a cobertura por desemprego. E tiña que facelo —dicían e ditaminouse tamén nesa conferencia sectorial— de común acordo, como é lóxico, cos axentes sociais e tamén coas comunidades autónomas.

Sete meses despois, en abril —e unha vez esgotado ese prazo de prórroga que se deu—, presentouse ás comunidades autónomas un primeiro borrador dese novo subsidio renda que non correspondía con ese mantemento das prestacións, como xa era previsible. O que facían era reunificar a fusión do Prepara, do PAE e da renda activa de inserción nunha nova axuda,

a renda complementaria de desemprego. Pero o que se pretendía, en realidade, era retallar os dereitos de protección dos desempregados e das desempregadas deste país a respecto da situación actual.

A nova axuda consistía nunha prestación única de 430 euros ao mes, sen ter en conta nin as peculiaridades de cada familia nin de cada colectivo. E os cálculos da propia UXT o que sinalaban é que máis da metade dos que estaban a percibir estas prestacións hoxe en día se ían ver prexudicados, porque do que se trataba, en realidade, non era dunha reunificación, era reducir o número de meses que se estaban a percibir esas prestacións. Sindicatos maioritarios, todos os sindicatos practicamente, e nove comunidades autónomas opuxéronse a esta medida, ou a este amago do Ministerio —imos chamalo así—. Digo amago porque as axudas caducaron o 1 de maio sen que houbera ningún tipo de acordo. É certo que as persoas que estaban a percibir estas prestacións as seguen percibindo, pero tamén é certo que é dunha grande irresponsabilidade que aquelas persoas que a queiran solicitar por primeira vez non poidan a día de hoxe facelo.

Durante todo este tempo non soubemos ou polo menos dende o Grupo Socialista ninguén escoitou cal era o posicionamento de Galicia, qué estabamos a defender nesa conferencia sectorial, qué estabamos a defender cos axentes sociais. Pois ben, soubemos dese posicionamento a raíz das denuncias onde non gobernaba o Partido Popular. Porque unha vez máis, señorías do Partido Popular, vostedes decidiron ser militantes do Partido Popular e non militantes dos máis de 80.000 desempregados e desempregadas deste país que vían en risco as súas axudas.

Non era a primeira vez que puñan en risco ou eliminaban os subsidios de desemprego, porque durante o seu mandato, lonxe de afianzar o poder de estabilización social que ten o sistema todo de prestacións de desemprego, o que fixeron foi introducir medidas agresivas contra aquelas persoas que estaban a perder o seu emprego.

O seu obxectivo foi reducir o gasto. Aquí hai un gráfico que eu creo que é bastante claro: (*A señora Blanco Rodríguez mostra un documento.*) de 30.000 millóns do 2011 a 17.000 millóns do 2017, 13.000 millóns de euros menos en axudas a desempregados. E claro que baixou o desemprego, pero non un 40 %, que foi o que baixaron estas axudas. O trato aos máis vulnerables ensañouse durante estes últimos anos, de maneira especial e particular cos maiores de 50 anos. Un ensañamento no que o primeiro que fixeron foi facilitar o despedimento dos maiores de 52 anos, eliminando esas restricións para incluílos nos ERE. Unha vez que os puxeron na rúa, dixeron: pois agora imos tamén limitarlles os subsidios aos maiores de 52, e o que fixeron foi eliminarlles directamente o subsidio, e aos de 55 dificultáronlles o acceso ao mesmo, cunha contabilización de renda de toda a familia que non existía ata ese momento. Non quedaron tranquilos e dixeron: imos dar un terceiro paso, tesoirada á pensión, obrigándoos a xubilarse de maneira anticipada e sen poder cubrir esas lagoas —ás veces grandes lagoas— que había, encher esas lagoas de cotización, como se fixera ata entón.

Señorías do Partido Popular, nós preguntámonos: ¿que lles fixeron os maiores de 50 anos a vostedes? ¿Que lles fixeron as persoas que traballaron durante anos e que aportaron ao noso sistema de Seguridade Social para que fixeran este tremendo ensañamento con eles?

Rexistramos esta iniciativa cando neste país había un goberno do Partido Popular que castigaba de maneira continua os máis vulnerables. Hoxe temos un novo Goberno do Partido Socialista, que estamos convencidos de que non vai tratar as axudas aos desempregados como un gasto social; o que vai facer é consideralas como o que se tiveron que considerar sempre, que é un dereito social.

E máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Pois de novo moi boa tarde.

Esta iniciativa que presenta hoxe para debate o BNG ten dous obxectivos: o primeiro, reverter os recortes no sistema de protección por desemprego á clase traballadora galega; e o segundo, reverter a centralización indebida de competencias na xestión destas prestacións, reverter a invasión nas competencias que ten o Goberno galego e que por parte do Partido Popular se levou a cabo.

Durante os últimos anos vimos denunciando desde o Bloque Nacionalista Galego a continua deterioración do sistema de protección social das persoas traballadoras que están en situación de desemprego, un sistema que veu recortadas as contías das prestacións e endurecidos os requisitos de acceso ás mesmas. Vimos como a taxa de cobertura de desemprego diminuíu ata situarse en arredor do 50 %, en concreto, no 48,2 %; é dicir, a cobertura de desemprego soamente chega ao 48,2 % das persoas en desemprego. Iso quere dicir que o 51,8 % están fóra desa cobertura, e deses 48,2 % que teñen cobertura soamente o 20 % teñen algunha prestación contributiva, soamente o 20 %; o 28,2 % restante soamente teñen algún tipo de subsidio, de arredor de 400 euros. E diso é do que estamos a falar.

En Galiza, desas 176.696 persoas en desemprego, de paro rexistrado —que a EPA é outra cuestión e diso falaremos mañá— apenas 92.000 cobran algún tipo de prestación económica. E ao Goberno do Partido Popular —tan valente cos de abaixo, tan valente cos que apenas teñen nada— só se lle ocorreu, nese afán centralizador e unificador, levar a cabo un proceso de unificación destas axudas, do PAE —que é un programa de activación para o emprego—, do RAI —renda activa de inserción— ou do Prepara, pois facer unha unificación destas axudas, pero non para melloralas, non para aumentar estes raquíuticos 400 euros, non para convertelas nuns subsidios que permitan unhas rendas que sexan algo máis que unha mera subsistencia, e apenas iso. Para esta unificación tiña unicamente por obxectivo rebaixalas, aínda máis, a aquelas persoas que non tiñan practicamente para subsistir rebaixar aínda máis. Un novo recorte ao sistema de protección por desemprego do Partido Popular: unifica estas prestacións asistencias integrándoas na Seguridade Social, co obxectivo de reducir o tempo de percepción e a contía do subsidio, nun intento de impedir que ningunha administración aumentara a taxa de cobertura, tanto en número de persoas perceptoras como na súa contía.

Con esta nova reforma, o PP o que quería era recortar ese tempo de dereito ao subsidio, de desemprego, e desprotexer por parte das administracións esas persoas que case nada tiñan. E supón, se non se modifica, non só manter o recorte nas contías e os duros requisitos para acceder a esas prestacións impostos nos últimos anos, senón provocar unha redución na duración do tempo da percepción, e baixaría a media de entre quince e corenta e dous meses, ¡case nada!; podería chegar a entre quince e corenta e dous meses.

Unha auténtica barbaridade, unha grande estafa social aos centos de galegos e de galegas no desemprego. Nun momento onde o PIB, segundo o que indican todos os datos macroeconómicos, parece que vai aumentar, está aumentando ao 3 %, onde as cotizacións por desemprego no ano 2017 teñen 2.300 millóns de superávit, pois esta iniciativa o que acomete é unha reforma que empobrecerá aínda máis a clase traballadora. De novo, medidas contra os traballadores e traballadoras para endurecer máis esas condicións de vida dos que menos teñen, dos que non teñen emprego e xa acabaron ese dereito ao desemprego. Unha auténtica valentía: ningunha medida contra os de arriba e toda a valentía para poñerlles medidas aos de abaixo.

E, a maiores disto, topámonos con que esta medida foi efectivamente declarada inconstitucional polo Tribunal Constitucional. Declara que a xestión das axudas aos desempregados que esgotaron o paro corresponde ás comunidades autónomas; é dicir, a xestión destas prestacións correspóndelles ás comunidades autónomas. E, entón, ¿por que, se lles corresponde ás comunidades autónomas, hai o silencio absoluto por parte do Goberno do Partido Popular nesta cuestión, e por parte doutros gobernos doutras comunidades autónomas —todo hai que dicilo—? ¿E por que están sentados a negociar nunha mesa unha cuestión que non teñen por que negociar, que non teñen competencias para levala a cabo? É unha cuestión a verdade que algúns terán que explicar.

O Goberno do Partido Popular non fixo efectiva a sentenza. Os paladíns de que as leis están para cumprilas, esas leis están para cumprilas sempre e cando afecten a outros, claro; cando afectan o Partido Popular ou os seus gobernos, entón están para deixalas aí nas gabetas; e cando non afectan cuestións que teñen que aplicar, entón pois mutis polo foro. E o que fixo o Partido Popular pois foi aplicar un 155 laboral á clase traballadora máis desfavorecida, que é a que non ten traballo e que non cobra xa ningunha prestación por desemprego, un 155, (*Aplausos.*) coa complicidade do Goberno galego e dos deputados e deputadas do Partido Popular, que chitón sobre esta cuestión. Porque á clase traballadora pódesele aplicar calquera tipo de medida mentres non vaia cos de arriba; aí manifestámonos entusiasticamente e presentamos iniciativas; para a clase traballadora non teñen tempo.

Ben, seguidismo do que decidían en Madrid. Paréceme que, polo que fun escoitando hoxe, ese seguidismo de Madrid igual cambia. Nese seguidismo de Madrid igual por estas bancadas vai haber un leve cambio de tendencia: primavera, verán, outono e inverno; vai haber un lixeiro cambio de tendencia.

En todo caso, estamos diante dunha medida realmente lesiva para miles de galegos e de galegas, e realmente é unha invasión de competencias. Por estas dúas razóns o BNG trae hoxe aquí esta iniciativa, unha iniciativa na que o que pedimos é que o Parlamento de Galiza inste

o Goberno galego a opoñerse a esta pretensión do Goberno español de unificar estas axudas, que o único que pretende é diminuír tanto o tempo no que se poidan percibir como as contías; é unha unificación para diminuír tempo e contías; polo tanto, que se opoña a esa pretensión. E que reclame a xestión destas prestacións, que xa —insisto— o Tribunal Constitucional —hai sentenza (*A señora Prado Cores mostra un documento.*)— di que é de competencia das comunidades autónomas; sentenza, por certo, a raíz dun recurso do Goberno vasco, que, efectivamente, non está disposto a que o Goberno de Madrid lle invada as competencias. Nós temos un autogoberno raquítrico, pero, aínda así, están dispostos a que lles quiten todas as competencias. E agora, se estas cuestións que estamos vendo por aquí de desembarcos en Madrid, pois xa non digo nada, estarán dispostos a entregalas sen sequera ningún tipo de resistencia, xa entrega absoluta.

Eu agardo que ata mañá aínda non terán decisión e aínda teñan un pouco de dignidade e defendan un pouquiño o raquítrico autogoberno que teñen; entón, que se opoñan a esta decisión, que reclamen a xestión que o Tribunal Constitucional dixo que é competencia das comunidades autónomas e que logo instemos o Goberno galego a demandar do Goberno español toda unha serie de medidas en beneficio de recuperar dereitos da clase traballadora, sobre todo dos máis desfavorecidos. A contía do salario mínimo interprofesional, que sexa en función do salario medio, tal como ditamina a Carta social europea. E cuestións como que as prestacións se calculen en relación co salario mínimo interprofesional e non co IPREM, porque iso significa moita menos contía. A derogación da reforma das prestacións de desemprego, recuperar as prestacións do subsidio por desemprego anteriores á reforma do ano 2012, manter as prestacións por desemprego no 70 % da media da cotización dos últimos cento oitenta días. É dicir, toda unha serie de medidas que van en que a clase traballadora teña unhas prestacións que lle permitan ter unhas contías mínimas. Restablecer o subsidio para maiores de 45 anos, recuperar o subsidio para maiores de 52 —que pasou a 54—, eliminar o endurecemento de requisitos para acceder á percepción de subsidios, que foron endurecendo, de xeito que foron excluindo cada vez máis persoas, para dar este dato:...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que máis da metade das persoas en desemprego non teñen dereito a esa prestación. É dicir, é unha situación dramática para miles de persoas. E logo tamén implementar medidas como a renda de inserción laboral.

Nada máis e agardo o voto favorable dos grupos aquí nesta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte dos grupos non emendantes, en primeiro lugar, a señora Torregrosa Sañudo.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Non vou, por respecto a esta Cámara, reproducir o exabrupto dirixido contra as persoas desempregadas pronunciado por unha deputada do Partido Popular no Congreso dos Deputados o 11 de xullo de 2012 e que deixou ben claro o posicionamento ideolóxico do que era o partido no Goberno daquela. Foi nun debate sobre o Real decreto lei 20/2012, que recortaba a protección aos desempregados. O insulto foi perpetrado por Andrea Fabra, filla de Carlos Fabra, presidente da Deputación de Castellón, nomeado polo PP, un home que presumía de ter moi boa sorte, ata o punto de que lle tocou a lotaría dez veces. Tanta sorte acabou cando o xuíz o condenou a catro anos de cadea por corrupción. Un caso illado máis de políticos corruptos do PP, cómplice de Camps, de Zaplana, de Rus, da case infinita trama de corrupción valenciana. Esa infame declaración sintetiza o que foi a política do Goberno do PP cos desempregados dende que empezou a gobernar ata que o botamos do Goberno.

As persoas desempregadas pagaron un prezo dobre na crise: primeiro, perderon o seu emprego; despois, sufriron un durísimo recorte na súa protección. De todas as tesoiradas, a máis inxusta, a máis inmoral, a máis dolorosa foi a que sufriron as persoas desempregadas.

En 2010 o sistema de protección por desemprego destinou 32.000 millóns de euros á protección dos desempregados. En 2013, con 800.000 parados máis que en 2010, o gasto reduciuse en 5.000 millóns de euros, como consecuencia da primeira tesoirada provocada polo Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo. Unha tesoirada mantida no tempo, ano tras ano, de tal forma que en 2017 o gasto en protección aos desempregados xa é de só 15.000 millóns de euros, menos da metade que en 2010.

O custo pagado polos desempregados foi brutal, porque a suma do que vostedes deixaron de gastar en protección entre 2013 e 2017 alcanza a enorme cifra de 50.000 millóns de euros. Os parados pagaron coa súa desprotección o rescate da banca ou todas as súas rebaixas fiscais para os ricos. É certo que unha parte desta redución no gasto se debe á caída nas cifras de desemprego, pero a razón máis importante dos recortes é a deterioración da protección, menos persoas protexidas e cunha prestación de peor calidade. En 2010 case o 80 % das persoas en paro cobraban prestacións, agora só un 56 %; unha caída de máis de 22 puntos, que demostra que se gasta menos porque cada vez exclúese máis parados da protección.

Perde calidade a protección, porque, antes de que empezasen a recortar, o 47 % das persoas con protección tiñan unha prestación contributiva e de máis calidade e agora xa só son o 39 %. De forma simétrica, as persoas con subsidio, basicamente cobrando 426 euros, pasaron de ser o 53 % a ser o 61 %.

E aínda máis recortes, porque a depreciación salarial e o Real decreto lei 20/2012 provocaron que a contía media da prestación contributiva por desemprego non deixara de caer; era de 859 euros en 2012 e agora é de apenas 804 euros.

O desaloxo do poder do PP aforrounos o último ataque ás persoas desempregadas, porque Fátima Báñez estaba tramitando a eliminación do Prepara e o PAE, último chanzo de protección para as persoas sen traballo e sen ingresos, para substituílos por un subsidio de seis

meses en lugar dos doce meses que poden cobrar ata agora. Esta era a perversidade do Goberno: recortar a protección ás persoas en peor situación, as que están ao borde da exclusión social, para aforrar apenas 250 millóns de euros. Inxusto, antisocial e inaceptable, xa que en 2018 o sistema vai ter un superávit porque os ingresos por cotas por desemprego que pagan os asalariados superan en 3.000 millóns os gastos en prestacións.

Por iso, o noso grupo vai votar a favor tamén da PNL do BNG, como da PNL do Partido Socialista de Galicia, aínda que nos parece parcial e mesmo contén algún erro formal. Facémolo porque é xusto e tamén porque as propostas que fai o BNG están incluídas nas 51 páxinas da proposta de Lei de protección ao desemprego que presentou En Marea no Congreso dos Deputados e que foi admitida a trámite cos votos a favor da maioría da Cámara coa excepción do Partido Popular. Faino actuando sobre o conxunto das variables relevantes do sistema de protección, facendo máis fácil o acceso, mellorando a contía das prestacións, ampliando os colectivos protexidos, recuperando dereitos recortados, en especial os subsidios para as persoas de máis idade.

Unha proposición de lei tan completa como a que presentou En Marea non pode explicarse en cinco minutos. Por iso vou citar algúns dos aspectos máis relevantes.

Mellórase a contía das prestacións, tanto as de carácter contributivo como as de carácter asistencial; en concreto, a prestación contributiva será do 70 % da base reguladora durante toda a duración da prestación. Elévanse os topes mínimos e máximos da prestación, incrementando en vinte puntos os límites actuais. Ampliase a protección, estendendo a cobertura ás persoas que traballan nos servizos do fogar, fundamentalmente mulleres, que están inxustamente excluídas. Mellórase a protección dos menores de 30 anos, reducindo á metade o período de cotización necesario para acceder á prestación. No traballo a tempo parcial compútase, para efectos de carencia para todos os días, que a persoa traballadora estea en situación de alta con independencia da forma en que se distribúa o traballo. Recupéranse os dereitos nos subsidios perdidos na reforma de 2012, en especial os que daban acceso á prexubilación, volvendo a idade inicial aos 52 anos, eliminando o subsidio ata que a persoa acceda á idade ordinaria da xubilación. E así moitos máis ata completar dez puntos básicos que agora non teño tempo para explicar un por un.

Confiamos, entón, en que o novo Goberno converta axiña esta proposición de lei en norma legal, porque ten como finalidade algo tan xusto e necesario como é mellorar a protección das persoas desempregadas, que debe ser unha prioridade na nova fase política que se abre, para revertir o retroceso sufrido nos últimos sete anos, nos que o Goberno do PP reduciu a taxa de cobertura, deteriorou a calidade da prestación e baixou a súa contía.

É a súa posición de clase, a súa ideoloxía, porque este brutal recorte na protección non só é para reducir gasto; é tamén —e sobre todo— aplicación concreta da súa ideoloxía reaccionaria, e considera que un sistema de prestación por desemprego demasiado xeneroso impide que baixen os salarios, e por iso aplican estes recortes; render por fame os desempregados para obrígalos a aceptar calquera traballo con calquera salario. Tamén por isto os botamos do Goberno.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Torregrosa.

Ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

A verdade é que estou obrigado a empezar referíndome á intervención da señora Torregrosa. Eu creo que non lle teño que explicar por que está vostede aquí nin cales son os problemas internos do seu partido. E creo que, cando vostede fala de exabruptos, sabe ben do que fala, porque todos os días as Mareas de *Pudimos* están con eses exabruptos internos, (*Murmurios.*) chamándose de todo, nese «partido ornamental» ao que vostede veu representar. (*Aplausos.*) Eu entendo que non se molesten cando lles chamo «partido ornamental», porque non o digo eu, dío Esquerda Unida. Esas son as lindezas que se adican vostedes. «*Patera asquerosa*» chamábase tamén dende esas filas o seu propio partido.

Polo tanto, eu ¿de que quere que lle fale? Eu ¿que quere que lle diga sobre isto cara a un partido do que nunca fixo nada por ninguén nada máis que polos membros do seu propio partido? (*Murmurios.*) ¿É que vostedes traballaron algunha vez polos parados deste país? Nunca. ¿Que empregos preocupan aos señores das Mareas de Podemos? Os seus, os propios..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...os propios.

Mire, ¿de que quere que lle fale? ¿Do *casoplón de la familia Iglesias*? ¿Quere que lle fale dos *pisitos de los amigos* da Coruña? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere que lle fale desa beca ilegal do señor Errejón? ¿Quere que lle fale do *pisito* do señor Espinar? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere que lle fale das *empresas de los amiguitos*...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. (*Murmurios.*)

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de Ferrol, A Coruña e Santiago? Mire, vimos aquí falar doutra cousa. (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Santos, por favor, silencio. Silencio, silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Decía o presidente fundador do meu partido, decía Manuel Fraga, que en política todas as vitorias son efémeras e que todas as derrotas son provisionais. Dígoo para que midan ese entusiasmo, (*Aplausos.*) porque, aínda que a señora Prado Cores non o sabe, neste país xa goberna o Partido Socialista. E, polo tanto, se quere falar de emprego, diríxase a eles, que é a quen os estamos instando nesta iniciativa. Dígoo porque falou cara a nós. (*Murmurios.*) Non, non leu os periódicos. Vostedes, que aportaron tanto a esta

moción de censura, resulta que ao final (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nos piden a nós. ¡Que non, señora Prado! Eu sei que o BNG está máis cómodo facéndolle oposición ao Partido Popular. Asuma a realidade: agora teñen que facerlle oposición ao Partido Socialista en Madrid, en Madrid, e, polo tanto, cando fala de políticas de emprego, diríxase a ese ministerio, que, por certo, é tan importante para os socialistas que aínda non o teñen nomeado. Fíxese se é importante. Saíron xa todos os ministros, pero aínda non se sabe quen vai ser o ministro de Emprego. ¿Ou será que non hai? ¿Ou será que se cargan o Ministerio de Emprego? (*Murmurios.*) Teremos ocasión de velo nas próximas horas.

Mire, en política é importante saber gañar, é importante saber perder, é importante saber gañar perdendo —que diso vostedes saben moito— e ¿sabe que é o máis importante? O importante é saber perder gañando, que é o que facemos dende o Partido Popular, porque a xente nos vota a nós. (*Aplausos.*)

Para ir á iniciativa, porque non me gustaría deixar de referirme a ela, eu teño que dicirlle ao Partido Socialista que imos solicitar votación por puntos sobre a súa iniciativa, para votar determinados a favor. Igual aproveitan para dicirnos que non para que non se probe, porque, como instamos o seu Goberno, igual prefiren que decaia. Nós imos pedirlle votación por puntos, porque hai cousas que lle pedimos ao Goberno de España que nos interesan. E, polo tanto, compartimos —xa llo adianto— o interese de que a nova axuda non supoña minorar o actual nivel de protección das persoas desempregadas de Galicia máis alá da propia literalidade da proposta, que nós estamos dispostos a votar a favor.

Mire, este grupo, nós cremos que temos demostrado dende o Goberno de España, dende o Goberno de Mariano Rajoy, a nosa preocupación polo emprego, e por iso creamos 2 millóns de postos de traballo. É verdade que vostedes destruíron case 4 e nós fomos quen de repoñer todo o dano que o Goberno socialista causou. Só repuxemos algo máis de 2 millóns de postos de traballo e vostedes destruíron 3,8 millóns de postos de traballo.

E, polo tanto, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) eu o que lle digo é que dende o Servizo Público de Emprego nós adicamos 7 de cada 10 euros á protección das persoas desempregadas. Así se demostra o compromiso; agora terán vostedes ocasión de demostrar cal é o seu. De momento, non teñen Ministerio de Emprego e non teñen titular dese ministerio.

E, polo tanto, eu teño que dicirlles que, certamente, nós compartimos con vostedes esta preocupación polo emprego, pero moito máis dende que saíu adiante esta moción de censura. ¿E por que moito máis? Mire, remitímonos ás declaracións dunha compañeira súa de partido, que é Margarita Robles, que o pasado venres dicía, textualmente: «*Queremos seguir también el modelo de 2004, el modelo de José Luis Rodríguez Zapatero*». ¡Home!, pois ese modelo ¿que quere que lle diga? Certamente foi calamitoso para o noso país; calamitoso en termos de emprego, calamitoso en termos de PIB, calamitoso se nos referimos á prima de risco, calamitoso para o déficit, nas exportacións, para o conxunto da nosa sociedade. Foi un goberno francamente calamitoso. Recolle a prensa do tempo: «*De 2,2 millones a 5 millones. El paro se dobla en la era Zapatero*». Ese foi o seu legado e, polo tanto, nós estamos preocupados; preocupados de que vostedes freen esta situación de crecemento económico e de xeración de emprego. España está creando postos de traballo, en Galicia estamos creando por riba incluso

da meda nacional, e proba diso é que, se vostede colle os datos publicados recentemente, o paro baixou no último ano un 11,4 % en Galicia, cinco puntos máis que en España, 22.900 desempregados menos en Galicia que hai un ano. Ese é o noso legado do último ano. (*Aplausos.*) Eu sei que vostedes están máis preocupados doutra cousa.

Mire, prensa recente, *El País*, nada sospeitoso de apoiar o Partido Popular: «*Rajoy se despide con un récord de creación de empleo en mayo, y el paro en niveles de finales de 2008*». Nós estamos preocupados de que vostedes veñan tombalo todo, porque o certo é que a principal preocupación do Partido Socialista foi chegar ao Goberno, ao Goberno a calquera prezo, incluso con aqueles dos que renegabamos profundamente ata hai uns tempos. (*Murmurios.*)

Mire, logo sorpréndeme a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, moi propia dun discurso extraparlamentario daqueles que xa non están no Congreso dos Deputados e que dende logo comparten esa filosofía dos grupos que apoian o señor Pedro Sánchez de desestabilizar España. Ben, pois a proposta do BNG a verdade teño que dicirlle que nos sorprende curiosamente; vostedes, que critican a reforma laboral e logo a aplicaron con traballadores do seu propio partido. ¿Que pasa, señora Prado Cores? ¿É que eses traballadores non eran clase traballadora? (*Murmurios.*) É que vostedes aplicaron a súa reforma laboral, a reforma laboral que criticaban, no seu propio partido, cos seus traballadores, para despedir traballadores. ¿Que pasa? ¿Iso non era clase traballadora? Eu creo que o que sobra neste país é hipocrisía, hipocrisía de dicir unha cousa e facer a contraria; iso é o que sobra.

A iniciativa do BNG, ademais, ten trampa, como case todo o que presentan, porque non é certo que a sentenza do Tribunal Constitucional diga que os programas PAE, RAI e Prepara sexan competencia autonómica. Non, non, non. Aquí do que falamos é do Prepara, e o Prepara é unha política activa de emprego e, polo tanto, non é un programa para darlle catrocentos e pico euros a un desempregado. Non, non. É un programa para mellorar a empregabilidade dos desempregados. E, polo tanto, o Prepara debe formularse doutra forma se o que se quere é que sexa un programa asistencial. Iso explica a emenda que lle ten presentado o Partido Socialista á súa iniciativa.

Polo tanto, non se pode vir aquí e aproveitar o emprego para arrimar a ascua á sardiña do nacionalismo. ¿Que lles preocupa aos nacionalistas: os parados galegos? Non, o que lles preocupa é a nación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e a nación, cantas máis competencias teña, mellor, e se iso lles custa o subsidio a desempregados galegos, ¿que máis ten?; o importante é a nación, a idea de nación, a nación, (*Murmurios.*) que teña competencias, aínda que sexan negativas para os galegos e as galegas. Demostrárono cando defendían o cupo para a nosa Comunidade e demóstrano cada vez que presentan iniciativas. Están vostedes nunha clave partidista e non defendendo os intereses dos galegos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e das galegas. Esa é a realidade.

Preocupados estamos —remato xa— co modelo socialista; veremos se hai Ministerio de Emprego.

E nós, dende logo, claro que defendemos que esta nova axuda se pacte, se pacte entre o Goberno e as comunidades autónomas, se pacte cos axentes sociais, e nós imos defender que non supoña unha perda de dereitos, e por iso lle pedimos ao Partido Socialista unha votación por puntos para poder apoiar parcialmente esa iniciativa e rexeitar tamén a do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte dos grupos autores da proposición non de lei, en primeiro lugar, a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio de En Marea a esta iniciativa. Eu non detectei ese erro formal. De todas maneiras, estou convencida de que, parando posiblemente este debate, pois poderemos transaccionar sen ningún problema.

Presentamos unha emenda á iniciativa do Bloque Nacionalista Galego porque consideramos que o novo Goberno, ademais de cambiar o fondo das súas políticas, ten que ter un cambio nas formas. Non se pode tomar esas medidas de maneira unilateral, hai que facelo baseado no diálogo social e, por suposto, entre todas as comunidades autónomas, nese consello territorial.

Señor Tellado, vén vostede cargado de enerxía, vese que lle foi ben en Madrid. Vostede vén hoxe aquí, despois de estar todo o pleno ausente, a esta última hora, porque, claro, necesita ese corte da Televisión Galega de manipulación informativa, (*Aplausos.*) que tamén é unha forma de corrupción, para dicir: *¡cuidado, que vienen los rojos!, ¡cuidado, que vienen los rojos!*, e iso, señor Tellado, é propio doutras épocas, non é propio destas épocas. (*Murmurios.*)

Mire, a respecto —gustaríame, señor presidente, porque eu escoitei atentamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Un pouco de silencio a todos. Pero, ben, por agora seguimos como na intervención anterior. ¡Silencio! A todos, a todos.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Non entendín iso de saber perder gañando. Iso non dá presidencias do goberno, nin dá goberno, nin dá capacidade de poñer en marcha medidas. O que si a dá é todo aquilo que recolle a Constitución española, esa norma suprema, sagrada, inamovible, inalterable para vostedes e que, despois, cando resulta que o que se pon en marcha é un artigo que non lles convén, saltan dos sillóns dicindo: non, non é lexítimo. Si é lexítimo,

está contemplado e é democrático e está contemplado dentro da propia Constitución española a respecto dos pactos. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois terá que falar vostede co señor Maroto, que no 2013 non tiña ningún tipo de remilgo en pactar con Bildu, non tiña ningún tipo de remilgo, ningún tipo de problema niso. *(Murmurios.)*

O certo é que vostedes, a este goberno *(Murmurios.)*, non teñen nin o decoro nin a clase política de darlle cen días. Vostedes a este goberno non lle dan nin cen minutos..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! A todos. Non dialoguen.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...nin cen minutos lle deron a este goberno. Automaticamente pasan ao ataque, e automaticamente vén vostede aquí, como vén sendo habitual —e dígo con sumo respecto—, facer aquilo que facía Sara Montiel nos anos cincuenta, que nunca, nunca defraudaba, pero ela acababa aburrindo cos mesmos argumentos e coas mesmas cancións. Señor Tellado, aburre, aburre... *(Aplausos.)* Levamos case dous anos escoitando a mesma retahíla. Humildade, señor Tellado, humildade.

E voulle dicir unha cousa: eu e o meu grupo estamos convencidos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Remate, por favor. ¡Silencio!

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...de que nin todos os militantes nin todos os votantes do Partido Popular son corruptos. É certo que había, é certo que hai unha sentenza xudicial —da que xa se falou aquí—, clarísima, da Audiencia Nacional. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Non lles vou pedir que respecten a todos os cidadáns e cidadás deste país, porque mesmo acabamos de ver con esta iniciativa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...que nin sequera con aquel —que eu si que o vou dicir— «que se...» *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)* aos desempregados foron capaces de respectalos, *(Aplausos.)* a eles e a elas. O que lle vou pedir é que respecte os que si o votaron.

E máis nada e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Ben, eu quero empezar agradecendo o voto a En Marea.

E logo, señor Tellado, vexo que hoxe na dirección do Partido Popular aprobaron decisións de calado. A primeira parece ser que isto vai ser embarrar o campo continuamente. *(Murmurios.)* Ben, tranquilos, que non hai problema, non hai problema.

Eu teño que dicirlle que non coincidir co Partido Popular nas medidas a aprobar para a clase traballadora para o BNG é motivo de satisfacción, porque nunca vostedes foron capaces de aprobar nada que favorecera a clase traballadora, co cal para nós nunca, nunca, (*Aplausos.*) nin unha, nin unha, nin unha, falta a primeira, (*Murmurios.*) falta a primeira, falta a primeira, nin unha.

E mire, o BNG presentou esta iniciativa cando gobernaba o Partido Popular en Madrid e mantemos esta iniciativa cando governa o Partido Socialista en Madrid e, de momento, de momento, governa o Partido Popular en Galiza (*Murmurios.*) ou decidiron —a primeira parte vai dirixida ao Goberno galego, igual non leu a iniciativa— aplicarse un auto¹⁵⁵, disolver o Goberno para centrarse na candidatura de Núñez Feixóo a Madrid (*Murmurios.*); igual, igual decidiron aplicarse ese 155, porque, porque *lo importante es España* e, como o importante é España, pois decidiron disolver aquí o Goberno para centrarse nesa candidatura, igual si.

Mire, no BNG temos o convencemento de que os dereitos non se mendigan, exíxense, e hai un Tribunal Constitucional que di que a xestión das axudas dos desempregados que esgotaron o paro corresponde ás comunidades autónomas. Entón, nós pedimos o que é noso, exiximos que sexa xestión do Goberno galego.

Entón, presentámoslle unha emenda á iniciativa do Partido Socialista, e acumulouse esta iniciativa —non hai tempo para explicar as emendas—, presentamos unha emenda nesa dirección que, en vez de pedirle ao Goberno español que nos deixe exixir o que di o Tribunal Constitucional, que é competencia do Goberno galego, pedimos toda unha serie de medidas de reversión de todos os recortes, das medidas cara aos desempregados, que foi aplicando o Goberno do Partido Popular, e pedímoslle ao Goberno galego que inste o Goberno de Madrid, que agora é do Partido Socialista, a que as poña en marcha.

E o Partido Socialista preséntanos unha emenda dicindo que se estuden. E eu o que lle teño que dicir é que xa non é tempo de estudar. Eu dígolle, así con toda franqueza, que a clase traballadora xa non pode agardar máis, que non chega con cambiar os gobernos, que é unha condición necesaria pero non suficiente, é unha condición necesaria, e no BNG parabenizámonos dese cambio, pero non é suficiente.

A clase traballadora precisa non só de boas palabras, non só de filosofía de fondo, senón que precisa xa de cambios. E eu creo que, a estas alturas, despois de todos os debates que tivemos aquí sobre...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...decisións a respecto de reverter todos os recortes en materia de desemprego, non fará falta estudar máis a necesidade de revertelos. Por iso, evidentemente, o BNG non pode aceptar que se avalíe nin que se estude a necesidade de revertelos. Creo que, á parte de cambio de goberno, o que hai que facer é pasos decididos na dirección de que a clase traballadora vaia recuperando todo o que lle foi roubado, e iso necesita medidas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...que, dende logo, efectivicen que iso é unha realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Señora Blanco, pídlle retirar esa palabra, esas dúas palabras que se non sei tal, supoño que era... (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Non as retira? (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Xa. Pero, aínda que sexa literal, eu xa sei que vostede facía alusións a outra expresión, non feita por vostede, pero, aínda así, creo que a podemos retirar igual, aínda que xa sabemos ao que se refería perfectamente. (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Non se preocupe, retíroa eu e chámoo á orde.


Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás oito e trinta minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pierres López, María Luisa	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Patiño, Miguel	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(EM)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Mato Otero, Beatriz	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	68. Torregrosa Sañudo, Julia	(EM)
31. Mouriño Villar, Antonio	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Novo Fariña, María Isabel	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
39. Pérez Seco, José Manuel	(S)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25